



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 87

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 25 de novembro de 2014

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1. Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5^a, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade (doc. núm. 16682, 09/PL-000015).

Publicación do ditame da Comisión, BOPG n^o 371, do 11.11.2014

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG n^o 371, do 11.11.2014

1.2. Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, de modificación da Lei de ordenación da minaría de Galicia, relativa á prohibición do uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro en Galicia e a constitución de garantías suficientes fronte ás indemnizacións por danos (doc. núm. 12866, 09/PPL-000012)

Publicación da iniciativa, BOPG n^o 170, do 02.10.2013

1.3. Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, galega de fomento da corresponsabilidade (doc. núm. 16733, 09/PPL-000015)

Publicación da iniciativa, BOPG n^o 219, do 02.01.2014

Punto 2. Comparecencias en pleno

2.1.26116 (09/PPP-000215)

Da Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar, por petición da Xunta de Galicia, para informar da avaliación dos resultados do funcionamento do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) para o ano 2014 durante a época de alto risco

Publicación da iniciativa, BOPG n^o 334, do 04.09.2014

Acumúlanse na anterior as seguintes:

2.2. 25959 (09/PPP-000211)

Da Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar, por petición dos dezaioito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, para dar conta de como se está desenvolvendo a campaña de incendios forestais e o funcionamento do dispositivo tanto humano como material previsto no Pladiga 2014, aprobado no mes de xuño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 04.09.2014

2.3. 24597 (09/PPP-000185)

Da Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar, por petición dos 18 deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, para dar conta da posta en marcha do dispositivo de efectivos, tanto materiais como humanos, para a prevención e extinción de incendios nesta campaña, así como as actuacións levadas a cabo ata o día de hoxe.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 310, do 01.07.2014

Punto 3. Mocións

3.1. 30144 (09/MOC-000097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación con feitos obxecto de investigación xudicial. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27556, publicada no BOPG núm. 349, do 01.10.2014, e debatida na sesión plenaria do 11.11.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 19.11.2014

3.2. 30146 (09/MOC-000098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas débedas das comunidades de montes con consorcios e/ou convenios (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27717, publicada no BOPG núm. 353, do 09.10.2014, e debatida na sesión plenaria do 11.11.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 19.11.2014

3.3. 30159 (09/MOC-000099)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar contra a pobreza infantil. (Moción a consecuencia da

Interpelación nº 28288, publicada no BOPG núm. 357, do 15.10.2014, e debatida na sesión plenaria do 11.11.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 19.11.2014

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.1. 26664 (09/PPP-001947)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a denuncia presentada contra un bombeiro da Coruña por alteración da orde pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 339, do 11.09.2014

4.2. 28477 (09/PPP-002065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sánchez Bugallo, José Antonio e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa taxación dos inmobles que está a realizar para os efectos tributarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

4.3. 29206 (09/PPP-002106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coas condicións en que se está a prestar o servizo de *cátering* en diversos comedores escolares públicos pola empresa concesionaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 30.10.2014

4.4. 29248 (09/PPP-002112)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santos Regueiro, José Francisco e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión da Sociedade Galega de Medio Ambiente e o canon que cobra aos concellos polo tratamento do lixo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 30.10.2014

4.5. 29309 (09/PPP-002119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dun estudo dos casos de violencia de xénero nos que as vítimas faleceron a mans do maltratador despois de telo denunciado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 30.10.2014

4.6. 29407 (09/PNP-002130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión das infraestruturas viarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 30.10.2014

4.7. 29498 (

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos préstamos ou axudas públicas concedidas á empresa Alimentos Lácteos, S.L., así como a súa xestión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

4.8. 29709 (09/PNP-002154)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para o incremento das medidas contra a violencia de xénero en todos os ámbitos e, en concreto, no educativo e no das administracións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 372, do 12.11.2014

Punto 5. Interpelacións

5.1. 27138 (09/INT-000995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre os criterios seguidos pola Xunta de Galicia para a adxudicación dos contratos para a reserva de prazas en distintos servizos de atención social ás persoas

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 342, do 17.09.2014

5.2. 29357 (09/INT-001065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a política de formación laboral

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 365, do 30.10.2014

5.3. 29513 (09/INT-001070)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e Solla Fernández, Eva

Sobre a política de contratación da subministración enerxética prestacional, o mantemento e a conservación de edificios e instalacións de centros sanitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1. 30164 (09/POPX-000102)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as oportunidades que teñen na actualidade os nenos e nenas do medio rural galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 19.11.2014

6.2. 30176 (09/POPX-000103)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a posibilidade de substitución dunha comparecencia ante o Parlamento por unha pregunta parlamentaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 19.11.2014

6.3. 30200 (09/POPX-000104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a xestión de cursos de formación sufragados pola Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 19.11.2014

6.4. 30209 (09/POPX-000105)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a incidencia da corrupción nos servizos públicos e no Estado de benestar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 19.11.2014

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1. 29618 (09/POP-002681)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Ron Fernández, José Javier

Sobre a actuación policial en relación cun autobús que partía dende Galicia o día 24 de outubro de 2014 con cidadáns galegos para participar nunha concentración en Oviedo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

7.2. 30118 (09/PUP-000154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 17 máis

Sobre as afirmacións do Sr. vicepresidente da Xunta de Galicia, no Pleno do 29 de outubro de 2014, referidas aos motivos da Sra.

conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para non comparecer no Parlamento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 19.11.2014

7.3. 30208 (09/PUP-000155)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 8 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da actuación da Axencia Tributaria en relación co colectivo de emigrantes retornados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 19.11.2014

7.4. 29825 (09/POP-002701)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o impacto do trazado previsto para a liña de alta tensión entre O Irixe e Lalín no conxunto forestal próximo ao Monumento Natural das Fragas de Catasós e o Rego de Quintela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 372, do 12.11.2014

7.5. 29673 (09/POP-002688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a contratación pública da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 372, do 12.11.2014

7.6. 29751 (09/POP-002693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 2 máis

Sobre as afirmacións referidas á suposta pernoctación de persoas implicadas na suposta fraude dos cursos de formación nunha residencia oficial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 372, do 12.11.2014

7.7. 30210 (09/PUP-000156)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co conflito laboral existente na empresa Lantero, asentada no polígono industrial do Pousadoiro, en Vilagarcía de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 19.11.2014

7.8. 29271 (09/POP-002659)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Pacín, María Isabel e 7 máis

Sobre o impacto que vai ter na comercialización actual e no futuro da produción primaria a aplicación do Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora presidenta comunica a inasistencia xustificada da Sra. Acuña do Campo (S). (Páx. 10.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade. (Punto primeiro da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 10.)

Presentación do ditame: Sra. vicepresidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Rodríguez-Vispo Rodríguez). (Páx. 10.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Martínez García (M) (Páx. 11.), Sra. Adán Villamarín (BNG) (Páx. 13.), Sr. Ron Fernández (AGE) (Páx. 16.), Sra. Gallego Calvar (S) (Páx. 19) e Sra. Rodríguez Arias (P). (Páx. 22.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Martínez García (M) (Páx. 24.), Sra. Adán Villamarín (BNG) (Páx. 25.), Sr. Ron Fernández (AGE) (Páx. 26.), Sra. Gallego Calvar (S) (Páx. 27.) e Sra. Rodríguez Arias (P). (Páx. 28.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, de modificación da Lei de ordenación da minaría de Galicia, relativa á prohibición do uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro en Galicia e á constitución de garantías suficientes fronte ás indemnizacións por danos. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sr. Sánchez García (AGE). (Páx. 29.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Martínez García (M) (Páx. 31.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 32.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 34.), Sr. Arias Veira (P). (Páx. 37.)

Rolda de réplica: Sr. Sánchez García (AGE). (Páx. 38.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de fomento da coresponsabilidade. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Adán Villamarín (BNG). (Páx. 40.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 43), Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 44.), Sra. Gallego Calvar (S) (Páx. 45) e Sra. Oubiña Solla (P). (Páx. 47.)

Rolda de réplica: Sra. Adán Villamarín (BNG). (Páx. 49.)

Votación dos textos lexislativos

Votación do texto transaccionado do artigo 16 do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade, coas emendas número 47 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, 25 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e 17 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *aprobado por unanimidade, con 73 votos a favor.* (Páx. 51.)

Votación do texto transaccionado do artigo 18 do Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade, coas emendas número 51 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, 26 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e 19 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *aprobado por unanimidade, con 73 votos a favor.* (Páx. 51.)

Votación do texto transaccionado do artigo 24 do Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade, coas emendas número 60 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, 32 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e 25 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *aprobado por unanimidade, con 73 votos a favor.* (Páx. 51.)

Votación das emendas mantidas para o Pleno ao Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade, polo Bloque Nacionalista Galego, números 2, 12, 13, 39 á 42, 45 á 47, 50, 52 á 54 e 56, documento número 29842: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación das emendas mantidas para o Pleno ao Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade, polo G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, números da 1 á 3, 6 á 11, 13 á 20, 22, 26 á 35, 38, 40, 44, 46 á 50, 52, 55, 56, 61, 64, 65, 67 á 76, 78 á 86, 88, 89, 91 á 94, 98, 100, 102 á 104, 107, 112 á 116, 118 á 127 e 129 á 138, documento número 29851: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación das emendas mantidas para o Pleno ao Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade, polo G.P. dos Socialistas de Galicia, números 1, 7 á 9, 33, 37 á 39, 43 á 45, 48 á 58, 60, 62, 64, 65, 69 á 71, 73 e 74, documento número 29822: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade: *aprobado por 41 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións.* (Páx. 52.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, de modificación da Lei de ordenación da minaría de Galicia, relativa á prohibición do uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro en Galicia e a constitución de garantías suficientes fronte ás indemnizacións por danos: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de fomento da corresponsabilidade: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Declaración institucional

A señora presidenta dá lectura a unha declaración institucional relativa ás artes de pesca tradicionais. (Páx. 53.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta comunica que o punto terceiro, mocións, se substanciará antes do punto segundo, comparencias. (Páx. 53.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación con feitos obxecto de investigación xudicial. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Soneira Tajés (S)*. (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 55.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 56.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 57.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 58.)

Nova intervención da señora Soneira Tajés (S). (Páx. 59.)

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas débedas das comunidades de montes con consorcios e/ou convenios. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 62.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 63.), *Sr. García García (S)* (Páx. 64.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 66.)

Nova intervención da señora Paz Franco (BNG). (Páx. 67.)

Suspéndese a sesión ás tres e seis minutos da tarde e retómase ás catro e media.

Reiníciase a sesión co punto tres, de continuación de mocións.

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e D. José Javier Ron Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar contra a pobreza infantil. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)*. (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 71.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 72.), *Sr. Docasar Docasar (S)* (Páx. 73.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 75.)

Nova intervención do señor Vázquez Díaz (AGE). (Páx. 76.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación con feitos obxecto de investigación xudicial: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 77.)

Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas débedas das comunidades de montes con consorcios e/ou convenios: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 77.)

Votación da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e D. José Javier Ron Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar contra a pobreza infantil: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención* (Páx. 77.)

Declaración institucional

A señora presidenta dá lectura a unha declaración institucional sobre o recoñecemento do Estado de Palestina. (Páx. 77.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta comunica que a seguir da comparecencia se substanciará a pregunta oral número 29271, do G.P. Popular de Galicia. (Páx. 78.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar, por petición da Xunta de Galicia, para informar da avaliación dos resultados do funcionamento do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) para o ano 2014 durante a época de alto risco. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar, por petición dos dezaioito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, para dar conta de como se está desenvolvendo a campaña de incendios forestais e o funcionamento do dispositivo tanto humano como material previsto no Pladiga 2014, aprobado no mes de xuño. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar, por petición dos dezaioito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, para dar conta da posta en marcha do dispositivo de efectivos, tanto materiais como humanos, para a prevención e extinción de incendios nesta campaña, así como as actuacións levadas a cabo ata o día de hoxe. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 78.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Martínez García (M) (Páx. 82.), Sra. Paz Franco (BNG) (Páx. 84.), Sr. Sánchez García (AGE) (Páx. 86.), Sr. García García (S) e Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 88.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 92.)

O señor presidente (Santalices Vieira) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 94.) Nesta rolda interveñen a señora Martínez García (M) (Páx. 94.) e a señora Paz Franco (BNG) (Páx. 95.)

A señora Rodríguez Arias (P) pide a palabra con base no artigo 76.3 para solicitar a retirada dunhas expresións pronunciadas pola señora Paz Franco (BNG). (Páx. 97.)

(Continuación.) A seguir intervén o señor Sánchez García (AGE) (Páx. 98.), o señor García García (S) (Páx. 100.), o señor Balseiro Orol (P) (Páx. 101.) e a señora conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 103.)

Pregunta de D^a María Isabel García Pacín e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o impacto que vai ter na comercialización actual e no futuro da produción primaria a aplicación do Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. García Pacín (P). (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 104.)

Réplica da autora: Sra. García Pacín (P). (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 105.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Yolanda Díaz Pérez, sobre a denuncia presentada contra un bombeiro da Coruña por alteración da orde pública. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 108.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 109.), *Sra. Sestayo Doce (S)* (Páx. 110.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 111.)

Nova intervención da señora Díaz Pérez (AGE). (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Sánchez Bugallo e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa taxación dos inmobles que está a realizar para os efectos tributarios. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 115.) e *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 117.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 118.)

O señor Sánchez Bugallo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 119.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco e D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coas condicións en que se está a prestar o servizo de cáterin en diversos comedores escolares públicos pola empresa concesionaria. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 120.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 122.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 123.), *Sr. Docasar Docasar (S)* (Páx. 124.) e *Sr. Rodríguez González (P)*. (Páx. 126.)

Nova intervención da señora Paz Franco (BNG). (Páx. 127.)

Suspéndese a sesión ás nove e seis minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Ocupen os seus escanos.

Bo día de novo. Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia a deputada dona Carmen Acuña.

Entramos, señorías, na orde do día, comezando polo punto 1, de textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade

A señora PRESIDENTA: Mantéñense para o Pleno emendas do Bloque Nacionalista Galego, da Alternativa Galega de Esquerda e do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do ditame, ten a palabra a vicepresidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, dona Marta Rodríguez-Vispo.

A señora VICEPRESIDENTA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO (Rodríguez-Vispo Rodríguez): Grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señorías.

Procedo á presentación do Ditame emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de accesibilidade.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 19 de decembro de 2013. A Mesa do Parlamento, na sesión do 30 de decembro de 2013, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas.

Así mesmo, na reunión do día 4 de febreiro de 2014, e oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio

Ambiente e Servizos, se ben a Mesa o reasignou con posterioridade, na sesión do 4 de marzo de 2014, por petición desta Comisión, e logo de oída a Xunta de Portavoces, á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

As emendas á totalidade presentadas foron cualificadas pola Mesa da Comisión 5ª na sesión do día 12 de marzo de 2014; e as emendas ao articulado, o 20 de marzo do mesmo ano.

Os grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego presentaron emendas á totalidade, que foron rexeitadas na sesión do Pleno do 25 de marzo de 2014.

Respecto das emendas ao articulado, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia formulou 74; o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, 138; e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 56.

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 4 de abril de 2014, designou os seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, dona Marta Rodríguez Arias como titular e dona Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez como suplente; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Carmen Gallego Calvar como titular e dona María Carmen Acuña como suplente; polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, don José Javier Ron Fernández como titular e dona Eva Solla Fernández como suplente; e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona María Carmen Adán Villamarín como titular e dona Monserrat Prado Cores como suplente.

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o 4 de xuño de 2014. Despois de sucesivas sesións, na reunión do día 30 de outubro do presente ano os ponentes concluíron o informe coas recomendacións definitivas desta Ponencia e da Comisión. Esta, na súa sesión do 6 de novembro de 2014, aprobou o seu ditame con 8 votos a favor, 1 en contra e 4 abstencións, incorporando ao texto do Proxecto de lei, ademais das 5 emendas técnicas, un total de 112 emendas. En concreto, 39 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 10 delas transaccionadas; 37 da Alternativa Galega de Esquerda, 8 delas transaccionadas; e 36 do Bloque Nacionalista Galego, 7 delas transaccionadas.

Logo da retirada na fase de ponencia de 3 emendas polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerda e de 3 emendas polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, mantéñense para o seu debate por este Pleno as restantes emendas rexeitadas: do Grupo dos Socialistas de Galicia, 36; do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, 100; e do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, 18.

Saliéntase, por último, que o Proxecto de lei de accesibilidade consta, ademais da súa exposición de motivos, dun título preliminar e catro títulos desenvolvidos en 70 artigos. O título preliminar establece o obxecto da lei, así como os seus principios e definicións. O título I está dedicado ás barreiras arquitectónicas no transporte e na comunicación e ao símbolo internacional de accesibilidade. O título II versa sobre as medidas de control. O título III, sobre o réxime sancionador. E o título IV, sobre o Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras e a Comisión Técnica de Accesibilidade. Completan o texto oito disposicións adicionais, seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras, unha das cales establece a entrada en vigor desta lei, se é o caso, aos tres meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Este é o itinerario legislativo percorrido. Cómpre, pois, hoxe aquí rematar o procedemento.

E con esta intervención conclúe o traballo legislativo da Comisión 5ª, que eu vicepresido, e someto o seu ditame á consideración plenaria.

Máis nada, señora presidenta, e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Comezamos, pois, a rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas. *(Pausa.)*

Polo Grupo Mixto ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Ben, outra vez volve pasar coma onte. Eu creo que debería intervir despois de escoitar a defensa das emendas dos grupos da oposición, pero tócame posicionarme antes de escoitar a defensa das emendas.

Ben, estamos a tratar a Lei de accesibilidade, que debería de chamarse “lei de accesibilidade se non resulta moi caro”. Toda a lei basea as decisións que se toman e as medidas que se toman de adaptación do medio ás persoas con problemas de dependencia aos orzamentos. ¿A partir de canto se considera que a carga que supón adaptar as estruturas para as persoas con dependencia é desproporcionada? ¿Cantos dereitos das persoas dependentes se poden violar en función da carga económica que supoña protexer os seus dereitos? ¿Están os dereitos das persoas con diversidade funcional ligados ás posibilidades orzamentarias de cada momento no concello ou nos distintos organismos públicos?

O dereito á non discriminación, á igualdade de oportunidades, a unha vida digna non son cuestionables, non se poden considerar unha carga os investimentos realizados para garantir os mesmos. Creo, ademais, que hai definicións moito máis axeitadas para o concepto de discapacidade intelectual que a que se recolle no proxecto de lei. O concepto asumido por FEAPS di: “*Es una discapacidad caracterizada por limitaciones significativas en el funcionamiento intelectual y en la conducta adaptativa que se manifiesta en habilidades adaptativas conceptuales, sociales y prácticas*”. Creo que é moito máis axeitada que a que aparece no proxecto de lei. É dicir, é unha discapacidade que implica unha limitación nas habilidades que a persoa aprende para funcionar na súa vida diaria e lle permite responder a distintas situacións e contextos.

Unha parte importante das persoas con discapacidade intelectual teñen necesidades de apoio específicas. Sen embargo, neste proxecto de lei non se recollen; é máis, rexéitanse as emendas que falan de establecer e de definir as necesidades de apoio destas persoas. En España hai case 300.000 persoas con discapacidade intelectual. Como calquera de nós, teñen necesidades específicas, aptitudes, capacidades, gustos, e, polo tanto, queren cousas distintas na vida e necesitan diferentes apoios.

O artigo 5.4 do proxecto de lei establece as prioridades de actuación nestes casos, que terán en conta a eficacia, a

concorrenza e o tránsito de persoas. Esquece que a discapacidade no rural pode ser moito máis discriminatoria, polo que debería priorizarse tamén cómo se ve afectada a calidade de vida destas persoas. Sabemos que no rural está o abandono das propias vías, das estradas sen beiravías ou sen beirarrúas, problemas na altura das beirarrúas para poder acceder con cadeiras de rodas... É dicir, un montón de problemas que si se van corrixindo nas grandes cidades pero que no medio rural seguen sendo un problema para as persoas con discapacidades. Unha vez máis, rexéitase comprometer partidas orzamentarias, esta vez de apoio aos concellos para que poidan acometer as obras necesarias. Unha das medidas máis urxentes para tomar en relación coa accesibilidade é a mellora das infraestruturas, tanto nas cidades coma no rural. Porque son un evidente perigo para os peóns, pero son, sobre todo, alarmantes no caso das persoas cegas, xordas ou con problemas de mobilidade.

Ademais, o mal estado das infraestruturas leva a accidentes que producen discapacidades permanentes a moitas persoas. Polo tanto, ademais de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade, ten que haber forzosamente unha política de prevención para que non se sigan acumulando accidentes nas nosas estradas que aumenten o número de persoas con discapacidades permanentes na súa vida.

O artigo 16 do proxecto de lei fala dos edificios de uso público. Segundo a definición da RAG, “público” significa relativo ou pertencente á poboación en xeral, que pode ser coñecido por todos, accesible a calquera persoa, como antónimo de “privado”. Pero na súa acepción número 6 di que é un conxunto de persoas que asisten a un espectáculo. Polo tanto, na definición do artigo 16 de edificios de uso público, di: “Aqueles destinados a un uso que implique a concorrencia de público”. Estamos falando de que “edificios públicos” son aqueles que impliquen a concorrencia de xente a un espectáculo, segundo a definición da Real Academia Galega. Implica, polo tanto, que só afecta a aqueles locais, a aqueles edificios, que impliquen concorrencia de persoas a un espectáculo. A non ser que consideremos espectadores os pacientes que van ao médico, os alumnos que van a clase, os fregueses que van a un oficio relixioso, é evidente que un edificio de uso público é moito máis amplo. Polo tanto, consideramos que se debería de ampliar e de redactar este artigo conforme a definición da Real Academia Galega, e defínilo non como “público” senón como “usuarios do servizo

público”; ou, como din as emendas, especificando cales son eses actos aos que concorren.

Ao Partido Popular, evidentemente, gústalle a indefinición, porque a indefinición é a forma de poder saltar a lei, é a forma de bordeala sempre. Canto máis concreta sexa unha lei, máis difícil é saltala. Polo tanto, cremos que hai un interese político do Partido Popular en non definir mellor os conceptos desta lei. Porque despois iso dá pé a que se poida falar de simulación de finiquitos, de salarios en diferido, de regalos e subornos indistintamente. Defínamos o que queremos dicir con esta lei.

En canto ao acceso ao interior dos edificios, o proxecto de lei persiste na discriminación ao suxerir que pode haber itinerarios diferentes para as persoas con ou sen discapacidade, como di o artigo 18. Ou como di no artigo 24: “Establécese un itinerario accesible que comunique cunha entrada principal”. Só hai unha entrada principal, os edificios teñen unha entrada principal e outras entradas. Que se legisle xa dende o propio proxecto de lei que os edificios –todos– poden ter varias entradas e separar os dependentes dos non dependentes é unha clara discriminación. Evidentemente, se a lei recollera, se o proxecto de lei recollera, unha entrada para os negros e outra para os brancos diríamos: ¡que horror, iso é discriminación! Cando a propia lei establece unha entrada para as persoas dependentes e unha entrada para as persoas non dependentes non se escandalizan vostedes. Pois é igual de escandaloso. Establécese xa por lei. Unha cousa é que se recolla que nos edificios públicos xa feitos onde non sexa posible adaptar a entrada principal se adapte outra entrada que dea á parte baixa; por exemplo, no edificio de Facenda de Vigo ou noutros edificios. Outra cousa é que se recolla xa a posibilidade de que todos os edificios poidan ter entradas separadas para as persoas dependentes e para as persoas que non son dependentes.

Polo tanto, entendemos que este proxecto de lei vén ser outra vez un intento de cubrir unha reclamación social pero que carece de todo compromiso real cara a solucionar e a mellorar a vida das persoas dependentes na Galiza.

Vese tamén —é algo que se observa nos orzamentos que onte debatíamos— que non hai unha proposta nin unha actitude nin unha decisión do Goberno para loitar contra a dependencia, para mellorar a vida das persoas dependentes.

Vese nas axudas á dependencia dos orzamentos, vese nas políticas e nos orzamentos da Consellería de Sanidade e vese neste proxecto de lei que nace, desde logo, coxo e que nace pobre, que nace para cubrir un expediente pero non para solucionar e mellorar a calidade de vida das persoas dependentes.

Pola miña parte, nada máis, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados, neste 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero.

Hoxe comezamos o pleno debatendo o último punto, o último trámite, deste Proxecto de lei de accesibilidade. Dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, xa o dixemos no seu debate en pleno respecto da toma de consideración: consideramos que un proxecto de lei destas características é, dende logo, moi importante, porque participar en sociedade, participar da vida social e comunitaria en igualdade, debe ser un dos obxectivos de toda lexislación. E as barreiras físicas, as barreiras de comunicación, calquera tipo de barreiras, non poden nin deben, de ningunha forma, imposibilitar tal participación.

Por iso, permítame tamén que hoxe felicite dende esta tribuna o premio recibido pola cidade de Pontevedra, o premio Hábitat da ONU, que vén sumarse xa a unha serie de premios, como é o premio de accesibilidade da Dirección Xeral de Tráfico ou o Intermodos, o que demostra que, cando se constrúe un territorio, cando se constrúe unha cidade, para todos e para todas, se está construíndo unha cidade, un país habitable, un país accesible. Por iso no seu momento, cando tomamos en consideración este texto, presentamos unha emenda á totalidade e fixemos referencia a que era necesario que o texto aproveitara a oportunidade para dar un paso máis, para concretar realmente un contido normativo que dea unha resposta efectiva ás intencións das exposicións de motivos deste texto coas que podíamos coincidir.

Hoxe existen edificios públicos no noso país, existen centros educativos –e temos aquí, ademais, o responsable de educación– que non son accesibles, que sabemos que, por falta de partidas orzamentarias, teñen os ascensores sen utilizar, que non teñen as necesarias ramplas para que poidan subir os nenos con discapacidade física. Sabemos que incluso nalgúns centros referencia para discapacitados motores son os propios nenos os que se moven de aula, e non é o profesorado o que se move de aula.

Por iso, dende logo, con boa vontade, pero coa firmeza de que todos os centros públicos deben ser accesibles, facemos unha chamada especial ao Goberno galego, e, en concreto, á Consellería de Educación e á Vicepresidencia para que fagan unha revisión de todos os edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia para que cumpran a normativa en accesibilidade, máxime cando hoxe esta norma vai ser aprobada no Parlamento galego.

A maiores, a accesibilidade tamén ten unha clara referencia non soamente ás barreiras físicas, senón, como xa o dicía antes, a todas as barreiras de comunicación. Aínda hoxe a televisión pública de Galicia non cumpre co acordado na normativa da linguaxe de signos. Tamén desde esta tribuna queremos facer referencia a que se cumpra xa con esa normativa e que non exista ningún tipo de barreira de comunicación; polo menos, na Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

Como dicía, aínda que fomos críticos na súa toma en consideración, pola importancia que dabamos a este proxecto, consideramos necesario traballar arreo na ponencia desta lei. Creo que todos os grupos políticos que participamos na ponencia fixemos o seu traballo, presentamos as emendas, déronse moitos debates durante moitas sesións, tentamos chegar a acordos, tentamos mellorar todos e cada un dos apartados desta lei, todos e cada un dos seus artigos. E esperamos que sexa útil fundamentalmente ás persoas que máis o necesitan e que son as verdadeiras impulsoras desta normativa.

Das 56 emendas que presentou o Bloque Nacionalista Galego, foron aceptadas 29, e foron trasaccionadas 7. Considero que hoxe se transaccionarán dúas máis. Polo tanto, nós sentimos que a nosa humilde aportación a esta lei está recollida nalgúns dos seus artigos, e que se contribuíra,

dende logo, dende a nosa óptica e dende aquelas emendas que chegaron a este grupo parlamentario a través dos propios colectivos, a través do Cermi, e que foron reflectidas na norma, que, efectivamente, queremos que teñan pronto cumprimento.

Tamén quero agradecer desde o Bloque Nacionalista Galego a todos eses colectivos e ao Cermi que nos fixeran chegar parte das súas emendas, que nos fixeran partícipes das súas necesidades, e que así puideramos facer unha mellor defensa das emendas en todo o trámite desta lei. Mais seguen vivas algunhas emendas que para o Bloque Nacionalista Galego son importantes e que nos levan a non dar un voto completamente afirmativo, como sería o noso desexo, a esta lei.

Aínda –vou enunciar algunha das emendas que seguen vivas– cremos que é necesario, por exemplo a respecto das vivendas protexidas, un tema moi importante. Porque toda vivenda debería ser accesible, toda vivenda debería ser accesible para todos e para todas; porque se cumpre unhas normas de habitabilidade para as persoas con discapacidade, desde logo que esas normas de habitabilidade serán tamén para calquera persoa que en calquera momento pode ter un impedimento físico ou de calquera tipo. Por iso non entendemos que se faga esa diferenciación, mais esa diferenciación está na norma. E consideramos que é absolutamente raro que se siga mantendo no artigo 28, o apartado 1, que fai referencia exactamente ao seguinte: a que “os promotores privados de vivendas protexidas poderán substituír as adaptacións en interiores de vivendas reservadas para as persoas con discapacidade, ao solicitarse a cualificación provisional, polo depósito dun aval suficiente dunha entidade financeira legalmente recoñecida que garanta a realización das obras necesarias para as adaptacións correspondentes segundo o tipo de limitación que posúa o futuro usuario e nos termos e nas condicións que se establezan regulamentariamente”. Se as vivendas son protexidas, reservadas neste caso para as persoas con discapacidade, consideramos que de ningún xeito debe permitirse aos promotores que fagan ese cambio por un aval que despois supoña a modificación do interior desa vivenda se fose necesario, segundo, ademais, as características do posible usuario ou usuaria. Porque entendemos que iso pode levar a que, por moitas diferentes razóns, aínda que exista ese aval, ao final esa futura ou futuro usuario ou usuaria non poida modificar esa vivenda.

Entendemos que soamente a incorporación deste apartado no artigo 28 xa é unha declaración de intencións coa cal nós, dende logo, non concordamos. Polo tanto, seguimos mantendo esta emenda.

Así como mantemos a emenda 41, ao artigo 32, a respecto das tarxetas de accesibilidade, no cal xa foi transaccionado parcialmente o apartado 2, e no que se fai referencia aos transportes públicos. É evidente que temos debatido xa neste Parlamento sobre a necesidade dun transporte público de calidade en Galiza. Vímolo no anterior pleno. Aínda se debate a respecto das áreas metropolitanas, e recordemos todos os problemas que temos para, no rural galego, poder utilizar o transporte público, para utilizar o tren en calquera percorrido, A Coruña-Lugo, a Vigo case tardamos o mesmo que se vai tardar en facelo ata Madrid cando estea en funcionamento o AVE, non temos un tren de cercanías, non temos, verdadeiramente, un transporte público deseñado.

Pero se isto o analizamos respecto das persoas cunha mobilidade reducida, a situación é tremenda. Tamén neste Parlamento temos debatido respecto do 065. Por iso nós seguimos mantendo esta emenda, na cal, no seu apartado sexto, fai referencia a que a Xunta de Galicia deberá garantir o transporte das persoas con mobilidade reducida que residen en lugares que carezan de transporte público accesible. A tal efecto, consignaranse no proxecto de orzamentos de cada exercicio as partidas específicas para garantir este dereito a todas as persoas con mobilidade reducida. Aquí, fundamentalmente, estamos pensando nas persoas con mobilidade reducida que viven no rural, e que teñen verdadeiras dificultades para poder acceder ao transporte público. Eu creo que aquí estariamos falando dunha tripla discriminación: como persoas con mobilidade reducida, como persoas que viven no rural e con menos servizos, e comparten con todos os galegos e galegas as moitas dificultades para acceder ao transporte público.

Asemade, seguimos mantendo para nós o que é unha emenda central a este proxecto de lei, como é a emenda 45, na que se crea un título novo co seguinte título: “Medidas de promoción e fomento da accesibilidade”, na cal, dende o Bloque Nacionalista Galego, propoñemos a creación de programas de fomento da accesibilidade; programas de fomento da accesibilidade que conteñan claramente unha memoria cun catálogo e inventario dos espazos exteriores, edifica-

cións, transporte, comunicación, que sexan obxecto de intervencións de adaptación. Seguramente os responsables, tanto de educación como de sanidade como dos edificios públicos do Goberno galego, teñan descoñecemento daqueles edificios –ata que se fagan as denuncias correspondentes– que non cumpren coa accesibilidade. De aí a necesidade, desde a nosa óptica, de que se teña un catálogo e un inventario de todos os edificios que é necesario modificar unha vez que esta norma entre en funcionamento, que se estableza un programa de priorización das actuacións –dende logo que nós entendemos que un obxectivo básico e fundamental debe ser comezar por todas as instalacións educativas–, un estudo avaliativo das previsións económicas que se necesitan e un cronograma para poder realizalas.

Efectivamente, se se realiza esa previsión económica, deben existir partidas orzamentarias. E como xa no texto do propio CES e tamén da Fegamp estaba recollido, non se pode deixar este traballo única e exclusivamente aos concellos, senón que é necesario un financiamento das actuacións cun fondo autonómico para a supresión de barreiras arquitectónicas que teña unha dotación real. Se a norma é aprobada e a norma non responsabiliza orzamentariamente as administracións ou soamente delega nas administracións locais, poden existir concellos que non teñan esa vontade política ou que non teñan os recursos necesarios para levala a cabo. Por iso este fondo terá unha partida orzamentaria anual, correspondente cos orzamentos autonómicos, os recursos resultantes das multas e das sancións que se deriven do incumprimento da presente lei ou outras fontes que no seu momento regulamentariamente se determinen.

Na distribución dos fondos non me vou parar na súa explicación, pero consideramos que debe ser, dende logo, negociada e artellada tamén coas entidades locais. As accións subvencionables, como poden imaxinar, deste fondo serían os contornos urbanos, os edificios públicos, o transporte –e permítame que faga referencia outra vez á importancia que ten o transporte público para as persoas con mobilidade reducida– e os sistemas de comunicación, para melloralos en todos os edificios e tamén nos espazos públicos da rúa.

Por último, quixera explicar por que suprimimos na emenda 46 o título III, do réxime sancionador. Consideramos necesario un réxime sancionador. Nese sentido, votare-

mos a favor das modificacións que a este título III os grupos da Alternativa Galega de Esquerda e o Partido Socialista de Galicia propoñen; mais nós quixemos, con esta supresión simbólica, mostrar que realmente na norma non se crea nada novo, senón que o propio réxime sancionador que aquí hoxe debatemos é exactamente análogo –poderíamos dicir que unha copia– ao do real decreto. Nós agardabamos que existira unha proposta máis apegada á nosa realidade. Mais, aínda así, si que quero deixar absolutamente claro que para o Bloque Nacionalista Galego é necesario ese réxime sancionador, e que as multas, ademais, que del se determinen sexan incorporadas ás partidas para a mellora da accesibilidade.

Por outra banda, xa para rematar, no que son as disposicións adicionais, simplemente dicir que nós mantemos a emenda 50 como unha disposición adicional sétima bis, na cal cremos que as normas de habitabilidade para as vivendas galegas deben ser criterios claros de accesibilidade para todas as persoas, non soamente para as persoas con discapacidade ou con mobilidade reducida.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Remato, señora presidenta.

Se temos unhas normas de habitabilidade –e permítanme recordar que foron unha das primeiras medidas que adoptou o goberno de Feijóo ao chegar ao Goberno, derrogar as anteriores– que sirvan para todos e para todas, servirán para as persoas con discapacidade.

Agardo que o traballo e o tempo que se investiu, como é a nosa obrigación, nesta lei sexa realmente eficaz, que as administracións tomen nota de que, para vivir nunha sociedade en igualdade, todas as barreiras, tanto físicas como de comunicación, deben ser retiradas, e deben ser removidos os obstáculos para permitir que teñamos unha sociedade inclusiva.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

En efecto, o 25 de marzo tivo lugar no Pleno desta Cámara, onde propoñiamos a devolución do texto que nos ofreceu o Executivo. Hoxe, oito meses máis tarde, debatemos sobre o ditame resultante despois dun proceso elaborativo interesante realizado pola Ponencia. Cómpre destacar que o texto resultante mellora o texto inicial que entrara na Cámara, fundamente eivado, inconcreto e mesmo mal redactado. Mais, como trataremos de argumentar ao longo desta intervención, para AGE é aínda un texto incompleto que ofrece só fragmentos normativos para a accesibilidade, que renuncia a ser unha obra de plenitude, unha lei de plenitude, de plena garantía de dereitos de cidadanía para todas as persoas, para as persoas con diversidade funcional.

O texto renuncia de forma explícita a sermos pioneiros nas garantías para unha sociedade inclusiva de verdade, xa que, de forma contraria ao que pensa o Partido Popular, a accesibilidade só pode e debe ser universal se garante unha sociedade inclusiva. E non o di AGE nada máis. No Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, que traspón a Convención internacional de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, recóllese de forma clara esta interrelación: *“Existe, pues, un variado y profuso conjunto de impedimentos que privan a las personas con discapacidad del pleno ejercicio de sus derechos, y los efectos de estos obstáculos se materializan en una situación de exclusión social”*.

Que estean interrelacionadas a accesibilidade universal e a exclusión social non é raro, e mesmo son interdependentes hoxe, porque non debe de abraiarse se consideramos que a pobreza afecta de forma máis severa ao colectivo das persoas con diversidade funcional. Temos que lembrar que no 2010 unha institución que non podemos catalogar de esquerdas, e menos de anticapitalista, o Banco Mundial, xunto coa OMS, a Organización Mundial da Saúde, no I Informe mundial sobre discapacidade dicían claramente que en todo o mundo as persoas con discapacidade teñen peores resultados sanitarios, peores resultados académicos, menor participación económica e unhas taxas de pobreza máis altas que as persoas sen discapacidade, consecuencia dos obstáculos que entorpecen o acceso das persoas con discapacidade a servi-

zos que consideramos obvios: a saúde, educación, emprego, transporte ou información.

Por iso defendemos e defenderemos sempre a pertinencia da nosa emenda número 1, que mudaba o título da lei en “Proxecto de lei de accesibilidade universal e inclusión social de Galicia”, e que, en consecuencia, vai unida á redacción de emendas que formulamos desde AGE destinadas a definir esa interrelación, esa interdependencia, entre a accesibilidade universal e a inclusión social. Sobre todo, porque así se faría realidade o que di a exposición de motivos do propio proxecto de lei, que entra en flagrante contradición co articulado posterior e coas ausencias que detectamos, e que AGE intentou solventar a través da formulación das súas emendas. E non se diga, por favor, que xa existe unha lei de inclusión social de Galicia, pois tivemos ocasión mesmo de ver a Estratexia de inclusión social 2014-2020 –que xa está o primeiro borrador–, e ese primeiro borrador é un canto á orfandade orzamentaria, á indefinición, ao entullo burocrático, á remisión a futuras estratexias dentro da estratexia; en fin, a unha certa incompetencia que só favorecerá que as situacións de pobreza e de exclusión social se cronifiquen e sigan aumentando. Nesa estratexia seguen afondando en procesos de externalización, en fuxir da responsabilidade, e seguen aplicando medidas asistencialistas negando dereitos de cidadanía. E cando falamos dun colectivo que sofre aínda estigmas, prexuízos, estereotipos, e que vive en moitas ocasións nas marxes da sociedade, son precisas medidas de acción positiva para as persoas con diversidade funcional. De aí que reivindicemos a necesidade dunha lei de accesibilidade universal e inclusión social, unha lei que garanta dereitos, non favorecelos ou potencialos. A este respecto, menciono a título de curiosidade que na Estratexia de inclusión social figuran 303 verbos, e só 8 veces aparece o verbo “garantir” –e en dúas delas, nada máis, asociado a dereitos–, fronte a 45 veces “promover” ou 21 veces “fomentar”, que son os verbos que se empregan para dicir que se fai pero non se fai nada.

Polo tanto, unha lei debe garantir dereitos, e nós exiximos, coas nosas emendas, a garantía de todos os dereitos de cidadanía a todas as persoas, ás persoas con diversidade funcional tamén. E o texto resultante, ao noso entender, no seu tépede avance deixa fóra moitos aspectos que consideramos imprescindibles ver enunciados e definidos na lei. A lei debe recoller de forma clara e concreta todos os sectores en que é

precisa e necesaria unha actuación positiva en favor da accesibilidade universal e non só nalgúns dos eidos. De aí que defendamos a nosa emenda ao artigo 4, onde se define o ámbito de aplicación. Este artigo enuncia que se vai aplicar a lei en catro eidos, que son só algúns dos que figuran no artigo 5 do Real decreto lexislativo 1/2013: espazos públicos urbanizados, infraestruturas e edificacións, transportes, telecomunicacións, sociedade da información, bens e servizos á disposición do público e relacións coas administracións públicas. Pero deixan fóra curiosamente outros tres eidos: xustiza, patrimonio cultural e emprego, que son as emendas que achega AGE, emenda 28, 29 e 30, para que se inclúan no ámbito de aplicación. E ademais deses eidos, nós, recollendo o que figura na convención da ONU do ano 2006, introducimos aspectos que son fundamentais para a accesibilidade universal e tamén para a inclusión social en educación e formación permanente, en benestar e saúde e en acceso á cultura e ao deporte. Entendemos que xustiza, patrimonio cultural, emprego, educación e formación permanente, benestar e saúde, acceso á cultura e ao deporte non poden quedar excluídos desta lei de accesibilidade que debería ser universal xa no título.

Estes eidos, ademais, loxicamente realízanse no obxecto da lei, definido no artigo 1, que tamén emendamos, sen que fose aceptado, xa que consideramos o texto resultante pouco exhaustivo e concreto no seu obxecto, ademais de non mencionar de forma expresa as normas de rango superior ás que nos debemos, como é o Estatuto de Galicia ou a Constitución do Estado.

Non fondo non deixamos de recoller a observación dada polo Valedor do Pobo nun informe sobre dereitos de persoas con diversidade funcional de tipo intelectual. A pesar das últimas reformas legais, quedan moitos aspectos derivados da convención que, porén, aínda non poden considerarse traspostos e, polo tanto, con dubidosa eficacia. E de aí as emendas de AGE.

AGE formulou unhas 133 emendas, Non 138, porque cinco delas eran consideradas erros, senón 133. Delas foron aceptadas 29 emendas que apelaban na esencia a unha necesaria feminización da linguaxe, no sentido inclusivo, e foron transaccionadas 8, grazas ao traballo loxicamente da ponencia –e aí hai que valorar o traballo realizado pola ponente do grupo maioritario–. E hoxe seguramente outras dúas máis.

Das diferentes emendas transaccionadas, loxicamente hai que destacar a súa importancia. Destacaremos a número 57 ao artigo 22, que fala das condicións que deben respectar os lugares dedicados a espectáculos culturais, salóns de actos, salas de espectáculos, locais con asentos fixos, para seren respectuosos coa norma de accesibilidade universal, ou sobre a accesibilidade en TIC, ou sobre a garantía da paridade na conformación do Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e Supresión de Barreiras. Pero o importante para AGE son as restantes 94 emendas, que por diferentes motivos non foron aceptadas e que, polo tanto, seguen vivas neste debate.

Loxicamente –quédanme sete minutos ou menos– non poderei tratar toda a filosofía política que orienta estas emendas, pero si que podo dicilo e resumilo no modelo, no modelo dos dereitos humanos. Polo tanto, as nosas emendas pretendían precisamente incidir niso, no modelo dos dereitos humanos.

Temos un proxecto de lei inconcreto, é un proxecto de lei que remite de forma insistente a un posterior desenvolvemento regulamentario: artigo 8.3 sobre aparcadoiros, 9.2 sobre elementos de urbanización, 13.3 sobre elementos de mobiliario urbano, 21 sobre aseos, 24.2 e 24.4 sobre accesibilidade en edificios, 27.3, etc. Feito que foi criticado polo Consello Económico e Social de Galicia no seu ditame, que dicía: “Poderíase entender que se utilizan en demasía, desvirtuándose o alcance real da futura lei. Ademais de non ser concreta e garantista, a lei, na súa redacción actual, no artigo 40, permite e admite que non sexa posible definir as prescricións técnicas tendo en conta criterios de accesibilidade universal e de deseño para todas as persoas. Por moito que se diga que ten que ser motivada, semella en todo punto inadmisíbel que non se garanta en todos os contratos administrativos a accesibilidade universal”. Por iso nós, a través da emenda 98, pedimos a supresión desta pasaxe.

Ou hai emendas que falan de axustes razoables. Entendemos que o inciso “que supoña unha carga desproporcionada”... ¿Quen define o que é unha carga desproporcionada? ¿Un criterio economicista? Pois nós dicimos que un criterio economicista non pode vulnerar a norma de accesibilidade universal. Nós entendemos que iso non pode suceder. Por iso mantemos tamén a nosa emenda 49, que pide suprimir o apartado 3 do artigo 16, onde rexeitamos que medios técni-

cos ou económicos desproporcionados poidan significar non cumprir coa norma de accesibilidade universal.

Acontece da mesma forma coas emendas 74 e 76 sobre as garantías para a realización de obras de adaptación en vivendas protexidas de iniciativa privada, xa que a posibilidade de suplir cun aval económico a realización das adaptacións é un risco enorme, pois o aval non é criterio suficiente para cumprir loxicamente coa accesibilidade universal, e nunca o será.

Emendas 14 á 22, entre outras. ¿Que se pode dicir? Si, son emendas que falan dunha linguaxe menos limitativa e excluín-te. Moitas das nosas emendas tiñan que ver coa necesidade de mellorar os termos que identifican as persoas beneficiarias desta nova lei. Os termos limitantes ou despectivos ao longo da historia desenvolveron un rol preponderante na amplificación e permanencia de actitudes de minusvaloración e nas actitudes discriminantes. A lingua produce, modifica e orienta o pensamento, por iso é esencial, para mudar o imaxinario social, que as palabras sexan o menos lesivas posibles e que teñan unha carga semántica que non negativice a quen se lles aplica. “Discapacidade”, cando se emprega para identificar unha persoa, faino cun marcador semántico de infravaloración para as actividades do día a día na vida. Di que esa persoa é menos capaz, é un termo, polo tanto, limitante e negativo. Non podemos esquecer que, detrás dese termo, hai unha visión determinada. Non podemos deixar de recordar que “minusválido”, que é considerado inapropiado para designar o colectivo, aínda segue aparecendo mesmo en certificacións acreditativas e en titulares de prensa, e, xa que logo, o seu significado segue ancorado no imaxinario social, estigmatizando e prexuízando. E nós entendemos que o mesmo pasa con “discapacidade”, un termo que se emprega en xeral, como din dous estudiosos como Willi Momm e Otto Geiacker, *“para indicar una disminución y una desviación respecto a la norma, una insuficiencia de un individuo que la sociedad debe asumir. En casi todas las lenguas los términos equivalentes al de discapacidad contienen las nociones de menor valor, menor capacidad, estado de limitación, privación o desviación”*. Por iso nós queremos avanzar e por iso propoñiamos “persoas con diversidade funcional” en todo o articulado.

Cronograma e municipalismo, emendas 34 e 35 de AGE. O proxecto de lei debe concretar o calendario de desenvol-

vemento da lei nos diferentes concellos de Galicia, realizar referencias á revisión, modificación e adaptación da normativa local, así como a obriga de crear órganos de participación das persoas con diversidade funcional.

Emendas 118 e 119 de AGE: participación do tecido asociativo das persoas con diversidade funcional no Consello Galego para Promoción da Accesibilidade e na Comisión Técnica de Accesibilidade. Foron rexeitadas pero nós reclamamos que estean aí, porque os colectivos de persoas con diversidade funcional son os que poden interlocucionar moito mellor coa Administración pública e defender e valorar cales son as necesidades reais para avanzar na accesibilidade universal.

Emenda 126. Sen compromiso orzamentario, sen planificación, non pode existir un avance real en accesibilidade. Por iso reclamamos que figure, que figure unha planificación orzamentaria e un cronograma de actuacións para desenvolver por parte das administracións públicas. Sen iso, esta lei queda en papel, en papel, ¡en simple papel!; unha lei que xa é limitada, incompleta, quedaría en simple papel.

E vou rematar cunha simple pincelada de aspectos que nós consideramos fundamentais, que son as emendas que engadimos no ámbito de aplicación, e que logo aproveitarei para desenvolver con máis tranquilidade nos outros cinco minutos que me quedan. Pero simplemente a título de introdución neste minuto e medio, cito as emendas en materia de xustiza, onde pedimos a creación das ferramentas necesarias para que se dea accesibilidade universal de tal forma que ningunha persoa con diversidade funcional permaneza sen a atención precisa para a defensa dos seus dereitos —explicada en diferentes artigos que son certamente síntese, que son certamente unha introdución, pero que son fundamentais que figuren porque necesitamos avanzar nese aspecto—. En materia de patrimonio cultural, onde o diálogo entre o respecto pola tradición histórica e cultural e a accesibilidade universal debe permitir a inclusión de toda persoa con diversidade funcional no coñecemento e no gozo do noso patrimonio cultural, hoxe están sendo expulsadas dese coñecemento e dese gozo.

En materia de emprego compre poñer en marcha medidas eficaces e concretas para acadar a inclusión social neste eido, xa que as persoas con diversidade funcional son as que

máis sofren as consecuencias dun mercado laboral que as expulsa, sendo Galicia a cuarta pola cola en taxa de actividade do colectivo. E por iso no punto 5 introducíamos tamén a necesidade de inclusión de oficio en todos os pregos de contratación administrativa de cláusulas sociais que prioricen as empresas licitadoras que fan esforzos de responsabilidade legal e social contratando persoas con diversidade funcional.

E vou acabar aquí, e deixo a educación, o benestar e a saúde, cultura e deporte, e a miña conclusión para a segunda intervención. E, polo tanto, nós o que aquí reclamamos é que o diálogo non cese e que o Partido Popular siga abrindo a súa ollada, siga abrindo e ampliando o seu horizonte, e que faga desta Lei de accesibilidade unha lei de accesibilidade universal e polo tanto de inclusión social.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señoras deputadas, señores deputados.

Señores representantes das organizacións da discapacidade que nos acompañan entre o público, benvidos a este último debate deste proxecto de lei de accesibilidade.

Iniciabamos neste Pleno, alá polo mes de marzo deste mesmo ano, o debate de totalidade deste proxecto de lei dicíndolle ao Goberno varias cuestións. Algunhas delas hoxe vixentes aínda, e outras, afortunadamente, superadas polo trámite en ponencia deste proxecto de lei. Diciamos daquela que este proxecto de lei era un proxecto de lei pouco ambicioso, dados os antecedentes normativos, mesmo da propia Comunidade Autónoma, da lexislación estatal e doutras comunidades autónomas que xa existían nesta materia, e que o que viña facer este proxecto de lei era reproducir en boa parte o xa existente sen cambios relevantes, e, nalgúns casos, incluso facendo desaparecer algún contido que nos parecía –dende logo ao Partido Socialista– que podía garan-

tir mellor os dereitos que se pretenden salvagardar con este proxecto de lei.

Diciamos tamén daquela que este proxecto de lei tiña unha ausencia total de planificación, que non reflectía compromiso orzamentario para as medidas que había que adoptar a continuación de poñelo en marcha, e que, ademais, desaparecía o fondo que existía na norma anterior, na norma á que substitúe este proxecto de lei, para facer realidade os obxectivos desta lei.

Falabamos daquela de que a Consellería de Facenda, a través da Dirección Xeral de Orzamentos do Goberno do señor Feijóo, dicía que había un custo anual estimado para este proxecto de lei de 3.000 euros, dicíao na memoria orzamentaria. E queremos lembralo hoxe aquí de novo porque nos parecía absolutamente absurdo e ridículo, mesmo nalgún momento chegamos a pensar que estabamos equivocados. Pero despois de consultar unha e outra vez a lei na Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda, pois, efectivamente, había unha aplicación orzamentaria de 3.000 euros anuais para campañas informativas e educativas dirixidas á poboación en xeral e para a realización de xornadas, cursos e publicacións. E isto era todo o que tiña o contido económico deste proxecto de lei.

Falabamos tamén daquela da ausencia neste proxecto de lei da lingua de signos, que evidentemente está establecida pola lexislación estatal. Pero era unha petición reiterada das organizacións da discapacidade que se incluía tamén a lingua de signos nesta lei, porque entendíamos que esta era unha lei de accesibilidade que debería ser unha lei de accesibilidade universal e non unicamente cingirse á accesibilidade en materia de obstáculos físicos, por dicilo dalgún xeito.

Falabamos de que as definicións que contiña esta lei non estaban consontes coa normativa vixente e que se deixaban demasiados aspectos a un posterior desenvolvemento regulamentario, con prazos demasiados amplos e sen ningunha garantía de control e seguimento da norma. E, por último, diciamos que non se tiveran en conta as suxestións relevantes realizadas por parte dos colectivos. E eu quero agradecer en nome do Grupo Parlamentario Socialista o traballo feito polo Cermi, polo conxunto das organizacións que traballan coas persoas con discapacidade en Galicia, traballo que foi

trasladado á Consellería de Traballo e Benestar e traballo que foi trasladado a cada un dos grupos parlamentarios e que nos axudou a todos e todas nós a enriquecer as nosas emendas, tanto á totalidade como parciais, e que logo deron, como direi máis tarde, o seu froito.

Tamén se queixaban tanto o Consello Económico e Social como a Federación Galega de Municipios e Provincias de que as súas suxestións feitas ao proxecto de lei non foran tidas en conta. E nós tratamos, tanto a través da emenda á totalidade, que foi rexeitada, como a través das nada menos que 73 emendas parciais ao articulado que presentamos, de facernos eco das demandas que facían tanto as organizacións da discapacidade como a propia Federación Galega de Municipios e Provincias, 73 emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista das cales 39 foron aprobadas ou transaccionadas. E quero determe aquí. É un importante número de emendas as que foron aprobadas ou transaccionadas, e quero agradecer –como xa o fixeron tamén os portavoces que me precederon no uso da palabra– o traballo da Ponencia, o bo ambiente que houbo entre todos os deputados e deputadas que participamos na elaboración desta lei e, sobre todo, a capacidade de traballo, de diálogo e de acordo que tivo neste caso a deputada que representa o Grupo Parlamentario Popular, que é a maioría deste parlamento, a señora Rodríguez Arias. Quero agradecer ese traballo construtivo porque foi grazas a ese traballo construtivo como puidemos chegar a todos estes acordos e a todas estas transaccións, e a emendar en parte todas aquelas eivas que dicíamos que tiña a lei cando iniciou a súa tramitación aquí.

Dende logo, ese traballo fixo que a lei que hoxe vai saír deste Parlamento sexa mellor que como entrou. Pero aínda así, a xuízo do Grupo Parlamentario Socialista, é insuficiente. E de aí que non poidamos darlle un voto afirmativo, de aí que teñamos que absternos neste proxecto de lei. Porque entendemos que aínda quedan cousas polo camiño –enténdemolo nós e tamén o entenden as organizacións da discapacidade e tamén o entenden os concellos–, que non nos permiten dar un apoio favorable. Pero estou segura de que, se desde o inicio da tramitación deste proxecto de lei o espírito construtivo e de diálogo que tivo a portavoz do Grupo Popular o tiveran tamén os representantes do Goberno, seguramente hoxe teríamos unha lei mellor e unha lei que garantiría de verdade a accesibilidade universal.

Foron 39 emendas aceptadas, das cales quero facer referencia a algunha delas hoxe aquí neste último debate, porque entendo que melloran substancialmente os contidos desta lei. Por exemplo, as emendas da 2 á 6, que modifican e actualizan a definición da discapacidade e incorporan a “discriminación directa”, a “discriminación indirecta”, a “discriminación por asociación” e o “acoso” ao ámbito da lei, equiparando tamén a linguaxe empregada na mesma cos textos dos organismos internacionais e mesmo coa Convención dos dereitos das persoas con discapacidade, da Organización das Nacións Unidas.

A emenda número 10, tamén aceptada, garante o uso non discriminatorio dos itinerarios peonís e a circulación de forma autónoma e continua para calquera persoa. As emendas da 11 á 16, da 20 á 24, 26 á 32, 34 á 36, unha parte da 39, 40 á 42 e da 46 á 47, que garanten a accesibilidade en áreas peonís, a dimensión axeitada das prazas de aparcamento, a lectura fácil ou o emprego de pictogramas na sinalización e información, a mobilidade vertical, a comunicación horizontal, a utilización accesible do mobiliario, reservas de vivenda, garantías para obras de adaptación, accesibilidade, transporte público, accesibilidade na comunicación, na sociedade da información, acceso a bens e servizos, etc., un conxunto de emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista que tamén foron aceptadas na ponencia.

A emenda 59 garante un prazo importante para nós, que é que no prazo de dous anos desde que entre en vigor a lei se ten que aprobar un plan galego de accesibilidade, unha emenda que trata de poñer remedio a esa situación que tiñamos cando a lei entrou no Parlamento, que é que estaba absolutamente carente de programación, de planificación e de prazos. A partir de que se aprobe esta lei, a través desta emenda do Grupo Parlamentario Socialista, no prazo de dous anos terá que aprobarse un plan galego de accesibilidade.

As emendas números 66 e 67 promoven accións formativas, sensibilización e campañas educativas para favorecer a accesibilidade das persoas con discapacidade.

A emenda número 70 prevé que, antes de aprobarse o desenvolvemento regulamentario desta lei e o propio Código de accesibilidade, deberán ser consultados os concellos e poderán emitir un informe sobre os aspectos da lei que lles

afectan. Teño que lembrar que unha das queixas principais da Federación Galega de Municipios e Provincias era que non foran tidas en conta as súas suxestións, que unha parte importantísima do desenvolvemento da aplicación da execución deste texto legal ten que ver directamente cos orzamentos dos concellos, ten que ver directamente coa planificación das infraestruturas, coa planificación das cidades, dos gobernos locais; e, polo tanto, é absolutamente imposible levar a cabo unha boa execución desta lei se non se teñen en conta os concellos, como así tiña previsto o Goberno do señor Feijóo, que nesta consellería parece que ten sempre problemas para ter un diálogo e unha boa relación cos concellos, cando son os concellos en último caso –nesta lei tamén– os que en moitas ocasións teñen que executar todas estas actuacións políticas para que a accesibilidade se converta nun dereito das persoas con dificultades de mobilidade, das persoas con discapacidade. Ben, pois a través desta emenda, o Goberno de Galicia terá a obriga de consultar cos concellos, e os concellos poderán emitir un informe sobre os aspectos da lei que os están afectando e que os van afectar no futuro.

Evidentemente, como dicía, as 38 emendas rexeitadas fan imposible un voto favorable do Grupo Parlamentario Socialista a esta lei. E para nós isto constitúe unha oportunidade perdida, porque entendemos que se puido elaborar un texto moito máis completo e dende logo comprometido coa accesibilidade universal, como solicitabamos creo que todos os grupos políticos que estamos representados neste Parlamento e tamén como o solicitaban as organizacións que traballan coa discapacidade.

É certo que nós tamén dixemos ao inicio do debate desta lei que non tiña moito sentido traela neste preciso momento a debate cando temos no Parlamento constituída unha comisión que traballa sobre as políticas en relación coas persoas con discapacidade, na que pretendemos todos os grupos, despois de escoitar todas e cada unha das organizacións que traballan coa discapacidade, poñer en marcha ferramentas e instrumentos normativos que permitan garantirles os dereitos ás persoas con discapacidade, todos os dereitos. E, polo tanto, tamén dicíamos dende o Grupo Socialista –e mantémolo– que o mellor tería sido escoitar, e, unha vez escoitadas todas as organizacións da discapacidade, elaborar unha norma moito máis completa que puideramos facela entre todos e todas, e que puideramos traela a este Parlamento co acordo unánime de todos os grupos representados no

mesmo. Non foi así, o Goberno preferiu adiantarse ao traballo que imos facer na Comisión da Discapacidade. Eu auguro que, cando remate ese traballo, probablemente teremos que estar propoñendo de novo a modificación desta lei, porque hai cousas que evidentemente quedaron no tinteiro.

Dicía que non podemos dar un voto favorable, e vou argumentar o porqué. Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista que para nós supoñen liñas vermellas polas cales non podemos dar o voto favorable a esta lei. Por exemplo, a emenda número 1 que presentabamos, e que trataba de que toda nova obra de construción tivera o compromiso da accesibilidade completa. Esta emenda non foi aceptada. Tampouco as emendas 7 e 8, aínda que hoxe se nos anuncia que si se nos van transaccionar as números 17, 19 e 25 –son tres emendas por cada grupo nas que se propón unha transacción–, para incluír no ámbito de actuación desta lei os establecementos, edificios e instalacións de concorrencia pública.

A emenda número 9, unha emenda que establecía axudas aos concellos para o financiamento de plans de accesibilidade en espazos públicos urbanizados e a accesibilidade interior dos edificios e dos grupos de edificios, foi rexeitada. E este é un dos principais argumentos polos cales o Grupo Parlamentario Socialista non pode votar a favor desta lei, porque non entendemos que un goberno lexisle para poñerlle obrigas económicas a outros gobernos, neste caso os gobernos locais, sen consultalos.

A emenda número 33 obrigaba a que na vivenda libre construída se fixera unha reserva dunha vivenda accesible por cada 50 vivendas construídas, un compromiso que os socialistas considerabamos que debiamos de adoptar todos, que era unha petición, ademais, das organizacións da discapacidade, e que o grupo maioritario non aceptou.

As emendas da 43 á 45, e parte das emendas 46, 47 e da 48 á 51, regulaban o dereito ao coñecemento, uso e aprendizaxe da lingua de signos. Insisto, como dicía ao inicio da miña intervención, en que era unha petición específica da Federación de Persoas Xordas de Galicia que nos compartiamos, e o grupo maioritario non foi capaz de chegar a un acordo nese sentido.

As emendas números 52 á 55 creaban medidas de defensa, para engadir ás de control xa existentes no propio texto

da lei, e establecían un sistema arbitral para resolver queixas e reclamacións das persoas con discapacidade por discriminación, contando para iso con órganos de arbitraje e regulando a tutela xudicial, as indemnizacións e a lexitimación.

As emendas números 56 á 58 contemplaban medidas de fomento para o cumprimento do establecido na lei, a creación dese fondo, que desaparecía desta lei, destinado a subvencionar a supresión das barreiras, a dotación dese fondo nos orzamentos anuais da Comunidade Autónoma e o destino dese fondo a concellos, entidades privadas e persoas particulares para facer efectivos os dereitos recollidos nesta lei.

Estas emendas, fundamentalmente as que teñen que ver coa creación do fondo para o cumprimento da lei, as que teñen que ver co emprego da lingua de signos...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...as que teñen que ver coas axudas aos concellos para o financiamento dos plans de accesibilidade, son emendas que para o Grupo Parlamentario Socialista fan imposible un voto favorable a esta lei. Porque entendemos que non aceptar estas emendas vai lastrar o cumprimento desta lei, e que unha lei de accesibilidade que non compromete o orzamento, que lles pon deberes a outras administracións sen axudalas a realizar a execución do que di nesta lei e que non garante unha accesibilidade universal, non é unha lei que os socialistas poidamos apoiar totalmente. Aínda que, evidentemente, co noso traballo e co traballo de todos os grupos, é unha lei que sae moi mellorada respecto de como entrou neste Parlamento.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Gallego.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día aos representantes do Cermi que hoxe nos acompañan. En primeiro lugar, o que quero é agradecer o seu traballo e as súas aportacións, porque traballaron tanto coa Xunta de Galicia, coa Consellería de Traballo e Benestar, para sacar adiante o proxecto deste texto de lei, como co grupo parlamentario e co resto dos grupos parlamentarios representados nesta Cámara. Grazas ao seu traballo, este texto que hoxe traemos a este Pleno mellora substancialmente, e tamén hai que agradecer o traballo da conselleira Beatriz Mato, que hoxe nos acompañan. Foi a Xunta de Galicia a que elaborou este texto, non o fixo soa, senón que o fixo acompañada da man das entidades de iniciativa social e das entidades que representan as persoas con discapacidade en Galicia.

E quero agradecer tamén aos grupos da oposición que estiveron na Ponencia as súas aportacións, as súas emendas. Hoxe temos unha última oportunidade neste pleno do Parlamento para valorar o que significará esta lei de accesibilidade para todos os galegos e todas as galegas, e para definir cal é a nosa postura ante esta lei.

Hai que dicir que foron presentadas un total de 262 emendas –74 do PSOE, 138 de AGE, 56 do BNG–; que foron aprobadas un total do 68 % das emendas do Bloque Nacionalista Galego, un 53 % das emendas do Grupo Socialista e un 27 % das emendas do Grupo da AGE. Recórdolle ao Grupo da AGE que o seu grupo rexeitou o 50 % das propostas de transacción que dende o Grupo Parlamentario se lle fixeron, e que o 30 % das súas emendas facía referencia a mudar a definición de persoas con discapacidade por persoas con diversidade funcional, algo que entenderá –e xa lle explicamos en ponencia– que nós non compartimos.

En total, foron 112 emendas aprobadas ou transaccionadas, estamos falando do 43 % das emendas da oposición aprobadas no traballo en ponencia. Entre todos considero que melloramos o texto do proxecto de lei, foi un traballo serio en ponencia, foi un traballo construtivo, e vostede sabe que por parte do Grupo Parlamentario Popular sempre houbo un compromiso de non pechar as portas a ese diálogo e a ese acordo, incluso no debate na Comisión 5ª falamos de que sería posible chegar a este pleno do Parlamento para tentar seguir abrindo esa porta a acordos a través desas emendas vivas que hoxe teñen os grupos da oposición neste pleno, e así o fixemos.

Porque hoxe traemos novas propostas de transacción a algunhas das emendas que quedan vivas por parte da oposición.

En relación co artigo 16, accesibilidade en edificios de uso público, están as emendas 47 de AGE, a 25 do BNG e a 17 do Grupo Socialista, cunha proposta de transacción pola que “se considerarán edificios, establecementos ou instalacións de uso público, aqueles destinados a un uso que implique concorrencia de pública para a realización de actividades de interese social, recreativo, deportivo, cultural, educativo, comercial, administrativo, asistencial, residencial, relixioso, sanitario ou outras análogas para o uso público en xeral”.

Do artigo 18, acceso ao interior dos edificios, a emenda 51 de AGE, a 26 do BNG e a 19 do Grupo Socialista. “Os accesos de todo o edificio deberán garantir a accesibilidade ao interior dos mesmos mediante itinerarios accesibles, facilmente localizables, que o comuniquen coa vía pública e coas prazas accesibles de aparcamento. Cando existan varios edificios integrados nun mesmo complexo, estarán comunicados entre si, e coas zonas comúns mediante itinerarios accesibles”.

E a última proposta de transacción é en relación co artigo 24, accesibilidade en edificios de titularidade privada de uso residencial, coas emendas 60 de AGE, 32 do BNG e 25 do Grupo Socialista. E a proposta da transacción é: “Accesibilidade no exterior do edificio. A parcela disporá, cando menos, dun itinerario accesible que comunique a entrada principal ao edificio —e en conxuntos de vivendas unifamiliares, unha entrada á zona privada de cada vivenda— coa vía pública e coas zonas comúns exteriores, tales como aparcamentos exteriores propios do edificio, xardíns, piscinas, zonas deportivas, etc.”.

Polo tanto, señoras e señores deputados, queda demostrado que, ademais do traballo en ponencia, ademais das 112 emendas aprobadas ou transacionadas presentadas pola oposición, o Grupo Parlamentario Popular aínda hoxe neste último trámite do Proxecto de lei de accesibilidade ofrece a transacción de máis de 9 emendas presentadas pola oposición.

E todos coincidimos, dende o primeiro momento, en que era necesario elaborar unha nova Lei de accesibilidade, porque a Lei de accesibilidade e supresión de barreiras que está

vixente en Galicia é do ano 1997. Efectivamente, no seu momento supuxo un importante avance na nosa comunidade, porque un dos seus obxectivos fundamentais foi a mellora da calidade de vida de toda a poboación, especialmente das persoas con mobilidade reducida. Pero, despois de máis de quince anos en vigor, todos coincidimos en que era necesario actualizar a normativa para adaptala á realidade actual e ás directrices internacionais e estatais, e seguir avanzando para acadar unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, que evite discriminacións e que favoreza a igualdade de oportunidades para todos os cidadáns.

E foi un texto consensuado, porque, como dixeran antes, o Goberno galego traballou da man das entidades sociais, asociacións de persoas con discapacidade, dos colexios profesionais e dos concellos, a través da Fegamp.

Algunhas melloras que introduce o proxecto de lei son que o novo texto ten un enfoque máis global e un alcance superior ao anterior, que a normativa actual partía só do concepto de eliminación de barreiras no eido arquitectónico. Coa nova normativa búscase que a accesibilidade sexa universal, inclúe o concepto de accesibilidade no ámbito da comunicación co fin de superar barreiras que son menos visibles para toda a cidadanía. Fai fincapé en eidos como as TIC ou as telecomunicacións. Inclúe medidas para que todas as administracións públicas adopten as medidas necesarias para garantir unha accesibilidade universal, para que todas as persoas teñan acceso pleno aos servizos públicos e á Administración electrónica. Establece un novo réxime de sancións cun obxectivo: protexer os dereitos das persoas con discapacidade para frear comportamentos discriminatorios e favorecer a igualdade de oportunidades. Incrementa a porcentaxe de reserva de vivendas adaptadas; no caso da promoción pública, incrementa do 3 % ao 4 %.

Fomenta a formación de profesionais especializados nas distintas administracións públicas, como son os intérpretes de lingua de signos.

Garántese o número de prazas de estacionamento reservadas para as persoas con mobilidade reducida.

Tamén hai que destacar as melloras introducidas a través das emendas presentadas, como novas definicións: discrimi-

nación directa, indirecta, por asociación ou acoso; a mellora do artigo dos itinerarios peonís, que teñen que ser accesibles a calquera persoa e que garantan un uso non discriminatorio; os sinais e informacións accesibles, que incorpora a técnica de lectura fácil ou o emprego de pictogramas sinxelos; a tarxeta de accesibilidade, da que ademais das persoas con mobilidade reducida tamén serán beneficiarias as persoas que teñen recoñecida unha discapacidade visual que implique un grao de limitacións na actividade igual ou superior ao 75 %.

Tamén na reserva de vivendas accesibles, que deberán contar coas características construtivas e de deseño que garantan o acceso e desenvolvemento cómodo e seguro das persoas con discapacidade.

Tamén na accesibilidade dos sistemas de comunicación e sinalización, e medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordo-cegas: empregárase o sistema de lectura fácil e adaptaranse os sistemas de comunicación para facelos accesibles e comprensibles a todas as persoas.

Promoveranse medidas para garantir unha progresiva mellora na accesibilidade a webs e servizos privados. Estableceranse programas dirixidos a que por parte de todos os operadores de telecomunicacións se garanta o acceso universal aos servizos de atención á cidadanía, así como a sinatura de convenios cos operadores de televisión dixital e de radio.

En relación coas persoas xordas, con discapacidade auditiva, ou xordocegueira, incluíronse novidades, como que na súa relación coa Administración se garantirá o dereito das persoas xordas con discapacidade auditiva ou xordocegueira a acceder acompañadas dos profesionais da lingua de signos e dos medios de apoio á comunicación oral a todos os ámbitos de participación, sexan de carácter público ou privado, cando a persoa así o requira.

Nas estacións de transporte público que sexan competencia da Comunidade Autónoma ou da Administración local promoverase a prestación de servizos de intérprete de lingua de signos e guías-intérpretes de carácter presencial ou mediante teleinterpretación, e de medios de apoio á comunicación oral nos puntos de información e atención ao público.

Polo tanto, nós consideramos que as melloras que se introducen tanto por parte da Xunta de Galicia, cando presentou o proxecto de lei ante este Parlamento, como as melloras que se introducen a través da aprobación das emendas presentadas pola oposición, hoxe tráennos a este pleno cunha lei de accesibilidade moi necesaria para a nosa comunidade, moi necesaria para todos os galegos e todas as galegas, pero sobre todo para as persoas con algún tipo de discapacidade. Era necesario actualizar a normativa, levaba quince anos en vigor a normativa actual. Era necesario adaptala ás directrices internacionais e estatais, porque non estaba adaptada a nosa normativa. Era necesario aproveitar esta lei para seguir avanzando, para acadar unha sociedade inclusiva e accesible, unha sociedade que evite discriminacións e garanta a igualdade de oportunidades.

Nós confiábamos en que neste tramite parlamentario o texto fora apoiado polos grupos da Cámara. Polo que acabamos de escoitar, despois do traballo en ponencia, despois da mellora do texto, parece ser que non vai haber un voto positivo. Pero, dende logo, nós seguimos recoñecendo que a lei era necesaria, que o texto que hoxe imos aprobar é un texto que avanza moitísimo na nosa comunidade. E, dende logo, a pesar do seu voto, dende o Grupo Parlamentario Popular agradecemos a súa aportación e agradecemos o seu traballo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Rodríguez Arias.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Ben, dende o Grupo Mixto anunciamos o apoio ás emendas da oposición. Cremos que sería importante recollelas dentro do proxecto de lei, xa que van dirixidas a garantir dereitos –dereito á cultura, dereito ao deporte, dereito á formación, dereito ao acceso á educación en igualdade de condicións– que quedan limitados ou escondidos, dalgunha forma, e vagamente definidos na lei.

Tamén reclaman unha participación máis efectiva dos colectivos sociais de dependencia, cuestión que nos parece fundamental. Agora mesmo todos os grupos acaban de darlle as grazas ao colectivo Cermi polas súas achegas, co cal se recoñece ese traballo e esa importancia da participación dos colectivos sociais que traballan na dependencia; pero, por outra parte, tamén se lles coarta a súa participación.

Xa o dixen antes, paréceme escandaloso que o acceso aos edificios públicos estea condicionado a unha cuestión orzamentaria. Os dereitos non poden estar paralizados por unha cuestión de diñeiro; sobre todo, cando os cartos se gastan noutras cuestións non tan importantes, polo menos non tan importantes para garantir a igualdade entre as persoas e o dereito das persoas ao acceso aos servizos públicos, á cultura e a unha calidade de vida igual para todos.

Importantísimo é a mellora no transporte público. No mes de outubro os deputados e deputadas da Comisión non Permanente de Seguridade Viaria visitabamos o Centro de Recuperación de Teo, e o único que nos pediron foi transporte adaptado. Hai unha necesidade urxente de mellorar as prazas de transporte público adaptado.

En canto á discapacidade intelectual –volvo dicilo–, creo que sería importante recoller que as persoas con discapacidade intelectual necesitan unhas axudas determinadas, non sei por que a negativa a recoller esa necesidade. Así como boto en falta que se inclúa aí tamén as empresas, o acceso das persoas dependentes ás empresas; non soamente o acceso físico ás empresas, que as empresas estean adaptadas para poder ter traballadores con determinadas discapacidades. Pero xa non falemos do que é o acceso a un emprego nas mesmas condicións que teñen os demais. Porque esta Lei de accesibilidade, se, evidentemente, dicimos que nace coxa e que nace curta, nace moito máis curta cando hai outras leis que a acompañan e que realmente non dan resultado. Como, por exemplo, o acceso ao emprego das persoas con discapacidade maioritariamente contratadas a través de centros especiais, con salarios menores e peores condicións laborais. E non se cumpre a lei no que se refire á porcentaxe de persoas con discapacidades que teñen que ser contratadas polas grandes empresas. Polo tanto, creo que estamos outra vez ante unha lei que pretende establecer algúns dereitos pero que non os garante e non establece orzamentariamente un compromiso para que sexa así.

A min preocúpame tamén outra cousa que boto en falta: garantir o dereito dos menores con discapacidades a actividades lúdicas e culturais, unha función que están facendo fundamentalmente ONG como a Cruz Vermella. Unha cousa é garantir o dereito ás praias, por exemplo, que sexan accesibles, e outra cousa é o disfrute delas, que requiriría dun apoio da Administración que non se contempla en ningún lado. Polo tanto, consideramos que, se a lei é necesaria, debería de ser moito máis ambiciosa, debería de estar orzada e debería de cumprimentarse con outras leis xa existentes pero que se permite o seu incumprimento.

Ademais, dos servizos fálase de accesibilidade, de que se dea acceso aos espazos públicos, aos edificios públicos; di que teñen que ser accesibles pero non se fala da súa seguridade. Deben ser accesibles e seguros, entendemos que sería fundamental.

E xa para rematar, sería imposible que lle deramos o noso apoio a un proxecto de lei que condiciona os dereitos aos orzamentos. Ningún dereito pode ser castrado por culpa dos cartos. Polo tanto, imos apoiar as emendas da oposición e absterémonos na votación desta lei, porque consideramos que é necesaria, que en algo mellora o que había, pero que queda moi curta nas súas ambicións e nas súas garantías.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Como xa comentei no primeiro turno, nós entendemos que esta lei era necesaria, e tamén valoramos moi positivamente todo o traballo que realizamos en ponencia. Creo que, ademais, é un exemplo de como se deben traballar as leis, tentando, coa seriedade de todos os grupos políticos e tamén, dende logo, coas valiosísimas achegas que se nos fixeron chegar dende os colectivos e dende o Cermi, mellorar o texto legislativo. Mais aínda así –como xa expliquei e polas

razóns que puxen enriba da mesa–, tendo en conta as emendas que seguen vivas e aspectos fundamentais como é o aspecto dun compromiso orzamentario... Porque neste momento temos leis que significaron avances importantes pero que non están sendo desenvolvidas por falta de dotación orzamentaria, e cremos que é necesario que nesta lei exista ese compromiso orzamentario para non deixala despois á vontade política que poida ter unha administración local, que poida ter o Goberno galego, para poñer medidas enriba da mesa para garantir esa accesibilidade.

Consideramos, ademais, que é necesario que a inclusión, que o concepto de inclusión, sexa central nunha lei de accesibilidade. E, como xa dixen, hai aspectos que carecen del en determinados elementos. Por iso, apoiando as emendas realizadas polos outros grupos parlamentarios, dende o Bloque Nacionalista Galego non daremos o voto afirmativo a esta lei pero tampouco votaremos en contra, absterémonos porque consideramos que se fixo un bo traballo. Consideramos que houbo un avance importante no trámite de ponencia e, dende logo, agradecemos enormemente o traballo realizado polas entidades, o traballo realizado polo Cermi, e o empeño que levan posto para que leis de inclusión e de accesibilidade saian adiante. E agardamos que, unha vez aprobada esta lei –e, en concreto, así llo dicimos á conselleira aquí presente–, exista a vontade necesaria para o seu desenvolvemento; que sexa máis rápido, non chegando a eses dous anos que aparecen para o desenvolvemento normativo, como unha lei aprobada, como é a Lei de inclusión, que aínda estamos agardando polo seu desenvolvemento; que sexa un desenvolvemento rápido, unha posta en funcionamento, e que exista unha dotación orzamentaria para que poida levarse adiante.

Estes días –como xa dixen antes– vemos que cando existe vontade política para facer unha cidade accesible é posible. Se existe realmente vontade política para que Galiza sexa accesible, nas mans do Goberno galego está. De aí o noso voto, como xa dixen, de abstención.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, proseguimos entón co debate sobre o ditame. E creo que é lóxico comezar, en principio, coas dúas transaccións que nos achega o Partido Popular agora.

Efectivamente, son emendas de lóxica, de pura lóxica, de accesibilidade aos edificios, de accesibilidade no interior, e que ademais viñan achegadas polo Cermi, colectivo ao que todo o mundo, loxicamente –e nós tamén–, agradece o traballo realizado. E por iso nós pediamos, efectivamente, que o recoñecemento non fose só nesta Cámara no momento en que se tramita esta lei senón que tivese unha vida plena nos consellos, nos órganos de participación, no Consello Galego e na Comisión Técnica. Porque fundamentalmente os ditos colectivos son os que poden interlocucionar –como así o demostraron estes días– moito mellor coa Administración e cos grupos políticos que estamos aquí representados.

Dito isto, imos apoiar e aceptar esas dúas transaccións. O que fai que das 8 emendas transaccionadas que tiña AGE pasamos ás 10, e das 96 rexeitadas pasamos a 94. E desas 94 quedábame loxicamente avanzar a idea, a filosofía política do modelo de dereitos humanos que fixo que AGE formulara todas as emendas que formulou. E sobre todo nos ámbitos de aplicación coa introdución da educación, da saúde e benestar, da cultura, do patrimonio ou da xustiza. E vou falar agora da educación inclusiva e da formación permanente. Porque nós entendemos que é un elemento esencial e fundamental para que poidamos falar da accesibilidade universal, nunha lei que fala da accesibilidade, que fala de dereitos e que di garantir –que nós claramente non vemos esas garantías realizadas no ditame actualmente en debate–, entendemos que é unha necesidade fundamental. Avanzar cara a un modelo inclusivo na educación é avanzar cara a un modelo democrático. Agora mesmo estabamos camiñando cara á integración, pero estamos indo cara a modelos segregadores. E iso é o que cómpre impedir, e iso impídese cunha lei que avance precisamente na accesibilidade universal e na inclusión educativa. Porque se incluimos desde o punto de vista educacional estamos favorecendo a accesibilidade universal.

Pero debemos dotarnos de recursos materiais e persoais necesarios para dar conta das necesidades educativas específicas do alumnado con diversidade funcional. Debemos asentar dentro dun marco educativo común, comprensivo, inclusivo, a promoción de valores como o recoñecemento, a

cooperación e a igualdade para termos realmente unha educación pública de calidade. A inclusión e a educación significa que a escola pública da contorna máis próxima á vida desas persoas é o lugar dos nenos e das nenas, de todos os nenos e de todas as nenas. Hai que acabar coa segregación educativa nese sentido e coa historia de exclusión e ausencia de recoñecemento, tal e como a define o profesor Lema.

Recordemos o que dicía o Valedor do Pobo: “A positividade do dereito á educación inclusiva das persoas con discapacidade deu lugar a que elas ou as súas familias mostren interese en que a Administración faga posible o seu goce adecuado. Isto é, que a persoa con diversidade funcional e intelectual permaneza no centro ordinario da súa residencia habitual, o seu centro natural; coas adaptacións persoais, materiais e curriculares que sexan precisas en cada caso”. ¡Fáganlle caso ao Valedor do Pobo! Fagamos unha lei máis inclusiva, unha lei que favoreza a accesibilidade universal tamén na educación a través dos materiais de apoio TIC necesarios, de todas as ferramentas e tecnoloxías de comunicación alternativa para que as persoas con diversidade funcional non queden excluídas da normalización da vida na aula con todos e todas. A inclusión na escola debe ser unha obriga das administracións públicas e, polo tanto, debe figurar nun documento que fala da accesibilidade universal.

Nós entendemos que iso é unha necesidade imperativa e por iso defendemos a nosa emenda 123, ao igual que defendemos a nosa emenda 124, sobre accesibilidade en materia de benestar e saúde. Non pode ser que se discrimine as persoas nese aspecto. De aí que sexa fundamental que o acceso ás prestacións farmacéuticas, ortoprotésicas, rehabilitadoras e de mantemento sexan universais –universalidade nese acceso– e que sexan gratuítas. AGE entende que a accesibilidade universal non pode quedar definida de forma xusta e democrática se se discriminan as persoas en función da súa situación administrativa.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor RON FERNÁNDEZ: ¿Que pasa cunha persoa con diversidade funcional inmigrante?

Iso é, tamén, o que debe figurar nesta lei, porque se non quedan persoas excluídas, e cando quedan persoas excluídas

non temos unha sociedade democrática e xusta, e, polo tanto, AGE defende a pertinencia de todas estas emendas que falan de accesibilidade universal e dun mundo máis xusto, un mundo baseado no modelo de dereitos humanos. E, polo tanto, nós tamén nos teremos que abster no ditame, porque entendemos que non avanza todo o que debe avanzar na defensa dun modelo de dereitos humanos e ser garantista nesa defensa de dereitos humanos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Grazas, señor presidente.

Bos días de novo, señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentario Socialista vai apoiar as emendas que presentan os demais grupos e que están aínda vivas para este debate, aínda que algunhas delas non son concordantes co que solicitamos, pero é unha votación de conxunto, e entendemos que o espírito, a filosofía que nos move a apoialas, é o mesmo que nos moveu na ponencia a traballar todos xuntos e a intentar chegar a mellorar este texto de lei.

Claro que nos gustaría aos socialistas poder votar a favor deste proxecto de lei, señora Rodríguez Arias, vostede sabe que o intentamos entre todos. Dende logo, nós tamén aceptamos as transaccións que nos propón hoxe, estas tres transaccións que nos propón hoxe vostede aquí, porque seguimos pensando que todas as transaccións e todos os acordos melloran este texto de lei.

Pero, desafortunadamente, as que nós consideramos como liñas vermellas non son tidas en conta, e, polo tanto, entendemos que unha lei na que non se establezan as axudas para os concellos, para financiar os plans de accesibilidade, unha lei na que non se regule o dereito ao coñecemento, uso e aprendizaxe da lingua de signos, e unha lei na que non se contemplen medidas de fomento para o cumprimento do establecido na mesma, e a creación dun fondo destinado a subvencionar a supresión das barreiras, e a dotación deste

fondo nos orzamentos da Comunidade Autónoma, é unha lei que non pode contar co noso voto favorable.

E non é un capricho, ten que ver, incluso, con aquelas cuestións que dicía mesmo a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia cando se iniciou o procedemento desta lei. Quero lembrarlles a todos vostedes que o informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia con respecto, por exemplo, á lingua de signos, nos dicía: “Consideramos que soamente se alude á lingua de signos en materia de medios de comunicación, cando hai que aplicala a bens e servizos de disposición pública, transportes, relacións coas administracións públicas, participación política e medios de comunicación social, telecomunicacións e sociedade da información”. E dicía, ademais: “Entendemos que, se se quere, deberían incluírse as previsións en materia de lingua de signos de xeito completo e non meramente parcial”.

Bueno, isto é unha afirmación que fai o informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia con respecto a este proxecto de lei, que nós compartimos, que nós presentamos a través das emendas parciais para que fora incluída esta lingua de signos nesta lei, e que non foi aceptado polo grupo maioritario que apoia o Goberno; xa non foi aceptado polo Goberno no trámite inicial, posto que xa chegou este proxecto de lei aquí sen a inclusión da lingua de signos. Polo tanto, hai algunhas cuestións que para nós son indispensables, para poder dar o voto favorable a este proxecto de lei, e son as que acabo de remarcar.

Agora, todos os grupos acabamos de anunciar que nos imos abster, é dicir, que esta lei vai saír do Parlamento sen ningún voto en contra, señora Rodríguez Arias. Ben, agora empeza un camiño, o camiño no que o Goberno de Galicia, señora conselleira de Traballo e Benestar, terá que poñer en práctica esta lei, e ten dous anos de prazo para facer ese plan de accesibilidade, e para o que ten que contar cos concellos.

Eu agardo que non sexa vostede a que xa faga ese plan de accesibilidade, por razóns obvias, haberá antes un proceso electoral, e, polo tanto, agardo que non estean vostedes no Goberno. Pero, en calquera caso, ata que remate a lexislatura, e mentres vostede sexa conselleira de Traballo e Benestar, teñen vostedes un tempo para empezar a acordar cos concellos. Conte con nós, co Grupo Parlamentario Socialista, para acordar cos concellos, para facer as vilas e

as cidades máis accesibles, sempre e cando haxa un compromiso por parte da Xunta de Galicia de axudar e de comprometer orzamentos para que se poidan facer as vilas máis accesibles.

Non conte con nós, señora conselleira, se o resultado da aplicación desta lei vai ser o mesmo que foi o Plan de accesibilidade que vimos de rematar o seu cumprimento hai escasas datas, e no que, practicamente, todos os parámetros foron incumpridos un a un pola súa consellería.

Nin cursos de formación para os medios de comunicación, nin para a Compañía da Radio Televisión, en relación co uso non discriminatorio da linguaxe, coas persoas con discapacidade, nin accións formativas na Escola Galega de Administración Pública, nin estudos universitarios sobre a accesibilidade, nin a dotación progresiva das publicacións da Xunta de Galicia ao braille ou á lectura fácil, nin axudas para cofinanciar obras de accesibilidade nos concellos, nin convocatorias, nin, nin, nin, nin...; nin un plan de accesibilidade que rematou a súa súa vixencia con cero compromisos executados. Eu agardo que ese non sexa o destino desta lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Na primeira intervención da portavoz do Grupo Socialista falaba de que esta podía ser unha oportunidade perdida. Dende logo, para nós non é unha oportunidade perdida, porque o texto lexislativo que hoxe vai saír adiante, só cos votos do Partido Popular, é unha oportunidade para mellorar a calidade de vida de moitas persoas, para mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas e, sobre todo, para mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade na nosa comunidade.

Polo tanto, para nós non é unha oportunidade perdida, é un avance moi importante, foi un texto consensuado dende a Xunta de Galicia antes de que ese proxecto de lei entrase neste Parlamento, foi un texto consensuado cos grupos da

oposición no traballo da ponencia, 112 emendas con tres propostas, señor Ron, de transacción a maiores que se propoñen neste Pleno, non dúas, tres propostas de transacción; serían 115 emendas aprobadas, case o 45 % das emendas presentadas pola oposición.

Vostedes recoñecen o traballo, vostedes recoñecen que o texto chega aquí moi mellorado, vostedes recoñecen que se aceptan emendas que presentaron e que eran fundamentais para que este texto saíra adiante, e que mellorou moitísimo en ponencia, pero logo anuncian a súa abstención.

E miren, critican que esta non é unha lei que contempla a accesibilidade universal. O único que non contempla é que non se mudou o título da lei polo que vostedes querían, polo que o Grupo Parlamentario da AGE quería. Pero a accesibilidade universal está contemplada dende o principio, dende a exposición de motivos ata as disposicións transaccionais finais.

Polo tanto, non é que esta lei vaia saír adiante sen ningún voto en contra, é que esta lei vai saír adiante só cos votos a favor do Grupo Parlamentario Popular. E, dende logo, eu recoñezo que os grupos da oposición teñen, loxicamente, a súa estratexia e teñen todo o dereito do mundo a criticar o traballo da Xunta de Galicia e a criticar o traballo da Consellería de Traballo e Benestar, e a vir aquí e facer unha emenda á totalidade; pero en cuestións fundamentais como esta, que é unha lei de accesibilidade, que vén renovar unha lei que levaba 15 anos en vigor, creo que deberíamos deixar apartada a estratexia política e pensar nos que realmente importan, que son os galegos e as galegas, as persoas, e as persoas con discapacidade.

Por iso quero rematar a miña intervención dándolles as grazas a todos os representantes do Cermi, dándolle as grazas á Consellería de Traballo e Benestar e dándolles as grazas a todos os deputados e deputadas desta Cámara, esperando que esta lei pronto sexa unha realidade e pronto se aplique na nosa comunidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Rodríguez Arias.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, de modificación da Lei de ordenación da minaría de Galicia, relativa á prohibición do uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro en Galicia e á constitución de garantías suficientes fronte ás indemnizacións por danos

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a presentación desta proposición de lei ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas, aos visitantes e *visitantas*, non sei se se di así.

Traemos hoxe aquí unha proposta para, fundamentalmente, prohibir as técnicas de extracción mineiras en base ao cianuro, cuestión que xa se debateu aquí noutras ocasións. Eu quería comezar por amosar dous *cartazes* que aparecen na páxina web de Edgewater Corporation, sobre o proxecto mineiro de Corcoesto, nas que non é que venda o proxecto mineiro de Corcoesto, senón que vende para os inversores o que aquí aparece, que é: Malpica-Tui Gold Belt, a faixa que hai de ouro de Malpica a Tui, aos seus inversores. E ofrece a oportunidade de investir, porque a partir de Corcoesto a expansión por toda a faixa deste cinturón pode traer rendibilidade engadida, iso está na páxina web.

De todos xeitos, o que é este recurso natural, evidentemente, será unha chamada para este tipo de empresas estranxeiras, sempre que as condicións de prezo de ouro sexan aceptables e propicien a rendibilidade, e achegaranse, polo tanto, este tipo de empresas para tentar explotar este recurso se as condicións así o fixesen posible. E a rendibilidade para estas empresas depende, basicamente, do prezo do ouro nos mercados mundiais, prezo que é moi variable e que pode cambiar dun día para outro, e dos custos de produción que a extracción conleve.

É evidente que xa non é posible extraer ouro como se extraía en determinados momentos cunha pureza determinada –por dicilo así con pepitas–, senón que hai unha concentración moi pequena, e, polo tanto, hai que utilizar técnicas como a extracción pola lixiviación a base de cianuro. A rapidez da extracción tamén é importante, posto que como o prezo do ouro pode cambiar dun momento a outro, canto máis rápido se extraia o ouro, máis se pode garantir a rendibilidade desa inversión.

Por estas dúas circunstancias, porque é máis barato e porque é máis rápido, as empresas mineiras o que propoñen é a extracción a ceo aberto e a extracción con cianuro, por ser máis barato e máis rápido. O cianuro é unha substancia moi perigosa para o medio ambiente, moi perigosa para os recursos hídricos e para a saúde humana. Ademais, o modelo extractivista que propoñen estas empresas é un modelo que nós non queremos para o futuro deste país. Nós non queremos ningún modelo que estea sustentado na destrución medioambiental, na destrución dos valores patrimoniais, na destrución da agricultura local.

E este modelo, o do cianuro, o da extracción de ouro en base a cianuro, é un modelo destrutivo para todos estes aspectos, é un modelo de economía especulativa, que non senta bases para o futuro deste país; é moi destrutivo, como xa dicía, e nin sequera é un sector que cree moito emprego, como despois demostrarei, que consta na resolución do Parlamento europeo.

Ademais, nós afirmamos que só é negocio na medida en que se apropien de xeito moi barato ou gratis de recursos naturais que son de todos e, en cambio, traspasen todos os custos á sociedade. É dicir, que extraían, como propoñían en Corcoesto, en 10 anos toda a riqueza que se agocha dentro da terra en Corcoesto, e que o pasivo ambiental, que nos vai quedar alí en forma de balsa de lixiviados e de residuos para 100 anos, con posibilidades de que ocorra un accidente, e o control subseguinte corra a cargo da poboación, que a contaminación que ocorra, corra a cargo da cidadanía en base aos seus impostos, etc, etc.

Se estas empresas corrixen cos gastos que conlevan estes pasivos ambientais, e cumprisen todas as normativas ambientais, non sería negocio.

Como di a resolución do Parlamento europeo, hai que lembrar, aínda que xa o dixemos moitas veces, que por exemplo nun proxecto de lixiviación, de extracción por lixiviación cianurada, como é o de Corcoesto, en Corcoesto propoñían unha balsa de lixiviados que quedaría para os próximos 100 anos como un perigo que pendería sobre a comarca, que, para entender, se collemos un estadio como o do Real Madrid, multiplicámolo por dez veces, iso é o que quedaría alí para o futuro en Corcoesto. E a resolución do Parlamento europeo di que a ocorrencia dun accidente é cuestión de tempo. E di

tamén que nos últimos 25 anos houbo 30 accidentes, 30 accidentes graves de ruptura deste tipo de balsas.

E aquí non hai que irse moi lonxe, aquí temos a balsa de Monte Neme, unha balsa que é moitísimo máis pequena que esa, 100 veces máis pequena que a balsa que había en Corcoesto. Ben, pois con todas as garantías que disque había aquí ambientais e de control, esa balsa un día que choveu moito rebentou e por pouco non hai unha traxedia humana e non arrasa con dous lugares que quedaban ladeira abaixo. E iso ocorreu este ano neste país. E a empresa que explotaba Monte Neme aínda está por ver que vaia ter que pagar nin un euro polos danos producidos por este accidente.

E, como dicía, no ano 2010 no Parlamento europeo aprobouse unha resolución para prohibir este tipo de técnicas, e que dicía, só por lembrar, que o cianuro é unha substancia química altamente tóxica utilizada na minería do ouro, e que no anexo VIII da Directiva marco sobre políticas de auga está clasificado como un dos principais contaminantes e que pode ter un impacto catastrófico irreversible no medio ambiente e na saúde humana, e, por ende, na diversidade biolóxica.

Tamén di, como dicía antes, que nos últimos 25 anos se rexistraron en todo o mundo máis de 30 accidentes importantes relacionados co vertido do cianuro, e que non existe ningunha garantía real para que non volva producirse un accidente semellante, especialmente tendo en conta o incremento das condicións meteorolóxicas extremas.

Tamén di, considera esta resolución, que a minería que utiliza cianuro crea pouco emprego e só por un período de entre 8 e 16 anos, pero pode provocar enormes danos ecolóxicos transfronteirizos, que, polo xeral, non son compensados polas empresas explotadoras responsables, que soen desaparecer ou ir á quebra, senón polo estado afectado, é dicir, polos contribuíntes. É dicir, que pagamos nós as desfeitas.

Considera, ademais, que hai que extraer unha tonelada de menas de baixa calidade para producir dous gramos de ouro, o que xera unha enorme cantidade de residuos mineiros nas zonas de extracción, mentres que entre un 25 % e un 50 % do ouro se queda finalmente na pila de residuos, considerando, ademais, que os proxectos mineiros a gran escala

empregan cianuro, utilizan varios millóns de quilogramos de cianuro de sodio ao ano, e que un fallo no seu transporte e almacenamento pode ter consecuencias catastróficas. Para extraer un quilo de ouro en Corcoesto necesitábanse 128 de cianuro. Ademais, considera que existen alternativas ao uso de cianuro na minería, pero máis caras para as empresas, claro, e en base a todo isto piden a prohibición das técnicas en base a cianuro.

E en base a isto, e en base a que nós cremos que hai que cimentar o futuro sobre a preservación dos nosos valores ambientais, agroforestais, culturais, patrimoniais, para cementalo nas actividades produtivas para as persoas e non sobre as actividades especulativas para os mercados, pedimos o apoio de todos os grupos para esta proposta de modificación da lei, que pide, fundamentalmente, a prohibición das técnicas de cianuro e a mellora das garantías dos seguros para a posibilidade de que ocorran accidentes.

Esperamos que, cando menos, se nos apoie para que sexa tomada en consideración esta Proposición de modificación da Lei da minería de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

No ano pasado, 2013, asistimos a un levantamento popular e cidadán contra determinados proxectos mineiros, en particular contra a megaminería e contra a minería con cianuro, onde a mobilización máis importante foi a de Corcoesto.

Entre os factores máis importantes que orixinaron esta mobilización social contra a megaminería contaminante está a maior concienciación social respecto á protección da saúde, do medio ambiente e do patrimonio. Polo tanto, a sociedade galega exige a prohibición do uso do cianuro nas actividades extractivas, a protección dos espazos naturais, a prohibición da megaminería, a prohibición da extracción de minerais polo sistema de ceo aberto para a prohibición de técnicas como o *fracking*, a prohibición das actividades

mineiras en solo rústico e de protección arqueolóxica e a prohibición das actividades mineiras na Rede Natura. Non é nada doutro mundo o que pide a sociedade, pide sentido común e protección do noso patrimonio.

En contra do que di a lei do 2008, a minería non pode ser considerada, en ningún caso, como unha actividade sustentable, son actividades non perdurables no tempo, pois a explotación dos recursos supón o esgotamento do mesmo e a destrución irrevogable do medio natural anterior, que nunca volverá ser o mesmo.

Impactos ambientais e na saúde humana da minería a ceo aberto para a extracción de ouro que utiliza a lixiviación con solucións de cianuro. Os efectos no medio ambiente e na saúde da utilización do cianuro son evidentes, coñecidos, e están estudados. O importante da minería con cianuro é o gran rendemento económico que ten para as empresas mineiras. Unha tonelada de cianuro ten un valor no mercado de 1.200 euros, con ela extráense 6 quilos de ouro, que teñen no mercado un valor de, aproximadamente, 55.000 euros. É dicir, que cun gasto de 1.200 euros se obteñen 55.000 euros de valor en ouro.

Polo tanto, o único motivo que xustifica a utilización do cianuro é o enriquecemento das empresas mineiras.

O proceso de lixiviación require moer moi finamente o cianuro para poder obter o ouro e a prata. Estes desfeitos, os restos deste polvo, deposítanse nas escombreyas.

O cianuro ten impacto na auga, ten impacto no solo e ten impacto no aire. Segundo a Directiva marco da auga, a auga non é un ben comercial como os demais, senón un patrimonio que hai que protexer, defender e tratar como tal. Simplemente con este texto da Directiva marco da auga o Partido Popular tiña, directamente, que prohibir o uso do cianuro, pois contamina as nosas augas.

As principais fontes de contaminación ambiental asociada á minería son o cianuro, os complexos metalcianuro, os metais pesados e os drenaxes de ácidos das rocas. As minas son cicatrices na terra, montañas de residuos ocupan os seus fedores e drenan os residuos, as augas superficiais e as reservas subterráneas. Ademais dos desfeitos pódense liberar ás augas superficiais e subterráneas reactivos químicos como

cianuro de sodio. Derrames de cianuro hai experiencias de sobra, en Estados Unidos, no Estado de Montana, está prohibida a utilización do cianuro na minería despois de que se producira a contaminación dos solos e das augas con 50 escapes de cianuro entre os anos 1982 e 1998.

É dicir, é frecuente e, ademais, é repetitivo incluso en países que chamamos desenrolados. A contaminación que máis prevalece é a contaminación das augas freáticas. Precisamente ese ben, que é un patrimonio da humanidade, debería de estar protexido.

A liberación das substancias tóxicas persiste unha vez que se pecha a explotación mineira e permanece durante anos contaminando as augas e contaminando o solo con residuo de cianuro residencial, produtos de descomposición, principalmente cianatos e tiocianatos, metais pesados, arsénico e sulfuros.

En canto ao solo, tamén se ve prexudicado polas actividades mineiras en forma de tres tipos de afectación: a erosión, a sedimentación e a contaminación. A erosión e a sedimentación serán polas voladuras, molienda e remodelación da vexetación.

En canto ao aire, tamén se ve prexudicado e contaminado pola actividade mineira debido á fuga dos polvos do cianuro na súa molienda, que se escapan ao aire en forma de cianuro de hidróxeno, ou sexa, de gas. Estímase que 20.000 toneladas de cianuro se evaporan anualmente desta fonte contaminante.

En resumo, o problema ambiental na tecnoloxía con cianuro produce contaminación de auga, solo e aire, non só coas enormes cantidades de cianuro de sodio, senón, tamén, a través doutros residuos da propia actividade mineira. A presenza de metais pesados e outras substancias na auga, no solo e no aire provocan efectos tóxicos na saúde de todos os seres vivos, tanto ás persoas como aos animais, como aos vexetais. Os metais pesados non poden metabolizarse naturalmente, persisten no organismo e exercen os seus efectos tóxicos.

O cianuro é un veneno para todos os seres vivos, incluso a doses moi pequenas. Ten unha repercusión inmediata nas vías respiratorias, na pel, unha afectación conxuntival e

tamén a nivel dixestivo, e produce efectos crónicos a nivel cardiovascular, respiratorio, neurolóxico, gastrointestinal, dermatolóxico, endocrino e reprodutivo, incluso dando lugar a malformacións en fetos.

Para lograr unha minería responsable é fundamental a creación do consello da minería como organismo de control e regulación de calquera actividade mineira desenvolvida en Galiza, e que ademais leve un control sobre a seguridade das explotacións mineiras e a prevención de calquera tipo de contaminación.

Polo tanto, a minería a base de cianuro é totalmente incompatible coa sustentabilidade ambiental e social, por iso daremos o noso voto favorable á toma en consideración deste proxecto de lei e esperamos o voto favorable do Partido Popular, nun acto de responsabilidade política para garantir non só a calidade de vida e a saúde dos galegos e as galegas, senón tamén para garantir a calidade dos nosos solos, das nosas augas e dos nosos produtos agrogandeiros.

De non ser así, se o Partido Popular non apoia a toma en consideración desta lei e a prohibición do cianuro nas explotacións mineiras na Galiza, estaría a confirmar que o novo imposto compensatorio ambiental mineiro non é máis que unha nova manobra publicitaria do Partido Popular para autorizar á custa de liquidación as explotacións mineiras de todo tipo, incluídas as explotacións mineiras a ceo aberto, as que utilizan cianuro ou as que utilizan a técnica do *fracking* en todo tipo de solos, sexa cal sexa o seu nivel de protección, incluída a Rede Natura.

Polo tanto, esperamos que toda esta Cámara dea o apoio a unha proposición de lei que simplemente garante a saúde das persoas, dos animais, do solo e da auga.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Coido que ao portavoz de AGE nesta iniciativa non lle vai sorprendere que lle diga que o BNG vai votar a favor da toma en consideración desta iniciativa, e creo que non lle vai sorprendere porque hai aproximadamente un ano debatíamos un texto co mesmo contido, porque este texto, realmente, nace dunha proposta que fixeron diversas asociacións ecoloxistas, Adegas, Amigos da Terra, Federación Ecoloxista Galega, Salva la Selva, Sociedade Galega de Historia Natural e Verdegaia.

Unha proposta que ademais está avalada por 200 científicos, polas plataformas de loita contra a megaminería en Galiza, e, polo tanto, entendemos nós que tamén esta é unha proposta que, en certa maneira, ten unha orixe social de toda esa cidadanía que neste momento está defendendo un modelo de desenvolvemento alternativo ao noso país, que considera que Galiza non debe ser unha mina a ceo aberto e que os nosos recursos naturais, en todo caso, teñen que explotarse dunha maneira lóxica, razoábel e sempre tendo en conta as necesidades que teña o noso país, e non que unha empresa, neste caso unha transnacional, poida facer negocio levándose, neste caso, os recursos mineiros que ten o noso país.

Polo tanto, entendemos que isto forma parte dunha campaña para mellorar a lexislación no relativo á protección do noso medio ambiente, a dar resposta tamén a problemas que existen neste momento, que non existían hai uns anos, porque non había estas opcións ou este interese por parte das grandes mineiras no noso país. E trátase de racionalizar, tamén, a lexislación que temos na Galiza, entendendo que estamos ante un debate de fondo que ten que ver co modelo de desenvolvemento deste país, co respecto polo noso medio ambiente e tamén pola protección da saúde das persoas.

Sabemos, ademais, que segue existindo un problema real, porque o Partido Popular, a pesar de que botou atrás nun primeiro momento o proxecto de Corcoesto, non fixo nin deus os pasos necesarios para evitar que esa empresa poida seguir adiante con ese proxecto. E non o fixo porque non anulou esa declaración de impacto ambiental, que é unha declaración de impacto ambiental vergoñenta e fraudulenta, porque realmente non está atendendo o que debería de ser a protección ambiental, e, claramente, foi unha declaración de impacto ambiental que se fixo para permitir que esa

mina puidera ir adiante, e o que a paralizou foi a presión social que se fixo neste ámbito.

A pesar de que saben vostedes, digamos, que esta mina, realmente, non representa ningún tipo de alternativa de futuro, que máis ben é un grave problema ambiental para extraer 34 toneladas de ouro, é dicir, aproximadamente un camión, tería que voarse unha superficie equivalente a 530 campos de fútbol e utilizaríanse 4.300 toneladas de cianuro, que xerarán 8.400 toneladas de arsénico e 17 millóns de toneladas de refugallo contaminantes. Isto é o resto que deixaría esta mina no noso país.

Por iso nós apoiamos esta iniciativa, como no seu momento tamén promovemos o debate no Parlamento, porque cremos que hai que prohibir o uso de técnicas de cianuro e tamén que hai que mellorar as condicións en relación con seguros de accidentes e indemnizacións por danos.

Cientificamente está demostrado que o cianuro é unha substancia moi perigosa, unha dose de cianuro como un grao de arroz pode matar a unha persoa, e hai concentracións de cianuro dun microgramo por litro de auga que está demostrado que poden ser mortais para peixes, e porque todos os informes científicos din que non hai ningún uso seguro do cianuro na minería.

Fíxense, non existe ningunha garantía real de que os accidentes que se levan producido nos últimos vinte anos en todo o mundo non poidan producirse na Galiza se se leva adiante unha explotación deste tipo. E mesmo, tal e como sinala o propio informe de avaliación do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático, os problemas que está xerando o cambio climático dun tempo, nunhas condicións meteorolóxicas moito máis extremas, agravan os problemas de falta de seguridade do uso do cianuro.

Xa se fixo aquí referencia, nos últimos 25 anos producíronse 30 accidentes. Eu vou citar só algúns dos que se produciron no século XXI: ano 2000, en Romanía unha presa de cola fallou descargando no río Tisza fluentes de ata 100.000 toneladas de cianuro; no ano 2000, en Papúa Nova Guinea tamén hai un derrame de cianuro; no 2002, en Nevada, na mina de Benton Rai, tamén se produciron en dúas minas —que teñen dúas empresas en Nevada e Estados Unidos— problemas por derrames de cianuro; no 2003, en Nicaragua

tamén hai unha contaminación dun río, e relaciónase, ademais, co falecemento de doce nenos neste ámbito.

No ano 2004, en Australia tamén hai filtracións e contaminacións de augas subterráneas recoñecidas polo propio Goberno despois de décadas dos propios habitantes denunciando os problemas que estaba xerando esa mina.

No ano 2006, en Ghana tamén hai un derrame, moi importante, de cianuro. No ano 2005, en Laos. No ano 2005, en Filipinas. No ano 2009, en Ghana, esta foi a maior mineira –un problema que se produciu nunha mina que está explotada pola maior mineira de ouro dos Estados Unidos– que nun principio negou o accidente, pero que logo tivo que recoñecelo ante as evidencias.

E a min paréceme importante este accidente, porque, ademais, esta empresa anunciara pouco tempo antes que se adherira ás mellores prácticas no tratamento do cianuro e mesmo tiña a certificación do Código internacional do manexo de cianuro, é dicir, que tamén estamos vendo como todos eses supostos e garantías en relación co tratamento desta substancia perigosa non se están producindo.

No ano 2003 e 2009 tamén houbo problemas de contaminacións de augas en Honduras e no ano 2010 no Perú.

É, polo tanto, a constatación de que non hai ningún tipo de garantías de que unha instalación destas características poida ser segura e que non teñamos, logo, que lamentar un accidente.

Hoxe existen técnicas que permiten que non se teña que extraer ouro con cianuro, polo tanto hai alternativas, ¿que pasa? Que restrinxen os beneficios das empresas. Tamén este é un debate que está aberto en toda Europa e en todo o mundo. Xa se dixo aquí, hai unha declaración do 5 de maio de 2010 no Parlamento europeo que pide á Comisión que se prohíba totalmente o uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro na Unión Europea.

Sabemos que hai países como Alemaña, Hungría e a República Checa que teñen incorporada nas súas lexislacións a prohibición do uso do cianuro na minería, tamén noutras partes do mundo. Sabemos, ademais, que hai unhas actuacións que se levaron a cabo, por exemplo, no marco

dunha xestión máis sostíbel do río Danubio, onde no convenio de Sofía tamén se puxeron en marcha medidas para limitar o uso do cianuro no ámbito dese río, porque entendían que para poder facer unha xestión eficiente da política de augas e mellorar a súa calidade era necesario incorporar esta medida.

Creemos que é importante o debate, tamén, sobre as garantías financeiras axeitadas, porque a experiencia di que estas mineiras ao final acaban socializando as perdas, que acaban sendo os estados cos recursos públicos os que realmente se fan cargo das catástrofes, e, polo tanto, todas as medidas que fagamos en relación con reforzar o que son as garantías financeiras e prudenciais, pois, sería algo realmente oportuno.

Nós, a verdade, somos escépticos e escépticas en que o Partido Popular vaia hoxe apoiar esta iniciativa, entre outras cousas porque suporía poñer en cuestión o modelo que eles defenden, porque na práctica, a pesar de que o paralizaron nun primeiro momento, é evidente que seguen mantendo viva a posibilidade de que poida extraerse ouro con cianuro na Galiza, e se non queren dar este paso é porque se demostra a súa conivencia con outro tipo de intereses, que non son os intereses nin xerais para este país, nin de defensa do medio ambiente, nin de poñer realmente a Galiza na vangarda, na protección do medio ambiente.

É unha lástima a súa cegueira e que non queiran que os galegos e as galegas sexamos recoñecidos no mundo porque apostamos realmente por defender o noso medio ambiente, por prácticas seguras e por impoñer na nosa lexislación, tamén, ese principio de precaución, porque nós creemos que é mellor previr que logo ter que lamentar accidentes, e por desgraza en Galiza sabemos moito de accidentes e catástrofes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Grazas señora Pontón.

Polo Grupo Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señora presidenta.

Señorías.

O Grupo Socialista vai apoiar a toma en consideración desta proposición de lei da Alternativa Galega de Esquerdas, que, desde logo, na nosa opinión, e esta é a razón fundamental pola que a apoiamos, mellora a lei vixente na Comunidade Autónoma.

Eu recomendaríalles a todas as súas señorías que leran un interesantísimo artigo da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do Goberno de España, Isabel García Tejerina, que publica hoxe no diario *Cinco días*, que se chama “La oportunidad del crecimiento verde”.

Non sei exactamente quen vai levar o tema no Partido Popular, pero probablemente aínda lle dá tempo, durante a miña intervención, de abordar metodoloxicamente esta nova posición do Partido Popular en relación coa ecoloxía e o desenvolvemento económico.

Certamente, fálase de modificar unha lei vixente, unha lei do ano 2008, dun goberno presidido por un socialista, a iniciativa dun conselleiro nacionalista, que sen ningunha dúbida mellorou notablemente o que era a situación política e administrativa do sector da minería nesta Comunidade Autónoma, porque é conveniente saber de onde viñamos. Viñamos dunha lexislación estatal do ano 44 e do ano 73 que, en realidade, reproducía a lexislación que se fixo a finais do século XIX en España para permitir a entrada de capital estranxeiro, fundamentalmente inglés e francés, para a explotación mineira non tanto en Galicia senón en certas zonas do sur de España, e que desde logo non existía ningunha lexislación autonómica.

Os gobernos Fraga deixaron pasar a situación, porque esa inexistencia de lexislación autonómica permitía algo moi querido para a dereita. Eu, que creo na diferenza entre a dereita e a esquerda, creo que a discrecionalidade na acción política e administrativa é un sinal identitario da dereita cando goberna, e, dende logo, no tema das explotacións mineiras, como no tema das explotacións de calquera recurso económico, sen ningunha dúbida, esta resultaba ser unha cuestión absolutamente relevante.

Dicía que compartimos esta proposición de lei porque aborda dous conceptos xerais que entendemos que a explota-

ción dos recursos mineiros ten sempre que manter. Nun proceso de crecemento económico, de desenvolvemento económico sostible e equilibrado é imprescindible ter en conta estas dúas facianas: a primeira, utilizar sempre a mellor técnica dispoñible para a explotación de recursos mineiros. Indubidablemente, no caso do ouro, a utilización de cianuro como mecanismo de cianurización, como mecanismo de explotación, ten uns custos medioambientais e uns riscos, uns perigos para o medio ambiente e para as persoas e para os seus bens que, indubidablemente, na análise custo-beneficio, na nosa opinión, non compensa, por dicilo dalgunha maneira.

E a segunda cuestión, o segundo piar no que entendemos que se teñen que basear estas explotacións mineiras, é nun concepto claro, que é “quen contamina paga”. Lamentablemente, intuitivamente parece de sentido común, pero eu creo que basta con comparar dúas grandes traxedias ecolóxicas –vinculadas non á minería, aínda que tamén poderíamos falar de Aznalcóllar, en Sevilla, pero si ao transporte de crus, o caso do *Exxon Valdez* en Alaska, e o caso do *Prestige*, en Galicia– para ver como algunhas lexislacións, mesmo lexislacións aparentemente moi permisivas co libre mercado, como é a norteamericanana, conque a Compañía Exxon afrontara os custos de recuperación medioambiental das costas de Alaska, e lamentablemente todos sabemos o que ten acontecido co caso do *Prestige* en Galicia, que despois de dez, once anos, indubidablemente se socializaron as perdas e todo ese entramado societario, que acompaña neste caso o transporte de combustible ou de petróleo, saíu absolutamente indemne deste proceso.

Eu creo que o Partido Popular ten moitas asignaturas pendentes en relación co desenvolvemento da Lei da minería do ano 2008. Ten unha fundamental, que eu creo que é un tema relevante desta lei; desde logo é un tema na opinión dos socialistas –e así o manifestamos cando se debateu neste Parlamento– novidoso.

Nun sector tan sensible en termos medioambientais coma este, a constitución do consello da minería, como unha plataforma de converxencia dos intereses económicos, sociais e medioambientais do conxunto da sociedade galega, parecíanos un elemento absolutamente central.

Bueno, pois lamentablemente, de maneira inexplicable para os socialistas, pero absolutamente explicable dentro

desa concepción de discrecionalidade no que é a concepción administrativa da dereita para explotar recursos naturais, por parte de axentes económicos privados, este consello da minería está, lamentablemente, absolutamente paralizado. E non só está absolutamente paralizado, senón que ten sido, indubidablemente no caso concreto de Corcoesto, a presión social a que ten levado a Xunta de Galicia de novo a algo parecido a quen lea este artigo da ministra, isto que poderíamos falar dun pasito adiante e dous pasitos atrás –creo que é así, non se me dá moi ben o baile, ao mellor é dous adiante e un atrás–. En todo caso, do que se trata, fundamentalmente, é de que pareza que se fai algo, cando en realidade se fai moi pouco.

Dicía o voceiro da Alternativa Galega de Esquerdas, que mostraba aquí dúas imaxes da páxina web de Edgewater –eu creo que hai outra tan ilustrativa, aínda que non tan gráfica–, que hai dous proxectos estrela neste momento –por certo, estaría ben que dende a Xunta de Galicia se lle dixera á empresa Edgewater que modificara esa páxina web, porque segue dicindo, e non só segue dicindo, senón que segue reproducindo en vídeo unha intervención do presidente Feijóo na que di que o Goberno galego apoia a explotación mineira de ouro en Corcoesto. Supoño que se trata, simplemente, dunha falla de actualización da páxina, pero en todo caso séguese dicindo–, e o que di é que hai dous grandes proxectos futuros vixentes neste momento: un, efectivamente, no noroeste en España, en Corcoesto, provincia da Coruña, Comunidade Autónoma de Galicia, e o outro no suroeste de Ghana, na costa do golfo de Guinea, en África.

Preocúpame, desde logo, que a visión que haxa desde unha multinacional, neste caso canadense, que indubidablemente ten intereses mineiros en todo o mundo, sobre o negocio e a explotación mineira, iguale, equilibre ou asimile o que é o meu país –con todos os respectos para Ghana, por suposto, ¡só faltaría!– cun país en vías de desenvolvemento, no que, como ben dicía a voceira do Bloque Nacionalista Galego, temos asistido a unha auténtica riada de accidentes de carácter mineiro vinculados a procesos extractivos agresivos, que utilizan o cianuro ou calquera outro mecanismo químico que ten un efecto negativo sobre o medio ambiente.

E, lamentablemente, non as temos todas con nós. Hai un mes exactamente, apareceu na prensa galega, nun medio de comunicación galego, e non foi desmentido pola Xunta de

Galicia, que a empresa mineira anuncia avances para refloitar Corcoesto coa axuda da Xunta.

Nós, que desde logo sempre desconfiamos dos acordos en restaurantes con pouca luz, sen taquígrafos, e, desde logo, ás veces... Si, si, efectivamente, os que tiña o señor Dorribo co señor Feijóo no seu despacho, eses que dixo que tiña con luz e taquígrafos, pero que logo estaban nas axendas e agora hai imputados do caso Campeón, e insisto que non había nin luz nin taquígrafos. Sei perfectamente que o saben, outra cousa é que lles sexa difícil recoñecelo.

Pois neste caso acontece exactamente o mesmo, non había luz e taquígrafos. O que parece que había eran gravadoras, que aparecen no recurso de reposición de Mineira de Corcoesto contra a decisión da Xunta, dicindo que altos responsables do Goberno galego avalan este proceso de adxudicación.

De aí o dos pasiños adiante e os pasiños atrás. Por certo, na última Comisión 6ª, nunha iniciativa que non era deste grupo, que era da Alternativa Galega de Esquerda, asistimos a un feito absolutamente vergoñento, no que un alto responsable do Goberno galego foi incapaz de contestar si ou non. É dicir, cando un responsable político non é capaz de dicir si ou non, significa que non hai nin luz nin taquígrafos, o que significa que acaba habendo, case sempre, imputados.

Neste caso, probablemente, o que acabará habendo, se isto se levara adiante, serían contas de beneficios substanciais para os accionistas de Edgewater, e riscos medioambientais moi graves para os habitantes da comarca de Bergantiños, en Galicia.

E como volvo falar da dereita e da esquerda, porque volvo falar de beneficios e custos para uns ou para outros, de novo temos hoxe unha páxina que ten algo que ver coa dereita e coa esquerda, ten que ver cun titular, por certo do Servizo de Estudos do Banco de España –o director é o señor José Luis Malo de Molina, e quen o coñeza sabe que é pouco sospeitoso de marxista-leninista– que di que as empresas españolas van gañar no ano 2014 un 60 % máis, mentres que no gasto de persoal a variación foi do 0 %.

¡Vaia se hai dereita e esquerda, vaia se hai intereses privados mineiros e custos medioambientais asumidos socialmente!

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular, señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: Señor presidente.

Señorías.

Bueno, dixeróñse moitas cousas, pero nós, como grupo do Goberno, temos que analizar exactamente para concretar que imos votar, para ser concretos, é dicir, que propón esta toma en consideración do proxecto de lei. Pois propón, exclusivamente, dous pequenos puntos, escuetos: un, que se prohiba nun..., no artigo da lei..., a lei actual de minería data de 2008, é dicir, foi unha lei que fixo o Goberno bipartito no último ano de goberno, é dicir, unha lei recente, e o bipartito non dixo que non había que prohibir o cianuro, xenericamente non o dixo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, estou describindo a miña intervención, non o dixo. E segundo, hai outro punto que di que se reforcen, dalgún xeito, os seguros de actividade en caso de danos extremos.

Exclusivamente, temos que discutir isto. Non é novo este debate aquí, nesta lexislatura, porque na Comisión 6ª, o 8 de novembro –hai un ano– do 2013, xa o sacou AGE; tamén o BNG, no Pleno do día 26 do 2013, dixo o mesmo. Entón nós, incluso hai un mes, onde tamén AGE sacou –dona Consuelo– unha serie de puntos, unha modificación substancial da lei de minería...

Nós consideramos que non houbo cambios reais para modificala, nós modifícamola nun punto porque faltaba na lei, que foi, precisamente, a instrumentación dun canon de explotación mineira, para reverter eses efectos de economías externas para a mellora de técnicas, para a mellora de compensacións, etc., etc., que está precisamente na Lei de acompañamento dos presupostos. Esa é a nosa política.

Entón, ¿nesta nova proposta hai elementos técnico-científicos na lexislación xeral, no descubrimento científico desde 2008 a agora que poida ser substituído o elemento cianuro na explotación enerxética, de tal xeito que non dane a explotación mineira?, ¿é viable ou non é viable?

En segundo lugar, ¿que advertencias científicas, independentemente de calquera outro propoñente dun grupo parlamentario, que terá loxicamente a súa concepción científica e específica, unha persoa, o grupo, etc., etc.?

¿Que di, actualmente, por exemplo, a Comisión Europea en materia de explotación de técnicas na minería? Que o cianuro aplicado en determinadas doses e determinadas circunstancias pode ser admisible, non di que non, non está prohibido. Non di que non, loxicamente existe unha lexislación europea, co aval de todo o conxunto de científicos, de que hai condicións, que pode ser como calquera outra técnica científica en calquera tipo de sector industrial, que poden darse circunstancias de abuso, por suposto, para iso están os executivos, as sancións, etc. etc.; ¿pero que en determinadas condicións e en determinadas circunstancias podería ocorrer? Podería ocorrer.

É a única función que ten a lei, non prohibir inicialmente, pero logo existen toda unha serie de exposicións, existe, fundamentalmente, a actividade continua das administracións, que teñen que inspeccionar, que teñen que supervisar para que os potenciais técnicos regulados, loxicamente, non se extralimiten e non sexan danos. Calquera tipo de empresa, en calquera tipo de actividade industrial, pode utilizar, pode excederse, é dicir, pode cometer infraccións, esa é a función inspectora da Administración.

Realmente, aquí, por exemplo, temos o caso de Corcoesto. O caso de Corcoesto é un caso onde a Administración, por razóns técnicas que non acordou, considerou convincente o proxecto técnico da empresa, e, por outra banda, considerou que non tiña as suficientes garantías financeiras e paralizou ese proxecto. Pero iso non é un problema legal, coa mesma lei, non é un problema legal, é un problema de goberno, é un problema da Administración. É dicir, aquí a cuestión é que non se arranxan os problemas.

Pero nun momento determinado prohibir unha técnica potencial, que en doses axeitadas e en circunstancias concretas determinadas pode ser útil, e pode non ser daniña, como di a Comisión Europea, loxicamente paréceme que sería irresponsable utilizar esa prohibición taxativa, cando non necesariamente se debe facer ese tipo de veto legal. Nós estamos nesa liña, nós nese punto nos mantemos; curiosamente, temos que defender nós a lexislación do bipartito, do

PSOE e do BNG de 2008. Nós imos defender a postura de que manteñamos a liña... nesos dous artigos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Nós imos apoiar eses dous artigos, que hai soamente seis anos defendían o PSOE e o BNG. Parécenos que non prohiben, non obrigan a nada, simplemente autorizan un potencial para que despois a regulación posterior a todos os niveis que existe no conxunto enorme de lexislación e de cautelas sobre eses procedementos.

Esa é a nosa postura. Por outra banda, é coherente coa que tivemos o ano pasado, coa que tivemos no anterior pleno, é dicir, para nós son fundamentais.

Obviamente, facemos esta proposición dende que... nós non temos complexos con respecto a unha política ecoloxista de defensa de Galicia e tamén cunha política de desenrolo económico. En Galicia temos 59 zonas especiais de protección, 16 de protección para aves, 72 ámbitos de interese, 18 hábitats prioritarios, temos unha cantidade de lexislación, de actuación e de inversión ecolóxica en Galicia enorme, que é un caudal colectivo que se trata en calquera caso.

Nós non podemos introducir vetos para un sector e unhas condicións onde traballan 7.000 persoas; non podemos facer un veto a priori, senón deixar a posteriori se a utilización concreta, as circunstancias concretas, o tipo de empresa, o tipo de localización, etc., etc., é viable ou non. Isto non ten absolutamente nada que ver.

Eu podía pensar que, cecais, a incoherencia política, por exemplo, do Partido Socialista agora –dende hai un mes para agora cambiou de opinión–, probablemente por motivos políticos, porque houbo a concepción de que o contraste que vimos neste pleno de disentir, apoiar totalmente a política que fixera o seu conselleiro aprobando a lei nun mes, exclusivamente agora parece que se inventou, que se inventaron determinado tipo de produtos extraordinarios que por intereses espurios, etc., etc., agora resulta que nun mes se inventaron outras alternativas, simplemente, para unha unificación de voto político neste pleno. Exclusivamente esa é a razón, que a min me parece, de todos os xeitos, de curta visión política, estratéxica, económica e de todo tipo.

Para nós é evidente que seguiremos a lexislación europea, pero seguiremos a práctica real coas nosas consideracións, coa nosa aplicación concreta dos proxectos concretos. Hai algo que nós non podemos pechar, non podemos pechar a Galicia o desenrolo económico controlado, sostible e responsable, non podemos facer isto, non podemos sacrificar e crear un tipo de lei mordaza para proxectos de industrialización mineira. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Nós non podemos introducir este tipo de vetos, que é irresponsable, porque non obriga, nin indica, nin exige, senón que realmente é unha posibilidade potencial que se pode dar.

Existen moitas substancias que en determinado tipo de cantidades son perigosas, en determinado tipo de utilizacións de todo tipo. Aí existe, por dicilo así, un ecoloxismo arcaico, unha economía incompetente, unha mezcla, un *brainstorming* que realmente conduce á miseria dos pobos, e existe o que é o máis difícil: a utilización ponderada, complexa e responsable de todos os potenciais da ciencia, da técnica, das finanzas, o que exige gobernos responsables e, fundamentalmente, coherentes, que non muden de opinión, exclusivamente, por unha imaxe, por un escenario de unidade política como alternativa de goberno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Arias.

Réplica do autor da proposición de lei, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Teño que enfriar os ánimos, porque se non hai cousas nas que é difícil non perder a compostura.

A vostede algo lle entendín, non sei se entendín ben, que estas propostas son arcaicas; defendemos unha política arcaica no desenvolvemento.

Ben, entón a minería a ceo aberto con cianuro é o modelo de futuro, é o moderno, é *lo más in*, ou sexa, en Ghana e en Guinea. Teodoro Obiang firmaría esa afirmación, señor Arias, e vostede preténdenos vender que a minería a ceo aberto con cianuro é o moderno. Xustamente o que se veu

desenvolvendo durante décadas nos países do terceiro mundo e que non serviu para o desenvolvemento deses pobos, iso é o moderno.

Agora entendemos moitas cousas, eu creo que o Partido Popular non concibe outro modelo que o do pelotazo, non ten un modelo de desenvolvemento avanzado para este país, non ten un modelo de desenvolvemento dos sectores produtivos dun xeito sostible para este país. E o único que pretenden, e que lles saíu mal no caso de Corcoesto, é vender a prezo de ganga os recursos naturais deste país. E isto si que o creo sinceramente.

Os arcaicos son vostedes, e fai falta ter moita cara para soltar aquí o da lei mordaza, fai falta ter moita cara; pero, xa digo, non vou perder os nervios. Os arcaicos son vostedes, señor Arias, son os arcaicos que apostan polos modelos africanos para este país –con todos os respectos para os países africanos–, que son os que sofren este tipo de explotación. Dicía vostede que temos actuacións ambientais, funcións inspectoras.

Si, funcións inspectoras, funcionan tan ben coma no Monte Neme as funcións inspectoras, que desde que rebentou a balsa había un ano que a Xunta prometera un plan de conservación e de control; non o había cando rebentou a balsa, e non ocorreu unha desgraza por moi pouco; ou os niveis de control de Aznalcóllar, tamén, etc. O Parlamento europeo xa dixo que que ocorran accidentes é cuestión de tempo.

E vostede fala do aval científico. Non, mire, a Comisión Europea defende os intereses do lobby mineiro, non ten ningún aval científico. Neste país o aval científico témolo nós, témolo os que propoñemos a prohibición das técnicas de cianuro, porque o risco de accidente é moito máis grande que o que nos dan estas explotacións. E voulle ler, para o seu beneficio ademais –a ver se o aproveita–, un escrito de Carmen Varela –que é unha química emigrada en Madrid que é de Corcoesto, e que escribiu isto, eu creo que isto é o máis frutífero que podó facer–, ela escribiu un artigo que se titula “Cianuro e minería: Moitas medias verdades interesadas”:

“Nadal 2012. Nunha das tantas sobremesas coa familia, alguén comenta ‘a ver que pasa co da mima de ouro’. Son

de Cereo, vivo en Madrid e era a primeira vez que oía falar do tema. Non me sabían dar moitos datos, pero dixéronme a palabra clave: CIANURO.

Na industria emprégase a cantidade estritamente necesaria para o proceso, é dicir, todo o cianuro que entra, consévese. Non hai miles, millóns de toneladas de residuos cianurados como pasa nas minas de ouro.

Son química. Ás veces traballo con miligramos de cianuro sódico baixo altas medidas de seguridade: hai laboratorios nos que incluso hai que comunicarlle ó médico cando o vas manipular. Por iso cando me dicían ‘toneladas’, rebatíalles ‘imposible’. Pero, desgraciadamente, si eran toneladas... e diarias.

De volta en Madrid, púxenme a buscar información sobre o uso do cianuro na minería. Atopei argumentos ‘xustificativos’ por parte das empresas mineiras como, ‘Non é tan fero o león como o pintan. O cianuro prodúcese no moitas plantas, bacterias, fungos e incluso o corpo humano. Fabricanse unhas 3 millóns de toneladas ó ano para industria (plásticos, pegamentos, etc.) das que soamente un 18 % se empregan na minería’. Menos mal que tamén deixaban caer que ‘é un dos velenos máis potentes que se coñece’.

Pois si, todo iso é certo (menos o do león), pero ten letra pequena. Na industria emprégase a cantidade estritamente necesaria para o proceso, é dicir, todo o cianuro que entra consévese. Non hai miles, millóns de toneladas de residuos cianurados, como pasa nas minas de ouro. Nestas, o cianuro emprégase para disolver o ouro, despois sepáranos do metal e queda todo como residuo.

E aquí vén a parte que eu lle chamo ‘o timo da estampita.’ ‘Non vos preocupedes, o cianuro descomponse de forma natural cos raios do sol. Aínda así, e para que vos quededes totalmente tranquilos, nós ímolo destruír con dióxido de azufre para convertelo en cianato, que xa non é tóxico’. Iso ten tantos peros que xa non sei nin por onde empezar. Primeiro, para que o cianuro se descompoña de forma natural téñense que dar unha serie de factores que NON se cumpren nas balsas de residuos. Ademais, ¿alguén se imaxina que, se se descompuxese espontaneamente, ían gastar un céntimo en destruílo?

No proceso de lixiviación, é dicir, da extracción/disolución do ouro fórmanse varios tipos de 'compostos cianurados'. Reciben este nome precisamente porque a maioría deles non teñen o cianuro libre senón que o teñen complexo, unido, a distintos metais.

A realidade é que no proceso de lixiviación, é dicir, da extracción/disolución do ouro, fórmanse varios tipos de 'compostos cianurados'. Reciben este nome precisamente porque a maioría deles non teñen o cianuro libre senón que o teñen complexo, unido, a distintos metais. No proceso de tratamento do dióxido de azufre que, dito sexa de paso, os hai moito máis eficientes pero, claro, máis caros, soamente se destrúen, e de forma parcial, dous tipos de compostos cianurados: o cianuro libre e o cianuro WAD, todos os demais compostos con cianuro non se inmutan (CNSAD, complexos insolubles)

Así que aquí nos fan o truco do almendruco porque só miden a cantidade de residuos que queda e non o total. E ese total déixannolo en herdanza para o resto das nosas vidas, dos nosos fillos e, moi probablemente, tamén dos nosos netos. Como anécdota, comentar tamén que o dióxido de azufre é un gas lacrimóxeno e irritante, causante da chuvia ácida porque se convirte en ácido sulfúrico. Como vedes, o cóctel é completiño. E aínda querían decoralo co arsénico, sosa cáustica, ácido clorhídrico e un largo etcétera."

E remata o artigo preguntando: *¿un grolíño?* E eu digo: *¿un grolíño, señores do Partido Popular? ¿Un grolíño? Como dicía a mafia calabresa: ¿bala ou cianuro? Dábanlles a escoller aos que cometían un erro: ¿bala ou cianuro?*

Pois nós dicimos que os que son arcaicos son vostedes, porque apostan por modelos que condenan á destrución dos nosos valores, condenan a non ter un modelo de desenvolvemento sustentable este país. E son vostedes os que van en contra dos tempos, os que van en contra do futuro deste país, como o demostran tamén os datos dun país que está enfermo, en gran parte, polas súas políticas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de fomento da corresponsabilidade

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a presentación da proposición de lei ten a palabra a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día de novo, señoras deputadas, señores deputados.

Sete de cada dez empresas novas en Galiza foron fundadas por homes. Case 60.000 mozas galegas tiveron que emigrar dende o inicio da crise. As mulleres que teñen un traballo remunerado dedican unha media de máis de dúas horas que os homes ás tarefas domésticas todos os días. A crise aumentou a parcialidade e a temporalidade da muller traballadora. A crise dispara o risco de exclusión social entre as mulleres galegas. Só un 18 % das empresas galegas de base tecnolóxica contan con mulleres na súa dirección. As excepciones para o coidado de menores e familiares dependentes son disfrutadas en máis dun 95 % dos casos polas mulleres. As mulleres galegas gañan unha media de 5.000 euros menos que os homes ao ano. Son titulares extraídos da prensa galega do último ano, deste ano 2014, que simplemente traducín ao galego.

Hoxe é un día para falar da desigualdade, das desigualdades, das causas da desigualdade. A violencia contra as mulleres, que todas e todos combatemos, que todas e todos, dende logo, rexeitamos, ten unha causa que non todas e todos realmente combatemos e rexeitamos. Sorpréndenos a violencia e convivimos a diario coa desigualdade, desigualdade nos espazos, nos tempos e no recoñecemento.

Nos espazos, a día de hoxe segue sendo desigual o reparo que existe entre os espazos públicos e privados: o espazo da política, o espazo laboral –antes facía referencia a esa fenda salarial que segue aumentando, que non decrece–, o espazo económico. Un exemplo, porque nesta tribuna fálase moitas veces dos homes de negro, eu tróuxenos onte; esta é unha xuntanza dese Consello Empresarial para a Competitividade, que cada vez que sae pois xa sabemos que nos botamos a temblar, porque se lles ocorren ideas magníficas, como reducir os salarios, ¡calquera cousa na que vaia esa palabra competitividade! Pensarán que a fotocopia é en

branco e negro, ¡non, non!, é que van de negro. Esta en cor non a puíden facer en A3, pero é que realmente van de negro.

Fóra desta brincadeira, esta é a realidade, esquecemento das mulleres nos espazos de toma de decisións económicas e de toma de decisións políticas que afectan a toda a nosa vida.

Mais non soamente nos espazos, tamén nos tempos, ¿cal é o reparto dos tempos? ¿Que nos poñen de manifesto as poucas enquisas que existen sobre os usos dos tempos? Antes puña un titular no cal se falaba dunha media de dúas horas, dúas horas e media; a última enquisa que ten Galiza sobre os usos dos tempos fala de que as mulleres galegas dedican unha media de catro-sete horas diarias ao traballo doméstico fronte ás dúas horas dos homes; esa é a realidade, case tres horas de diferenza. Polo tanto, ese uso dos tempos –como vemos– nin é equilibrado nin, dende logo, para nada é simétrico.

E, por último, no recoñecemento, porque se hai desigualdade nos espazos, desigualdades nos tempos, tamén no recoñecemento social. E soamente quero poñer un exemplo, pero por gráfico creo que é importante. Hai uns días podiamos ler que as mulleres ciclistas puñan unha pancarta que dicía: “*¡Queremos igualdade!*”. E exactamente podiamos ler esta nova: “*As mulleres galegas piden que se equipare o seu trato co dos homes. O ciclocrós feminino galego dixo basta. Os seus mellores deportistas*” –os seus mellores deportistas, así redactado– “*piden á Federación Galega de Ciclismo que se equipare o seu trato co recibido polos homes*”.

Os seus mellores deportistas, as súas mellores deportistas –perdoénme que lle faga esta corrección a quen escribiu esta nova–, o seu trato cos homes, tanto no tema dos premios económicos como no da organización das carreiras. Unha denuncia convertida en escrito reivindicativo, co cal están a recoller firmas de apoio por toda Galicia. ¡Parabéns ás mulleres ciclistas!, ¡parabéns a todas as mulleres que dende o deporte mostran como todos os días non hai un recoñecemento en igualdade dos logros das mulleres e dos homes!, ¡en ningún eido! Pero, seguramente, no eido do deporte é máis simbólico, porque aí a diferenza é totalmente brutal. Por iso que hoxe, 25 de novembro, debemos preguntarnos,

¿pero por que vivimos todavía esta asimetría? ¿Que pasou coas políticas de igualdade?

¿Que ocorre coas políticas de igualdade que onte comentaba unha compañeira xornalista? Dicía que é que non están de moda, é que agora non venden. Como se a política de remover os obstáculos que impiden a igualdade fora por modas, ¡pois si!, primavera-verano, pero agora outono-inverno pois non toca, e entón, como non toca, non se fala.

¿Que ocorre dende a crise, que as políticas de igualdade foron esquecidas e arrasadas? ¿Por que non están na axenda política? ¿Que hai, que se agocha detrás dese esquecemento interesado? ¿Talvez que o coidado nun momento, no cal hai unha contracción económica importante, se quere que se volva facer gratuitamente no mundo do fogar? ¿Por iso esqueceron a palabra corresponsabilidade? ¿Por iso cada vez se fala menos de conciliación?, porque realmente interesa un modelo, dende logo, moi rendible para todos os sistemas económicos, pero tamén, e moito, para que o capitalismo siga funcionando, no cal os espazos públicos teñan o seu recoñecemento e os espazos domésticos e do fogar se consideren o privado, no cal non se pode entrar, non se pode falar. Por iso para falar de igualdade hoxe, dende o Bloque Nacionalista Galego, queremos falar de corresponsabilidade.

Porque a modificación dos espazos, do recoñecemento e dos tempos vai parella á posta nun lugar político central da axenda política, de qué significa coidado e que transformación ten para a nosa sociedade entender as tarefas do coidado e as tarefas da reprodución. Por iso hoxe traemos esta proposta de lei, análoga a outra que xa debatemos –a proposta tamén do Bloque Nacionalista Galego e exposta dende esta tribuna por Ana Pontón na anterior lexislatura–, porque o coidado e a corresponsabilidade é algo central para as políticas de igualdade, e para conseguir que se eliminen as desigualdades e as asimetrías sociais que vivimos.

Esta proposta de lei que hoxe imos debater, polo tanto, parte dese eixe social. Consideramos que unha das fortes causas da desigualdade é o reparto desequilibrado dos tempos, que produce posteriormente ese reparto desequilibrado dos espazos e tamén do recoñecemento. De feito, nós, nesta proposta de lei o que pretendemos é unha proposta de lei curta, soamente consta de dous títulos. O título II, que é o central, consta de tres capítulos, que se dividen no seguinte:

Un capítulo I de sensibilización, porque non é certo que a sociedade estea sensibilizada coa igualdade, non o é. Eu considero que simplemente se repite mimeticamente, que hoxe, seguramente, moita xente de boa vontade levará o seu correspondente lazo violeta, pero non é certo que neste momento homes e mulleres consideremos que a igualdade é un valor. Tampouco é certo que se introduza dentro de todas as posibilidades xurídicas ese valor, e, polo tanto, se removan todos os obstáculos.

De aí que no capítulo II se recollan medidas para fomentar ese dereito da corresponsabilidade, de rachar coa idea de que concilian as mulleres. ¿Pero que pasa?, ¿por que non concilian os señores?, ¿por que non concilian os homes?, ¿por que non se asume esa corresponsabilidade?, ¿por que se segue considerando que é normal que as baixas de maternidade sexan collidas integramente polas mulleres, e resulta tan estraño que as baixas de paternidade sexan collidas integramente polos homes?, ¿por que non se asume iso con normalidade? Porque, no fondo, a masculinidade se constrúe de costas ao coidado, e permítanme, señores deputados, dicir-lles que iso é unha mágoa para os homes, que realmente os que perden algo niso non son as mulleres, senón que é unha masculinidade construída de costas ás relacións do coidado e ás relacións da vida.

Por último, introdúcese un capítulo no cal poñemos enriba da mesa medidas sociais necesarias para que as administracións tamén sexan corresponsables, para que as administracións doten de servizos sociocomunitarios e servizos públicos para efectivizar esa corresponsabilidade.

Como dicía, nesta lei recollemos claramente –cremos que por iso debemos dar este debate– que se fomente o uso equilibrado dos tempos. Isto debe ser letra de lei, xa sabemos que as leis non mudan de por si a realidade, pero esta mañá debatíamos a importancia de introducir nunha lei de accesibilidade o concepto de sociedade inclusiva. Pois nós tamén consideramos que debemos introducir nunha lei o concepto dun uso equilibrado dos tempos, sabendo que, posiblemente, na nosa vida e na vida das nosas fillas e dos nosos fillos non se verá todavía realizado este obxectivo pleno. Pero a nosa obrigación é contribuir a que se realice.

Tamén que se eliminen os estereotipos sociais que responsabilizan das tarefas domésticas e do coidado ás mulle-

res, que seguen existindo. Soamente hai que coller un catálogo de xoguetes, podemos traer aquí un catálogo e ver se ás nenas as seguimos responsabilizando de que estean coas cocinas, de que estean coas vasoiras e con todo tipo de obxectos. Esa é unha realidade hoxe, e ese rol reproducímo-lo todas e todos, seguramente, cando compramos os xoguetes aos nosos fillos e ás nosas fillas, aos nosos sobriños, aos nosos netos, ao que sexa. É un rol que seguimos mantendo, porque segue sendo unha sociedade que entende que eses son os roles de cada un. E se llo dicimos con 3 anos, seguramente con 13 o ten máis que sabido, e con 23 ou con 33 reproducírao.

Por iso para nós, con estes obxectivos –como dicía antes–, mantemos tres capítulos claros: un primeiro de medidas de sensibilización e de estudo, un competente para a Consellería de Educación, porque fagan, simplemente, un exercicio: collan os libros de texto, de calquera das materias curriculares dos seus fillos e fillas, en calquera nivel educativo que sexa, desde infantil até a universidade, ¿cantas materias recollen as tarefas do coidado?, ¿cantas materias recollen a reprodución da vida? Non sei, ¿ningunha?, porque, como moito, a bioloxía a revolución física. Pero o coidado, o coidado posterior de todos os días, ningunha. De feito, hai pouquísimos estudos sobre o que iso significa para a economía.

Porque, señores economistas, e tamén señoras economistas, hai un punto cego na retina da economía, que é considerar que o traballo doméstico non entra no PIB. Entón, por iso lles dicimos, por exemplo –antes comentábo co compañeiro Abel Losada–, que o PIB do traballo doméstico, se fora posible calculalo, se estima que sería sobre o 30 % da produción galega. ¡Ah! Pero é que iso demasiado, pero é que iso é a metade da vida, o que se traballa gratuitamente dentro das casas.

Pois póñanse desde que se levantan pola mañá e preparan a roupa e os almorzos, até que se apaga a última luz da casa. Iso, máis ou menos, vén sendo, segundo o último estudo do IGE, baseado nos usos dos tempos do 2010 e publicado no 2013, cerca de 29.000 millóns de euros en Galiza. E dese traballo, é dicir, dese valor engadido bruto, que non temos equiparación no PIB, porque non se cuantifica, o 74 % é realizado polas mulleres dentro do fogar de xeito gratuito, sen que ningún llelo agradeza, porque suponse que o

fan, como di unha famosa teórica feminista, por amor. Pero faise, realmente, porque é un traballo.

Por iso cremos que é importante que se saiba e que se recoñeza todo ese traballo, que se saiba e que se recoñeza; que cada vez que se fai un copago por un sistema de dependencia, ou por atención a persoas maiores, hai unha muller que vai facer ese traballo despois gratuitamente na súa casa; cada vez que non hai unha escola infantil para un neno ou para unha nena, hai, fundamentalmente, unha muller na súa casa que o vai facer de xeito gratuíto, e así o reproducimos nunha sociedade que non é igualitaria, que non é corresponsable, e o que é peor, que non valora ese traballo. Porque hoxe, tamén, do que temos que falar é da importancia dese traballo, que é bastante máis importante que moitos dos temas que consideramos centrais doutros traballos.

Hai un estudo sobre como a incorporación dos homes ao traballo dos coidados na primeira infancia, ou nos traballos domésticos, desvalora eses homes, co cal, ao feminizarse nese traballo, non son igualmente considerados que se fan traballos de dirección de empresa. Curiosamente, como vemos, é unha actividade que perde o seu valor, aínda que exista esa denominada mística da maternidade, pero a realidade é que as tarefas do coidado non son consideradas.

Por iso deixo algunha cousa para a última intervención respecto da importancia de que cambiemos a linguaxe e que poñamos no centro da nosa actividade o traballo non remunerado das mulleres e a corresponsabilidade, porque se queremos igualdade salarial, se queremos igualdade de recoñecemento, e se queremos igualdade efectiva, e acabar cos micromachismos, e coa orixe desa violencia de xénero, debemos apostar por rachar coa imaxe esa de que soamente concilian as mulleres, e falar en termos de corresponsabilidade.

De aí que eu queira rematar hoxe a miña intervención coa estrofa dunha canción que hoxe ve a luz, de Guadi Galego, que di así: “*Nós aleitadoras, nós conquistadoras, / brillantes activistas da vida cotiá. / E nós que resistimos a séculos de forza, / e nós as matriarcas do país dun tal Breogán*”.

Sen igualdade non racharemos coa violencia, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día.

Moitas grazas, señor presidente.

¿Están vostedes a favor da paz, da redistribución da riqueza?, ¿prefiren sociedades democráticas?, ¿gustaríalles aplicar menos tempo ao traballo e gañalo para o ocio, as fillas, a parella, as amigas e os amigos?, ¿cren vostedes nos dereitos humanos?, ¿rexeitan a violencia? Seguro que si, ¿verdade? Entón, vostedes son feministas. E se son coherentes con este pensamento feminista, apoiarán co seu voto esta proposición de lei.

Espero, especialmente, que as parlamentarias do Partido Popular así o fagan. Elas, e todas nós, con toda seguridade somos sabedoras de que as mulleres non temos un problema de conciliación, senón de corresponsabilidade. E a corresponsabilidade é un problema de todas e todos.

Por iso é tan importante o contido desta proposta baseada en criterios de que a igualdade non é se non se concilian as responsabilidades e o tempo libre e non se conciencia a sociedade de que así debe ser.

A acción política e lexislativa ten que facer posible, con alianzas, pactos, diálogo e campañas, o benestar das dúas metades da humanidade, e crear leis que favorezan a igualdade real entre mulleres e homes, como, por exemplo, a lei de permisos iguais e intransferibles por nacemento ou adopción de filla ou fillo, ou unha lei –insisto– de ensino coeducativo.

Señor Tellado, sempre o escoito a vostede cando falo eu. Bueno, ¡en fin!

Decía que unha acción política e lexislativa, que sexa quen de distribuír equitativamente o tempo, porque a liberdade das persoas non depende só do seus ingresos, senón da súa posibilidade de disfrutar do seu ciclo vital. Está demostrado que alguén –e isto sabémolo moi ben todas as mulleres– que carece de tempo adecuado para durmir, descansar e

para actividades relacionadas co ocio, vive e traballa nun estado de pobreza de tempo. Esta pobreza de tempo debilita a saúde e socava o benestar.

Está demostrado que esta pobreza afecta, sobre todo, as mulleres, e é evidente, porque todas sabemos que ademais de cubrir as nosas obrigas laborais, nos vemos abocadas a incrementar o noso traballo en actividades non remuneradas, como son –todas o sabemos tamén– o traballo no fogar e nos coidados. Pesada herdanza do sistema heteropatriarcal e os seus roles. O amor, o xogo, o disfrute, coas creacións artísticas da humanidade, ou o desenvolvemento da actividade vocacional necesitan tempo.

Dicía un africano a un que o apremaba por traballar: vostedes teñen o reloxo, nós o tempo.

O Grupo Mixto apoiará este proxecto de lei, e espero que, polo menos, as mulleres de todo o hemiciclo pasen das siglas que veñen neste proxecto de lei e o apoiem, porque é un proxecto de lei que vai no avance, no camiño dunha sociedade democratizada, igualitaria, moderna e de persoas máis felices.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Vaia por diante a participación activa do meu grupo e de min mesma na loita feminista. Vaia por diante, tamén, que non só son violencia as agresións físicas, non son violencia só as agresións sexuais, e non é violencia tan só o maltrato psicolóxico. Violencia é, tamén, esa fenda salarial entre homes e mulleres. Violencia é, tamén, a fenda nas pensións entre homes e mulleres. Violencia é a feminización da pobreza, a que conduce ás mal chamadas medidas de axuste ou austericidio.

Só superaremos, polo tanto, a violencia e o patriarcado cando superemos este sistema, porque este sistema devora

persoas, é un sistema baseado na desigualdade, non cabe igualdade, polo tanto, dentro do capitalismo. E aínda así as mulleres e homes da esquerda transformadora temos que pelexar dentro deste sistema para loitar contra esa desigualdade, porque, efectivamente, se está recrudecendo.

Os coidados de maiores, menores, persoas dependentes, como se referiu aquí, e a realización das tarefas do fogar, seguen recaendo sobre as mulleres.

Gioconda Belli, xa hai uns anos, dicía no poema “Culpas obsoletas”: *Un momento de soledad / de paz / y la tarde es mía. / Me puedo sentar a leer / sin sentirme culpable. / Sin pensar que debía salir / a comprar el líquido para desmanchar las alfombras / o bajar a jugar con la niña. / ¿Cómo será, me pregunto, / no sentir incesantemente / que uno debería ocupar varios espacios al mismo tiempo? / No pensar, mientras se tumba una con un libro, / que se debería estar haciendo otra cosa. / Asumir, como hacen los hombres, / la importancia del tiempo / que dedicamos al propio enriquecimiento. / Las mujeres / tenazmente sentimos / que le estamos robando tiempo a alguien. / Que quizás en ese preciso instante / se nos requiere / y no se cuenta con nosotras. / Precisamos / todo un entrenamiento / para no borrarlos, minimizarnos / constantemente. / ¡Ah! ¡Mujeres, compañeras mías! / ¿Cuándo nos convenceremos / de que fue sabio el gesto / de extenderle a Adán / la manzana?*

A nicaragüense reflexaba a evidencia de que as mulleres seguimos, en xeral, tendo que subordinar o noso desenrolo profesional, o noso tempo de lecer, as nosas relacións persoais ás tarefas de coidado e ao coidado do fogar, tarefas nunca contabilizadas economicamente polo goberno, non contabilizadas nesa economía de homes coa que se constrúe este sistema e que, sen embargo, está a soste o noso país e sostén tamén o estado.

Segundo os datos oficiais de 2013, as persoas que tiñan unha xornada reducida para o coidado de menores, maiores ou persoas dependentes eran un 97,8 % mulleres. Que en Galicia no 2013 do total das excedencias para o coidado de fillos e fillas foi nun 94,23 % de mulleres. Que segundo os datos oficiais do ministerio as mulleres dedicamos, como se referiu aquí antes a señora Adán, ao coidado do fogar e da familia 4 horas e 7 minutos diarios –eu penso que máis– fronte a 1 hora e 54 minutos no caso dos homes. E, pola con-

tra, as mulleres só dedican ao ocio e á vida social 4 horas e 58 minutos fronte ás 5 horas e 23 minutos dos homes. Menos tempo, tamén, nos coidados persoais para as mulleres e menos tempo tamén para o traballo remunerado.

Resulta evidente que non existe, por norma xeral, corresponsabilidade nas tarefas de coidados na nosa sociedade. Resulta evidente que a economía do país a seguimos sostenendo as mulleres cos nosos coidados. Esa parte somerxida do iceberg que teoriza Cristina Carrasco, economista feminista.

É hora de superar a conciliación e iniciar a corresponsabilidade, tanto por parte dos compañeiros como por parte da sociedade e do propio Estado. Vivimos, tamén, nunha crise de coidados na que o envellecemento poboacional e o aumento da necesidade de atención á autonomía persoal non está sendo asistida por servizos públicos, nin por políticas sociais que non proporcionen máis carga de traballo ás mulleres. Unha crise que non resolveu as medidas de conciliación e que tampouco serviu para axudar as mulleres, porque ao final, como nos din os datos aos que antes me refería, axudas mal concibidas só fan incrementar o problema.

Quen deixa o traballo ou reduce a xornada segue sendo a muller e, polo tanto, é quen despois ten menos capacidade adquisitiva e quen terá ademais menores pensións, se é que chegan a elas. Polo tanto, como dicía ao principio, feminización da pobreza, mentres que con esas medidas non se facilita que os homes se integren na asunción dos coidados.

É preciso, polo tanto, un pulo educativo en corresponsabilidade, primordial, esencial, tal e como propón a iniciativa, dende a primeira infancia, dende a escola infantil; a igualdade transmítese dende a educación, pero tamén se transmite no fogar, nenas e nenos que ven desigualdade social dificilmente van interiorizar a igualdade. Por iso son precisas tamén medidas por parte da administración.

Nese sentido, imos votar a favor da toma en consideración desta proposición de lei, parécenos un debate necesario, uns dereitos necesarios e coidamos que o texto pode ser mellorado con máis medidas concretas e aclarando algúns puntos. Precisamos, polo tanto, debate.

Medidas concretas que se sustentan ou deben sustentarse en tres piares fundamentais. Primeiro, os permisos. Os que

temos son curtos, desiguais e economicamente insostibles nalgúns casos. Os permisos deben ser ampliados, iguais e cun mantemento do 100 % do salario, para que a xente os disfrute e a xente os colla. Niso debe colaborar tamén o Goberno central, obviamente. Non é ningunha novidade, fano nos países nórdicos e a súa economía non se ve resentida por estas medidas.

Segundo, o traballo. Medidas que ataquen esa fenda salarial, medidas que fomenten o reparto do traballo, que faciliten que máis persoas traballen no noso país e que as que o fagan teñan máis tempo para a súa familia e a súa vida social e persoal, tendendo, polo tanto, a que ninguén teña que reducir a súa xornada perdendo dereitos e capacidade adquisitiva.

E terceiro, os servizos públicos, terceiro alicerce. Existe unha responsabilidade social e do Estado, e da Administración tamén, sobre as tarefas e economía dos coidados. Precisamos cobertura universal con servizos públicos para a infancia, autonomía persoal e atención ás persoas maiores.

E, para complementar, é preciso non esquecer as mulleres, e tamén a algúns homes, pero fundamentalmente mulleres, que soportan familias monoparentais ou que se fan cargo soas de doentes, dependentes ou maiores. Neses casos só cabe a corresponsabilidade social, a da administración, e é preciso tamén implementar medidas, a maiores, para estes casos.

En resumo –e vou rematando– o traballo reprodutivo, igual que o produtivo, está sometido á lóxica capitalista neste sistema; o traballo de coidados está sometido á lóxica capitalista. A economía dos coidados non figura nos manuais neoliberais, nunha economía de homes e capitalista. As mulleres precisamos, polo tanto, mudar este sistema dende a base, comezar polo reparto das tarefas desa economía, das tarefas de coidado, pode ser un bo paso para derrogalo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Dicía a señora Adán, na súa intervención, que as leis non mudan a realidade, pero a verdade é que axudan a construír unha realidade mellor, a pesar de que haxa gobernos que despois, cando teñan que aplicar esas leis ou executalas, as infradoten ou, sinxelamente, lles retiren os orzamentos para podelas levar a cabo.

E así pasa nestes días, como podemos observar desafortunadamente nas estatísticas, co incumprimento de todos os preceptos emanados tanto da Lei de igualdade entre homes e mulleres, como da Lei contra a violencia de xénero, da que en pouco tempo se farán dez anos da súa aprobación e da que hoxe estamos celebrando o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, contra a violencia machista.

O concepto de corresponsabilidade é o que demandamos as mulleres que pensamos que a conciliación quedou só para nós. De feito, a conceptualización da conciliación perpetúanos a nós, as mulleres, no papel de coidadoras, e o que buscamos, precisamente, é corresponsabilizar o home, implicar o home no coidado da familia. A corresponsabilidade o que pretende é incorporar o home ao coidado do fogar e da familia, poñendo, precisamente, en valor a paternidade. Así que eu, ao contrario que a señora Iglesias, agardo que hoxe aquí, neste debate, todos e todas sexamos capaces de darlle o voto favorable á toma en consideración desta proposición de lei que nos presenta a señora Adán, e que xa lle anuncio que será así, por suposto, por parte do Grupo Socialista.

A corresponsabilidade persegue un uso igualitario dos tempos, que o fogar e a familia son proxectos de dous ou de máis, pero de todos, en calquera caso, e non só das mulleres.

Namentres que coa conciliación se actuou ata o de agora coa muller para tratar de combinar mellor o traballo remunerado coa familia e a vida persoal, coa corresponsabilidade o que se busca é compartir, implicar, responsabilizar. É unha obriga dos poderes públicos garantir a igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos e promover a lexislación e adoptar as medidas para que se faga realidade; xusto, como dicía, por certo, ao contrario do que se está facendo por parte do Goberno de Galicia e do Goberno central, que nin tan sequera dotan orzamentariamente o estrito cumprimento das vixentes leis.

A desigualdade existe e existía xa antes da crise. Agora, coa dereita no poder e a crise, esta desigualdade medra de

maneira rechamante. Traballo escaso e precario con maior incidencia nas mulleres, recortes sociais con maior impacto sobre as mulleres.

A señora Adán facía explicación dalgúns dos datos estatísticos que poden confirmar estas palabras que eu digo e as que dixo ela. Eu vou falar da situación laboral da muller en Galicia.

En Galicia temos 123.300 mulleres desempregadas, das cales 46.000 son de longa duración, levan xa, polo tanto, máis de dous anos en desemprego. Ademais entre o ano 2009, cando chegou o señor Feijóo ao goberno, e o terceiro trimestre deste ano as mulleres desempregadas en Galicia medraron nun número de 44.400, e nos últimos catro anos destruíronse 11.000 empregos públicos femininos. O emprego público feminino en Galicia dende que goberna o señor Feijóo descendeu un 9 %, ou, dito doutro xeito, cada día en Galicia quedaron na rúa 8 mulleres que traballaban no emprego público.

Se os datos de desemprego feminino son preocupantes, tamén o é a fenda salarial que segue medrando, situándose xa nun 24,17 %. Pero non pensen que isto de distinto salario para igual traballo sucede só nas profesións máis precarias. As mulleres con elevada formación académica, que realizan actividades profesionais, científicas e técnicas no noso país, reciben ata un 30 % menos do salario que os seus compañeiros varóns. Só un 5 % dos contratos firmados por mulleres no último ano foron indefinidos, e os contratos a tempo parcial son o 76 % para as mulleres. O 22,8 % das mulleres ocupadas sono a tempo parcial, namentres que no caso dos homes só un 6,3 %. E son, fundamentalmente, as mulleres, 13.800 neste ano, as que escollen ese tempo parcial de forma voluntaria para coidar a familia, fronte a tan só 1.600 homes.

Ademais, o 92,23 % das excedencias por coidado son de mulleres, e só un 7 % dos homes comparten a baixa maternal, é dicir, 28.829 mulleres, fronte a 2.427 homes.

Por todo isto, tamén cando chegamos a cobrar as pensións as diferenzas se manteñen, e só o 48,8 % das mulleres cobran pensións contributivas, porcentaxe que se eleva ata o 77 % no caso dos homes.

Cando escoitamos algunhas frases que din que a pobreza ten cara de muller, hai algunhas persoas que pensan que isto

se dá noutros lugares e non aquí. Pero estamos falando de Galicia, e en Galicia 1 de cada 4 mulleres está en situación de exclusión social.

Isto que nos pasa co traballo que facemos fóra da casa, non mellora co traballo que se fai dentro da casa e as diferenzas do emprego do tempo entre homes e mulleres, como xa avanzaba a señora Adán.

As mulleres dedicamos 4 horas e 29 minutos diarios ao fogar, namentres que os homes tan só a metade. As mulleres facemos dobre xornada, a de fóra e a da casa. Mentres as mulleres xa saímos da casa, os homes aínda non entraron nela.

Se Galicia foi pioneira na Lei do traballo en igualdade das mulleres no ano 2007, que complementaba a Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes, do presidente Zapatero dese mesmo ano, poderíamos, se a maioría do Grupo Popular que sustenta este goberno acepta hoxe tramitar esta proposición de lei, ser tamén pioneiros en legislar sobre a corresponsabilidade.

Dado que, ademais, o que se pretende con esta iniciativa é actuar dende a educación, dende a igualdade e dende os servizos sociais, e que estas son competencias propias do Goberno de Galicia, debe ser este Parlamento o que se encargue de legislar nesta materia.

En canto ás propostas que nos fai a señora Adán no contido desta proposición, algunhas a nós pódennos parecer pouco ambiciosas, dende logo moitas son innovadoras, como é o caso da cuantificación do traballo no fogar; outras son moi demandadas por colectivos que se achegan a nós, como a baixa maternal e paternal en persoas autónomas; pero, en calquera caso, o Grupo Socialista apoia que se tome en consideración esta proposición de lei, e se o PP tamén acepta trataremos, no trámite de emendas e no trámite da ponencia, de enriquecer o texto con emendas parciais. Creo que debe de ser o sentir do noso traballo.

Son poucas as miñas esperanzas de que o PP acepte, porque ten amosado pouco interese dende que goberna con respecto ás mulleres. Iso si, unicamente para ocuparse da nosa faceta reprodutora, tanto en Galicia como no Goberno do Estado. Porque se Rajoy pretende suprimir a Lei de saúde

sexual e reprodutiva por outra enunciada como a Lei dos dereitos do concibido e da muller embarazada, aquí o primeiro que fixo o presidente Feijóo, ao chegar, foi aprobar a Lei de apoio á muller embarazada.

Produce, certamente, para as mulleres, para as mulleres socialistas, noxo ver como esta fin de semana en Madrid se manifestaba o PP, altos cargos do Partido Popular, apoiando a estes que din que nos queren cercenar o dereito da muller a decidir libremente sobre a nosa maternidade e sobre o noso corpo. Agardo que rectifiquen, porque o exemplo que dá o Partido Popular, cos seus dirixentes á cabeza destas manifestacións, non ten nada que ver co que as mulleres queremos que fagan os grupos políticos, que é que nos traten, e que a lexislación nos trate, en igualdade de condicións que os homes, tamén no traballo da casa, na corresponsabilidade.

Esta lei non é contra os homes, é unha lei para poñer en valor o coidado das persoas maiores, o coidado dos fillos, e para poñer en valor, tamén, a paternidade dos homes. Os homes con esta lei gañan, non perden.

Agardo a súa toma en consideración.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra dona Rosa Oubiña Solla.

A señora OUBIÑA SOLLA: Grazas, señora presidenta.

Certamente, señora Adán, compartimos que en materia de igualdade entre homes e mulleres aínda queda moito camiño por andar, e compartimos tamén a necesidade de conciliar e da corresponsabilidade.

Pero non imos apoiar a toma en consideración desta proposición non de lei. ¿Por que non imos apoiar a toma de consideración desta proposición non de lei que vostedes hoxe presentan? En primeiro lugar, porque hoxe o Bloque Nacionalista Galego trae a debate e toma en consideración unha proposición de lei para o fomento da corresponsabilidade que é a mesma, salvo pequenos matices, dada o 15 de decembro de 2010, rexistrada no Parlamento de Galicia, e que xa foi debatida e rexeitada en abril de 2011.

En segundo lugar, cremos que presentan unha lei sen memoria orzamentaria. Unha lei que non ten en conta a transversalidade, é dicir, se no ano 2011 esta lei non aportaba nada novo, cremos que tampouco aporta ningunha novidade no ano 2014. Dá a sensación de que baixo o formato de proposición de lei o BNG pretende colar asuntos que xa foron rexeitados e, cando menos, que foron presentados de xeito directo ou indirecto a través de proposicións non de lei.

Polo tanto, é unha repetición case exacta da que xa presentaron. Digo case exacta, porque inclúe un par de cambios, un par de cambios poucos e significativos na exposición de motivos para facer alusión ao tema do aborto, e un par de pinceladas novas no artigo 4 e na disposición derradeira primeira.

Permítanme dicirlles, sen ningún tipo de mala intención, que o que fan vostedes é simplemente un remix, un corta e pega de medidas que a día de hoxe están recollidas nas actuais leis vixentes.

Na última páxina do texto, a que fai referencia aos antecedentes legislativos desta proposición de lei, fala da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, da Lei 2/2007, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, da 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e esqueceu engadir a Lei 11/2007, que no artigo 9 recolle o artigo 5 do seu texto. E cremos que tamén esqueceu a Lei 3/2011, de apoio á familia, lei que vostedes definiron como retrógrada e que tamén agora conta como referencia na súa proposta, aínda que cremos que, en verdade, ese esquecemento non ten outro motivo que o de que fora unha lei proposta polo Partido Popular e aprobada, unicamente, cos votos do Partido Popular.

Podo poñer un exemplo, o artigo 11 fala de fomentar as medidas de conciliación con programas de axudas destinados, especialmente, a varóns, para incentivar os permisos de paternidade, a redución de xornada por coidado de fillos e fillas menores de tres anos. Nese sentido, a Lei 3/2011, de apoio á familia, que vostedes votaron en contra, xa recoñece a importancia da corresponsabilidade na vida familiar e no mantemento, coidado e educación de fillos e fillas, e coa vontade de incentivar a que por parte dos homes se asuman as responsabilidades da desaparición de estereotipos e que asuman e compartan as tarefas do coidado dos menores.

Neste sentido, señorías, xa se está a traballar co apoio económico por parte da Xunta de Galicia para aqueles traballadores que reduzan a súa xornada laboral para a atención dos fillos e fillas menores de tres anos. Revise, por exemplo, o DOG número 123, do 1 de xullo de 2013, ou do DOG número 95, do 20 de xullo deste ano, nos que se regulan as bases para a concesión destas axudas tanto en medidas de conciliación como en medidas ao fomento da corresponsabilidade.

É máis, dende o ano 2007 ao ano 2013 un total de máis de 1.172 homes tiveron axudas á redución de xornada laboral, cun orzamento de preto de catro millóns de euros, ao que teríamos que engadir a Liña Concilia, que este ano tamén incrementou un 13 % máis o seu orzamento; así como medidas de flexibilidade horaria, ou teletraballo, ás que tamén están acollidos os empregados públicos. Polo tanto, xa existe un marco legal que contempla e que impulsa esta medida de equilibrio entre homes e mulleres en relación co fomento da corresponsabilidade.

Mentres vostedes, señorías, non cren no modelo de políticas de conciliación que permiten achegarse a un marco de corresponsabilidade, nós cremos que os dous modelos son necesarios, que para acadar un obxectivo de corresponsabilidade real é preciso que tanto os homes como as mulleres poidan conciliar tanto a faceta profesional, como a faceta persoal, como a faceta familiar.

Falan vostedes en relación á educación, e recollen no seu artigo 4 da corresponsabilidade no ámbito educativo. Esta cuestión xa está contemplada, tamén, en tres marcos normativos, na Lei 7/2004, na Lei 11/2007 e na Lei orgánica 3/2007, concretamente nos artigos 23 e nos artigos 24.

Dende a Administración educativa galega garátese plenamente a inclusión dos currículos educativos, contidos relacionados coa igualdade, traballando conceptos como a coeducación e a coresponsabilidade, cunha estrutura de formación permanente do profesorado nese sentido.

En relación aos medios de comunicación, que tamén falan no artigo 5, dicimos que tanto as normas actuais vixentes, como a Lei galega para a igualdade da muller, de mulleres e homes, xa, tamén, inclúen estes temas referidos.

Falan vostedes do asociacionismo, e en relación co artigo 7 din: “A Xunta establecerá axudas de carácter anual destinadas a asociacións que promoverán a eliminación de estereotipos sexistas e o fomento da corresponsabilidade.” Neste sentido, señorías, tamén, novamente, está recollido no artigo 6 da Lei 7/2004 e da Lei do 2007. Como vostedes ven, ampara o total do tecido asociativo.

Repasen novamente, por favor, o DOG 145, do 1 de agosto deste ano, no que recolle a resolución da Secretaría Xeral de Igualdade, que regula as axudas económicas destinadas a fomentar tanto o asociacionismo como a participación das mulleres.

En relación ao artigo 15, chámanos a atención, en relación ao ensino, que sexa o BNG, que é quen xestionou a Vicepresidencia e creou o Consorcio de Servizos Sociais, onde se incluía a xestión das escolas infantís de 0-3 anos, quen reclame a incorporación deste nivel ao ensino. Hai que lembrar que o primeiro ciclo infantil de 0-3 anos non son ensinanzas educativas obrigatorias, pero a Administración galega é quen de garantir unha oferta de prazas axeitadas. ¡Si señor, é así!

Por último, como xa se vai esgotar o tempo, podemos falar, non quixera deixar pasar que o cambio máis significativo é na disposición derradeira primeira, que recolle, como digo, os cambios máis relevantes. No texto do 2010 o BNG pedía á Xunta de Galicia a posta en funcionamento do servizo de atención domiciliaria de menores, agora deixan de pedilo, supoño que porque saben que xa está aprobado no Decreto da rede galega de atención temperá. Ese é un dos cambios.

Pedían vostedes que se creasen 1.500 prazas públicas en centros de día en catro anos. Miren vostedes por onde, señorías, a Xunta de Galicia, na anterior lexislatura, creou máis de 1.500 prazas de maiores, é dicir, 1.620. Debe ser polo que agora pasan de non pedir 1.500 a pedir 2.000 ao ano.

Como vou rematar, en canto ás escolas infantís pasa o mesmo. Facendo o cálculo, pedían vostedes 10.000 prazas en catro anos, que pedían no 2010, e pasan a 2.500 anuais nos próximos tres. Se facemos o cálculo, vén demostrar que xa contan coas máis de 3.000 prazas creadas polo Goberno do Partido Popular na pasada lexislatura, aquelas que nos

preguntaban vostedes onde estaban cando era na campaña electoral. Polo tanto, cremos que non hai nada novo nesta proposición de lei que non estea xa recollido noutros textos lexislativos que están en vigor, nos que a Xunta de Galicia xa está a traballar.

Polo tanto, anunciamos que non imos apoiar esta proposición de lei.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica, grupo parlamentario autor da proposición de lei. Ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Bo día de novo.

Señora Oubiña, como vostede nos puxo moitos deberes, nomeadamente a min, moitos deberes para ler, tamén lle vou eu poñer algún. Lea vostede o Informe de impacto de xénero que fixo a Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, onde di literalmente –e resumo un parágrafo– que malia a existencia de normativa de igualdade que aparece recollida nesta lei, esa proposición podería ter un efecto de unificación da regulación nesta materia, ao tempo que establece propostas para determinados eidos, como medidas de formación e sensibilización, políticas públicas, corresponsabilidade na empresa privada, negociación colectiva ou servizos sociocomunitarios.

Señora Oubiña, tamén temos que ler –ten que ler, polo menos– o Informe de impacto de xénero que prepara o Goberno, informe que eu debo, tamén, considerar que é escaso, pero ese é outro debate, mais nesta lei hai propostas importantes.

Aquí, algunha das voceiras díxonos que poderían ser escasas, posiblemente, pero votemos a favor da toma en consideración, temos un trámite de ponencia, pódense propoñer emendas dende todos os grupos parlamentarios, dende logo, tamén, dende o Partido Popular, e fagamos unha lei de fomento da corresponsabilidade que unifique esa normativa da que vostede fala, que está dispersa entre diferentes leis, e que sexa ambiciosa e que realmente sexa vangarda, como son vangarda moitas leis galegas que existen neste momen-

to, como pode ser a Lei de violencia de xénero, ou a Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, que parte importantísima desa lei referida a dereitos de conciliación vostedes a teñen sen desenvolver. O Goberno galego non a desenvolveu.

Porque, señora Oubiña, vostede fala de que non apoiamos a Lei de apoio á familia, é que vai en dirección contraria a esta lei, vai en dirección contraria a esta lei, como xa llelo dixo o CES. Non hai medidas efectivas para a corresponsabilidade, senón que se segue reproducindo o rol das mulleres como coidadoras, pero non quero polemizar con ese tema, quero, simplemente, que sexamos capaces de apoiar esta lei, de poñer os cuidados como un dos conceptos básicos para modificar o estado de igualdade.

Aquí déronse moitísimas cifras sobre a situación das mulleres en Galiza neste momento: a súa fenda salarial, o seu menor acceso ao traballo remunerado, a súa vulnerabilidade no traballo, o seu risco de exclusión social, ¿por que?, ¿cal é o problema para apoiar unha normativa que, segundo vostede, non engade nada novo, que segundo vostede non dá un paso adiante? Pois apoiemos a normativa e deamos un poso adiante.

¿Non é un paso adiante falar de negociación colectiva e dereitos de conciliación?, ¿non é un paso adiante realmente que os homes se introduzan, que entren nas tarefas do coidado? Porque vostede fáleme da redución da xornada laboral, creo que a coñezo un pouco, creo que coñezo un pouco esa medida, porque foi pensada e moi debatida, e hoxe é, se cadra, necesario revisala, incluso con ese apoio da administración, se non me falla a memoria dende o 2006, ¿como é posible que tan poucos homes se acollan á redución da xornada laboral? ¿Por que aínda cando está subvencionada, fundamentalmente son as mulleres as que se teñan que acoller?

Porque, señora Oubiña, ¿hai ou non hai unha redución da dependencia?, ¿existe ou non existe en Galicia unha redución dos servizos sociais? Existe, e cando existe esa redución son as mulleres as que teñen que asumir esa tarefa do coidado.

Parece mentira que suba vostede a esta tribuna e sexa capaz de falar de prazas de escolas infantís e prazas de cen-

tros de día, e botalo como un búmeran. Voulle dicir unha cousa, eu, persoalmente, e o grupo ao que represento sentímonos moi orgullosos do traballo que se fixo durante o bipartito para a dotación de redes de centros de día e redes de escolas infantís, absolutamente coherente co traballo que defendemos nesta iniciativa.

E como teño que ir rematando, quero acabar, tamén, agradecendo tanto ao Grupo Mixto, á Alternativa Galega de Esquerda como ao Partido Socialista de Galicia o seu apoio, as súas aportacións e, dende logo, dicirlles que é unha mágoa que non sexan capaces de votar a favor desta iniciativa para traballala, para emendala e para dar, realmente, un paso adiante pola igualdade.

Como vostede puxo os deberes, eu hoxe tamén vou poñer deberes, e aos homes desta Cámara e a todos os que queiran vuller recomendar un libro, porque aquí falouse de reparto desigual de tarefas, de en horas, pero tamén das tarefas que se realizan. Pero, ademais, é un libro dun home moi coñecido, Miguel Lorente, que leva por título “*Tu haz la comida, que yo cuelgo los cuadros*”; iso é como se entende, moitas veces, a conciliación nas tarefas do fogar.

E para as compañeiras deputadas, incluso para aquelas que van votar hoxe non a esta lei, permítanme, nos minutos que me restan, ler unha pequena cita de Marcela Lagarde, na cal eu creo que as mulleres que nos dedicamos á política temos que atoparnos representadas: “Utilizo o concepto ‘entrañables’ porque cando facemos política xeralmente usamos a linguaxe masculinizada e non temos suficientes categorías propias para nomear as cousas como queremos. Entón, ‘entrañable’ significa: coas entrañas, co corazón, co que somos e co que queremos ser. Porque somos esenciais para a vida, e sobre todo, porque somos portadoras de alternativas para facer viable a sociedade e o mundo. Vivimos nun mundo moi pouco viable, nunha sociedade moi pouco viable, porque esquecemos o coidado.”

Fóra desta loita partidista pola que vostedes hoxe van votar en contra, eu creo que as mulleres temos que facer unha política en clave, en nome feminino. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Votación dos textos lexislativos

A señora PRESIDENTA: Imos proceder á votación dos textos lexislativos. Pechamos as portas.

Votación das emendas mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade.

Comezamos votando as transaccións que me fixeron chegar os grupos parlamentarios, a primeira das transaccións sobre o artigo 16, “Accesibilidade en edificios de uso público”, coas emendas número 47 de AGE, 25 do BNG e 17 do PSOE.

A proposta do texto de transacción di así:

“Punto 1. Considéranse edificios, establecementos ou instalacións de uso público aqueles destinados a un uso que implique concorrencia de público para a realización de actividades de interese social, recreativo, deportivo, cultural, educativo, comercial, administrativo, asistencial, residencial, relixioso, sanitario ou outras análogas ou polo público en xeral.”

Votamos este texto.

Votación do texto transaccionado do artigo 16 do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade, coas emendas número 47 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, 25 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e 17 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda a transacción aprobada por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Votamos, a continuación, unha transacción sobre o artigo 18, “Accesos ao interior dos edificios”, coa emenda número 51 de AGE, a 26 do BNG e a 19 do PSOE.

A proposta do texto transaccionado: “Os accesos a todo o edificio deberán garantir a accesibilidade ao seu interior mediante itinerarios accesibles facilmente localizables que o comuniquen coa vía pública e coas prazas accesibles de aparcamento. Cando existan varios edificios integrados nun mesmo complexo, estarán comunicados entre si e coas zonas comúns mediante itinerarios accesibles.”

Votamos este texto.

Votación do texto transaccionado do artigo 18 do Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade, coas emendas número 51 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, 26 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e 19 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Por último, unha transacción sobre o artigo 24, “Accesibilidade en edificios de titularidade privada de uso residencial de vivenda”.

Emenda número 60 de AGE, número 32 do BNG e número 25 do PSOE.

A proposta do texto é a seguinte: “Número 1. Accesibilidade no exterior do edificio: a parcela dispoñerá, cando menos, dun itinerario accesible que comunique unha entrada principal ao edificio e, en conxuntos de vivendas unifamiliares, unha entrada á zona privativa de cada vivenda, coa vía pública e coas zonas comúns exteriores, tales como aparcadoiros exteriores propios do edificio, xardíns, piscinas, zonas deportivas, etc.”

Votamos.

Votación do texto transaccionado do artigo 24 do Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade, coas emen-

das número 60 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, 32 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e 25 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Votamos, a continuación, as emendas mantidas para o Pleno polo Bloque Nacionalista Galego, números 2, 12, 13, 39 á 42, 45 á 47, 50, 52 á 54 e 56.

Votación das emendas mantidas para o Pleno ao Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade, polo Bloque Nacionalista Galego, números 2, 12, 13, 39 á 42, 45 á 47, 50, 52 á 54 e 56, documento número 29842.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA: Votamos, a continuación, as emendas mantidas polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votación das emendas mantidas para o Pleno ao Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade, polo G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, números da 1 á 3, 6 á 11, 13 á 20, 22, 26 á 35, 38, 40, 44, 46 á 50, 52, 55, 56, 61, 64, 65, 67 á 76, 78 á 86, 88, 89, 91 á 94, 98, 100, 102 á 104, 107, 112 á 116, 118 á 127 e 129 á 138, documento número 29851.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33 votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as emendas mantidas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votación das emendas mantidas para o Pleno ao Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade, polo G.P. dos Socialistas de Galicia, números 1, 7 á 9, 33, 37 á 39, 43 á 45, 48 á 58, 60, 62, 64, 65, 69 á 71, 73 e 74, documento número 29822.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA: Votamos, a continuación, o Ditame da Comisión coas emendas incorporadas.

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de accesibilidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a Lei de accesibilidade.

A señora PRESIDENTA: Votamos, a continuación, a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, de modificación da Lei de ordenación da minaría de Galicia.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, de modificación da Lei de ordenación da minaría de Galicia, relativa á prohibición do uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro en Galicia e a constitución de garantías suficientes fronte ás indemnizacións por danos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

A señora PRESIDENTA: Votamos, por último, a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de fomento da corresponsabilidade.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de fomento da corresponsabilidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

Declaración institucional

A señora PRESIDENTA: Antes de continuar co desenvolvemento da orde do día, os grupos fixéronme chegar unha declaración institucional sobre o xeito, á que vou dar lectura: “O Parlamento de Galicia declara o seu apoio unánime ás artes de pesca tradicionais, especialmente ao xeito, para que esta non sexa incluída entre as artes a prohibir a partir do próximo 1 de xaneiro de 2015, na proposta de Regulamento do Parlamento europeo e do Consello pola que se prohíbe a pesca con redes de deriva, publicada o 14 de maio de 2014 e que se debaterá nos próximos días.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2014.”

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA: Antes, tamén, de continuar co desenvolvemento da orde do día, comentar ás súas señorías unha alteración da orde do día por cuestións de axuste horario, de tal xeito que a continuación se substanciará o punto

de mocións, previo ao punto de comparencias. Polo tanto, continuamos co que sería o punto tres, de mocións.

Moitas grazas.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación con feitos obxecto de investigación xudicial

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados, constatamos que hai fobia ao Parlamento, sobre todo fobia a aqueles asuntos nos que algúns están directamente implicados e prefíren pór terra de por medio antes de asumir as súas responsabilidades, nin tan sequera dar a cara. Non parece que iso sexa o máis adecuado nun modelo democrático.

Agradézolle, señor vicepresidente, que reconsiderara ocupar o seu asento, quizais non se deu conta do que nos tocaba debater hoxe.

O noso grupo, só o noso grupo, ten presentadas 57 solicitudes de comparencia de distintos membros do Goberno, entre eles do seu presidente. Debo dicir que 18 foron atendidas, pero, ¿sabe como foron atendidas? Cando o Goberno solicita unha comparencia e pide acumular aquelas que solicitou o noso grupo. Peticións de comparencia directa solicitadas polo noso grupo: cero. E ás nosas hai que sumar as do resto da oposición.

O señor presidente nin unha soa, salvo que queira chamarlle comparencia a aquel remedo que no seu día, polo caso Marcial Dorado, foi acumular as tres preguntas que facían os grupos da oposición nun debate conxunto. E onte pariron os montes, e a señora conselleira de Traballo solicitou comparecer, e hoxe o Grupo Parlamentario Popular propúxoo para incorporar ao próximo pleno.

Tres anos despois de que dous traballadores dunha das empresas implicadas presentaran a denuncia; máis de dous e medio de que a propia consellería, segundo a súa versión, presentara denuncia; dous meses despois de que o director

xeral de Traballo e Economía Social presentara a súa dimisión –entre aspas– “*por asuntos personales*”, que despois, no pleno pasado, o señor presidente transformou en cese, porque o señor cometía irregularidades; e case un mes despois –quinze días exactamente despois– de que foran imputados, entre outros, este señor director xeral máis outros traballadores da propia consellería.

E por medio todo un sainete onde o protagonista principal é o Partido Popular, o Goberno de Galicia, o seu presidente, e con algúns extras que converten isto nunha especie de vodevil absurdo e que, desde logo, non contribúe para nada a dignificar as institucións.

Polo camiño temos un militante despechado, que se pregunta: “*¿por que me hacéis esto a mí?*”; unha persoa que di que actúa de “abreportas” –dío a mesma persoa–; unha trama con escoltas policiais –o xénero é amplo–; e despois hai un reparto amplo de secundarios, que non sabemos se ao final da serie van acabar converténdose en protagonistas ou non, porque aí están desde o señor Negreira ao señor Romay Beccaría, dona Ana Pastor, o Partido Popular e protagonistas varios.

E a señora Mato teño a impresión, porque ás veces o corpo amosa con moita máis claridade a linguaxe xestual que coñecemos todos que o que se expresa verbalmente, e, desde logo, a linguaxe xestual hoxe da señora Beatriz Mato non transmitía esta extraversión tan natural nela e daba a sensación de que máis que comparecer a petición propia vén aquí arrastrada polas circunstancias e incluso con imposición –sospeito– dalgún membro do Goberno con capacidade para facela vir. Porque, desde logo, a petición dos grupos e do Parlamento non parece que sexa motivo suficiente.

Nós presentamos unha moción na que pedimos cousas que en calquera país democrático case case podería dar pudor presentala. Porque nun país democrático o presidente da Xunta, que é acusado de cometer delitos publicamente por un militante do seu partido... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, home, ¿como que non? Hai un militante do Partido Popular que di que quen avisa das escoltas telefónicas da policía é o presidente da Xunta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Como que non? Iso é o que di nas declaracións o señor Gerardo Crespo, militante do Partido Popular. E se non demanden vostedes os

medios de comunicación, que trasladan mal, e son perversos, aquilo que dixo este señor; e iso está recollido. Polo tanto, ¿que queren que lles diga? ¿Non sería natural, razoable e politicamente correcto que o presidente da Xunta pedira comparecer para desmentir todos eses infundios? –porque dou por suposto que o son, porque se non tería que dimitir–, ¿non sería o natural? Pero o señor presidente nin comparece nin dá explicacións, e, polo tanto, dá por bo aquilo que se publica.

Pedimos tamén, e tamén eu teño certo pudor en pedilo: nun país democrático situado nesta zona do mundo calquera responsable político –e onte vimos un exemplo diso na Deputación de Lugo– pide comparecer voluntariamente inmediatamente despois de que se produza... Ao mellor tamén me vai negar vostede que o presidente da Deputación de Lugo pediu comparecer en pleno para dar explicacións do acontecido nestes últimos días nesa institución. ¡Oia!, a señora conselleira tardou tres anos, ¡eh! Nun país democrático sería razoable que inmediatamente despois de que aconteceran feitos –xa non digo– desta gravidade (*Murmurios.*) tivera que comparecer calquera membro do Goberno para dar explicacións. Porque á fin e ao cabo –xa o teño dito máis dunha vez– isto non é propiedade nin dun partido nin dun Goberno, simplemente os gobernos están por delegación dos cidadáns para administrar durante un tempo taxado os seus intereses. E, desde logo, nos intereses están os danos que se ocasionen ás institucións por asuntos tan desagradables como este.

E pedimos algo que nos parece de verdade que é para facelo ver. O noso grupo ten solicitado respostas por escrito, ten pedido información a través do artigo 9, ten pedido documentación, e ou non se entrega ou incluso cando se dá resposta faise dunha maneira tal que unha de dúas: ou se pensa desde o Goberno que o Parlamento é un estorbo que cómpre eliminar e que o Regulamento e as normas están para todo menos para obrigar o Goberno a cumprir con el, ou, desde logo, debe de pensar que os representantes dos cidadáns –xa o dixen o outro día– non damos un mínimo de intelixencia, porque hai respostas, das que nós temos protestado formalmente, por parte do Goberno galego que son un insulto á intelixencia.

Señorías, eu xa sei que non van aprobar vostedes isto, non o van aprobar. E, sen embargo, é unha obviedade por que

o que estamos pedindo é o que en calquera país democrático debería de facer o seu Goberno e os seus representantes públicos. Porque aquí estamos falando de todo un rosario de escándalos que están na prensa nacional, de casos de corrupción nos que sempre aparece o Partido Popular, e de maneira transversal sempre co seu financiamento, porque xa na interpelación o debatemos. Xa llo dixen, señor vicepresidente: a corrupción non é patrimonio de ninguén, e corruptos, corruptores e corruptelas houbos, hainas e haberaas; iso sempre vai depender da condición de cada un. Agora, na corrupción que envolve a todos estes casos hai sempre un fío condutor, que é unha parte da mordida: dise e aparece incluso nos informes da policía que é para financiar a un partido político.

O último caso é destes días, e volve poñer encima da mesa cantidades e cifras nunha organización provincial. E non o di nin esta deputada, nin este grupo, quen o di é un militante do Partido Popular...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: ...como no outro caso. Iso si, aquí en Ourense estiveron vostedes moito máis áxiles e cortaron de raíz toda posibilidade de corrupción: van expulsar o que denuncia isto e acabouse; morto o can, acabouse a rabia. Pero xa llo dixen o outro día: ou buscámoslle solución ou ao final a porquería acaba cheirando.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios. (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

O principal golpe á marca España leva o selo do caso Bárcenas, Gürtel, Nóos, Brugal, Pujol, tarxetas *black*, eres, operación Púnica e un longo etcétera de subornos e malversación de fondos públicos que escandalizaron a Comisión Europea. Voules ler o que o 2 de novembro recollía o *Financial Times*: “A corrupción e o malgasto floreceron gra-

zas ás redes escuras da influencia que conectaban os políticos cos banqueiros e homes de negocios, especialmente nas rexións de España. Foron intocables durante demasiado tempo grazas a un poder xudicial semipolitizado e ineficiente”. Esa é a imaxe de España no exterior.

As cifras da corrupción en España deixan máis de cento trinta e cinco casos de corrupción, 1.900 persoas imputadas, 170 condenadas na última lexislatura. En Galiza hai 157 imputados e 8 condenados; a maioría, sen embargo, non están en prisión xa que foron unicamente inhabilitados ou multados ou teñen recursos pendentes. Entre os cargos públicos notorios que están envoltos en casos de corrupción atopamos nomes como Rodrigo Rato, Narcis Serra, Magdalena Álvarez, Ángel Acebes, Jaume Matas –no Palma Arena–, a infanta Cristina, Iñaki Urdangarín, Luis Bárcenas, Sonia Castelo –no caso Brugal–, Carlos Fabra, Jordi Pujol... Un auténtico escándalo de corrupción política.

Grandes operacións tamén están abertas en Galiza, grandes operacións contra a corrupción: Pokémon, Carioca, Campeón, Orquesta, Patos, Pikachu, Zeta. A Coruña e Santiago de Compostela son un fervedoiro de cohecho, tráfico de influencias, branqueo e prevaricación, co seu ex alcalde e dez dos concelleiros do Partido Popular imputados; o primeiro tenente de alcalde da Coruña, Julio Flores, do Partido Popular, cos seus colaboradores e concelleiros tamén imputados.

Na operación Pokemon hai 85 imputados, 14 deles políticos; entre eles, Ángel Currás, Paula Prado ou o alcalde do Carballiño. A operación Pokemon, trama para captar subvencións ilegais para as empresas de Jorge Dorribo. Imputados: o director xeral e o subdirector de información especializada do Igape, dependente da Consellería de Economía da Xunta de Galicia.

Operación Carioca, 84 imputados, unha das tramas máis extensas da corrupción galega, que ademais se ve tamén entremezclada con delitos de proxenetismo, prostitución ou tráfico e violación dos dereitos humanos, cunha auténtica desprotección dos testigos.

Operación Orquesta, 26 políticos e funcionarios e empresarios da Costa da Morte. Os alcaldes de Mazaricos, Fisterra e Corcubión, unha rede de cobro de comisións.

Operación Patos, 5 detidos, entre eles o concelleiro de Vías e Obras de Nigrán, do Partido Popular.

Operación Zeta, ao redor de Gerardo Crespo, tamén implicados altos cargos do Partido Popular –e, como se dicía agora, incluso o propio presidente da Xunta de Galicia–: o ex director xeral de Traballo e Economía Social, o delegado de Benestar da Coruña, o ex xefe do Servizo de Emprego e Traballo. Ademais tamén se recollen –como xa dicía a voceira do Partido Socialista– referencias a outros cargos do Partido Popular como José Romay Beccaría e outros responsables da Consellería de Traballo e o alcalde da Coruña. A investigación policial remarca ademais o peso específico que tiña no Partido Popular o propio Crespo, o imputado. Por iso é fundamental profundar na transparencia.

Polo tanto, a nós gustaríanos que aquí se seguira o exemplo que nos deu Portugal, un exemplo de democracia dun ministro que dimite porque di que sendo inocente...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...o que quere é eliminar e evitar calquera consecuencia para o seu país. Creo que o Partido Popular debería facer o mesmo, que o presidente da Xunta debería presentar a súa dimisión e deberíanse convocar eleccións anticipadas para facerlle un favor a este país, envolto nunha auténtica trama de corrupción do Partido Popular.

Nós presentamos esta emenda á moción do Partido Socialista porque consideramos que hai algo que está aínda sen aclarar e é...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Martínez, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...–remato xa, presidenta– toda a información, resultado da investigación, sobre as causas que provocaron a desaparición dos contratos que poden relacionar a xestión do señor Núñez Feijóo á fronte do Sergas co seu amigo o narcotraficante Marcial Dorado.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, no último pleno debateuse a proposta de crear unha Comisión de investigación sobre o escándalo dos cursos de formación. Naquel debate preguntille, señoras e señores do Partido Popular, se non se dan conta de que están vostedes sobre un volcán, se non son conscientes da dimensión da indignación social ante os continuos casos de corrupción, e lembráballes, naquel debate, que á sociedade xa non lle abonda con boas palabras, porque se as boas palabras non van acompañadas de feitos a sociedade chegará á conclusión de que o único que se fai é un puro xogo de aparencias, mentres na práctica mírase para outro lado ante os continuos casos de corrupción.

E por desgraza ese é o comportamento do señor Feijóo, do presidente da Xunta de Galiza. E poño un exemplo: no debate de política xeral o señor Feijóo propuxo distintas medidas para loitar contra a corrupción, unha delas que houbera un pacto entre as forzas políticas en Galiza para suprimir as doazóns de empresas e de particulares aos partidos políticos. Pero mentres propón este pacto resulta que no sumario da operación Zeta se fala de presuntas doazóns ilegais de Azetnet ao Partido Popular de Galiza, e hai só uns días coñecemos que, segundo o ex xerente do Partido Popular en Ourense, todos no partido sabían da existencia dunha caixa B, que se nutría a base de doazóns ilegais. E ante estes feitos o presidente da Xunta e do Partido Popular négase a dar explicacións, a non ser que se entenda neste último caso que citei por dar explicacións dicir que o Partido Popular de Galicia non controlaba a contabilidade do Partido Popular de Ourense, é dicir, admitir que este se estaba inhibindo da súa obriga legal. Ante todos estes casos négase a que se constituía neste Parlamento unha comisión de investigación.

O argumento do novo voceiro do Partido Popular de Galicia naquel debate para xustificar a oposición do Grupo Popular a que se crease a comisión foi practicamente surrealista. Argumentou que non había que politizar, o voceiro dun partido político, porque se non me confundo o Partido

Popular é un partido político; desde logo, por todo o que imos sabendo, non parece unha asociación de beneficencia. E utiliza este argumento nun Parlamento, que, que eu saiba, é unha institución política, e esgrime como grande argumento para opoñerse a que o Parlamento investigue que non se pode politizar. Agora, iso si, exixir que en Andalucía se cree unha comisión de investigación polo escándalo dos eres non é politizar. Iso é un exemplo de política de transparencia.

Ben, e négase, ademais, o señor presidente da Xunta a comparecer ante esta Cámara, porque comparecer, que eu saiba, non é cumprir coa obriga parlamentaria de estar presente nas sesións de control ao Goberno, ¡só faltaría que non o fíxese! Ademais digo “estar presente nas sesións de control ao Goberno”, porque cando responda realmente nesta sesión de control ao que se lle pregunta, comprométome aquí a invitalos a todos e a todas vostedes a unhas cañas.

Feitos como este demostran que o único que se fai é un xogo de aparencias na loita contra a corrupción. Como tamén forma parte dun xogo de aparencias escudarse na desimputación dun único señor para non dar explicacións ante a nómina interminábel de cargos públicos do Partido Popular de Galicia que seguen imputados, ou escudarse tamén na existencia dun proceso xudicial en curso para xustificar que non se asuman e depuren responsabilidades no ámbito político. Porque, como argumentei naquel debate, vostedes seguen sen comprender que unha cousa son as responsabilidades penais e outra son as responsabilidades políticas. Pode haber feitos que non constitúan un ilícito penal, pero que sexan total e absolutamente reprobábeis, inadmisíbeis no ámbito político, que sexan total e absolutamente incompatíbeis co servizo público.

Miren, e non o digo eu nada máis en representación do BNG, non o di só o BNG, díxoo estes días o fiscal superior de Xustiza de Galiza: a presunción de decencia debe presidir os comportamentos...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...na esfera política, sen parapetarse tras o dereito de presunción de inocencia. Isto foi o que dixó.

Por estas razóns votaremos a favor desta moción.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra a señora Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Boas tardes a todos e a todas.

Señora Soneira, dende a Alternativa Galega de Esquerda imos apoiar esta moción nas tres propostas que se formulan na mesma, sobre todo no que atinxe as primeiras peticións que vostedes formulan. Efectivamente, nós si que cremos, e agradecemos que a señora conselleira compareza, aínda que nós cremos, señor Rueda, que non comparece *motu proprio*, pero está claro que semella que comparece para evitar ou para tapar a comparecencia necesaria, inescusable do señor presidente da Xunta de Galicia.

Efectivamente, estamos diante dunha auténtica trama, dunha trama de corrupción, dunha trama na que semella, con carácter presunto, que se estaban a saquear os recursos dos traballadores e traballadoras deste país para facer actuacións que son bastante cuestionables nunha democracia.

En primeiro lugar, dende logo, o presidente da Xunta de Galicia, señor Rueda, e cremos que é unha temática seria, debería de comparecer para esclarecer se o que nace dese sumario respecto do presunto financiamento irregular do Partido Popular é tal. Debería de comparecer tamén para explicarnos se realmente houbo –como se di– adxudicacións a dedo por parte de altos cargos da Xunta de Galicia. Deberían de explicarnos, señor conselleiro, por que houbo dimisións fulminantes no núcleo, na proximidade da conselleira de Traballo e tamén nas cercanías, señor Rueda, da presidencia da Xunta de Galicia.

Nós, insistimos, non nos interesan nada as relacións persoais do presidente da Xunta de Galicia, si que nos interesan se as relacións persoais da presidencia da Xunta de Galicia teñen consecuencias públicas; é dicir, se a amizade do señor Pachi Lucas serviu para ser un seguidor ou non. E ademais non o queremos facer, señor Rueda, depurando responsabilidades xurídicas, querémolo facer para depurar responsabilidades políticas.

Efectivamente, o señor Feijóo na sesión de control pasada a esta voceira díxolle un elenco de medidas que pretendía cara á corrupción: a primeira delas, un pacto entre as forzas políticas. O problema, señor Rueda, é que para chegarmos a un pacto entre as formas e as forzas políticas, o primeiro é limpar a casa dun, señor Rueda, o primeiro sería que o Partido Popular fora exemplar. E para ser exemplar e sen facer xuizos dos tribunais, senón xuizos de responsabilidades políticas, sería, sen lugar a dúbidas, que todos os cargos públicos do partido que sexa que estean imputados deben de saír da esfera pública, como nós facemos, señor Rueda, como nós facemos. Os imputados e as imputadas deben de estar fóra da esfera pública. ¿Para que? Para rexenerar a vida política.

En segundo lugar, señor Rueda, o que nos gustaría é que se vostedes comparten que a corrupción é un severo problema que ataca a democracia, empecemos a cambiar as cousas, empecemos a atacar a raíz dos problemas. A raíz dos problemas, e estano a dicir expertos máis que cualificados, está na Lei de contratos do sector público. A raíz dos problemas, que é o *modus operandi* a diario dunha parte substancial da Xunta de Galicia, é que se están adjudicando os contratos con negociados sen publicidade, señor Rueda. A raíz dos problemas é que non hai transparencia, e nós mesmos no día de hoxe –volvo dicir– o orzamento de Amtega, unha partida grosa de 43 millóns de euros, non somos quen de saber o que está a pasar. A raíz dos problemas, señor Rueda, é que están saqueando o público e á mesma vez están perseguindo os desempregados...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...no noso país.

Por tanto, señor Rueda, o coherente, o digno sería que o presidente da Xunta de Galicia comparecera para esclarecer o que está pasando nesa trama corrupta, que non soamente se atisba que sexa grave para o país, senón que mesmo vai poñer en xaque a propia democracia en Galicia. (*Applausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señora presidenta.

A verdade é que algunhas das intervencións que vimos de escoitar nos recordan a aqueles *dos minutos del odio* que tan ben retrataba o escritor George Orwell en 1984. *Dos minutos del odio* do Estado totalitario de Oceanía, unha ditadura do proletariado similar á que algúns membros deste Parlamento, dalgúns grupos, reclaman tamén para Galicia. Un réxime sen separación de poderes, sen dereitos de ningún tipo, onde a policía do pensamento, ese Ministerio de la Verdad, tan ben encarnado nalgúns dos grupos da oposición, extermina da nosa lexislación conceptos tan básicos como a presunción de inocencia ou a tutela xudicial efectiva, cun único obxectivo: sacar tallada política. Vostedes queren substituír a xustiza independente simplemente polas purgas. Esa é a realidade.

Señorías, logo destes *Dos minutos del odio*, nós falaremos de feitos, de feitos concretos: que foi este Goberno, o da Xunta de Galicia, e non outro, quen introduciu mecanismos de control nos cursos de formación; que foi este Goberno, e non outro, quen incrementou a plantilla de persoal destinada á inspección; que foi este Goberno, e non outro, quen inspeccionou todas esas empresas que están sendo investigadas. E que a Xunta, polo tanto, actuou, que a Xunta foi quen denunciou ante a Fiscalía estes feitos en marzo de 2012, cando vostedes non facían absolutamente nada. E que, polo tanto, foi este Goberno quen tivo a iniciativa de denunciar ante a Fiscalía posibles irregularidades en cinco entidades vinculadas á formación. Polo tanto, neste caso, a Xunta é a denunciante e non a denunciada.

O xulgado da Coruña non está a investigar a adjudicación ou a concesión dos cursos por parte da Administración. O xulgado da Coruña o que está a investigar é a execución e a xustificación dos ditos cursos por parte das empresas. As investigadas son as empresas adjudicatarias, non a Xunta de Galicia. Por iso o caso dos cursos nada ten que ver co rexistro realizado nas dependencias da Presidencia da Deputación de Lugo o pasado venres. A verdade é que hoxe, grazas a esa comparecencia magnífica do presidente da Deputación de Lugo, coñeciamos que o que se investiga son prevarización, tráfico de influencias e malversación. Neste caso, o investigado é o propio Goberno provincial; neste caso, a policía rexistrou durante once horas a Deputación Provincial de Lugo. E ten razón dende o Bloque Nacionalista Galego: non só a Presidencia, tamén a Vicepresidencia gobernada polo Bloque Nacionalista Galego.

Repito: o investigado en Lugo é o goberno de Besteiro, colaboradores ben cercanos; no caso dos cursos da Xunta, a Xunta é a denunciante, non a denunciada. Iso é o único certo.

A Xunta amosou sempre colaboración plena coa xustiza dende o primeiro momento, e por iso a Xunta tense personado no caso dos cursos. O presidente da Xunta xa deu todas as explicacións posibles neste foro, no Parlamento de Galicia; fíxoo nos últimos dous plenos, respondendo ás seis preguntas da oposición, a seis preguntas e a seis réplicas en cada un dos plenos. Fíxoo tamén a conselleira de Traballo –sei que se rin no Partido Socialista, váiselles quitar a graza–, fíxoo en dous plenos. E tamén o fixo a conselleira de Traballo e Benestar comparecendo nunha interpelación e respondendo a preguntas da oposición, e vai comparecer novamente no pleno do próximo martes.

A Xunta deu explicacións sen paripés, como se fixo hoxe na Deputación de Lugo. ¡Vaia exemplo de transparencia o do señor Besteiro!, que hoxe non compareceu no pleno da Deputación de Lugo, hoxe fixo un monólogo sen permitir falar á oposición. ¡Iso si que é transparencia, da que pode, dende logo, presumir este grupo parlamentario! Vostedes, dende logo, estarán moi satisfeitos.

Eu teño a sensación, señora Soneira, de que a esta oposición todo lle cheira e nada lle ole. Piden vostedes moitas explicacións e aínda non foron quen de dar vostedes ningunha sobre os casos que a vostedes tanto os afectan. Esquecen que teñen imputado o alcalde de Ourense, esquecen a Deputación e o alcalde de Lugo, non recordan que as contas do Partido Socialista na Coruña, en Santiago e en Ourense foron reclamadas por ese mesmo xulgado que tamén se refire ao Partido Popular de Ourense. Pois, polo tanto, aplique vostede a presunción de inocencia para todos, porque nós temos a sensación de que a vostedes todo lles cheira e nada lles ole.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señor Jorquera, vostedes na Deputación de Lugo encobren o señor Besteiro, para o que nós reclamamos e defendemos tamén a presunción de inocencia, esa que vostedes lles negan a todos os demais. Lástima que non aproveitara esa intervención para aclarar

que pasou con eses 6.000 euros, que iso non é que alguén fale, que diga, que outro, que tal, non, non, eses apareceron nas contas do Bloque Nacionalista Galego na Coruña. Polo tanto, lástima que vostedes desaproveitasen a ocasión para dar esas explicacións. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Tellado, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Sobre as respostas do Goberno. Eu o que podó dicirles é que a preguntas ao Goberno cando gobernaba o bipartito responderon 13.000 preguntas entre orais e escritas; agora, gobernando o Partido Popular, na sétima lexislatura, do 2009 ao 2012, 38.500 fronte ás ...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Tellado, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...13.000 do Partido Socialista.

Vostedes queren converter a política galega nunha lameira, e nós, dende logo, non imos colaborar nesa estratexia.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Transparencia, toda; Colaboración coa xustiza, sen lugar a dúbidas, pero os xuízos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...sumarísimos, e utilización política, en ningún caso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo autor da moción.

Desde o escano, señora Soneira. (*Murmurios.*) Déanlle voz ao escano da señora Soneira. Por favor, prego silencio.

A señora SONEIRA TAJES: Perdón, señora presidenta...

A señora PRESIDENTA: Perdón, ten a palabra a señora Soneira... (*O señor Fajardo Recousó pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Fajardo. Señor Fajardo, non ten a palabra, pero si ten unha chamada á orde.

Señora Soneira, ten vostede a palabra.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señora presidenta.

Empezarei por agradecer aos grupos que van apoiar esta moción e dicirlle ao Grupo Mixto que o que eles propoñen está implícito e explícito no terceiro punto, que é incluso máis amplo. Nós pedimos que nos pasen información absolutamente sobre todo, e dos artigos 9, entre os que están tamén todos os contratos do Sergas aos que fai referencia esta iniciativa. Polo tanto, consideramos que está metido nese punto.

E despois unha cuestión, señor Tellado. Eu só coñecín na miña vida un Estado totalitario que tivera influencia sobre min –quero dicir–, chamouse franquismo, corenta anos. Neste lado creo que non hai ningún herdeiro daquilo e non quero entrar en máis cousas, ¿vale? Non quero entrar en máis cousas e aí o deixamos. (*Murmurios.*)

A min o que máis me enfastía –xa o teño dito en máis dunha ocasión– é que insulten a miña intelixencia. E eu, ¡home!, moito non darei, pero o normal douno, non me canso de repetilo, e coma min o 99 % dos cidadáns galegos. E, polo tanto, insúltase a miña intelixencia cando o señor alcalde da Coruña di que as contas do Partido Popular están auditadas. ¿Que pasa?, ¿que o Partido Popular ten unha auditoría especial para a caixa B que denuncian militantes do Partido Popular e destacados responsables na súa organización? Acábano de dicir en Ourense, díxoo o señor Pablo Crespo, e aquí o señor Gerardo Crespo di que destes cursos saían cando menos 15.000 euros para financiar o Partido Popular, non sei se o de Galicia, se o da Coruña... Tampouco sei se nese lío está a quen quería poñer o señor Negreira de delegado do Goberno, e despois o señor Feijóo puxo a outro, non o sei, non o sei. ¿Entende?

E o señor presidente contribúe á confusión cando non comparece. Porque iso que di vostede de que o señor presidente comparece na Cámara, son preguntas que lle fai a oposición, que ten a obriga de vir, que, por certo, nunca contesta ao que se lle pregunta, senón o que se lle pide é que veña a dar contas (*Murmurios.*) e que compareza...,

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: ...como establece o Regulamento, de feitos que son gravísimos.

Mire, eu, desde logo, respecto a presunción de inocencia. Fíese, si, pero con todo isto que fan vostedes e con isto de agochar a cabeza debaixo da ala e fuxir dos problemas, iso fai que empece a sospeitar de que aquí hai moito máis incluso do que aparece nas declaracións do señor Gerardo Crespo. Porque cando temos un presidente que anda por España enteira dándolles leccións aos demais de ética e el é incapaz de desmentir aquí acusacións tan graves, algo está pasando, señor Tellado, e xa o veremos en días futuros.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas débedas das comunidades de montes con consorcios e/ou convenios

A señora PRESIDENTA: A esta moción non se presentaron emendas e para formulala ten a palabra a señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados.

Á vista do debate que mantivemos aquí na anterior sesión plenaria coa conselleira do Medio Rural en relación coas comunidades de montes veciñais en man común, por desgraza, case é preciso volver remarcar unha vez máis neste Parlamento a singularidade que representan os montes veciñais en man común. Singularidade, porque é unha forma de pertenza que practicamente só pervive en Galiza e no norte de Portugal, de orixe xermánica, e que é singular precisamente por iso.

En primeiro lugar, pola súa titularidade. Titularidade que non é pública nin privada, é comunal, de todos os veciños e veciñas que conforman unha comunidade parroquial á que está adscrita esa comunidade de montes. Non ten, polo tanto,

as características dunha propiedade privada tal e como establece a propia lei que regula as comunidades de montes veciñais en man común.

Tamén teñen un carácter singular polas funcións que cumpren, tal e como establece a propia lei: funcións de tipo social, funcións de tipo demográfico, xa que serían instrumentos esenciais para manter traballo e, polo tanto, poboación no medio rural, e tamén, sen ningún lugar a dúbidas, funcións de tipo ambiental e territorial, na medida en que de actuarmos sobre eses case 700.000 hectáreas de montes veciñais que temos no noso país estaríamos actuando sobre unha cuarta parte do noso territorio, previndo incendios e a súa degradación ambiental.

E, finalmente, son singulares tamén pola súa extensión. Estamos nun país no que a propiedade privada media dos montes non chega á media hectárea, e estamos falando de montes veciñais en man común que teñen unha media de 250 hectáreas de superficie.

Por iso, señoras e señores deputados, as comunidades de montes sempre foron obxecto de cobiza neste país. Foron obxecto de cobiza durante o franquismo por parte dos intereses forestais que defendía o franquismo, e por iso lles foron espoliados aos seus propietarios. E en Galiza foi nomeadamente para permitir o asentamento dunha industria tan lucrativa para o noso país, e que tivo tantos beneficios ambientais, como todos e todas coñecemos, como é Ence-Elnosa. Pero tamén foi obxecto de cobiza unha vez que se lles devolveron –unha vez que se recuperou esta pseudodemocracia– aos seus lexítimos propietarios, ás persoas que viven nas parroquias.

E agora seguen sendo obxecto de cobiza por parte de diferentes poderes tanto públicos como fácticos. Son obxecto de cobiza por parte do fisco español, porque lles manteñen un réxime tributario absolutamente aberrante e que nada ten que ver coa súa natureza xurídica nin coas funcións sociais que cumpren. A ninguén, desde logo, se lle ocorre que unha propiedade deste tipo e coas funcións que cumpre, con como reinvesten en infraestruturas e en todo tipo de servizos nas parroquias teña que tributar no imposto de sociedades. Iso si, os que teñen carteros de verdade teñen a sicav para non teren que tributar.

Pero tamén son obxecto de cobiza precisamente por esa característica de teren unha media de 250 hectáreas de

superficie por parte das empresas que se dedican ás plantacións forestais masivas, sen importar que tipo de calidades, senón que simplemente aspiran a un crecemento rápido das especies.

E eses son os intereses que está defendendo a Xunta de Galiza a través da Lei de montes. A Xunta de Galiza actúa e fixo unha Lei de montes practicamente coa única finalidade de actuar en nome e representación das grandes empresas do sector forestal, e neste caso para espoliar –si, señor, e vou seguir utilizando este verbo–, para privatizar o uso dos montes. Porque hoxe os montes comunais non son privados, –insisto– son de propiedade da veciñanza, propiedade colectiva dos veciños e das veciñas; o que pasa é que o Partido Popular isto do colectivo lévao bastante mal. A través da Lei de montes impóñenselles aos montes veciñais en man común unha serie de obrigas de carácter extraordinario que non ten ninguén máis. A pesar de que, por un lado, son considerados como empresas e teñen que tributar no imposto de sociedades, sen embargo, para efectos da Lei de montes non son considerados como empresas e obrígaselles a reinvestir no monte a totalidade dos seus ingresos. ¿A Finmsa e a Ence tamén se lles obriga a reinvestir no monte? Non, creo que non, paréceme recordar que non, que só é ás comunidades de montes veciñais en man común.

Obrígaselles a que nos deslindes se maten entre elas ou entre eles e outros propietarios forestais para facer os deslindes, a Xunta desenténdese. Obrígaselles a facer proxectos de ordenación se é que queren facer un aproveitamento multidisciplinar ou multifuncional do seu monte. Porque no fondo esta Xunta, este Goberno ten moito en contra de que se fagan outros usos do monte que non sexan os exclusivamente de sementar –e digo “sementar” porque aquí non se planta, seméntanse– eucaliptos para que medren o máis rapidamente posíbel para poder queimalos canto antes. Dá igual se os queima alguén poñéndolles un chisqueiro ou se os queimamos a través doutros métodos.

E, finalmente, tamén se discriminan as comunidades de montes a través dos recortes do financiamento.

Pero, finalmente, estamos ante a disposición transitoria novena, na que a Xunta, que ten uns contratos ou uns consorcios subscritos coas comunidades de montes, que dixo aquí o outro día a señora conselleira que eran unha relación

contractual de carácter privado e que había que cumprir polo tanto o contrato, pero quen incumpre é a Administración, porque a Administración a través dunha lei decide unilateralmente rescindir o contrato e todas as súas condicións. ¡Ah!, pero é que ata onde eu sei, se eu teño un contrato con calquera de vostedes e o rescindo, o que falte por pagar teño que pagalo eu, se son eu a que o rescinde unilateralmente. ¡Ah, non! Aquí non, a Xunta rescinde unilateralmente pero quen paga son as comunidades de montes. Coa ameaza de que se non pagan, e aquí está a nai do año da Lei de montes e a nai do año do espolio, da privatización e do roubo dos montes veciñais aos seus verdadeiros propietarios, que son as persoas que viven nas aldeas, teñen obriga de facer un contrato de xestión pública. E insisto, señoras e señores do Partido Popular: convídoos a que lean o artigo 121 da Lei de montes. Aínda que se chame “Contrato de xestión pública” é un contrato de xestión cunha empresa privada das que se dedican á xestión forestal.

E todo isto, señoras e señores do Partido Popular, cunha falta total e absoluta de transparencia, porque quen cobra ademais é quen marca o que ten que cobrar. Non hai nin sequera un intento de poñerse de acordo cos supostos debedores para establecer cal é a débeda. A Xunta, unilateralmente, decide canto ten que pagar cada comunidade de montes, con erros claros de anotacións. Iso si, os erros sempre son en contra das comunidades de montes. Non hai acceso, non se lles dá acceso, aínda que pareza mentira no día de hoxe, aos expedientes administrativos, algo desde logo nunca visto. Iso si, aquí traemos corenta leis –xa se foi o señor Rueda– para axilizar, modernizar e non sei cantas cousas da Administración pública galega. Con asentamentos contábeis mal feitos e que, en todo caso, en moitas ocasións se se fixera ben o que daría como balance é que as débedas son ao revés, que quen debe cartos é a Administración aos comuneiros e non os comuneiros á Administración. Porque non esquezan que en función deses consorcios cando se subhasta a madeira dos montes consorciados e conveniados o 40 % ou o 30 % deses cartos van directamente ao erario público.

Iso si, hai que dicir que aquí en toda a historia, señoras...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...e señores do Partido Popular, deste país os únicos que fixeron unha relación de gastos e

ingresos en montes veciñais en man común foi entre o ano 2005 e 2008. Non digo máis nada. É o único período da historia na que se sabe realmente cantos consorcios e convenios había, canto custaban, canto gañabamos a conta disto.

E que temos razón en contra do que dixo o outro día a señora conselleira neste pleno e que teñen razón as comunidades que están na rúa pedindo que se lles respecte a súa propiedade e que non se lles roube, está, señor Puy, en que vostedes presentaron unha emenda ao articulado da Lei de orzamentos na que pretenden –cousa bastante pintoresca– modificar a Lei de montes. E vostedes recoñecen que isto é un roubo e o único que fan coa súa emenda é aprazar o roubo dous anos máis. (*Murmurios.*) Claro, porque ¿así que conseguimos?

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Paz, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Que pasen as eleccións municipais, que pasen as eleccións xerais e, cun pouco de sorte, que pasen tamén as eleccións autonómicas.

Pero, mire...,

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...a xente, incluso a das aldeas, cada vez élle menos tonta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Intervención dos grupos parlamentarios.

Señora Martínez, Grupo Mixto.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Nós imos dar o noso apoio a esta moción, porque cremos que é de xustiza.

Os montes veciñais en man común ocupan un terzo do territorio de Galiza, están xestionados democraticamente por unhas tres mil comunidades, que reúnen aproximadamente 250.000 veciños e veciñas comuneiros.

O monte veciñal é unha seña de identidade propia de Galiza que só existe en Galiza e no norte de Portugal. Na etapa franquista o monte veciñal foilles roubado aos seus lexítimos propietarios, os veciños e as veciñas comuneiros, para ser entregado ás administracións públicas. Xa no posfranquismo procedeuse á devolución, pero nalgúns casos esta devolución foi incompleta, aparecendo os consorcios e os convenios. Polo tanto, estas figuras son o resultado dun roubo que non se devolveu. Outra vez máis unha das moitas inxustizas que non fomos capaces de xestionar nin de aclarar nin de resolver con respecto ao franquismo.

A Administración forestal nunca presentou as contas claras aos comuneiros, e agora que as presenta, evidentemente, o que dá é que os comuneiros deben diñeiro, non podía ser doutra maneira. A Lei de montes do Estado de todas formas permite a condonación das débedas dos montes conveniados ou consorciados. Esa é unha figura que a Xunta pode utilizar pero que non está dispoñible, porque o que ten é unha auténtica campaña para roubar o monte veciñal. E para rouballo baséase en dúas estratexias diferenciadas: unha, para aplicar aos montes veciñais consorciados, (*Murmurios*.) ameazándoos...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...con que se non pagan as débedas, falsas e inxustas, posto que o monte é deles e non se lles pode pedir nada, pasarán obrigatoriamente a ser xestionados por empresas forestais privadas; e outra para aqueles montes xestionados libremente pola veciñanza comunitaria, impedíndolle pór en valor as súas terras comunitarias, para que así se miren abocados a ceder a súa cesión a empresas privadas.

Para iso, para poder impedir que aproveiten o monte os comuneiros, aplican unha inxusta fiscalidade ás comunidades de montes, deixan de facer os deslindes dos montes –como xa dixo a voceira do BNG– e non consideran os titulares das terras comunitarias como os principais beneficiarios das axudas destinadas aos montes, e si consideran beneficiarios as empresas forestais e a propia Administración.

O interese da Xunta na xestión privada a verdade é que é alarmante neste momento, sobre todo porque coincide coa súa aposta pola biomasa, o que dá a temer que igual a tenta-

ción da Xunta é dedicar o monte galego a especies de rápido crecemento e de baixo valor para aproveitar para a biomasa. Esperemos que non, que non sexan vostedes tan inconscientes como para chegar a este extremo de degradación política e de degradación do noso medio ambiente e do noso monte.

En contra desta medida houbo unha manifestación o sábado 22 e o pobo de Galicia –igual que antes falabamos de que pide que non se empregue o cianuro na minería, que non se permitan as minas a ceo aberto– pide que se conserve o monte, que se preserve o monte e que se preserve tamén a súa xestión polas comunidades de montes.

Os montes veciñais privatizados deixarán de investir parte dos seus ingresos nas obras sociais e comunitarias que levan facendo durante toda a súa existencia, e o mesmo poderíamos dicir dos investimentos das comunidades de montes, e de manter a nosa manifestación cultural e deportiva, pois bandas de música, grupos de baile, gaitas e grupos de teatro son sustentados e apoiados desde as comunidades de montes.

Os montes veciñais en man común son de todos e de todas as galegas, porque son unha seña de identidade da nosa nación, porque son outra forma de fuxir que temos os galegos e as galegas. Por iso, o principal defensor dos montes en man común debería de ser o Goberno galego en defensa da nosa cultura.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra don Antón Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, a situación actual da relación entre a Xunta e as comunidades de montes e os conflitos existentes demostran ao noso modo de ver a falta de vontade de diálogo da Xunta de Galicia, a falta de intentar comprender esa realidade e a falta de compartir a realidade da propiedade comunal como unha propiedade diferente, que non é nin pública nin privada.

Nós cremos que o Goberno da Xunta non fala nin dialoga porque aplica a doutrina sobre o consenso que aplican aquí no Parlamento, que é: hai consenso se se acepta punto por

punto o que diga a Xunta de Galicia e o que diga o Partido Popular. E cremos que non queren entender ou non entenden unha figura que non é pública nin privada porque non se adapta ben ao sistema capitalista, non monetariza todos os seus beneficios. O sistema capitalista non encaixa ben na figura dos montes veciñais en man común, porque estes proveñen de moitas cuestións que benefician as persoas, pero que non se traducen en diñeiro. Non o entenden, e non teñen vontade de apoiar políticas para os montes veciñais en man común, pero que respecten a súa natureza comunal.

Sempre nos debates sobre os lumes aluden á propiedade privada e á estrutura da propiedade do monte como un dos problemas para combater os incendios. Pero non din que son 600.000 hectáreas concentradas e que se xestionan comunalmente, e sobre as que nestes últimos trinta anos non houbo políticas de potenciación, non houbo políticas de desenvolvemento destas comunidades veciñais en montes de man común. Vostedes non fixeron políticas porque están esperando que vaian esmorecendo, que vaian morrendo, evidentemente porque teñen a idea de que a terra ten que ser negocio, e a terra ten que ser tamén sustento da vida das persoas e non sempre se traduce en diñeiro.

A aplicación, polo tanto, da disposición transitoria novena da Lei de montes está tendo problemas de aplicación polo que aquí xa se dixo, e non se xustifican esas débedas que se reclaman, non se xustifican correctamente problemas legais aos que aquí se aludiron, pero, sobre todo, é unha vía de entrada para a xestión privada destes montes. É evidente que as comunidades de montes e o seu funcionamento dependen da vitalidade que hai no rural, que é a vitalidade que hai nesas comunidades de montes. E o abandono do rural á súa vez axuda a que pouco a pouco a Administración vaia recollendo, e esta Administración que vai recollendo o que quere é que a xestión pase a ser privada. Polo tanto, esta disposición transitoria si que é unha vía de entrada ao negocio das empresas; contrato de xestión pública, pero contrato de xestión pública que pode pasar a ser subcontratado a unha empresa privada.

Polo tanto, os montes veciñais en man común cuxa desarticulación durante o franquismo, e que despois non se resolveu, axudou e contribuíu de xeito moi importante ao abandono do rural, porque había moita xente que se axudaba da propiedade comunal para vivir, para ter sustento, que

non tiña propiedades de seu, pois tivo que emigrar, e en parte tamén isto contribuíu. E son hoxe en día aínda unha realidade que podería servir para axudar a fixar poboación no rural, porque pode servir de sustento e complemento para a vida das persoas nas aldeas, enerxía, alimento, lecer, etc.

Estas políticas de fomento pasan, primeiro, por comprender que os montes veciñais en man común axudan a corresponsabilizar a xente do desenvolvemento dos seus lugares e do desenvolvemento do seu país, a tecer relacións de solidariedade entre os veciños, a practicar a democracia directa. Agora hai xente, incluso libros, que comparan os montes veciñais en man común de Galicia co que son as redes que están creando software libre, porque son redes descentralizadas, organizacións comunitarias para a administración do ben común, que “son desexables e eficaces”, din textualmente. Os montes veciñais en man común teñen que ser unha boa noticia e non un estorbo como parece que son para o Partido Popular e para o Goberno da Xunta, pero hai que empezar por entendela e por respectalos. Polo de agora, nin os entenden nin o respectan, e por iso queren que pouco a pouco vaian pasando ás mans das empresas para facer negocio. Pero estas empresas non son as que axudan a fixar poboación no rural, non son as que axudarán a que o rural teña futuro, non son as que axudarán a que deixe de haber unha Galicia de dúas velocidades, senón que son as que agravarán os problemas que estamos sufrindo.

Para finalizar, dicir que a pesar de todo as organizacións de montes veciñais en man común están dando un exemplo de resistencia, de resistencia desde hai moitos anos, resistindo o ataque e a codicia destes intereses, e o berro, coma sempre, de “O monte é noso”.

A señora PRESIDENTA: Remate por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Máis nada e moitas grazas.
(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Socialista, ten a palabra don Pablo García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Vaia por diante o noso apoio a esta moción, porque ademais é un tema que xa temos debatido e do que temos fala-

do moito tanto aquí en pleno como en comisión; tamén é verdade que sempre co mesmo resultado, como en case todas as iniciativas.

Eu creo que xa a compañeira deputada, a señora Paz, deu datos. Se partimos deses datos, se partimos de que un de cada catro galegos –por increíble que pareza– é propietario forestal, que temos máis de 600.000 –bueno, dependendo da fonte–, pero en todo caso moitísimas, fálase de máis de 600.000 hectáreas de monte improdutivo, e ademais inmediatamente despois de cando damos eses datos –e o señor Feijóo tamén o soe utilizar–, inmediatamente aludimos ao minifundismo, á dispersión dos propietarios, ás dificultades que temos para a agrupación deses propietarios, aí é onde se debería por lóxica centrar o traballo da Xunta, aí é onde en teoría temos o problema, aí é onde está a dificultade para que o sector se desenvolva.

Pois non, ¿que fai a Xunta de Galicia? Pois daquelas 650-670 –depende dos datos que dicía a señora Paz– que temos concentradas, que teñen unha media de máis de 237 hectáreas, e, polo tanto, ¿canto custa?, ¿canto nos custa –alí onde se fixo, nos poucos casos que se fixo– xuntar 600 hectáreas de montes particulares?, ¿canto diñeiro público temos que investir para poder lograr unha unidade de 600 hectáreas de monte para poñela a producir e aproveitar? Inxentes cantidades de diñeiro público, moitísimo. E alí onde a temos xunta, e, polo tanto, deberíamos ir da man dos propietarios, da man dos comuneiros, da man de quen son os que van desenvolver iso, pois imos en contra.

E, efectivamente, o 80 % deses montes comunais está conveniado, ou teñen un convenio ou un contrato, coa Xunta de Galicia, polo menos nun 60 % do seu territorio. E con base nunha disposición de Lei de montes, que agora se prórroga dous anos a través da lei de acompañamento dos orzamentos... Eu creo que temos que suprimir os plenos, señora presidenta, e cinguirnos única e exclusivamente o ano á Lei de orzamentos, e todo o que sexa vai aí. Eu non quero pensar tamén na dignidade da propia conselleira do Medio Rural cando unha semana antes vén aquí defendendo que, efectivamente, había que aplicar ese artigo a rajatabla e tres días despois aparece unha emenda do Partido Popular dicindo que hai que prorrogar eses anos, aprazar ese problema. Tamén é verdade, porque a alternativa que lle daban, que era facer eses

plans de desenvolvemento, tardaron dous anos en sacar o decreto. É dicir, estábanlles pedindo ás comunidades que fixeran algo e non tiñan o decreto sacado para poderen facelo.

E a propia lei estatal permite, efectivamente, que é o que reclaman as comunidades de montes, e non o reclaman por unha cuestión de amnistía, nin por unha cuestión ideolóxica –como ben dixo a señora Paz–, reclámanlo porque esas contas e esa rescisión unilateral por parte da Xunta de Galicia deses contratos e deses convenios non están clarificadas. Non está tan clarificado que nin ela, nin a conselleira, nin o secretario xeral, nin ningún responsable da consellería son capaces de dicirnos canto debemos. En teoría, segundo as contas deles, ¿canto se debe?, ¿canto é o que en teoría esas contas din que se debe? Non existe. Como ben dixo aquí a señora Paz, é que nin sequera moitas comunidades de montes teñen acceso a eses expedientes, a esas contas, e cando logran ou teñen acceso pois hai irregularidades, hai anotacións mal feitas...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...hai anotacións feitas en papel, a lapis, soltas; é dicir, non son rigorosas.

E en todo caso a pregunta é: se había un contrato e un convenio coa Xunta de Galicia, e ese monte xerou débedas e hai unhas débedas, ¿que responsabilidade ten a Xunta, que era a que xestionaba mediante ese contrato? ¿Que está dicindo a Xunta de Galicia?, ¿que é incapaz de xestionar e, polo tanto, por iso ten que xestionar unha empresa privada e por iso as comunidades de montes téñenllo que entregar a unha empresa privada? ¿Que foi o que fixo a Xunta de Galicia, que era a encargada con base nese contrato de xestionar? E pretenden que agora se asuma.

Nós cremos que, efectivamente, o Partido Popular acaba de aprazar o problema dous anos. Este problema é inaprazable no sentido de que mentres non fagamos, mentres o Goberno non entenda que se quere ir a ese modelo de xestión cando menos, e ademais doutras moitas cousas, ten que poñer o contador a cero e ten que analizar ou polo menos dar unha explicación e non dicir...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...que se asuman esas débedas por parte das comunidades de montes, ou non terá sentido ningún.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Popular, ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados, a señora conselleira explicou perfectamente na interpelación do pasado pleno. E vou citar palabras textuais para que non teñan vostedes ningunha dúbida. Dixo que o Goberno galego non vai deixar os comuneiros e as comuneiras sen montes, non vai darlles nada ás empresas privadas, nin vai facer un espolio ao conxunto da poboación do rural, nin nada que se lle pareza. E a señora conselleira dixo que o único que vai facer a Xunta de Galicia, e o único que vai facer o Goberno de Galicia, é aplicar a lei e defender os intereses xerais dos galegos e das galegas. E aseguramos isto por moitos motivos: o primeiro, porque non hai intención de ser usurpadores de ningún en ningures; o segundo, porque imos cumprir a lei –como non podía ser doutra maneira–, que no seu artigo 2 deixa moi claro que os montes veciñais en man común son indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables.

Vostedes seguen insistindo na súa moción na necesidade de condonar as débedas das comunidades con convenios, e aquí créanme de verdade que ao Grupo Parlamentario Popular e ao Goberno de Galicia lles xorden dúas dúbidas:

A primeira, ¿por que o Bloque Nacionalista Galego cando estivo á fronte da Consellería do Medio Rural non condonou esas débedas? Porque vostedes mentres estiveron ingresaron miles de euros por iso, procedentes das sesenta e catro comunidades de montes que rescindiron os seus convenios durante o período 2008 e 2009. Daquela tiñano vostedes na man e non o quixeron facer.

O segundo, ¿por que non explican ben a realidade? Estes convenios –parece que o esquecen vostedes– asináronse voluntariamente entre as partes para o fomento da produción da madeira, e en virtude dos mesmos a Administración anti-

cipaba unha serie de recursos, pagados con diñeiro público, é dicir, con diñeiro de todos os galegos e de todas as galegas, e cos que se apoiaban os custos das plantacións, que son anticipos, señorías, e como tales anticipos, como é lóxico, son reintegrables. E, claro, así aparece ademais no clausulado do convenio, onde se establece a necesidade de devolve-los.

Pero é que ademais, señorías, as comunidades de montes puideron condonar as débedas, por dúas veces, non só por unha vez, por dúas veces: coa disposición adicional primeira da Lei de montes do Estado do ano 2003 e coa disposición adicional segunda da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, nas que xa se fixo unha condonación das débedas. E hoxe estase a aplicar –reitero– o clausulado asinado voluntariamente por ambas as dúas partes, e se teñen débedas son posteriores a estas condonacións.

E o que o Bloque Nacionalista Galego nos está pedindo na súa moción é que non apliquemos a lei de xeito igualitario, e ao Partido Popular e ao Grupo Parlamentario Popular non nos parece xusto que vostedes pidan iso. Non nos parece xusto cando hai moitas comunidades de montes que aboan a súa débeda, non nos parece xusto cando hai moitas comunidades de montes que xestionan correctamente e teñen ingresos sen necesidade do apoio da Administración e que aboan os impostos correspondentes polos seus ingresos.

Pero se de verdade vostedes pensan que os convenios antigos dos que falamos son unha situación irregular e unha situación acrónica, o que deberan facer é apoiar o Goberno de Galicia. Apoiar o Goberno de Galicia porque conforme o previsto na Lei 7/2012, de montes de Galicia, está tratando de actualizar estas fórmulas contratutais ata o punto de que deben finalizar nun prazo máximo de catro anos. E se de verdade vostedes queren aplicar unha nova política forestal que faga prevalecer a función social, ambiental e económica dos montes comunais, entón o que hai que defender é aplicar a lei tal e como foi formulada, cando no seu artigo 123 especifica cales serán as exixencias para os novos contratos de xestión forestal: a voluntariedade, a ordenación forestal sostible certificada por un terceiro independente, a comunicación contable detallada e a información continua aos propietarios.

E conclúo, señorías. O Grupo Parlamentario Popular non pode apoiar esta moción, baseada en argumentos con pés de

barro, cando non directamente faltando á verdade, e si apoia o contido exacto da Lei de montes e o seu desenvolvemento...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...e aplicación por parte da Xunta.

E, señora Paz, deixen vostedes de dar as costas aos que queren un monte comunal mellor ordenado e máis sostible.

E, para rematar, voulle dar un dato máis, aínda que nos anticipamos en relación co debate que terá lugar

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...-remato, señora presidenta-, en comisión. O Bloque Nacionalista Galego chegou ao absurdo de propoñer unha emenda para destinar 6 millóns de euros para sufragar con cartos públicos a condonación das débedas...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...-se me deixa nada máis que medio segundo- (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) condonación das débedas das comunidades de montes, a sabendas de que os custos de cancelación...

A señora PRESIDENTA: Faga o favor, déixeme a min dirixir o Pleno.

Señor Balseiro, por favor, remate.

O señor BALSEIRO OROL: ...nos últimos sete anos ascenderon a 43.000 euros. (*Protestas.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Esta partida daríanos para novecentos setenta e nove anos, ¡non está nada mal!

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, dende o escano. Señora Paz, dende o escano.

Señora Paz, dende o escano.

¡Señora Paz!

A señora PAZ FRANCO: Artigo 75.2 do Regulamento do Parlamento...

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Paz!

(*A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señora Paz. ¡Señora Paz!, chámooa á orde.

Pero, señora Paz, hai un acordo, a min dáme igual que fale vostede aquí ou noutro lado, pero hai un acordo de que a réplica se fai dende o escano. Non entendo por que vostede ten que ser distinta.

(*A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.*)

¿Pero como que non ten sitio?

(*A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.*)

Ben, eu en aras de non intentar... Se me fala do Regulamento volva ao seu sitio, eu déixooa falar dende aquí, sen que sirva de precedente. (*Protestas.*) Pero se me fala, perdón, se me fala do Regulamento entón volva ao seu escano e fala dende alí porque é o acordo que hai.

E se non hai acordo cos demais grupos parlamentarios tamén se vai vostede ao seu escano, co cal se hai algún problema a señora Paz volva ao seu escano. Eu non teño présa ¡eh! (*Murmurios.*)

Non, non, se hai algún problema por parte dos grupos, que parece que o hai, señora Paz, eu...

Sen que sirva de precedente. (*Murmurios.*)

A próxima vez eu chámoo á orde, chámoo á orde, que lle quede claro.

¡Silencio, por favor!

A señora PAZ FRANCO: Como xa está correndo o tempo antes de que me dera a palabra a señora presidenta, vou empezar a falar. *(Murmurios.)*

Estou incumprindo o Regulamento porque empecei a falar antes de que me dera a palabra a señora presidenta. En todo caso, se isto senta precedente ou non xa o debateremos noutra ocasión, señora presidenta, porque o Regulamento ampara os meus dereitos como deputada...

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

A señora PAZ FRANCO: ...diga o que diga a Xunta de Portavoces. ¡Ata aí podíamos chegar! Ata aí podíamos chegar, que a Xunta de Portavoces...

A señora PRESIDENTA: Céntrese na cuestión.

A señora PAZ FRANCO: ...estea por riba do Regulamento da Cámara. *(Murmurios.)* ¡Terase visto algo así nalgún Parlamento do mundo! ¡Ata aí podíamos chegar!

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Paz!, vouna chamar á orde por segunda vez. Faga o favor.

A señora PAZ FRANCO: Pois chámeme, chámeme á orde.

A señora PRESIDENTA: Pois chámoo á orde por segunda vez.

A señora PAZ FRANCO: Señor Balseiro, mire, os convenios e os consorcios a maioría foron asinados voluntariamente na época en que neste país mandaba un señor que non se metía en política; así de voluntariamente foron asinados os convenios.

E os intereses xerais que defende a señora conselleira coa aplicación desta disposición da Lei de montes son os intereses xerais de Ence, de Finsa e das empresas de xestión forestal, que cobizan eses grandes latifundios para seguir practicando esa política que empobrece e devasta os nosos montes e que empobrece e devasta o noso medio rural.

E, señor Balseiro, voulle dicir algo máis a este respecto: efectivamente, os montes son inembargábeis e inalienábeis, é que se non xa llelos terían quitado. E por iso como non llelos poden quitar do sitio fisicamente, nin lles poden quitar a propiedade, o que lles quitan a través desta lei é o uso, a capacidade de xestionalo e, polo tanto, a capacidade de derivar beneficios económicos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...e sociais para os veciños das aldeas. Iso é o que fan vostedes a través desta disposición, señoras e señores do Partido Popular.

E precisamente as comunidades de montes que queren xestionar ben o seu monte, as que os teñen xa ben xestionados e ben dimensionados, son as que están na rúa denunciando este atraco que se lles está facendo.

E para que lle quede claro xa dunha vez: o BNG aplicou a lei e estaba a piques de aprobarse unha nova Lei de montes, e no proxecto de lei de montes, que fora ademais aprobado xa polo Consello Forestal, prevíase a resolución tal e como establece a lei do Estado dos convenios e dos consorcios a custo cero para as comunidades de montes, a custo cero, que é o que están pedindo.

E documéntese vostede un pouco, señor Balseiro, porque eu non teño os datos porque vostedes non os dan desde o 2008 ata aquí...,

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas., señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...pero teño aquí os datos dos que se ingresou no monte...

A señora PRESIDENTA: Señora Paz, polo Regulamento, moitas grazas.

(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Rematou o seu tempo.

(Aplausos.)

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás dezaseis e trinta horas.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás tres e seis minutos da tarde e reiniciase ás catro e media.

A señora PRESIDENTA: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto tres, de continuación de mocións.

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e D. José Javier Ron Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar contra a pobreza infantil

A señora PRESIDENTA: A esta moción non se presentaron emendas. Para formulala ten a palabra don Ramón Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Boa tarde a todos e a todas.

Imos facer unha intervención a pesar de que, bueno, falar de pobreza e de carencias nutricionais na infancia xusto a estas horas resulta ás veces un pouco complicado. Máis cando esta intervención, esta moción, vén precedida pola intervención que tivo –dende o noso punto de vista, lamentable– a conselleira de Benestar no pasado Pleno, chea de soberbia. Na que ademais, de xeito considero que prepotente e reiterado, manifestou a súa intención de non mudar nin un ápice a súa política de intervención sobre a pobreza infantil. Dixo repetidamente: non imos cambiar nada. Unha soberbia só equiparable a cando ousou comparar a visita que as persoas con diversidade funcional do Colexio San Francisco realizaron a esta Cámara co carrexo electoral de anciáns con demencia. Algo polo que estas familias seguen esperando unha pública desculpa.

Porque a realidade é que o Goberno non asume o problema da pobreza infantil que existe no noso país. Non asume a pobreza infantil como non asume os recortes en sanidade e educación, como non asume o problema da corrupción que o asola e como non asume nada. E como non asume a situación do país pois non pode resolver os seus problemas. ¿Como pode poñerse remedio ás dificultades e

problemas que ten o país cando un nin tan sequera é quen de recoñecelos, cando non é capaz de establecer nin tan sequera un honesto diagnóstico?

Manexou, ademais, a señora Mato unha argumentación autocompracente e conformista, consolándose con ocupar o quinto lugar do segundo país con máis pobreza infantil de toda Europa. Vivimos nun país en que a pobreza infantil é tan só superada polas porcentaxes de Romanía. E diante dese problema a conselleira de Benestar di que non ten pensado mudar nada, que non ten pensado cambiar nada. Comparouse –como xa é habitual neste Goberno– con todas aquelas comunidades que teñen unha situación peor, e esa é a súa simple e habitual coartada.

Fixo tamén, a señora Mato, outro dos habituais xogos de malabarismo dialéctico deste Goberno, incitando á confusión terminolóxica. Substituíu, de feito, de xeito ruín e cínicoo o termo malnutrición infantil por desnutrición infantil, para así poder minimizar o problema en Galicia. Pretende, dun xeito burdo, colocar no imaxinario colectivo a situación de fame e mortalidade que afecta a milleiros de rapaces en países empobrecidos, e que todos relacionamos con imaxes de nenos e nenas moribundos, co abdome avultado, para así incitar á confusión e dar a entender que esa non é a situación de Galicia. Intentou activar un dos seus habituais anestésicos sociais.

Fixoo tamén ao día seguinte do debate da interpelación que substanciamos hoxe cando enxendrou –ou o fixo o seu equipo de comunicación– aquel titular de “o fenómeno da desnutrición é minoritario en Galicia”. E fíxoo tamén o ano pasado cando fixemos a proposta de abrir os comedores escolares no verán. E fíxoo a sabendas de que dende AGE estamos a falar de malnutrición infantil e non de desnutrición infantil. Falamos de carencias nutricionais na poboación infantil; falamos, en definitiva, de pobreza infantil. A malnutrición infantil pode causar tanto baixo peso como tamén sobrepeso pero, sen dúbida, tanto nun caso como noutro está asociada á carencia de nutrientes fundamentais e atopa na falla de recursos das familias a súa principal causa.

Xa que a conselleira e o Goberno xogan frecuentemente á confusión terminolóxica –porque agardo que non sexa ignorancia–, vou intentar explicar hoxe aquí o que implica a pobreza infantil no noso país. Porque se non se entenden os

problemas que ten Galicia dificilmente se van poder resolver. A pesar de todo, sei que non hai peor necio que o que non quere entender. A verdade –e iso é algo que hai que dicir nesta Cámara– é que tememos que ás veces, a forza de repetir os datos, e o Goberno a forza de ignoralos, terminamos por baleiralos de contido, por gastar os números e gastar as palabras. Cansámonos de dicirlle os datos oficiais, datos que din que en Galicia unha de cada cinco familias con fillos vive por baixo do limiar da pobreza. Pero ¿que quere dicir iso? É algo máis que unha frase feita. ¿En que se traduce? Pois en que os integrantes desa familia ingresan menos de 588 euros. ¿Pode imaxinarse este Goberno, poden imaxinarse as súas señorías, o que significa para unha familia con fillos poder mantelos cun salario de 588 euros? ¿Cren acaso que é posible?

Cansámonos tamén de dicirlle a este Goberno que en Galicia hai máis de 200.000 familias que sofren carencias materiais. ¿Pero isto en que se traduce? –tamén é algo máis que unha frase feita–. Pois tradúcese en que non poden permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días; tradúcese en que non poden manter o seu fogar nunha temperatura axeitada; que non poden facer fronte a ningún gasto imprevisto. Ou pode significar que acumulan atrasos no pagamento da hipoteca, o aluguer, o gas, a auga, a comunidade, etc. ¿Poden imaxinar acaso os membros do Goberno galego o que significa para un pai ou para unha nai ver que os seus fillos pasan frío na casa ou non comen como deberan?

Cansámonos tamén de repetirlle que seis de cada dez familias teñen dificultades para chegar a fin de mes. ¿Pode alguén imaxinar o que significa para unha familia ter que escoller, para poder rematar o mes, entre comprar cereais ou libros?, ¿entre mercar froita fresca ou roupa? E esa é a situación. Unha situación, ademais, que non só depende de persoas que non teñen un emprego: o 30 % dos traballadores en Galicia non chegan ao salario mínimo; case o 50 % dos traballadores teñen salarios de 1.000 euros. Esa é a situación, iso é o que lle pasa á xente en Galicia; e non é, dende logo, o escenario que intenta debuxar constantemente o Goberno galego. Esta é a realidade da pobreza que asola as familias galegas, esa é a realidade obxectiva.

Pero ¿cal é a realidade subxectiva?, que tamén hai que tela en conta, pois esa é a realidade que describen os pais, as

nais e os profesores nos centros de ensino. Centros onde se observan circunstancias tan lacerantes como nenos e nenas que acoden ao centro sen a merenda de media mañá. Nenos ou nenas que rabuñan o prato do comedor despois de ter repetido varias veces porque realmente teñen necesidade de comer. E nenos e nenas que baixan sen explicación aparente o seu rendemento académico e tamén aumenta a súa conflitividade na aula. E iso é o que se observa a pé de aula, a pé de obra.

E fronte a esta situación, a conselleira de Benestar di que non vai mudar nada, que está absolutamente satisfeita coa política do Goberno. Iso si, apresurouse, no seguinte Consello da Xunta de Galicia, no anterior Consello de Goberno, a presentar un borrador: a Estratexia de inclusión social 2014-2020. Este –permítame o cualificativo de infumable documento– documento vacuo, carente de contido, entregouse ás organizacións do terceiro sector e, evidentemente, causou unha profunda decepción. Un documento inconcreto; un documento que contén medidas que xa existen, por outra banda; un documento sen periodización e sen previsión orzamentaria; un documento sen actuacións concretas, sen indicadores de avaliación; un documento, en definitiva, concibido como campaña de imaxe e lavado de cara do Goberno galego.

E fronte a ese exercicio de cosmética, fronte a esa maquiillaxe política, ¿que nos queda a nós? Pois, dende logo, facer propostas concretas, propostas realizables e medidas que nós sabemos que non van resolver os problemas da pobreza infantil, pero que polo menos poden garantir o acceso a unha axeitada alimentación dos menores, algo ao que, sen dúbida, está obrigado o Goberno galego.

Por iso, en primeiro lugar, o que propoñemos é un plan de detección de carencias nutricionais do alumnado escolarizado en centros públicos de Galicia...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...de xeito que se permita, entre outras actuacións, o establecemento de protocolos específicos de colaboración entre os servizos sociais dos concellos, os departamentos de orientación dos centros de ensino e os servizos médicos. E de xeito que se facilite o acceso á información e ás actuacións conxuntas destas

entidades; en definitiva, que se permita facer unha radiografía fiable do estado da cuestión e establecer indicadores que permitan saltar o sinal de alarma para poder activar os protocolos necesarios.

En segundo lugar, o que propomos é establecer un programa que contemple a asignación de recursos complementarios aos centros de ensino para que poidan ofrecer, ademais do servizo de comedor ordinario, un servizo de merenda de media mañá ou media tarde, no seu caso, naqueles casos onde se teñan detectado carencias nutricionais do alumnado. Non pode quedar nin un só neno en Galicia que non poida acceder ao servizo de comedor por falta de recursos. Esa é a segunda proposta.

E, en terceiro lugar –e xa remato, señora presidenta–, contemplar unha partida económica específica nos orzamentos de Galicia de 2015 para loitar contra a pobreza infantil que afecta aos nenos e ás nenas galegas. Porque o Goberno galego, diante da nosa proposta no Debate do estado da nación de establecer un plan de loita contra a pobreza infantil, pretendeu establecer unha transacción...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...que devaluaba esa iniciativa nun punto dentro dunha estratexia. E ese é o punto que está dentro desta estratexia e que realmente non di nada. Polo tanto, póñanse a traballar, asuman estas propostas...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...e fagan algo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta. Boa tarde a todas e a todos.

Estamos falando de pobreza infantil, algo que debería de ter a esa bancada vermella de vergonza. ¡Que no país que goberna un goberno do Partido Popular haxa nenos e nenas que pasan fame! ¡Vergonza debería de darlles a todos vostedes!

Segundo o informe de Cáritas, un 20 % dos nenos e nenas galegos viven por debaixo do nivel da pobreza. A palabra pobreza significa que estás sufrindo unha condición que che impide ter un medio de vida e que ten consecuencias para a saúde, pois supón falta de alimentos, carencia de vivenda e non dispor de roupa axeitada ao tempo climatolóxico, entre outras carencias. Tamén ten consecuencias sociais a pobreza, como o ostracismo ao que son sometidas as persoas pobres polas comunidades seguras. Tamén ten outras consecuencias sociais, como carecer dunha boa atención médica. As familias pobres non poden pagar a medicación que vostedes lles obrigan a pagar; non poden pagar os tratamentos odontolóxicos porque son privados; non poden pagar as próteses que agora deben pagar. Polo tanto, carecen tamén dun acceso equitativo e real á saúde.

Pero, ademais, a pobreza trae fame e desnutrición porque as familias pobres teñen que acudir aos bancos de alimentos e aos albergues, carecendo dunha alimentación equilibrada. Os nenos que viven na pobreza enfróntanse a seguir vivindo na pobreza na idade adulta, pois a única forma de saír da pobreza destes nenos é ter unha boa educación. Sen embargo, os nenos en pobreza están en risco de recibir tamén unha educación máis deficiente. ¿Por que? Porque lles custará máis estudar e atender: é difícil estudar e atender con frío e con fame. Saben que a súa vida escolar será curta, non van ir á universidade, téñeno claro; probablemente non farán nin formación profesional, saben que non teñen posibilidades e saben que a maioría deles non rematarán nin a ESO. Son nenos a quen se lles está a facer sufrir na infancia e se lles está roubando o futuro.

A falta de acceso a unha boa educación é unha das maiores consecuencias sociais da pobreza. Os nenos dun fogar pobre teñen o dobre de posibilidades de repetir curso que os das familias de clase media, pois as familias de clase media poden pagarlles aos fillos clases particulares de inglés, de música... ao que non poden acceder os nenos pobres.

Segundo a propia directora xeral de Familia, nun informe que presentou publicamente, un total de 18.000 fogares con menores de 18 anos ao seu cargo sofren carencia material en Galiza. Señores do Partido Popular, isto quere dicir que, como mínimo, hai 18.000 nenos –como mínimo, se só houbera un neno por familia– que pasan fame neste país. Creo que iso, simplemente esa cifra, sen chegar ás

cifras que dá Caritas, simplemente as propias cifras da Xunta de Galiza, obríganos a tomar medidas. No mesmo informe que a Xunta recoñece, di que en Ourense hai un 8,16% de familias que teñen unha carencia material severa, un 8,02% en Pontevedra, un 7,4% en Lugo, e un 6,69% na Coruña. E as zonas de máis concentración de risco de pobreza son: a Costa da Morte, Barbanza-Noia, Caldas-O Salnés, Vigo e Pontevedra Sur. ¿Pensa facer algo a Xunta ao respecto?

As familias galegas levan xa aportado no curso académico 2013-2014 8,3 millóns de euros a copagos nos comedores; as familias víronse obrigadas a sufragar o 29% deste servizo. As Asociacións de Pais de Alumnos teñen contrastado en Galicia tremendas deficiencias e situacións horribles: decenas de nenos que non poden pagar o servizo de comedor, que non teñen dereito ao transporte e que se miran obrigados a comer unha peza de froita ou un trozo de pizza frío que levan da casa mentres os seus compañeiros comen quente o menú do colexio.

A pobreza severa existe nos menores, e non nos referimos ás chuches que tanto lle preocupaban a Mariano Rajoy. As ANPA xa o curso pasado detectaron os problemas de alimentación dos nenos e compraron produtos básicos para os comedores escolares. A Confapa leva detectado 115 casos de nenos en situación límite en colexios da provincia da Coruña, e máis de 30 nun só centro da periferia de Ourense. Os escolares con problemas non poden facer nin sequera unha boa comida ao día.

Polo tanto, nós entendemos que se debería aumentar a partida de axuda á emerxencia social. Sería estupendo non visibilizar...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Martínez, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...a pobreza –vou rematando– se a Xunta a aumentara e pagara a estas familias o suficiente para que alimenten aos seus fillos. Pero, como mal menor, evidentemente, o que debería facerse sería abrir os comedores escolares todo o ano para garantir esa alimentación.

Nada máis. Imos apoiar, evidentemente, esta moción.

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta. Boa tarde señoras deputadas, señores deputados.

Efectivamente, de novo volvemos falar de pobreza, neste caso referida á pobreza infantil e ás carencias nutricionais que sofren os nenos e as nenas. No Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta iniciativa, mais quixeramos aproveitar esta ocasión que nos dá a moción da Alternativa Galega de Esquerda e tamén a interpelación á que deron orixe as propias contestacións da conselleira de Traballo e Benestar, para plantexarnos unha vez máis se estamos caendo na etiquetaxe da pobreza.

Efectivamente, son os centros de ensino o lugar onde o profesorado ten a posibilidade de detectar a situación na que están estes nenos e estas nenas que están vivindo unha situación de pobreza, cunhas carencias nutricionais moi grandes, que chegan alí logo de que seguramente os seus pais xa agotaran todos os recursos para que estes nenos e nenas poidan comer, e, polo tanto, están nunha situación realmente desesperada. É dicir, cando un neno sofre pobreza infantil, toda unha unidade de convivencia está sufrindo unha situación alarmante de pobreza.

E non soamente é un problema nutricional, tamén é un problema dese neno ou esa nena cal vai ser o seu desenvolvemento psicolóxico –xa se comentou antes–, o seu desenvolvemento nos estudos, a súa capacidade de concentración, a súa capacidade de crecer nun ambiente que sexa san, nutricionalmente e en todas as variables que conforman a vida.

Hai pouco, nunha reunión cun grupo de persoas que levan moitos anos traballando no ámbito da infancia, dicían que non é soamente xa o problema que a pobreza acarrea no ámbito da nutrición, senón que hai moitísimos nenos e nenas con problemas de sono, con problemas de nervios, con moitos problemas psicolóxicos que van relacionados directamente coa falta de emprego dos seus pais, das súas nais, e coa situación de pobreza que viven nas súas casas.

Xa se deron moitos datos, pero hai un que debe facernos, cando menos, reflexionar. En Galiza, neste momento –

escoitabamos, ademais, á conselleira falar deste tema no último pleno–, hai da orde dunhas 9.000 persoas que son receptoras da Risga, con todos os seus atrasos e con todos os problemas que xa temos debatido e que vostedes coñecen, señoras e señores do Partido Popular, perfectamente. Mais estímase que en grave risco de pobreza, é dicir, en risco extremo, hai da orde de 18.000 unidades de convivencia. Iso significa que, posiblemente, esas unidades de convivencia teñan nenos e nenas con imposibilidade de acceder á alimentación básica; xa non dicimos ocio, cultura e todo o que conleva crecer en igualdade de oportunidades. De feito sorprende, e a min gustaríame que nolo explicara o voceiro ou a voceira –non sei quen vai intervir– do Partido Popular, por que a día de hoxe aínda non coñecemos o Informe da pobreza infantil 2014 que a Consellería de Traballo e Benestar se comprometeu a realizar. Eu creo recordar que existe ese compromiso de realizarse ese informe. Ata onde sabemos, estívose traballando nese informe durante o verán, e non sabemos se non hai conclusión ou se non queren que as conclusións sexan coñecidas por parte da cidadanía e por parte dos parlamentarios e parlamentarias. E gustaríanos saber se nalgún momento a consellería vai facer públicos os datos oficiais que manexa sobre a pobreza infantil.

Porque, claro, estamos falando de índices realmente preocupantes. Todos coñecemos profesores e profesoras que están falando da situación, de como se compra material escolar para ese alumnado, de como se apoia desde os propios centros. Algo que realmente é estarrecedor é que sexan o máis normal do mundo os bancos de alimentos. Os anuncios, por exemplo, que esta mañá aparecían na cidade de Vigo, recén colocados, é o normal, acostumámonos aos bancos de alimentos. Acostumámonos a que nos institutos os mozos e as mozas leven comida para os bancos de alimentos. Iso antes denominábase caridade e agora denomínase solidariedade. ¡Mala forma de entender a solidariedade! A solidariedade debía ser das administracións cun reparto diferenciado da riqueza, algo do que tamén xa temos falado en múltiples ocasións.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Por último quixera dicir, respecto da pobreza infantil, que, aínda que dende logo apoiamos esta iniciativa, consideramos que se debían tomar medidas globais. O último informe realizado polas entidades

relacionadas no ámbito da pobreza, segundo comunidades autónomas, fala que exactamente os ingresos mensuais necesarios en Galicia para ter unha vida adecuada...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...serían da orde de 1.500 euros. Fíxese que lonxe, que lonxe, está a media de ingresos galegos para chegar a unha vida adecuada. Non é estraño que teñamos que estar solicitando á Consellería de Educación que faga o traballo que debería facer a Consellería de Traballo, dotando de traballo e de benestar en lugar de servizos sociais. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán.

Grupo Socialista, ten a palabra o señor Docasar Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidenta. Señorías, boas tardes a todos e a todas.

A longa crise económica que vimos padecendo, xunto cunha política inxusta de recortes sociais e desmantelamento de servizos públicos básicos, está provocando un aumento dramático e indecente da pobreza no noso país. Así o reflicte a enquisa de condicións de vida publicada polo Instituto Nacional de Estatística, que indica que case un de cada tres cidadáns está en risco de pobreza ou exclusión social.

As cifras de privación material severa, de falta de emprego e de pobreza, empeoraron dramaticamente nos últimos anos, señorías. Un recente informe de Save The Children cifraba en case 3 millóns as nenas e nenos en situación de pobreza no noso país, e iso nin é algo tolerable nin é decente.

O noso país encabeza a lista –unha lista que non nos gustaría encabezar– entre os que máis aumentou a pobreza infantil nos últimos anos. En España, a porcentaxe de nenos que viven en fogares con pobreza extrema creceu máis de 4 puntos porcentuais dende que empezou a crise, a cifra máis alta de toda a Unión Europea, só por baixo de Romanía e Bulgaria.

Señorías, o impacto dunha mala nutrición ou a falta de estímulos educativos en idades temperás poden ter consecuencias de difícil e custoso arranxo no futuro, comprome-

tendo, dese xeito, non só o futuro deses nenos e nenas, senón diminuíndo tamén a súa capacidade económica e produtiva do noso país.

Todos sabemos que existe unha estreita relación entre a situación de pobreza infantil e o desemprego das familias. Pero tamén deberíamos saber que unhas políticas públicas, transversais e ben orientadas, poderían facer moito para contrarrestar os efectos da devandita situación de pobreza.

Como ben destaca o último informe da Oficina de Investigación de Unicef sobre benestar infantil en países ricos, a experiencia acumulada dinos que aqueles países que en situación de crise fixeron maior esforzo en medidas de apoio á infancia saíron máis reforzados das mesmas.

A pobreza infantil fíxose máis intensa nos últimos tempos, diso non hai ningunha dúbida, e, tal e como indica Unicef, cada vez hai máis nenos e nenas pobres e cada vez son máis pobres. A propia Cruz Vermella sinala que hai máis de 60.000 nenos asistidos pola citada organización. A falta de ingresos nos fogares xa está provocando actualmente que moitas familias teñan que acabar recortando en necesidades básicas como a comida, os libros de texto e mesmo o material escolar. E iso –insisto– non é decente, señorías.

O certo e verdade é que os servizos de comedores escolares permiten mitigar dalgún xeito esta realidade durante o calendario escolar, pero esa necesidade non está cuberta nos días en que non hai clase, e os nenos e as nenas teñen, por desgraza ou por sorte, a necesidade de comer todos os días.

É por iso que os socialistas consideramos que este servizo de comedor debe manterse tamén aberto en etapas de vacacións escolares, e así o estamos a facer nos lugares onde temos responsabilidades de Goberno, como son Canarias ou Andalucía. Por certo, señor Rodríguez, quería pedirlle un favor, dígalle vostede ao señor conselleiro –que seguramente o vai ver no día de hoxe– que lle mande algo de diñeiro aos comedores dos centros de xestión directa, que a día de hoxe aínda non recibiron nin un só euro no que vai de curso escolar.

O Grupo Socialista entende que o que hai que facer é poñer en marcha un plan absolutamente transversal, que implique a diferentes institucións e entidades sociais e non

só ás escolas; un plan que conteña as medidas e recursos suficientes para garantir que as familias con menores ao seu cargo que se atopen en situación de necesidade teñan cubertas as súas necesidades básicas de alimentación. Unha nova infraestrutura pode esperar, señorías, unha carretera, un pavillón de deportes, pero comer creo que non. E para iso hai que habilitar todos os medios a disposición das diferentes administracións públicas e facelo en colaboración –e iso é moi importante– coas entidades do denominado terceiro sector.

Este plan, señorías, debería incluír actuacións necesarias para que en períodos vacacionais de escolas e institutos estean dispoñibles os servizos de comedores onde sexa preciso; non en todos os sitios, pero si onde sexa preciso. Ese plan, que ten que ser máis global –insisto–, ao entender do Grupo Socialista, incluíría alimentación; gastos das vivendas, como auga, luz e calefacción; axudas á infancia para comedores e material escolar; axudas para medicamentos ou axudas para o aloxamento de último recurso.

Señorías, sería un bo exemplo para o conxunto da cidadanía que os seus representantes públicos tomaran medidas para corrixir estas situacións, pois estou totalmente convencido de que a cidadanía deste país vería con moi bos ollos saber que os seus impostos serven para financiar cousas así, e non para outras cousas que vemos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: ...a diario con vergoña nos medios de comunicación. E si, tamén sería unha excelente medida para axudar a recuperar o prestixio da política en todos aqueles que nun momento das nosas vidas decidimos dedicarnos puntualmente a isto.

Señor Vázquez, o ideal sería un gran compromiso de país para combater a pobreza. Un país cunha renda per cápita de 30.000 euros non pode nin debe permitirse que haxa entre nós xente que pasa fame. Polo tanto, señor Vázquez, o Grupo Socialista vai apoiar a súa iniciativa. Espero e desexo que faga o mesmo o Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Popular, ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Moitas grazas, señora presidenta. Boa tarde.

Acabamos de escoitar, polo Grupo que propón esta moción, que na interpelación a conselleira de Traballo e Benestar non asumía o problema da pobreza infantil en Galicia, e mesmo acaba de asegurar o señor Vázquez que a conselleira dixo neste Parlamento que no ía mudar nin un ápice a súa política en relación con este tema. Seguramente non estivo vostede atento á interpelación e á resposta que deu a conselleira, porque non dixo absolutamente nada nin asegurou nada do que vostede está a dicir.

O que se aclarou é que, para falar de pobreza infantil en Galicia, era necesario ter unha diagnose específica da situación dos nenos e das nenas na nosa comunidade, por iso o Goberno galego o que fixo foi elaborar un estudo sobre a situación da pobreza infantil no noso país. Ese estudo ten que servir, en primeiro lugar, para coñecer con exactitude a situación na que viven os máis pequenos da nosa comunidade autónoma; e, en segundo lugar, para poder afrontar este problema.

Ademais é un estudo que non o fixo a Xunta de Galicia unilateralmente, senón que é un estudo no que colaboraron profesionais dos servizos sociais comunitarios, que é a Administración que está en contacto directo con estas persoas, as universidades galegas, os colexios profesionais, os centros de ensino, a Cruz Vermella, Cáritas, Unicef ou a Rede europea de loita contra a pobreza.

Ademais, nesa interpelación falouse de que a Xunta de Galicia vai afrontar este problema, e está afrontando este problema, para dar posibilidades, posibilidades que se ofrecen a través tanto da Lei galega de inclusión social como do Plan de inclusión social posto en marcha polo Goberno central. Porque cando falamos de pobreza infantil non podemos centrar a solución nos centros de educación, ten que ser unha solución transversal, onde non só a Consellería de Traballo e Benestar estea implicada, senón que outras consellerías teñen que implicarse. E nós consideramos que a mellor solución que se lles pode dar aos nenos e ás nenas nesta situación pasa por axudar as súas familias; unha estratexia que nós consideramos que é a adecuada. Ademais neste Parla-

mento aprobouse un acordo por unanimidade que se cumpriu estritamente en relación con levar a cabo as medidas necesarias para evitar que ningún neno ou nena careza de alimentación ou sustento necesario para non estar en situación de vulnerabilidade, poñéndose en marcha convenios cos concellos interesados e podéndose utilizar as instalacións dos centros educativos en colaboración cos servizos públicos de benestar.

Pero agora estamos falando doutra cousa completamente distinta. Estamos falando dun problema que hai que abordar a través da Lei de inclusión e a través do Plan nacional. A Lei de inclusión social de Galicia, como vostedes saben, conta cunha memoria económica de máis de cen millóns de euros, que son ampliables en función das necesidades que vaian xurdindo na nosa comunidade. Pero tamén temos que ter presente o Plan nacional de inclusión social, que integra 240 medidas para axudar as persoas máis vulnerables, con especial atención aos máis pequenos de cada unidade familiar. Este plan conta cun investimento de 93 millóns ao día entre os anos 2013 e 2016; estamos falando de máis de 136.000 millóns de euros. Conta cun fondo específico e extraordinario, a maiores destes 136.000 euros, de 17 millóns de euros para loitar contra a pobreza infantil. Ademais, cabe destacar a orde de contratación de persoas perceptoras da risga, unha medida que se iniciou este ano, na que participaron 623 persoas perceptoras da risga e colaboraron 126 concellos. Unha orde que o ano que vén vai contar cunha partida orzamentaria de 10 millóns de euros; a risga incrementa o seu orzamento en 8 millóns de euros e as axudas de inclusión social contan con 4,5 millóns de euros para o vindeiro ano. Hai unha estratexia de exclusión social para loitar contra a pobreza infantil, e nós consideramos que, cando falamos de pobreza infantil, ningunha cifra pode ser positiva, por iso o noso grupo non vai entrar a debater as súas cifras. Poderíamos entrar, pero sería unha loita de cifras absurda que de nada serviría para axudar as familias que neste momento están en situación de exclusión social. O que temos que facer é traballar para evitar que ningún neno e ningunha nena carezan da alimentación ou sustento necesario por estar nunha situación vulnerable, e a solución pasa por axudar as súas familias a través dos programas e dos plans que se están a poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia. Polo tanto, vostede non ten razón cando di que non se asume o problema porque o problema se asume. E non ten razón cando di que a Xunta non vai mudar nada...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...porque o que se está facendo é poñer enriba todos os recursos necesarios para poder loitar contra este problema.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo autor da moción. Ten a palabra don Ramón Vázquez.

Déanlle, por favor, voz ao escano do señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Ben, dende logo chama a atención que un goberno que xa cumpriu un sexenio de antigüidade na función pública -recoñécese xa o sexenio como antigüidade- diga que non ten feito nada porque estaba agardando para dispor de informes e porque estaba agardando a encargar informes. Pois xa tardaron vostedes, ¡xa tardaron vostedes! ¡Un sexenio! Un sexenio, por outra banda, maldito para moitas familias.

Claro, evidentemente, o noso sinal de identidade é traballar para derrubar este capitalismo, este capitalismo que é devorador e salvaxe, pero me temo que ese traballo vai requirir forzas inmensas, alianzas inmensas, e non vai ser de hoxe para mañá. E claro, me temo que non nos estamos a dar conta da dimensión do problema.

Nós plantexamos aquí unha axuda de emerxencia ante unha situación de emerxencia para o país; iso é o que estamos a propor. Mentres non conseguimos transformar o noso modelo produtivo, o noso sistema fiscal, o noso modelo fiscal, mentres non consigamos un país máis xusto, temos que resolver un problema que, por outro lado, non pode ser abandonado á beneficencia. Que os nenos galegos poidan ter unha alimentación, é un dereito. E que iso se faga a través dos servizos públicos é o cumprimento dese dereito e é o que aquí se está a pedir, a exixir, e é o que piden as familias.

Cada día, cada mes, cada semana que un neno vive en situación de carencia material é un lastre para o seu futuro. E mentres a este increíble goberno non se lle ocorre unha

solución definitiva, esa solución transversal á que tanto apelan, as familias merecen unha solución, polo menos que se garanta que os seus fillos estean ben alimentados. Non vai resolver todos os problemas do país, pero esas familias, polo menos, van poder vivir con máis dignidade e con máis tranquilidade. Quizais para eles non haxa xa futuro, pero para os seus fillos si, se poden ter unha boa alimentación, servizos públicos e non caridade.

Voulle ler algunhas noticias dos xornais en Lugo, noticias locais. Mes de marzo: o “Banco de tapóns” de Lugo recadou 650 euros para pagar o comedor escolar dunha nena. Mes de novembro: o “Banco de tapóns” financiará material escolar e comedor para 13 nenos. ¿Non era este o Goberno que dicía que o seu sistema de comedores escolares era xusto e que aqueles que non tiñan recursos non tiñan que pagar? ¿Entonces por que recorren ao “Banco de tapóns”? ¿É unha especie de hobby perverso que teñen as familias galegas? ¿Como se pode ter tan pouca dignidade de culpabilizar finalmente as familias?

Voulle ler en que consiste a súa estratexia de inclusión. Fíxese ata que punto se pode ser ruín: “Favorecer a igualdade de oportunidades no desenvolvemento persoal dos menores é o exercicio das responsabilidades parentais”. ¡Ah! A pobreza infantil é culpa das familias porque non asumen as súas responsabilidades parentais.

Léolle outra cuestión porque isto si que podería entrar nos anais da literatura parlamentaria: “Desenvolver competencias e...”

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...habilidades de carácter non cognitivo, autocontrol das emocións, autodiagnóstico, comunicación, empatía, asertividade, resiliencia e escoita activa”. Resiliencia ¡claro! Hai que resistir, hai que resistir a pobreza.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Iso é o que vostedes lles recomendan ás familias de Galicia. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Votación das mocións

A señora PRESIDENTA: Pasamos á votación das mocións.

Pechamos as portas.

Comezamos coa primeira das mocións, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Soneira Tajés, que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Mixto. Polo tanto, votámola tal e como foi presentada.

Votamos. *(Pausa.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Un momento, imos parar a votación.

Vexamos, eu pido que estean un pouco atentos, porque se non... Piden a votación por puntos. ¿Acepta o Grupo Socialista a votación por puntos? *(Pausa.)* Non acepta a votación por puntos, polo tanto, votamos.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación con feitos obxecto de investigación xudicial.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Votamos a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Paz Franco, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas débedas das comunidades de montes con consorcios e/ou convenios.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, a moción do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do señor Vázquez, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e D. José Javier Ron Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar contra a pobreza infantil.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Declaración institucional

A señora PRESIDENTA: Antes de continuar co desenvolvemento da orde do día os grupos fixéronme chegar unha declaración institucional sobre o recoñecemento do Estado de Palestina, á que vou dar lectura.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

Primeiro. Recoñecer Palestina como Estado suxeito de dereito internacional, reafirmando a convicción de que a única solución posible para o conflito é a coexistencia de dous estados: Israel e Palestina. Este recoñecemento debe ser consecuencia dun proceso de negociación entre as partes que garanta a paz e a seguridade para ambas, o respecto aos dereitos dos cidadáns e a estabilidade rexional.

Segundo. Promover de maneira coordinada, no seo da Unión Europea, dito recoñecemento do Estado palestino

como Estado soberano, no marco dunha solución definitiva e global ao proceso de paz en Oriente próximo baseada na creación de dous estados, o israelí e o palestino, coexistindo en paz, seguridade e prosperidade.

Terceiro. Buscar en calquera actuación neste senso unha acción coordinada en concerto coa comunidade internacional e, en particular, coa Unión Europea, tendo plenamente en conta as lexítimas preocupacións, intereses e aspiracións do Estado de Israel.

Cuarto. Facer valer a pertenza de España ao Consello de Seguridade para propiciar dita solución xusta e duradeira.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2014.”

Alteración da orde do día

Comunico tamén ás súas señorías que a pregunta oral en pleno número 29271, da señora García Pacín, do Grupo Parlamentario Popular, por petición do Goberno por motivos de axenda sobrevidos, substanciárase despois da comparecencia que vai ter lugar neste momento.

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar, por petición da Xunta de Galicia, para informar da avaliación dos resultados do funcionamento do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) para o ano 2014 durante a época de alto risco

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar, por petición dos dezoito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, para dar conta de como se está desenvolvendo a campaña de incendios forestais e o funcionamento do dispositivo tanto humano como material previsto no Pladiga 2014, aprobado no mes de xuño

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar, por petición dos dezoito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, para dar conta da posta en marcha do dispositivo de efectivos, tanto materiais como humanos, para a prevención e extinción de incendios nesta campaña, así como as actuacións levadas a cabo ata o día de hoxe

A señora PRESIDENTA: Debate acumulado destas solicitudes de comparecencia da conselleira do Medio Rural e do Mar.

Ten a palabra para a súa primeira intervención a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías, moi boas tardes.

Comparezo hoxe nesta Cámara para dar conta dos resultados acadados durante a época de alto risco no funcionamento do operativo disposto ao abeiro do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais para o ano 2014. Esta comparecencia reflicte o labor de máis de sete mil persoas nos nosos montes, ao longo de varios meses, e de moitas outras que dedican a súa tarefa profesional a planificar e desenvolver este plan cada día do ano, polo que quero que as miñas primeiras palabras sexan de agradecemento e recoñecemento do traballo de todos e cada un deles.

Hai cinco meses presentaba neste mesmo lugar o operativo disposto polo Pladiga para a campaña de alto risco que acabamos de pasar, e dicía que este plan tiña un obxectivo fundamental, para o que miramos todos aqueles que temos que ver algo co mesmo: reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na Comunidade Autónoma de Galicia dentro dos recursos dispoñibles.

Este é o obxectivo real e fundamental que nos guía e o que veño presentar hoxe diante de todos vostedes, nun feito común con outros anos que marca a responsabilidade cara a Galicia e os galegos e fronte a esta lacra que nos afecta.

Amais constitúe tamén un exercicio de transparencia, no que achegar os datos completos desta campaña que abordamos nestes meses, poñendo negro sobre branco a dimensión completa que agrava este problema e a orientación para afrontar as seguintes campañas.

Así pois, e vistas estas motivacións e obxectivos, creo que podemos cualificar como positiva esta campaña e destacar a eficacia e a eficiencia do operativo, mais tamén teño

que dicir que non estamos nin estaremos satisfeitos nin conformes namentres arda en Galicia unha soa hectárea de monte, e moito menos se o fai de xeito intencionado.

Temos que analizar de forma directa as circunstancias que rodearon a campaña e centrar esa análise en dous factores fundamentais para a mesma, como son a meteoroloxía que tivemos e o operativo que despregamos no monte.

En canto á meteoroloxía, e no relativo ás temperaturas, hai que destacar que o mes de xullo foi un mes normal, cunha nula anomalía no conxunto de Galicia respecto ao período 1971-2000. Así, a temperatura tivo anomalías positivas no litoral das provincias da Coruña e Lugo de ata 1,9 graos centígrados, e anomalías máis baixas nas comarcas de Chantada e o Deza de ata -1,5 graos centígrados con respecto ao normal.

No mes de agosto, a anomalía no conxunto de Galicia foi lixeiramente negativa, con 0,7 graos menos que o normal, aínda que existiron anomalías positivas en comarcas con gran actividade incendiaria, como o Baixo Miño e a comarca de Verín, que acadaron ata un grao centígrado.

En setembro, a anomalía no conxunto de Galicia foi positiva e poderíamos consideralo como un mes cálido, con anomalías máis altas nas comarcas de Ancares, Vigo e Ortegá de ata 3,2 graos centígrados.

En canto ás precipitacións, xullo foi un mes húmido, cun 61 % por encima do normal, mais presentando un gran contraste entre o oeste e o leste da comunidade, e con anomalías máis baixas no sur da provincia de Lugo e no nordeste de Ourense, que estiveron por debaixo do 40 %.

En agosto, as choivas fixeron del nun mes normal en conxunto xeral, cunha porcentaxe media do 97 % e con anomalías máis baixas nas zonas máis orientais das provincias de Lugo e Ourense.

Por último, setembro foi un mes normal en conxunto xeral, mais presentando anomalías baixas nas comarcas da Coruña, Terra de Melide, Eume e Ferrol, con valores de ata un 52 % menos de precipitación.

Polo tanto, tratouse dun verán non especialmente atípico, que nos deixou unha incidencia normal da meteoroloxía en

moitas zonas onde se dá unha actividade incendiaria importante, o que fixo que o operativo non se relaxase nin un só momento durante esta campaña de alto risco.

Para dar resposta a esa situación e a súa conxunción coa actividade incendiaria, puxemos en marcha un operativo que amosou a súa eficacia e eficiencia e que entendemos que dou resposta cumprida ás circunstancias. Para esta campaña, o dispositivo de loita contra os incendios estivo composto por 5.767 persoas, con 59 efectivos máis que o pasado ano, e foi reforzado por persoal do Ministerio, do Exército e dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado ata completar un operativo de máis de 7.000 efectivos.

No tocante aos medios materiais, contouse con 32 medios aéreos, entre os propios da Xunta e os que aportou o Estado; 358 motobombas do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais da Xunta, dos concellos e dos parques de bombeiros, aos que se engadiron cisternas, pás e outros vehículos.

Ademais, este ano seguiu apostando pola colaboración con outras entidades e administracións e mantivéronse os convenios subscritos cos concellos para tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal e actuación de brigadas municipais de prevención e defensa, que se sumaron ao dispositivo do distrito forestal onde se sitúa cada concello.

Tamén se seguiu colaborando coa Federación de Municipios e Provincias para a elaboración de ordenanzas tipo, para a xestión da biomasa en terreos urbanos e de núcleos rurais e nun modelo dun bando municipal informativo.

Do mesmo xeito, mantívose a colaboración Xunta, municipios, deputacións para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais.

Ademais disto, este ano o Pladiga contemplou novidades importantes, como foi a identificación e delimitación das parroquias de alta actividade incendiaria e a potenciación das brigadas de investigación de incendios forestais, equipos de dous axentes dispostos por distrito forestal especializados en investigación de causas de incendios forestais. Entre as atribucións fundamentais outorgadas a estas brigadas, relátase a capacidade de poder abrir expedientes sancionadores

sobre aquelas fincas abandonadas cando os predios incumpran os criterios de xestión da biomasa ou as repoboacións forestais afectadas polo lume, se son ilegais ou non se axustan ás distancias establecidas pola Lei de montes, entre outras.

Ademais, fixemos unha aposta pola concienciación da poboación escolar sobre os valores e a defensa do monte, que foi iniciada o ano pasado a través dun plan de divulgación interno e da participación no Plan estratéxico da xuventude de Galicia 14-16, Xuventude 16, cos programas “O monte vivo” e “Montentérate”.

Deste xeito, as tarefas de prevención e loita contra o lume despregadas en todos os eidos déixannos a estas alturas do ano o mellor resultado en termos de incendios e hectáreas afectadas dos últimos vinte e cinco anos e supoñen unha cifra que debe ser consolidada co traballo de todas e de todos. Nestes case once meses, son 1.238 lumes os acaecidos, estando afectadas 2.003 hectáreas, das cales 504 foron en arborada —o que supón o 25%—, namentres que 1.499 foron en raso, representando o 75% da superficie queimada no transcurso deste ano 2014.

Destes 1.238 lumes, 180 acadaron a categoría de incendio ao superar a hectárea de extensión; así o 79,5 % dos lumes quedaron en conato, grazas á rápida e decisiva intervención dos medios de extinción, e o 6,5 % dos lumes estarían cualificados como queimas, ao afectar á superficie rasa.

A provincia de Ourense foi a máis afectada, con 1.108 hectáreas afectadas, seguida de Lugo con 454, A Coruña con 325 e, por último, Pontevedra con 114. A este respecto, a provincia ourensá sufriu 457 lumes, seguida da Coruña con 319, mentres que en Lugo déronse 250 e en Pontevedra 212. Así pois, o número de lumes con respecto aos últimos cinco anos reduciuse nun 71 %, pasando de 4.308 lumes aos 1.238 deste ano, mentres que esta cifra supón un descenso dun 79% con respecto á última década e un 94 % con respecto aos últimos vinte e cinco anos. A media diaria de lumes acaecida neste ano descendeu ata os 3,9 lumes, baixando un 75 % con respecto á media alcanzada na última década e un 67 % con respecto ao pasado lustro.

En canto á campaña de alto risco, iniciouse o 1 de xullo conforme ao disposto pola Orde do 16 de xuño de 2014, pola

que se determina a época de perigo alto de incendios, e desenvolveuse ata o 30 de setembro, seguindo tamén o artigo único deste texto normativo. Neste senso, os lumes acontecidos nestes tres meses de máximo risco alcanzaron a cifra de 624, mentres que as hectáreas que afectaron estes lumes acadaron as 431,7 hectáreas, das cales 113,3 foron arboradas, representando o 26% das totais que arderon.

Do mesmo xeito que cos datos de todo ano, as cifras acadadas nesta época de alto risco de incendios durante o 2014 foron as máis baixas dos últimos vinte e cinco anos, supoñen un 98 % menos de afectación que a media dese período e un 85 % menos en canto á cifra de lumes. Xa que logo, os lumes acontecidos nesta época de alto risco supoñen o 50 % dos totais sufridos no que vai de ano e as hectáreas afectadas neste trimestre estival acadan o 21 % das queimadas desde o 1 de xaneiro ata o 21 de novembro.

Sen dúbida, estas cifras déixannos claro que os medios dispostos polo Pladiga nesta época actuaron rápido e eficazmente, facendo que a media de superficie queimada por lume quedase por debaixo da hectárea, acadando esa media de menos de 0,7 hectáreas por lume. Do mesmo xeito, en referencia a esta época de alto risco, o número total dos lumes reduciuse en máis dun 50 % con respecto ao último lustro e e case un 78 % en relación coa media anual da última década, facendo que o número de lumes por día se minore tamén nesa mesma proporción.

Pero esta comparanza non tería sentido se a verdadeira meta non se acadase, e esta, en forma de obxectivos, cumprimento e control do Pladiga, foi acadada de xeito importante e completo en todos os parámetros sinalados. A superficie total queimada por lume acadou a de 1,62 hectáreas, un 46 % por baixo das tres que marca o Pladiga, e no caso da superficie arborada esta situouse nun 59 % inferior á hectárea que ambicionaba este plan. En canto ás cifras de lume e á súa extensión, vimos como os lumes de máis de 25 hectáreas foron o 1,05 % dos acaecidos, cumprindo tamén o criterio establecido, e os que quedaron en conato tamén entraron dentro dos obxectivos cumpridos polo Pladiga, ao ser a súa porcentaxe superior ao 70 % marcado. Esta boa liña tivo tamén, en consonancia co sinalado anteriormente respecto da serie histórica dos lumes e hectáreas afectadas, unha traslación de positividade, ao ser o número de incendios e a superficie afectada inferiores á media anual acadada nos

últimos dez anos, xa que os incendios quedaron nun 81 % menos e a superficie foi dun 6,6 % do total da media anual da pasada década.

A inexistencia de lumes de nivel 1 e 2 fixo que se cumprise co obxectivo de que fose inferior á media anual dos últimos cinco anos, pero o que é máis importante, tivo a súa valía en forma de falla de afectación a bens e persoas, que é o primordial neste operativo.

Entendemos que neste feito é importante o labor desenvolvido cos concellos na protección dos núcleos e na prevención arredor destes, e nesa liña queremos seguir traballando, porque entendemos que nesta loita todos facemos falla e ninguén sobra.

Este ano tamén temos que atender un feito derivado das novidades incluídas nas accións de prevención e loita contra o lume que establece o Pladiga para o 2014, que ten que ver coas parroquias de alta actividade incendiaria, que eran –como vostedes recordarán– 79.

No ano 2015 non se pode producir ningunha saída do listado das parroquias de alta actividade incendiaria xa que se establece un prazo mínimo de dous anos no que deben de cumprirse unha serie de criterios, mais existen 41 parroquias que cumpriron o criterio este ano, con base nos resultados estatísticos provisionais, e que no ano 2015, en caso de cumprir novamente os criterios, saírían do listado. Destas, 19 estarían entre aquelas incluídas polo número de incendios e 22 serían das incorporadas pola virulencia dos incendios declarados no seu territorio nos últimos anos. En todo caso, a boa noticia estaría en que, conforme aos datos existentes a día de hoxe, non se tería incorporado ningunha parroquia nova a este listado.

Pero este resultado positivo non supón que baixemos a garda nin que afrouxemos a presión que debe abafar a quen intenta roubarlle a Galicia unha riqueza ambiental, social e económica. Neste senso, seguimos traballando para facer do aproveitamento do monte e da prevención unha constante que permita reverter de xeito definitivo a situación de cada verán. Para iso, afondaremos na planificación da diversificación e do estímulo produtivo do noso monte e na mellora do investimento no monte galego, para o que xa estamos establecendo as liñas básicas de elaboración do novo plan forestal de Galicia no seo do Consello Forestal.

Esta actualización do Plan forestal está orientada de xeito que poidamos dispor da ferramenta esencial para dar forma á diversificación produtiva e estimulación ordenada dos aproveitamentos dos nosos montes de cara aos anos vindeiros, e estará ligada a outras ferramentas normativas e administrativas que favorezan o desenvolvemento produtivo do monte. Para iso, tamén reforzamos o investimento no monte a través de medidas forestais do novo PDR de Galicia, amais de desenvolver os decretos e ordes que amporen o desenvolvemento dos contratos temporais de xestión pública de montes, do fondo de mellora dos montes públicos e da xestión pública dos procedementos de comunicación e verificación das cotas de reinvestimento nos montes veciñais en man común.

Pero este labor estaría incompleto se non procederamos ao reforzo das accións preventivas pasivas ante aos incendios forestais, para o que elaboramos as ordes correspondentes para regular as queimas controladas e os criterios de xestión da biomasa para a prevención de incendios forestais. Afrontaremos tamén aspectos nos que aspecto social e o da prevención entran en fricción, para o que regularemos os requisitos, as instalacións e os equipamentos específicos para a autorización de áreas recreativas incluídas en zonas de alto risco de incendios nas cales se poidan preparar alimentos. Este traballo estará acompañado da necesaria aposta en termos orzamentarios, e, tal e como sinalaba en pasadas datas nesta Cámara, temos un fiel reflexo disto no feito de que programas de acción preventiva e infraestrutura forestal ven crecer os seus fondos un 13 %. Neste senso, incrementáanse as accións directas en mellora silvícola nun 60 %, en loita contra pragas e enfermidades forestais nun 72 %, e duplicáanse as axudas en montes veciñais en man común para accións de silvicultura preventiva, pasando de 4,45 millóns de euros a 9,1 millóns de euros, ademais de manterse as axudas para a forestación, silvicultura e microempresas forestais.

A modo de resumo podemos dicir que este ano foi o mellor dos últimos vinte e cinco en canto aos resultados, xa que os 1.238 lumes deixáronos 2.003 hectáreas afectadas, e só 180 lumes acadaron a categoría de incendios ao superar a hectárea de extensión. Ademais, nos tres meses estivais que conformaron a época de alto risco, os lumes acontecidos neste trimestre alcanzaron a cifra de 624, mentres que as hectáreas que afectaron estes lumes acadaron as 431,7. Isto

fai que os lumes acontecidos nesta época de alto risco supoñan o 50 % dos totais sufridos no que vai de ano, e as hectáreas afectadas neste trimestre estival acadan o 21 % das queimadas desde o 1 de xaneiro ata o 21 de novembro. Ademais, as cifras dos lumes e hectáreas afectadas neste ano fan que se cumprisen de xeito amplo todos os obxectivos marcados no Pladiga, cousa que tamén sucedeu no caso dos lumes de nivel 1 e 2.

Pero antes de rematar quero facer un chamamento a seguir traballando e a fuxir do triunfalismo. Só temos uns bos datos, pero o obxectivo debe ser consolidalos, porque non poderemos estar satisfeitos namentres unha soa hectárea do monte galego sufra os efectos dun lume.

Conseguimos neste ano que Galicia deixase de ser portada polos incendios, e debemos seguir así. Por iso, ademais dos reforzos das liñas de prevención e da aposta pola valoración do monte, estaremos traballando no avance das liñas polas que apostamos neste ano. Por iso me propoño que se afonde no estudo das causas dos lumes. Visitarei boa parte das parroquias de alta actividade incendiaria cuxas cifras non acadan un nivel minorado que as faga saír desa listaxe para apoiar o labor desenvolvido polo noso persoal e polo das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Todo será pouco para traballar a prol de eliminar da nosa vida as imaxes do lume no monte. Por iso quero agradecer, unha vez máis, a súa implicación e esforzo ás máis de 7.000 persoas que participaron nesa loita contra o lume disuadindo, previndo ou extinguindo, especialmente ás 5.767 persoas que se afanaron nesa tarefa de forma directa e próxima ao lume. Pero tamén quero facer un sentido agradecemento á sociedade galega, a todos e a cada un dos cidadáns deste país, por mudar a liña do silencio e a asunción dos lumes como algo normal por unha na que a sensibilidade, a colaboración e a implicación nesta loita nos axuden a garantir a sostibilidade ambiental, social e económica do noso monte. (*Aplausos.*) Ese é o verdadeiro éxito desta loita, e nesa liña estará asentada a clave para manter e minorar as cifras que cada ano nos deixan os lumes nesta comunidade. Entre todas e todos facemos o mellor Plan de prevención e loita contra os incendios. Todos somos parte deste Pladiga. Todos somos parte do futuro do noso monte.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios. Polo Grupo Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

O Pladiga, segundo xa teñen denunciado diversos colectivos, é un plan continuista dun modelo inoperativo, desorganizado e non consensuado que non responde á realidade da problemática nin é apoiado por ningún colectivo profesional nin axente social.

Señora conselleira, déalle as grazas á chuvia, foi o único que puido parar este ano os incendios. Pode vostede facer como a ministra Báñez e darlle as grazas a Santa Clara, ou escoller outra virxe ou outra santa, pero xa lle pode rezar vostede para que chova todos os anos, porque isto non foi resultado do ben que funciona o Pladiga, senón da sorte que houbo coa climatoloxía este verán.

Temos un dispositivo totalmente fragmentado, onde nun incendio pódense atopar diversidade de medios privados, de organismos e de administracións. Houbo 589 brigadas no período de alto risco, a metade dos concellos, o 21 % da Xunta, o resto de empresas públicas como Tragsa ou Seaga; e ausencia dun mando único, o que, evidentemente, vai contra a eficacia do servizo.

E, se falamos de eficacia, temos que falar da desprofesionalización do dispositivo antiincendios, no que non se ten en conta a experiencia dos profesionais e tampouco se utiliza no proceso de selección esta valoración. O exemplo témolo na municipalización do 45 % dos medios, onde os criterios de selección a maioría das veces raian en procesos case caciquís podíamos dicir, e onde o alto grao de precarización dos traballadores é máis que evidente. Non dispoñen de formación axeitada, non teñen equipos de protección axeitados, os vehículos están en mal estado, ignoran as medidas de seguridade porque tampouco se lles dá a formación en seguridade.

En canto a promover e pular por un servizo público, único, profesional, de prevención e defensa dos dereitos contra os incendios forestais, este Goberno, en vez diso, privatiza as brigadas helitransportadas, elimina os postos de

vixilancia por non cumprir as condicións de traballo, como ocorreu xa coa torreta de Toén, non reforza os axentes forestais e medioambientais.

Señora conselleira, a política forestal non se limita aos cinco meses ao ano de verán. A política forestal, o coidado do monte e a prevención dos incendios hai que realizalas de xaneiro a decembro, todo o ano.

Falaba vostede que teñen uns cursos, uns cursiños, para os nenos, para que aprendan a apreciar o monte, a súa diversidade e a riqueza que supón. Eu diríalle que faga o mesmo curso para todo o Partido Popular, especialmente para o Goberno, para que empece a apreciar o noso monte. Esta mañá falabamos dos montes mancomunados, e eu diríalle que esa formación lle viría moi ben ao Partido Popular, moito mellor que aos nenos e ás nenas, que xa aprecian o noso monte.

A 30 de xullo deste ano non estaban feitos os labores de prevención, non estaban contratadas as brigadas dos concellos —que comezarían a traballar o 4 de agosto— e os cortalumes estaban sen limpar. A inexistencia dunha planificación de tarefas de prevención en todo o territorio repítese ano tras ano. En Galicia existe un servizo antincendios pero non para a prevención dos incendios, que é realmente o que necesita o noso monte. Non é prevención facer desbrozar ás brigadas en agosto; iso é un burdo paripé mediático, iso é a foto, é o que lle gusta ao Partido Popular. Hai falta dunha política forestal que entenda o monte como algo máis que un subministrador de madeira barata para triturar ou para queimar, ou para biomasa. O monte ten moita máis riqueza que todo iso.

Hoxe vostede nos trae aquí un montón de cifras que se deben á climatoloxía, non ao traballo da consellería, non á boa organización dos sistemas antiincendios, que vén ser máis propaganda para os medios de comunicación do moito que a Xunta se preocupa pola prevención dos incendios, pero, evidentemente, só se preocupa pola extinción. A min gustaría saber canto do gasto que hai en servizos para incendios se dedica á prevención durante todo o ano nos meses que non son de verán. Canto diñeiro, cantas persoas hai contratadas para a prevención dos incendios entre xaneiro e maio ou xuño, e entre outubro e xaneiro. ¿Cales son os servizos que temos?

Unha xestión que, lonxe de tomar medidas de prevención para evitar os incendios forestais, causa un problema económico, social e medioambiental á sociedade galega; un problema que non vai rematar se non somos quen de chegar a un consenso entre todos os grupos parlamentares, porque ten que ser un consenso que vaia máis alá dunha lexislatura, ten que ser o consenso para salvar o noso monte e para pór o noso monte en valor.

Debemos estar de acordo e loitar todos por un servizo único, público, profesionalizado, de prevención e de extinción de incendios que, a maiores de apagar os lumes, realice a prevención nas zonas de alto risco e de maior valor ecolóxico, contratado e xestionado única, exclusiva e directamente pola Xunta de Galiza.

Unha ordenación do territorio que evite o despoboamento rural, favorecendo o acceso aos servizos básicos, evitando a forestación das terras agrícolas e convertendo o mesmo nunha fonte de emprego e riqueza.

Unha política forestal de verdade, que evite as especies pirófitas, que aproveite a súa diversidade de produción e non só a madeira, con alternativas sustentables e que respecten o noso modo de vida tradicional.

Hai que potenciar o papel das comunidades de montes e a concentración na xestión forestal, impedindo a súa privatización e a entrada de capital especulativo. Fomentar na sociedade e nas escolas unha cultura de defensa dos nosos valores ambientais, paisaxísticos naturais e culturais, entendendo que os mesmos son un ben de todas e de todos e que non o podemos perder.

É imprescindible, para chegar a estes obxectivos e a este consenso primordial para o noso país, primordial para os nosos montes, a creación dunha mesa de diálogo con todos os sectores: propietarios, empresas, traballadores do sector, ecoloxistas, e coa participación de todos os partidos políticos, que sente a base dun cambio de modelo máis que necesario e imprescindible.

Non podemos xogar a que nos chova todos os anos. Realmente eu non miro preocupación na Xunta de Galicia por manter os nosos montes en condicións ideais para que non se produzan os incendios. Parece que o único interese é crear as

brigadas para atender o incendio que xa empezou; polo tanto é unha política que leva ao desastre, ao catastrofismo e á perda dos nosos montes, que ao mellor é o que busca a Xunta, que se queimen os montes para poder plantar especies de rápido crecemento que lle poidan dar negocio ás empresas amigas.

Non mova a cabeza. Realmente a min gustárame que explique, se non é así, por que non se inviste en prevención.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Señora conselleira do Medio Rural.

Vou empezar por onde empezou e rematou vostede. Vostede iniciou e rematou a súa intervención dándolle o seu agradecemento a todos os traballadores que participaron no dispositivo de loita contra incendios forestais, e, efectivamente, nós sumámonos a ese agradecemento. O que ocorre é que, señora conselleira, permítame que llo diga con todo o respecto, na súa boca ese agradecemento resulta un auténtico cinismo político. Cinismo dunha conselleira amparada por un partido político que vén de presentar unha emenda aos orzamentos da Xunta para quitarlles o dereito a dous días de descanso á semana aos traballadores. Aos 2.200 que son persoal laboral da Xunta de Galicia, aos que vostede lles deu as grazas, váillelo agradecer quitándolles durante o ano 2015 –segundo a emenda que presenta o Partido Popular– os dereitos contemplados no Anexo 3.8 do convenio colectivo. É dicir, antes tiñan dereito a librar polo menos dous días seguidos á semana, e o ano que vén non van ter ese dereito. Non van ter dereito a librar, nin en temporada alta nin en temporada baixa, domingos e festivos tal e como se establecía. Así é como lles agradecen vostedes ese esforzo.

E permítame que lle diga, señora conselleira, e non quero ser catastrofista, que vostedes atentan non só contra os derei-

tos dos traballadores, senón contra a seguridade do dispositivo. Despois, cando haxa algunha desgraza, virá aquí o señor Feijóo, lacrimóxico, a dicir que lamentamos as desgrazas, pero as desgrazas ocorren cando se eliminan os medios para evitar que estas poidan ocorrer.

Mire, o dispositivo funcionou ben. Si, en xeral podemos dicir que funcionou ben. Pero eu digo que a parte que mellor funcionou do dispositivo, e a quen queremos parabenizar especialmente dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, é a que depende de Meteogalicia. Foi, sen dúbida, o que mellor funcionou. Porque mire, todos e todas temos acceso aos informes das condicións climáticas, tanto de Meteogalicia como da Aemet, non vou aburrilos aquí léndollos todos. É certo que nalgún período di que as temperaturas estiveron dentro do normal, ou incluso –sobre todo na Mariña– por encima do normal, pero o que di respecto de todos os meses é que houbo unha humidade acumulada moi por riba do normal. E, sobre todo, todos os meses, excepto agosto, nalgún punto concreto da Mariña, os días de choiva moi por encima do normal, tanto para o mes de xuño, de xullo, de agosto, como de setembro.

Entón, efectivamente, choveu. ¿Os resultados son bos? Si, choveu. Choveu día si día non practicamente; polo tanto, os resultados bárbaros. ¿Os mellores dos últimos vinte e cinco anos? Efectivamente. No ano 2008, que me tomei o traballo de comprobar os datos pluviométricos e de número de días de choiva, foron similares, houbo tamén en todo o ano 1.011 incendios forestais e 1.131,34 hectáreas. ¿Melloraron os resultados este ano sensiblemente? Si, polo tanto, non imos discutir acerca de cifras. Pero si que imos falar acerca do perigo real que hai neste país, porque, efectivamente, por desgraza Meteogalicia non funciona sempre igual de ben que funcionou este ano. E pode ser que chegue un ano en que Meteogalicia volva funcionar de tal forma que teñamos condicións adversas –das que temos falado aquí moitas veces– e que se xunten, ao mellor 7, 10 ou 15 días seguidos de temperaturas por encima de 30 graos –que este ano non tivemos en ningún caso–; 10 ou 15 días seguidos nos que, ademais desas temperaturas por encima de 30 graos, a humidade baixe do 30 %, e nos que encima haxa episodios de vento continuado, fundamentalmente do nor-dés. E ¿sabe o que vai pasar nese momento, señora conselleira? Que Galiza vai volver ser o mesmo polvorín que era

no ano 2005, que era no ano 2006, que era no ano 1999, que era no ano 1989.

Mire, o que realmente teríamos que facer é modificar as condicións estruturais. Vostede veu aquí falarnos de que por primeira vez houbo brigadas e que son unha novidade as brigadas de investigación forestal. Mire, non me conte películas. As brigadas de investigación de incendios forestais desmantelounas o señor Juárez, e xa estaban previstas no artigo 48.8 da Lei de prevención que se aprobou no ano 2007. Aquel era un Goberno que cumpría a lei, por certo, non como vostedes, que se pasan a Lei de prevención polo arco do triunfo.

E vén tamén aquí dicirnos que inventaron o das parroquias de especial incidencia de incendios. Pero, ¿que me conta? No artigo 12 da Lei de prevención de incendios xa se establecía que había que delimitar a nivel de parroquia as zonas de alto risco de incendio forestal. É máis, establecíase nese mesmo artigo que para cada unha desas zonas había que facer un plan de prevención. Non ir o conselleiro alí de paseo a ver que lles parecía aos veciños, se había moitos ou poucos incendios, ¿un plan específico para cada unha desas zonas! Vostedes cárganse a prevención. Porque se cargaron a Lei de prevención, primeiro, non aplicándoa, e despois modificándoa. Eliminaron as discontinuidades das masas. Cando volva haber estas condicións vanse acordar vostedes do importante que era que non houberse masas continuas de máis de 50 hectáreas da mesma especie. Vanse lembrar vostedes tamén do importante que eran as faixas de protección cando intenten apagar os incendios, se se dan circunstancias adversas, por moitos medios que teñamos. Vanse lembrar tamén das distancias mínimas respecto dos núcleos de infraestruturas e de demais elementos cando veña un ano malo e se lles multipliquen os incendios a 200, 300 ou 400 nun mesmo día, como ten ocorrido neste país.

Desmantelaron vostedes todos os proxectos que había para promover cambios estruturais pero sen alternativa. Porque, se vostedes viñeran aquí e dixeran: non nos gusta este porque temos esta alternativa que vai funcionar mellor, poderíamos falar sobre iso. Pero, mire, desmantelaron as uxfor simplemente porque era algo que inventara outro Goberno. Había 4.200 hectáreas proxectadas en 42 uxfor que tiñan solicitados os trámites administrativos, que afectaban a 12.800

parcelas e a 2.700 propietarios, e 37 máis que xa tiñan feita a pre solicitude. ¿Para que? Para inventarse as sofor –sociedades mercantís–. E desde o ano 2010, desde maio de 2010, que aprobaron o decreto, señora conselleira, suba despois aquí e dígame cantas sofor foron capaces de crear. ¡Cero, señoras e señores deputados! “La eficiencia y la eficacia”, que dixo a señora: está unha en vías de creación, pero aínda non esta creada.

Proxectos singulares silvopastorís: tamén os cargaron. Moléstanlle as vacas no monte. Eu dixen aquí unha vez desde esta tribuna que as mellores brigadas que podíamos ter en Galiza eran brigadas de vacas, de ovellas e de cabras no monte. Pero a vostedes estórballes, por iso se cargaron os proxectos singulares que facía Agader. Só no ano 2007 foron capaces de actuar, a través das comunidades de montes e dos propietarios, sobre 7.000 hectáreas, que estaban ben postas en valor e que estaban con políticas de prevención dos incendios forestais. Pero é que Agader agora resulta que prefire gastar os cartos en financiar os concellos, en financiar outro tipo de actuacións que nada teñen que ver nin coa prevención nin co desenvolvemento rural.

Cargáronse vostedes un proxecto de biomasa que estaba dotado, que se conseguira que o ministerio, que o Goberno do Estado, dotara con 2,6 millóns de euros dos 10 que había para todo o Estado. Un proxecto que consistía en instalar oito centrais de produción térmica a base de biomasa residual. ¿Sabe o que son? Os toxos, as xestas, o resto das podas, que neste país producimos máis que en ningún outro lugar do mundo, biomasa residual. E que ía –a través desas oito centrais colocadas estratexicamente no territorio, alí onde o subsolo produce máis biomasa– producir 80 megavatios de enerxía e queimar 700 toneladas ao ano. ¿E sabe que fixeron vostedes? Anular o concurso en canto chegaron ao Goberno. ¿Para que? Para ese enxendro que nos vén presentar aquí continuamente o señor conselleiro, o señor Conde, que consiste en encher este país de cultivos enerxéticos.

Xa lle digo, señora conselleira, se un ano se xunta o 30-30, vanse acordar vostedes e vanse lembrar dos cultivos enerxéticos e dos problemas que nos van provocar.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Pobreza e desolación para o noso medio rural. E así poderíamos continuar, señora conselleira, durante horas.

Eu o que lle digo é: aproveitemos este ano, que, efectivamente, as cifras son indiscutibles porque choveu, porque Meteogalicia funcionou, para falar en serio de política forestal, para falar en serio de prevención de incendios e para falar en serio, para que dentro de 2, 3, 4, 5 anos –os que sexa–, co Goberno que sexa –dá igual a cor do Goberno–, cando veña un ano adverso non teñamos que estar aquí novamente preguntándonos ¿por que os galegos deixamos destruír o noso patrimonio?, ¿por que os galegos deixamos destruír a nosa riqueza?, ¿por que os galegos deixamos queimar o noso país?, ¿por que os galegos, en lugar de aproveitalo para o beneficio do conxunto da cidadanía, llo estamos regalando aos especuladores do monte?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes, señora conselleira.

Eu non sei por que as voceiras do Grupo Mixto e do Bloque Nacionalista Galego falan de que fixo mal tempo neste verán, se xa a conselleira dixo que non fora un ano atípico nin anómalo, non houbo anomalías. Eu ía por Sada, por Miño, por Ribadeo, e escoitaba os turistas madrileños dicir: ¡que año tan poco anómalo tenemos en Galicia! Home, teremos que pedir a comparecencia de Santiago Pemán para ver se nos di se este ano o verán foi chuvioso ou se as chuvias foron repartidas ou non. Home, aí perdeu un pouquiño de credibilidade na información porque eu creo que o tempo axudou, señora conselleira, o tempo axudou. Porque o Pladiga era o mesmo practicamente este ano que o ano anterior, os medios eran máis ou menos os mesmos, e, home, do 2013 para o 2014, se houbo tanto descenso de número de lumes e de número de hectáreas, home, supoñemos que a climatoloxía algo influíu; e entón, a partir de aí, imos falar do dispositivo e da política forestal. Seguramente foi que os dispositi-

tivos estiveron mellor coordinados que nunca, os homes e mulleres dos dispositivos máis motivados que nunca, actuaron moito mellor que no 2013, e entón teríamos que concluir que no 2013 foi moi mal e neste foi moi ben.

Ben, nós temos creo que unha vantaxe. Nós, nin cando ardía moito nin cando arde pouco, chova ou non chova, viñemos aquí falar só do dispositivo antiincendios. Nós sempre fixemos o noso discurso con base en que o problema dos lumes neste país é un problema que hai que solucionar solucionando as cuestións estruturais. Fronte a medidas curtopraxistas e baseadas nun incremento constante de gastos en extinción, vostede, cando veu falar sobre o Pladiga deste ano, dixo que era un luxo gastar tantos millóns en extinción de incendios. Ben, pois para os orzamentos de 2015 medran eses orzamentos. ¿Como podemos dedicar 108 millóns de euros a lumes, señora conselleira? ¿Como podemos dedicar 108 millóns e medrando? Todos os anos medran, incluso nun contexto no que os orzamentos xerais baixan. En lumes cada vez gastamos máis, 108 millóns de euros é unha barbaridade.

Despois falarei do que se necesitaría nunha política para resolver as cuestións estruturais. Nós cremos que hai que implementar unha política de futuro a medio e longo prazo, utilizando a intelixencia colectiva que hai no país. Un futuro que pasa por definir unha política forestal coordinada coa política agraria e integrada nun modelo de rural que fixe e rexuveneza a poboación, e, á súa vez, integrado nun modelo de país diferente. E na construción deste modelo deben de participar moitas persoas, homes e mulleres, biólogos, economistas, agrónomos, enxeñeiros de montes, forestais, sociólogos, etc.

Algo parecido a isto fíxose, señora conselleira, na elaboración, por parte dunha comisión de expertos, dun ditame do Parlamento galego o ano 1987. Ese ditame trazaba unha política forestal a trinta-corenta anos, cun modelo avanzado de política do monte baseado no coñecemento e a aplicación dunhas políticas enfocadas á diversidade –pero de verdade, non como a que vostede dixo–, multifuncionalidade, á creación de valor engadido e de emprego.

Ben, voulle ler algún dos obxectivos para que vexa cantos se cumpriron aquí. Ano 1987: o aumento de produción en valor de madeira con fins económicos e dentro dos límites que permitan unha produción sostida; unha contribución efi-

caz para a conservación e mellora do medio ambiente; o acceso do público aos bosques con fins recreativos, culturais e educativos; unha máis axeitada organización, coordinación, asignación e distribución de recursos que fagan máis eficaces as accións institucionais e de asociacións implicadas na loita contra incendios; conseguir que as accións preventivas teñan progresivamente máis importancia dentro dos plans xerais de loita contra os incendios forestais –isto non o conseguiu, señora conselleira, non o poderá negar–; unha política forestal estable enmarcada na política territorial xeral, interrelacionada con outras políticas, especialmente as agrarias –isto tampouco o conseguiu, está totalmente disociado–.

Debe de atender e compatibilizar tres funcións básicas do monte: protección, produción e uso social, tanto a curto como a longo prazo, de tal xeito que, vinculando o home ao monte, poida contribuír eficazmente á loita contra os incendios forestais. O solo como recurso básico deberá sempre ser contemplado, en calquera xeito de actuación, como un ben que hai que conservar para incrementar a súa capacidade produtiva. Isto tampouco se ten en conta nas políticas forestais. A conservación das masas boscosas de especies autóctonas, tampouco se fixo, foron continuamente degradándose.

A diversidade de especies, sexa cal sexa o criterio prioritario do uso do monte, deberá ser atendida pola Administración forestal como un factor determinante cando se solicite calquera tipo de axuda, definindo a súa localización en función da estación e do establecemento de áreas de cortafogos. Deberase atender o aproveitamento máis diversificado posible das producións do monte para asegurar unha renda anual anticipada que facilite o uso máis amplo de especies de turnos longos. Isto tampouco se fixo.

Este é un modelo avanzado de produción forestal. Vostedes nin diversificaron nin aumentaron o valor da madeira, senón que fixeron monocultivo prioritariamente, especies de turnos curtos de baixo valor. Non lle teño que repetir ese dato, que somos o 50 % das curtas pero só o 13 % da facturación.

¿Que fixeron vostedes? Pois vostedes focalizaron a súa política na extinción, única e exclusivamente; na repoboación con especies de turno curto dirixidas a obter unha rápida rendibilidade, pero esquecendo a súa adaptación ás condicións ecolóxicas.

Aquí tamén falaba do ditame. O ditame dicía que había que facer un mapa da diversidade de ecosistemas que hai neste país, o que dá lugar á diversidade de montes e de tipos de especies que se deberían de cultivar. Vostedes fixeron un plan simplificado para todo o país, onde calquera solo, calquera ecosistema, é bo para o eucalipto. Non fixeron nin sequera esa ordenación.

A ausencia dunha verdadeira extensión forestal. Tamén se falaba de que os distritos forestais deberían de prover de extensión forestal aos produtores, e tampouco se fixo.

Dispositivo de extinción que non sexa complexo, profesionalizado. Vostedes ao contrario, fixeron un dispositivo complexo, caro e ineficiente. Vostedes non foron quen de manter a superficie agraria útil, que tamén inflúe moito no problema dos lumes. Reduciuse continuamente e o monte abandónase constantemente. Estamos no 21% cando hai anos estabamos no 33%, no ano 2003. Permitiron a reforestación de terras agrarias, non se fomentaron as especies frondosas nin caducifolias, nin as especies de madeira de calidade; ao contrario, reducíronse e empeoráronse a calidade e a cantidade das masas de frondosas e caducifolias. E non é de estrañar, posto que a maioría das axudas que vostedes dan para reforestación son indiferenciadas, non priorizan vostedes a madeira de calidade nin as frondosas e as caducifolias. Non as priorizan, as axudas son iguais para todos.

Continuou o ritmo vertixinoso de abandono e envellecemento do rural; un factor, señora conselleira, que vostede non pode negar que inflúe tamén en que os lumes sexan unha praga neste país. Se vostede nega isto, está chamándolles parvos aos expertos que durante todos estes anos debaten e pensan sobre o problema dos lumes.

Non se fixo nada para outro dos problemas diagnosticados, que é a estrutura da propiedade do monte. ¿Que fixeron vostedes estes anos para mellorar a estrutura da propiedade do monte máis que repetir, unha e outra vez, que esa estrutura era prexudicial, era un impedimento, para loitar contra o lume? Pero, ¿que fixeron? Xa se dixo aquí. ¿Que pasou coas sofor? ¿Cantas sofor fixeron vostedes, constituíron vostedes? ¿Cales foron as medidas que conseguiron que mellorara esta estrutura? Ningunha, un fracaso tamén. Tampouco conseguiu inverter a tendencia e gastar menos en extinción e máis en prevención. ¿Que fixeron vostedes en canto á orde-

nación do territorio, a impedir o urbanismo caótico que temos?

Teñen vostedes, ademais, un servizo demasiado complexo, onde o persoal ten salarios diferentes, unhas condicións de traballo diferentes, unha formación en moitos casos precaria, que fai un dispositivo demasiado caro e non todo o eficiente que debería ser. Evidentemente, se chove funciona moi ben. E non me veña vostede con que eu poño en dúbida a profesionalidade dos homes e mulleres que traballan nese dispositivo. Supoño que farán o que poden.

En definitiva, señora conselleira, vostede xa dixo que non había que facer discursos triunfalistas. Nós, chova ou non chova, cremos que este país necesita outro modelo de rural, outro modelo de monte, porque este modelo de baixo valor engadido crea pouco emprego; non é que non fixe poboación no rural, é que expulsa á poboación do rural; e, lonxe de inverter a tendencia a gastar menos en extinción, cada vez gastamos máis: 108 millóns de euros, señora conselleira. Nunha Consellería do Medio Rural e do Mar que ten aproximadamente 500 millóns de euros, un de cada cinco euros se gastan en lumes. Iso non o podemos permitir. Nalgún momento terán que cambiar as cousas, empezar a cambiar. Polo de agora, aínda non observamos que empecen a cambiar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor García García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente. Boas tardes, conselleira.

Un dos principais problemas cos que creo que os que estamos aquí nos atopamos é cando saímos aí fóra e nos dá moita xente que estamos totalmente desconectados da realidade, que o que se fala aquí ten moí pouco que ver coa realidade, que os problemas dos que falamos aquí non reflexan o día a día das súas vidas. Eu intento –imaxino que coma todos vostedes– desmentir iso. ¿Que pasa? Pois que ese esforzo que seguramente todos facemos –non sei cantos cidadáns estarían escoitándoo a vostede na súa interven-

ción–, unha intervención como a súa tíranolo absolutamente por terra. Porque, intentar dicirlles aos cidadáns deste país –como vostede dixo– que este fora un verano normal en termos climatolóxicos e meteorolóxicos, unha de dúas, ou é estar totalmente despegado da realidade ou é queren enganar, co cal, dalgún xeito incide nese desprestixio ao que nos vemos sometidos.

Destacar a eficacia e a eficiencia do dispositivo neste ano. Poderíamos facelo en termos absolutos, pero que este ano o dispositivo de incendios foi eficaz e eficiente... ¡Faltaría máis! ¡Faltaría máis se non fora eficaz e eficiente este ano!

Señora conselleira, polo tanto, eu non comparto –e creo que ningún galego nin ningunha galega pode compartir– que este verán foi un verán normal climatolóxicamente. Polo tanto, as cifras, sería o colmo... De feito vostede o di, en época de alto risco ardeu menos que nos meses de abril e maio, que non é alto risco, que si tiñamos unha climatoloxía seca e con temperaturas propensas a arder, e si que ardeu.

Señora conselleira, o diagnóstico que ten a xente –e eu son portavoz– élle clarísimo. A xente que vive ao lado do monte teno claro: se non ardeu este ano, hai máis para arder para o ano; a non ser que volva chover, e poderíamos congratularnos de que chovera. Pero o que está pensando a xente é que, canto máis tarde en arder, mellor arderá. E eses son os sucesivos ciclos de cinco ou seis anos que vimos padecendo neste país e aos que só nos enfrontamos con resignación, pedindo sentidiño –que iso é o que fai vostede– e, en todo caso, apelando a que haxa poucos incendiarios e á climatoloxía, que é o que nos salva, de vez en cando.

Creo que repetir o de que abandonamos a prevención en lugar da extinción, que primamos a extinción, é o que vimos dicindo xa desde o principio. E, señora conselleira, nós teríamos que xulgala a vostede non tanto polos resultados, que eu nunca a xulguei nin nunca lle pedimos explicacións, nin neste tema nin noutro, nunca lle tiramos as hectáreas á cabeza. Eu creo que en todos os temas o que sempre lle pedín foi que viñera dar conta aquí, que nos explicara que é o que fixo vostede. No tema da PAC, no tema do decreto, no tema do leite, sempre llo dixen. Máis alá do que consiga, ¿que é o que defende vostede?, ¿que é o que vostede está facendo? Máis alá do que se consiga ou non, ¿cal é o seu labor? Eu

creo que aí vostede suspende sistematicamente, non só neste tema senón en absolutamente todos.

Señora conselleira, vostede deixou de ser a conselleira do Medio Rural, e hoxe por hoxe está convertida na conselleira de apagar os lumes e de Protección Civil, que delegou en vostede o señor Rueda. É dicir, xa non está dedicada a outra cousa máis que a contratarlles brigadas aos concellos e ao servizo de extinción puro e duro, porque non quere afrontar o problema estrutural desde esa óptica. Non será cuestión de repetirlo nós aquí mil e unha vez porque estou convencido de que non a imos convencer, pero non pretenderá convencernos vostede a nós de que está a actuar dunha maneira eficiente.

Séguese abandonando a actividade agraria, que segue sendo o problema estrutural. Polo tanto, segue habendo un abandono do territorio, segue habendo unha ausencia de política de xestión dese territorio, segue habendo unha errática política forestal. E agora xa non é que llo diga eu, que é o de menos, xa lle teño dito que, no que a min respecta, importa pouco, pero dinllo as comunidades de montes, dinllo os profesionais do sector, dixéronlle aquí antes que unha figura como as sofor ten unha medio constituída despois de seis anos, os deslindes dos montes, as comunidades de montes un día si e outro tamén, ata os profesionais da madeira... O outro día enviáronlle unha carta na que todo o sector da madeira, todos, os propietarios, as industrias, absolutamente todo o sector, lle dicía que estaba vostede errada, e vostede segue sen facer caso. ¿Non se pode plantexar, aínda que sexa por un segundo, se todo o mundo implicado lle di que o está facendo mal, que ao mellor teñen algo de razón nalgunha cousa?

Se eu estou facendo política forestal e todo o sector, todo o mundo, todos os colectivos que están implicados no tema forestal me din que o estou facendo mal ¿non será cando menos para plantexarme que ao mellor en algo teñen razón? Vostede non, conselleira, vostede segue. É verdade que, se chegou ao ostracismo de dicir que este verán foi un verán normal, chegar ao ostracismo de non lles facer caso a todos estes é moito menor. Polo tanto, tamén o entendo; tamén entendo que sexa así.

Xa saíu antes aquí e eu díxenllo na comisión, nos orzamentos. Un de cada cinco euros se gasta en incendios. 108

millóns para toda a política forestal, de trescentos e pico da consellería. Señora conselleira, gástase máis en política forestal que en toda a pesca deste país. Os orzamentos de pesca este ano son 80. Vaime dicir o dos fondos europeos, que xa veremos de onde o sacamos, pero, en todo caso, son cento e pico, e 108 en toda a política forestal. Pero é que, deses 108, estamos falando de 40 millóns de euros que é o que nos custan as brigadas, o servizo da Xunta, o alquiler dos helicópteros e os coches. Iso só para apagar lumes, ademais de todo o demais. Só iso son 40 millóns de euros. E iso vímolos facendo ano tras ano, como teño dito aquí, durante os últimos vinte e cinco anos.

Un servizo de extinción que é máis caro, menos operativo e menos eficaz, e dino todos, dino os profesionais. Menos vostede e algúns alcaldes, porque non ven isto como un servizo de extinción de incendios senón como unha cuadrilla de protección civil. Aí ten as fotos, preparando a volta ciclista cando pasou pola Estrada. É dicir, os alcaldes non ven isto como un servizo de extinción nin de prevención, senón como unha cuadrilla de protección civil que teñen. Polo tanto, só vostedes e máis os alcaldes o valoran, outros expertos, a calquera que lle pregunten, teñen claro que este servizo é máis caro e menos eficiente que o servizo que estaba baseado nun modelo único e contratado pola Xunta de Galicia.

Ademais, cando o outro día non sei a quen llo comentaba —que tamén a todo o mundo lle sorprende—, volvemos ao mesmo. Os problemas neste momento serían outros, e nós estamos falando dunha campaña de incendios que eu creo que é totalmente irrelevante a efectos de comparecencia; pero, en todo caso, é verdade que vostede está no seu dereito.

O razoamento que me facían é, bueno, imos falar de incendios, este ano aforrariamos cartos. Claro, o razoamento é lóxico. Este ano choveu, houbo poucos incendios, aforrariamos cartos polo menos. Non. O Servizo de Extinción de Incendios, tal e como está deseñado, cústalles igual aos galegos que arda que non, que chova que non, que vostede teña a metade dos incendios que que non. O custo é o mesmo. Increíble, ¿verdade? Non o entende ninguén, só vostede, señora conselleira. É fácil de entender. ¿Por que? Porque o servizo non está pensado para extinguir incendios. O servizo é un negocio e unha industria en si mesmo. É unha maneira de que os alcaldes contraten xente por si mesmos

para iso, para axudar á volta ciclista, cousas necesarias, para as festas... É dicir, todo iso necesario.

Pero vostede gastou igual este ano que non ardeu, ou que ardeu –vostede mesma o dixo– menos da metade que o ano pasado, e vai gastar igual para o ano que vén, arda ou non arda. É dicir, aos galegos, a efectos orzamentarios –e intérpreteseme ben–, dálles igual que arda ou non porque a Xunta vai gastar exactamente os mesmos cartos. ¿E vostede segue considerando que esta é unha política axeitada? ¿Esta é a eficiencia, o sentidoíño e o sentido da austeridade que ten o señor Feijóo para este país? ¡Isto é un pitorreo, señora conselleira! Isto é un pitorreo. Aos cidadáns que veñen aquí que lles diga que este verán non choveu, que foron alucinacións súas, que ardeu a metade –ou menos da metade– pero que gastou o mesmo, e que ademais estamos ben, ¿como non nos van mandar á porra? ¡Claro que nos teñen que mandar á porra! O raro é que non nos corran a gorrazos. E así estamos, señora conselleira.

Porque hoxe, a día de hoxe, a semana pasada, para a semana que vén, ¿que está facendo o persoal contratado no distrito da miña comarca? ¿Vostede sabe o que está facendo? Non, non o sabe porque non o sabe ninguén, non o saben nin eles. O da miña comarca ou o de calquera outra.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ¿Ao longo do ano que traballo estamos facendo? ¿Onde está a planificación? Vostede debía vir aquí a falar en termos políticos e dicir que estamos nunha planificación: en que zonas actuamos este ano, en cales imos actuar para o ano que vén, en cantas levamos actuando nos últimos anos. Non, absolutamente nada de nada porque non existe esa planificación. Porque non existiu nunca, señora conselleira, nin existe no seu modelo.

Señora conselleira...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...eu lin esta mañá unha entrevista a Goytisolo, que lle deron o Premio Cervantes, e preguntábanlle por que non escribía outra novela. E el contestaba dicindo que porque non tiña nada que dicir, e, polo tanto, cando non tiña nada que dicir, el prefería calar.

Señora conselleira, se non ten nada que dicir, cale.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor García.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Menos mal, señora conselleira, que veu vostede dar os datos aquí, os mellores datos dos últimos vinte e cinco anos. Imaxínese o que se falaría nesta tribuna se os datos foran outros despois de escoitar o que aquí escoitamos.

Nós sempre temos defendido desde esta mesma tribuna que o que é medible non é interpretable, e hoxe o resultado desta medición establece (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que falemos dos mellores datos dos últimos vinte e cinco anos, tanto en termos de incendios como polo número de hectáreas. Polo que, logo de coñecelos máis polo miúdo e despois de escoitala a vostede, creo que non é nada desatinado asegurar que a campaña contra incendios foi un acerto.

Un factor determinante puido ter que ver cos condicionantes climatolóxicos, aquí xa se dixo. Pode ser, aquí tamén se deu conta da súa relativa influencia, e o explicabamos aquí. Tivemos un verán non especialmente atípico, pero desde o Grupo Parlamentario Popular queremos ir máis alá, e, se facemos unha análise dos últimos cinco anos, polo tanto, unha visión moito máis ampla do que se falou aquí, na tribuna do Parlamento, o avance foi tamén moi significativo –avance dos últimos cinco anos, non deste ano–, cun 71 % menos de incendios. ¿Que lles parece, señorías? Vostede falou de 1.238 contra 4.308 lumes que había daquela; cun descenso dun 67 % da media diaria de lumes, que se eleva a un 75 % menos na última década; e cunha maior eficacia nestes últimos cinco anos. Nós non queremos falar deste ano. Nós, desde o Grupo Parlamentario Popular, como este ano choveu, falamos dos últimos cinco anos, que supoño que xa estaría tamén Meteogalicia, e non sei se choveu máis ou

menos durante os últimos cinco anos, pero cunha maior eficacia probada dos medios de extinción. Pero ademais é que hai datos básicos. Efectivamente, os mellores resultados dos últimos vinte e cinco anos.

Como dixó a señora conselleira, 1.238 lumes deixaron 2.003 hectáreas afectadas; só 180 lumes acadaron a categoría de incendios, e o 70 % dos lumes que houbo foron conatos. Pero é que, se comparamos isto co bipartito –imos ir máis alá dos cinco anos para atrás–, tamén imos coñecer os datos: a media de lumes por ano baixou nun 30 %; a superficie afectada por ano baixou nun 50 %; a superficie afectada por lume baixou nun 62 %, e no caso do arborado en case un 30 %. ¡E despois hai que escoitalos a vostedes na tribuna do Parlamento!

Nós xa sabiamos que vostedes ían falar deste ano, e nós queremos falar de cinco anos atrás ou de máis aínda. E non lle quero falar, señora Paz, do que pasou en incendios no ano 2006, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non lle quero falar. Con todo, nós coincidimos coa señora conselleira en que en cuestión de incendios forestais nunca debemos ser triunfalistas, ¡nunca!, hai que fuxir dese triunfalismo. Aí coincidimos. É certo que os datos obxectivos amosan que gañamos unha batalla, pero tamén é certo que debemos gañar unha guerra. Gañamos a batalla, pero o obxectivo non é gañar a batalla, o obxectivo é gañar a guerra. E iso estivo e está hoxe presente e forma parte da vontade e do esforzo permanente da Xunta de Galicia e do Goberno de Galicia.

Pero, señora conselleira, a oposición non quere ser obxectiva porque está nesa estratexia de negalo todo, está nesa estratexia de todo está mal, todo está mal. Agora, cando veñan, fálenme dos cinco anos, non me falen deste último ano; fálenme dos cinco últimos anos.

Nós, desde o grupo maioritario desta Cámara, porque uns estamos moito máis conectados que outros co que pasa aí fóra, porque tamén é certo que os galegos e as galegas tamén están máis conectados con nós á hora de votar, queremos felicitala a vostede e queremos felicitar o seu equipo por ter deseñado un Pladiga totalmente eficaz; e queremos felicitar tamén a eses 7.000 traballadores e traballadoras que formaron parte do operativo contra o lume, cuxa dedicación ten contribuído a acadar estes resultados.

E tamén quixera darlle un consello con humildade, señora conselleira, un consello con humildade. Que non faga vostede caso das críticas nin faga vostede caso dos reproches dos partidos da oposición. Primeiro, porque son argumentos repetidos. Nos discursos, se mira vostede o *Diario de Sesións*, xa sabiamos o que ían dicir. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire se sabiamos o que ían dicir que eu xa preparei os últimos cinco anos, porque xa sabía que ían vir por este ano. (*Murmurios.*) Xa sabiamos o que ían dicir, con independencia dos datos e da evolución positiva que teñan acadado todas as ratios, porque sempre din o mesmo, nada máis hai que mirar o *Diario de Sesións*.

E, segundo, que é moi importante, como mínimo a metade da oposición son os menos axeitados para dar leccións de lume, porque eles estaban ao mando cando Galicia sufriu a peor vaga de incendios da súa historia. ¡E daquela, señora conselleira, si sufrimos todos os galegos e todas as galegas! Daquela sufrimos a falta de xestión, daquela sufrimos a falta de reacción, daquela sufrimos a falta de planificación e daquela sufrimos o desprezo do papel dos concellos, das forzas de seguridade e do exército. Daquela si que sufrimos. ¡Vamos!, seguindo o símil, recibir leccións de como ten que organizarse un plan contra incendios por parte da oposición sería tan ridículo como contratar como bombeiro a un pirómano. ¡Ata aquí podíamos chegar! (*Aplausos.*) Que vostedes nos queiran dicir agora, despois do que sufrimos con vostedes no Goberno, como se ten que organizar o operativo, ¡ata aquí podíamos chegar!

Pero, se me permite tamén, señora conselleira, quero desmentir afirmacións que escoitamos todos os anos. Aquí falou a recén estreada na tribuna do Parlamento portavoz do Grupo Mixto –quero dicir en tema de incendios, non neste Parlamento–, e falou de privatización. E eu teño que dicir que en Galicia a loita contra os incendios é un servizo público, pagado con diñeiro público (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que sufragan todos os galegos e as galegas. Repito, en Galicia a loita contra incendios –por se algunha deputada non escoitou ben– é un servizo público. ¿Repítoallo outra vez? É un servizo público, (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) pagado con diñeiro público, e unha inmensa maioría do despregue de medios públicos prestado tamén por empresas públicas.

Falan vostedes de privatización, e en Galicia xa se lles explicou cando se presentou o Pladiga. Das 5.767 persoas que realizan tarefas de prevención e extinción –é dicir, 59

máis no 2014 que no 2013–, un total de 5.119 son persoas das administracións: 2.431 da Xunta, 2.629 dos concellos e 59 do Estado. ¿De que nos están a falar vostedes? E isto é máis do 88 % do persoal operativo en Galicia. Pero é que llelo explicou a señora conselleira cando lles veu explicar aquí a vostedes o Pladiga. ¿De que nos falan vostedes?

E consolídase ademais o persoal funcionario e laboral fixo e fixo discontinuo da Xunta. ¿De que nos veñen falar á tribuna do Parlamento? Nós xa sabiamos o que ían dicir vostedes, porque, se vostedes miran o *Diario de Sesións*, dixeron o 70% do que dixeron cando se presentou o Pladiga, e nós tivemos o coidado de ir ao *Diario de Sesións* para saber o que ían vir dicir vostedes á tribuna do Parlamento.

Ademais, desde o PP e desde o Grupo Parlamentario Popular nós seguimos defendendo as brigadas municipais, e non deben ser tan malas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) señor Losada, porque alcaldes (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que pertencen ao seu partido pídenas e alcaldes que pertencen ao Bloque Nacionalista Galego pídenas. Os que non piden ningunha son os de AGE. Os alcaldes de AGE non piden ningunha porque, loxicamente, como comprenderá, non os hai en Galicia. (*Aplausos.*) Agora, os do Partido Socialista e os do Bloque Nacionalista Galego si piden as brigadas. (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Losada, silencio.

O señor BALSEIRO OROL: E digo que dispoñen da mesma formación e medios que calquera das incorporacións en épocas de alto risco no pasado. E non é certo que este sexa un modelo fracasado, este non é un modelo fracasado. O verán do ano 2013 chegaronse a atender máis de 80 lumes por día, e o éxito da extinción deuse en máis do 95 % dos lumes. ¿De que nos falan vostedes? Pero, ¿onde queren sentar vostedes leccións de como se organiza neste caso a extinción de incendios?

E non é certo tampouco o que aquí se dixo, de que só apostabamos pola extinción.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando.

O señor BALSEIRO OROL: Se vostedes miran os presupostos, daranse conta de que tamén hai políticas preventivas. E só no ano 2015, que aparece nos presupostos o programa de accións preventivas, a infraestrutura forestal crece un 13 %; accións directas e mellora silvícola que crece un 60 %; a loita contra as pragas e enfermidades forestais nun 72 %, e duplícanse as axudas a montes veciñais para silvicultura preventiva, que pasan de 4,4 a 9,1 millóns.

Señora conselleira, podemos aceptar todo, pero vostede, entre ser a conselleira de Medio Rural e ser a conselleira do Mar, tamén é a conselleira de apagar os lumes.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ¡Solo faltaría!, porque para iso lle pagan. E oxalá, mentres vostede estea á fronte, se sigan apagando moitos lumes, non que se deixe arder como se deixaba arder no ano 2006...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: ...cando ardía Galicia polos catro costados e non se apagaban os lumes.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Balseiro.

Réplica. Conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Paz, cando dou as grazas dounas de verdade, non con cinismo. O que non se pode é mentir, e o que non se pode dicir é que lle estamos privando de 48 horas de descanso á semana ao persoal do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios. O único que se quitan son as 12

horas anteriores ou posteriores ás 48 horas de descanso. Teñen dereito ás 48 horas de descanso á semana, teñen dereito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Paz, revise a lei.

Mire, en materia de biomasa non se parou absolutamente nada. Se non se sacaron adiante os proxectos foi por falta de viabilidade económica das empresas que os ían facer, pero os concursos resolvéronse, os proxectos aprobáronse e as empresas non os desenvolveron. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, señora Paz. Vostede está no debate, ten outro turno despois.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): A verdade é que a min me acaban de dicir que, se non teño nada que dicir, que cale. Pero non vou calar porque teño moito que dicir. *(Aplausos.)* A min moléstame, sinceramente, que, cando un vén aquí dar explicacións, se lle intente calar a boca. Porque, claro, cando nos din que vivimos alonxados da realidade, eu me pregunto, ¿quen vive alonxado da realidade? ¿Cal é o verán típico de Galicia?, ¿o deste ano ou o do ano pasado? Porque, claro, un ten que ver os datos. Si, moita risa, moita risa. Pero é que o verán típico de Galicia é o que é. Vamos aos datos, vamos aos datos e imos revisar que é o que pasou aquí, sen ir máis lonxe, no ano 2007. E veremos se choveu máis na primavera do ano 2007 que o que choveu este ano. E se choveu máis no verán do 2007 que o que choveu neste ano. E cando comprobemos eses dous datos, eu lles direi, choveu máis na primavera e choveu máis no verán do 2007 que no do 2014, e arderon 6.000 hectáreas no 2007 e 2.000 hectáreas no 2014. Algo quere dicir, señorías, algo quere dicir. *(Aplausos.) (Murmurios.)* E eu digo que non hai que ser triunfalistas, claro que non. E, se non ardeu máis, é pola eficacia e a eficiencia do persoal do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios. Porque intentos de queimar, houbos. Porque falar de máis de 1.000 lumes quere dicir que houbo intentos de queimar, o que pasa é que se actuou rápido, actuouse dunha maneira coordinada, e non haberá quen me cale para seguilo dicindo alto e claro. ¡Non vou calar! *(Aplausos.)* Non señor. ¡Non se pode mentir desa maneira!

Os veráns de Galicia todos sabemos como son, e creo recordar, porque a memoria é moi fráxil, que o ano pasado todo o mundo dicía que parecía que estabamos en Andalucía...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Fajardo. Señor Fajardo, silencio.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): ...non era un verán típico de Galicia o ano pasado.

(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, non, pero o que está provocando é vostede.

Perdoe, señora conselleira.

O que está provocando é vostede. *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)* Está provocando vostede porque está interrompendo constantemente. Non, que lle fago un seguimento desde aquí. *(Risos.)* Xa o sabe, xa o sabe, é mutua a cousa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Polo tanto, prosiga, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Dixéronse moitas cousas aquí nestas intervencións. Díxose que o monte non só é biomasa, que o monte non só é madeira, que soamente favorecemos a plantación de piñeiros e eucaliptos. Moitas cousas se din, pero, a verdade, eu volvo dicir ¿que é o que non vive na realidade de Galicia? Non hai máis que saír polas nosas carreteras e ver como están as frondosas en Galicia; que se incrementou o nivel de frondosas un 143 % en Galicia nos últimos vinte anos, ¡un 143%! A única liña de axudas específicas que hai para plantacións é a de castiñeiros, a de soutos de castaños. O ano pasado sacouse unha orde de tres millóns de euros só para castaños. Entón, un pode aguantar moitas cousas, pero a verdade é que, cando eu na primeira intervención dixen todo o que estamos facendo polo monte, dixen que dende o Consello Forestal se están establecendo grupos de traballo para facer o novo plan forestal de Galicia, onde se quere dar participación a todos os que forman parte do Consello Forestal, onde están as asociacións ecoloxistas, onde están representantes de todas as persoas que teñen intereses no monte, onde está a xente das universidades e onde están as asociacións de consumidores. Creo que hai unha representación

ben clara de toda Galicia no Consello Forestal, e a todos eles se lles está dando participación para que, por unha vez, Galicia se unifique e teña un criterio único de que é o que queremos para o noso monte. Estamos falando de que todas as medidas que se están poñendo enriba da mesa para os próximos anos son de ter un monte multifuncional, onde se poidan aproveitar absolutamente todos os froitos que nos dá o monte, desde cogomelos, a madeira, a biomasa, todo o que nos poida dar o monte, e que o poidamos poñer en valor.

Dise aquí que son 108 millóns, que nos custa o mesmo todos os anos o Servizo de Extinción de Incendios, que ano tras ano aumenta. Non, o que incrementan son os gastos de prevención, os de extinción están conxelados. Pero, mire, é que teñen que existir. Oxalá que non haxa incendios, ¡claro que si!, oxalá que non haxa desgrazas, pero os corpos de emerxencia teñen que existir igual haxa ou non haxa emerxencias. ¿Ou é que imos desmantelar os servizos de emerxencias porque non haxa un ano consecutivo emerxencias, e cando aparezan as emerxencias nos poñemos todos locos a ver como as creamos?

¡Home! hai unha cousa que é básica. Comentaban qué se fai de prevención durante todo o ano. Pois máis de 1.000 persoas, case 1.100 persoas, traballan diariamente en labores de prevención, iso é o que se fai durante todo o ano. Son practicamente nove meses nos que temos labores de prevención con persoal propio da Xunta de Galicia. E, claro, cando falei dos cursos que se dan nos colexios para os rapaces, para ir incrementando os valores da cultura medioambiental na nosa xuventude, iso criticóuseme; por outra parte, díxeme que se fomenta a cultura nos nenos por valores do medio ambiente; e, por outra parte, díxeme que se lle dea formación á xente do PP. Bueno, eu creo que a formación non nos vén mal a ninguén, pero non ten por que ser exclusiva para a xente do PP, creo que todos os demais tamén necesitamos moita formación.

En canto se me acusou aquí de que era a primeira vez que se delimitaban as parroquias de alta actividade incendiaria, señora Paz, non sei se me malexplicuei ou me malentendeu, o que dixen é que por primeira vez se fixeron públicas, con nomes e apelidos, as parroquias de alta actividade incendiaria, e o que teño que dicir é que se declararon 79, que se publicaron no Pladiga cales eran as 79, e, desas 79, este ano xa 41, se o ano que vén volven cumprir os requisitos, sairán desa listaxe. E creo que é bo para todos, non é o feito de ser

triumfalistas, creo que temos que recoñecer entre todos que este verán non foi un verán atípico, que é un verán típico de Galicia, e así o din os datos de meteoroloxía. Non é que Meteogalicia funcionara este ano, Meteogalicia funciona todos os anos, e as chuvias en Galicia son algo normal. O que non foi normal foi o verán que tivemos o ano pasado, e o que non é normal é que con vento, sen vento, con calor, sen calor, con choiva ou sen choiva Galicia arda. E para iso nós seguiremos a traballar, para evitar que Galicia, con choiva ou sen choiva, arda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Rolda especial de aclaracións. Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Señora conselleira, non se bica vostede na boca a si mesma porque non pode, se non, estaría morreándose todo o día. (*Murmurios.*) Non mirei a ninguén con tanta falta de autocritica e tanta compracencia polo seu traballo. ¡Realmente alucinante! Pero non me estraña, despois do consello que lle dá o señor Balseiro. Con consellos coma este, así goberna este goberno. Non siga os consellos do señor Balseiro: “non faga caso das críticas”. O máis antidemocrático, o máis –sen ánimo de ofender– [...] (*Por orde do señor presidente –Santalices Vieira– e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.*) que escoitei en moito tempo. As críticas sempre se deben escoitar se un quere mellorar, co cal, o señor Balseiro está claro que non ten ningunha intención de mellorar. Non quere escoitar as críticas. Non quere escoitar as críticas da oposición, pero tampouco quere escoitar as críticas dos comuneiros nin dos sindicatos nin dos brigadistas, só quere escoitar a autocompracencia do Partido Popular.

Nun incendio non só se perde masa forestal, nun incendio pérdese biodiversidade, pérdese patrimonio, pérdese algo que é do pobo e que vostedes maltratan continuamente. Di vostede que os servizos antiincendios son públicos. Non, dicíao o señor Balseiro, son públicos. Vostedes teñen un problema tremendo á hora de definir público, privado, concertado, subcontratado. Vostedes confunden o que se paga con

diñeiro público co que é público, e así nos vai. E así miramos os casos de corrupción que hai nas concesións administrativas, porque vostedes confunden o público co negocio privado e co beneficio particular e persoal, algo moi grave para alguén que goberna. Polo tanto, non é público, aínda que se pague con diñeiro público. Por moito que repitan que é público, non se vai converter en verdade, e a xente sabe o que é público e o que non é público.

Fala vostede do que se fai en prevención, fala de que están contratados, pero non contestou para nada cales son as actividades en prevención que se fan no monte durante os meses que non son de verán, que non son de alto risco. Que-dei igual que estaba porque non me contestou á pregunta.

Pero o máis penoso de toda a súa intervención é que é unha intervención baseada na climatoloxía. Falamos de se choveu máis no 2006, no 2007, no 2008, cal é o clima normal de Galiza, se chove, se non chove, e niso baseou vostede toda a súa comparecencia, e mais na autocompracencia, e nada máis, non hai nin visión de futuro nin plans de futuro nin nada que se lle pareza.

Eu non critiquei a formación aos nenos, todo que sexa formación está ben, pero digo que, ademais dos nenos, quen máis necesita formación, despois de escoitar o que se escoita, é o propio Goberno e o Partido Popular. Necesitan facer todo o contrario do que lle aconsella Balseiro: escoitar a xente que vive do monte, a xente que está no monte, escoitar os comuneiros, aprender do monte, coñecer o monte e amar o monte galego, cousa que vostedes non saben facer. Polo tanto, escoiten as críticas e anímense ao que eu lles propuña na miña primeira intervención: sexan o suficientemente xenerosos, responsables e comprometidos con este país para abrir un gran debate neste Parlamento e chegar a un gran consenso sobre a actuación no noso monte, sobre como protexer o noso monte, sobre como aproveitar o noso monte; un consenso de todas as forzas políticas que sexa válido para os próximos corenta ou cincuenta anos.

Non se pode cambiar de política forestal cada catro anos ou cada oito anos, sen embargo vostedes se enrocan e, aínda por riba, presumen de que non escoitan as críticas de ningún. Así mal imos, así mal imos. Esa é toda a democracia, iso é o que entende o Partido Popular por democracia, iso é o que entende o Partido Popular por cal é o papel deste Parla-

mento. Ese é o criterio que ten o Partido Popular, pobre e que nos condena á miseria e a perder a riqueza dos nosos montes.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez.

Señora Martínez, pediríalle que retirase a palabra [...].

(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)

Perdón, perdón. Por favor, diríxase a min e diga se a retira

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Xa dixen que non era para molestar, que era unha definición.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Pero díxoa, e quero que a retire.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Non a retiro.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Pois, se non a retira, ten vostede unha chamada á orde e queda retirada esa palabra do *Diario de Sesións*.

Polo grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

¡Viva a democracia!

Señora conselleira, eu téñolle que dicir que, desde logo, parece moi pouco democrático que ante as críticas construtivas, creo eu, e respectuosas que lle fixemos desde os grupos parlamentarios vostede parece que non as sabe encaixar, e ao único que vén aquí é a enfadarse e mostrarse absolutamente intolerante. Efectivamente, facéndolle caso ao señor Balseiro, ao cal só lle vou dedicar dez segundos, se pode ser.

Mire, señor Balseiro, ao mellor no 2006 había un goberno que deixaba arder, pero é que había unha oposición que [...] *(Por orde do señor presidente –Santalices Vieira– e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do*

Diario de Sesións.) no monte pedíndolles aos seus alcaldes que non firmaran os convenios coa consellería e que obstaculizasen ao máximo. [...] *(Por orde do señor presidente –Santalices Vieira– e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.)* ao monte, si señor. E dígoos aínda que sexan os catro minutos que me quedan de intervención. Era ao que se dedicaban. É unha pena que non estea xa aquí a señora Faraldo. *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Mire, eu vou facer unha manifestación. Neste verán no choveu, xa está, non choveu en todo verán, e ademais fixo unha calor “de la hostia”, un calorazo impresionante.

Mire, *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Meteogalicia –seguimos–, valores climáticos medios para o mes de xuño en Galicia, 34,8; xuño de 2014, temperatura máxima absoluta, 27,4. Eu xa sei que con este goberno 27 é máis que 34, ¡que lle imos facer! E podíamos seguir así, podíamos seguir así, señora conselleira. Pero asumo, admito, señoras e señores deputados, fixérono vostedes de cine, este ano non choveu nin unha pinga en todo verán e fixo unha calor que en Ourense estabamos abafados.

Mire, señora conselleira, o que non lle consinto é que suba vostede aquí a dicir que minto, ¡non llo consinto! E mire, repase os DOG, repase os DOG e verá como houbo unha orde da Consellería de Industria –anda por aí, non está, ¡vaia!, estará tomando o sol–, do ex conselleiro de Industria –agora deputado–, unha orde do DOG poñendo: anúlase o concurso para licitación de centrais térmicas de biomasa. Non foi porque non se presentara ninguén, que había moitos que se presentaron. Igual o problema era que non se presentou Ence ou que non cumpría os requisitos. Igual viña máis por aí o problema, non porque non se presentara ninguén.

E mire, señora conselleira, tampouco lle consinto que me diga que minto a respecto do que dixen aquí dos traballadores. Mire, vullle ler o apartado 3.3.8, ¿vale?, enteiro. E pon: “A cada persoa do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais garáteselle un descanso semanal de dous días naturais ininterrompidos. Na época de perigo

baixo de incendio, garantírase polo menos o descanso en domingos alternos e na metade dos festivos como mínimo, sendo a outra metade dos festivos e domingos compensados con días de descanso segundo determinen os cuadrantes anuais. Na época de perigo alto, garátese un descanso da metade dos festivos e un domingo ao mes como mínimo, a metade dos festivos e os domingos traballados serán compensados en días de descanso segundo se determine nos cuadrantes anuais. A compensación será efectuada conforme o previsto no convenio colectivo único no artigo 19.”

E agora vullle ler a emenda do Partido Popular, que di: “Durante o ano 2015 quedará suspendida a aplicación do artigo 19 do convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia, así como o primeiro parágrafo do punto 3.3.8 do acordo polo que se establecen as condicións especiais de traballo do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia”, que é onde pon que teñen dereito a librar dous días seguidos. Vostedes quítanlles o dereito a librar dous días seguidos, e gustárame, señora conselleira, que fora vostede apagar incendios, despois de traballar doce, catorce ou quince horas, sen descansar dous días seguidos. *(Aplausos.)* ¡Gustárame que foran vostedes facer iso!

Vostedes poden vir aquí coas cifras que queiran, pero o certo, señora conselleira, é que antes neste país había na Dirección Xeral de Montes un programa, que era o 713A, de mobilidade de terras agrarias improdutivas no ámbito forestal, que no ano 2009 –que foi a última vez que existiu– tiña 11,3 millóns de euros, que atacaba unha cuestión estrutural grave. Iso desapareceu.

Segunda verdade irrefutable, porque, como di aquí o señor Balseiro, o que é medible... pero iso é discutible, porque o medible ás veces tamén é un pouco subxectivo: grande-pequeno, moito-pouco, esas cousas que xa se sabe. Había e hai un programa, que é o 713B, de ordenación de producións, que no ano 2009 tiña 71,7 millóns de euros e no 2015 47 millóns, un 33,26 % menos.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

A señora PAZ FRANCO: E isto é a prevención e a ordenación. E o programa 551B...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...que se dedica practicamente na súa totalidade á extinción, é o único que se mantén: 110 no 2009, 108 no 2015, señora conselleira. Polo tanto, iso non é eficiencia. Non é eficiencia gastar máis para manter a raia os incendios forestais.

E permítame que lles diga outra cousa aos señores do Partido Popular. A evidencia de que vostedes só queren un modelo forestal para triturar madeira ou para queimar madeira en forma de pellets é que nese programa 713B, que nas transferencias correntes –é dicir, nas axudas ao sector– tiña 27 ou 28 millóns de euros e agora ten 17, había dous programas...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...un para as pemes de primeira transformación de madeira, e outro para a mellora de calidade para microempresas que vostedes se cargaron, señoras e señores do Partido Popular, desapareceron. A vostedes a transformación da madeira non lles importa, porque non lles importa que ese sexa un sector dinamizador da economía.

E, desde logo, dígolle que a única forma de rematar cos incendios é que sexan os montes útiles e que haxa xente que viva e teña traballo nos montes do noso país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Paz.

(A señora Rodríguez Arias pide a palabra.)

¿Si, señora Rodríguez Arias? ¿Para que quere a palabra? Déanlle voz ao escano da señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Con base no artigo 76.3, porque consideramos dende o Grupo Parlamentario Popular que se acaba de facer unha acusación gravísima a alcaldes do Partido Popular *(Protestas.)* e ademais se está imputando un delito a alcaldes que neste momento non se pode permitir neste Parlamento.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Ten un breve turno.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Polo tanto, señor presidente, penso que vostede... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Losada, vostede non está no debate.

Ten un breve turno.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...escoitou perfectamente o que dixó a portavoz do Bloque Nacionalista Galego. É algo moi grave. E, dende logo, como mínimo, xa non lle digo que pida perdón, pero si que retire o que acaba de dicir.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Rodríguez Arias.

(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, non, non imos... Perdón, perdón, o debate, señor Losada, estouno dirixindo eu. Si, si, si. *(Protestas.)* O debate diríxoo eu. Hai unha petición da señora Rodríguez Arias para a retirada desta cuestión; unha cuestión que eu tamén considero que lesiona... *(Protestas.)* Si, si, ¡eu tonto non son, eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdoe, eu dirixo o debate. Hai unha petición e quero saber o que responde vostede a esa petición. Déanlle voz ao escano da señora Paz. Responda a esa petición. Hai unha petición de se vostede está disposta a retirar iso.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Hai unha carta que obra na documentación oficial da Comisión de estudos de incendios, constituída neste Parlamento no ano 2006, na que consta literalmente a afirmación que fixen. Polo tanto, non retiro nada. Documentación oficial deste Parlamento *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¿Non a retira? *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non a retira? Se non a retira..., se non a retira... Non, non, señor Losada... ¡Silencio, por favor! *(A señora Rodríguez)*

Arias pronuncia palabras que non se perciben.) Señora Rodríguez Arias, señora Rodríguez Arias, silencio. ¡Silencio! Non, non. Señora Rodríguez Arias, silencio.

A cuestión zánxase do seguinte xeito. Señor Losada, vostede ten unha chamada á orde. (*Protestas.*) Primeiro punto.

Señora Paz, vostede tiña dúas chamadas. Como a presidenta non lle advertiu –eu estaba aquí– de que a segunda (*Protestas.*) supuña expulsión, eu advírtoa de que á próxima vostede será expulsada.

Despois, no vocabulario que vostede utilice na súa linguaxe parlamentaria –vostede foi vicepresidenta do Parlamento–, eu niso non vou entrar.

Pasamos, polo tanto, ao turno de palabra do señor Sánchez García.

(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Jorquera, isto está zanzado. Non, non... É que... (*Protestas.*) Non, non, entendeu vostede mal, non era por iso. Non, está zanzada. Non foi así. Non foi así.

Silencio, por favor. ¡Silencio! Eu entendín como entendín e creo que entendín ben. Está zanzada a cuestión.

Grupo Parlamentario de AGE. Señor Sánchez García, ten vostede a palabra.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Está claro que na oposición soñamos que tivemos un verán chuvioso e tamén soñamos que limos aquela carta que recomendaba non asinar eses convenios cos concellos. Soñámolo. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Rodríguez Arias, silencio. (*A señora Rodríguez Arias pronuncia palabras que non se perciben.*) Unha chamada á orde, señora Rodríguez Arias. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señora Rodríguez Arias, unha chamada á orde. Señora Rodríguez Arias, ten vostede unha chamada á orde.

(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Losada, vou ter que volvelo chamar á orde. A ver se terminamos isto tranquilos e que poida falar o señor Sánchez.

Prosiga, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Houbo algunha novidade coa operación Zeta, ou coa financiación irregular do PP de Ourense, para que se poñan así de nerviosos?

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia ao tema, vaia ao tema, vaia aos incendios.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Eu non entendo... (*Risos.*) Seguramente algo pasou e eu non me enterei. (*Interrupcións.*)

Si, si, aquí teñen sempre razón porque son 41, ¡iso está claro! Poden retorcer a realidade todo o que queiran, pero eu vin esa carta, non o soñei. Vimos esa carta, si señor. (*A señora Rodríguez Arias pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio. ¡Silencio! Señora Rodríguez Arias, segunda chamada á orde, e advírtoa de que á próxima ten vostede que abandonar o Pleno. Segunda chamada á orde.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa ten que ser grave o que pasou para que se poñan así de nerviosos, porque non se poñen nerviosos con nada, nin con que o señor Pachi Lucas durma en Monte Pío nin nada... Non entendo.

Señor Balseiro, vostede acusounos de vir aquí e dicir o mesmo que os outros anos. Eu creo que dixen máis ou menos o mesmo que outros anos, iso chámase coherencia. Coherencia. Evidentemente, temos o mesmo diagnóstico este ano que en anos anteriores. É máis ou menos, quitando algún detalle, repetimos discurso.

Vostede nunca repite discurso, non repite discurso. Por iso neste discurso, señor Balseiro, cambiou e non falou nada do bipartito nin dos alcaldes do BNG nin dos do PSdeG. Non cambio nada, non cambiou. Ata dixo a mesma frase con respecto aos alcaldes de AGE; xa a leva dito tres ou catro veces. O único que cambia vostede son os datos, porque, como os inventa, cada vez di uns diferentes. O discurso do señor Bal-

seiro foi unha aportación moi construtiva ao debate e ao futuro deste país, si señor.

Por certo, señora conselleira, o sector da madeira creo que denunciou que non houbo proceso participativo no Programa de desenvolvemento rural. ¿Ou tamén o soñei? E ao ver iso xa me quedei máis tranquilo, non son eu o único tolo que pensa que non houbo proceso participativo no Programa de desenvolvemento rural, senón que o sector da madeira tamén lle mandou unha carta a vostede na que denunciaba que non houbera ese proceso participativo. Tamén dixeron que se desviaban fondos do PDR 2014-2020 para extinción de incendios e que se reducían as inversións no monte.

Ben, pois resulta que tivemos un ano típico galego. Non sei como interpretar iso, se foi un ano bo ou malo para que ocorran incendios. ¿Influíu a climatoloxía en que houbera menos incendios?, ¿sí ou non? Se vostede di que non, está perdendo moita credibilidade. Eu insisto, non se ofenda, pero, claro, se vostede di que non importou a climatoloxía deste verán para que ocorran menos incendios e de menos superficie, pois entón está perdendo credibilidade.

Seguramente sexa así. E como se ofende, tamén teremos que darlle a razón, e resulta que temos un modelo forestal baseado na produción de madeira de calidade, con especies de turno longo que xeran moito valor engadido. Que é mentira iso de que producimos o 50 % das cortas pero só o 13 % da facturación. Iso tamén é mentira. Está moi ben, temos algo así como o que hai nas Landas, en Francia, que disque é o modelo que hai que aplicar en Galicia, que é o modelo a imitar. Pois aquí tamén o temos. Temos unha industria que trata a madeira de calidade.

Tamén cada vez gastamos máis en prevención e estamos reducindo os impostos en extinción. Dígollo para que non se ofenda. Tamén melloramos a calidade da madeira de caducifolias e frondosas.

Home, unha cousa é que vostede veña aquí defender a súa política, e outra cousa é que nos queira tomar por parvos. Nós estamos facendo o noso labor e estámolles dicindo o que cremos que é unha realidade. E a realidade é que temos este modelo: de baixa calidade, pouca creación de valor, pouca creación de emprego, que non fixa poboación no rural, que é de produción de madeira de baixa calidade.

Vostede dicía que medraran as caducifolias e as frondosas un 143 %. ¡Home, claro! Medraron os salgueiros nos prados. En moitos prados que se abandonaron medraron os salgueiros. Agora ben, pregúntelle a calquera experto se medrou ou empeorou a calidade da madeira destas frondosas e caducifolias, a calidade xenética desta madeira. ¿Acaso Galicia é produtora de madeira de calidade, señora conselleira?

Vostede veña aquí e dígame se se caracteriza a produción madeireira de Galicia por producir madeira de calidade, de alto valor engadido. Dígao aquí. Recórdese do que lle dixen e contésteme, por favor.

Despois o do operativo. Cando lle dicimos que o operativo debería de ser menos complexo, máis profesionalizado, dicímolo nós pero tamén o din os propietarios do monte, que son os primeiros interesados en que non arda. Eles tamén o din, e tamén suxiren que as cuadrillas municipais non son unha boa idea....

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que o que hai que facer é ter un corpo profesionalizado e único.

Tampouco me contestou, e nunca me contestará, en que fallaron vostedes para que a superficie agraria deste país siga descendendo. Nunca me contestou, ¿e mire que —como di o señor Balseiro— nos repetimos! Pero nunca me dixon por que segue baixando. Por que as súas políticas non funcionan e segue baixando a superficie agraria, que tamén inflúe na ocorrencia de incendios.

Tampouco falou das políticas de mellora da estrutura da propiedade, das sofor.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Por que non di en que fallaron nestes seis anos para non crear nin unha soa, señora conselleira?

Polo tanto, está ben que vostede defenda a súa política con argumentos, pero o que non pode é vir aquí e facerse a ofendida porque nós veñamos dicir cuestións que son reais.

E por último, señora conselleira, se quere debater en serio, debatamos. O que non pode é vir aquí facer o balance do ano 2014 dicindo que a climatoloxía non influíu para nada.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor García García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Señora conselleira, eu estou convencido de que a vostede lle dixeron, ou decidiu vir aquí, nestas épocas convulsas, e dixo vostede: vou falar de incendios ao Parlamento, que é un tema que este ano choveu e saíu ben, co cal vai ser unha comparecencia que pase totalmente desapercibida para este Goberno. Entre tantos líos de formación e demais, era unha cousa tranquila. Xa ve que nin sequera iso. Algo tamén está facendo mal nese sentido porque, cada vez que vén aquí, se monta un lío.

E, señor Tellado, esa carta existe, esa carta existiu, esa carta é pública, e era a carta firmada por unha ex compañeira súa de Parlamento, pero que ata onde eu sei segue sendo compañeira do Partido Popular, a ex deputada Dolores Faraldo, na que lles dicía –por certo, señora conselleira, cooperación entre administracións, responsabilidade entre as administracións– textualmente aos alcaldes do Partido Popular que non asinaron o convenio co entón Goberno da Xunta para a protección dos núcleos rurais. Está negro sobre branco e é así, polo tanto, non é discutible. ¿Como é, señor Balseiro? Os datos non son opinables. É un dato, está publicado, está neste Parlamento, está en internet, e foi publicada polos xornais. É así, cada un ten o seu pasado, e a foto coa manguera é de Feijóo, (*Aplausos.*) non é de ninguén de aquí, é de Feijóo. ¡E iso tamén é así!

Señora conselleira, brigadas municipais. Non é que nós non defendamos que cada concello teña unha brigada municipal. ¡Claro que nos parece ben! Iso si, pagábaa Vicepresidencia. Señora conselleira, vostede estalles pagando a protección civil aos concellos con cartos europeos –que un día se nos caerá o pelo– que din clarísimamente que son para previr.

¿Quen lle conta a milonga en Europa de que as brigadas municipais están facendo prevención? O señor Balseiro e mais vostede, ninguén máis neste país. Ningún alcalde pensa que a brigada que ten contratada está facendo prevención de incendios –sexa do PSOE, do BNG, de AGE, do PP–, ¡ningún, señora conselleira! Se ese é o seu modelo de prevención, se vostede considera que as brigadas municipais e o traballo que están facendo hoxe en día é o seu modelo de prevención, entón si, que chova todos os anos porque, se non, imos moi fastidiados.

Señora conselleira, o servizo que estaba antes permitía que, se un ano había máis incendios, se gastara máis que se un ano había menos. Era un servizo único cunha lista de contratación transparente. Polo tanto, en función do nivel de alerta que tivésemos de incendios, íase contratando xente. O seu servizo non, señora conselleira, e reafirmo-me. Efectivamente, vostede gastou igual cando ardeu que cando non, e vai gastar igual arda ou non arda porque vostede non está nun servizo de prevención e extinción de incendios, está para facerlle o servizo de protección civil, que –repito– é moi necesario, non estou dicindo que non sexa necesario, polo tanto, non me queixo eu nin vou ir contra as brigadas municipais para o que son as brigadas municipais, pero non para previr nin para extinguir lumes, señora conselleira; e ese modelo non é operativo nin funcional.

Señora conselleira, fálame vostede de participación do Consello Forestal, ¡pero se todo o Consello Forestal lle di que está equivocada! ¿Quen non lle di a vostede que está equivocada? Dígame un organismo. (*Murmurios.*) ¿Quen? ¿Quen apoia a política forestal que está levando? Á parte do PP, como é lóxico, ata aí chegaríamos. ¿Quen apoia a súa política forestal? ¿Que organización apoia a súa política forestal? ¿Quen? ¡Ningunha!

Señora conselleira, reitéroo, ¿que está facendo calquera distrito esta semana? ¿Que fixo a semana anterior? ¿Que vai facer para a semana que vén? ¿Que vai facer para o ano que vén? ¿Que fixo o ano anterior? Calquera distrito, diga un, calquera, o que vostede queira. Deseñe un plan dese distrito e díganos que foi o que fixo, a que se dedicou, que vai facer. Non o sabe. Pero non o sabe non por descoñecemento, senón porque non existe ningún tipo de planificación, tal como lle dicía. E non me pode contestar porque é imposible sabelo.

Reafirmome nos datos, señora conselleira: 40 millóns só en coches, helicópteros e persoal, ¡40 millóns! E iso ano tras ano. E, repito, chova ou non chova, haxa lumes ou non haxa lumes. Este país non pode permitirse iso estruturalmente durante moito máis tempo. E vostede é a única que non se entera, que non quere enterarse, de que mentres non invirtamos a política e empecemos a investir máis en prevención e noutro tipo de medidas estruturais, indo aos problemas estruturais... Señora conselleira, ¿que fixo vostede nas parroquias altamente incendiarias? ¿Que plan de prevención fixo, ademais de ameazar os gandeiros con que se ardía lles quitaba as subvencións?

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ¿Que máis fixo? Absolutamente nada. ¿Que foi dos globos aerostáticos, que foi dos infrarroxos? ¿Ten vostede algún tipo de avaliación do que fai, de se saíu ben, se saíu mal, dalgún tipo de medida, ademais de vir aquí ano tras ano enumerarnos o Pladiga antes e volvernos enumerar o Pladiga despois...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...e dicir, en función de se chove ou non chove, que tivo vostede máis ou menos éxito? Señora conselleira, non me interprete mal. Eu non fixen, nin nunca interprete –e se foi así nalgún momento arrepiéntome diso–, ningún tipo de menosprezo cara o que vostede ten que dicir, cara o que vostede debería dicir. Eu o que dixen foi que non dixo nada porque neste momento seguramente non había nada que dicir. Non é problema seu, é que neste momento non tocaba isto; neste momento tiña que falar vostede do sector lácteo, tiña que falar do decreto, tiña que falar da PAC, tiña que falar do PDR...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...e non tiña que falar disto, que era case infalable.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor García.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente. Señoras deputadas e señores deputados.

Señora conselleira, eu quero empezar dándolle as grazas a vostede por un novo exercicio de transparencia, por vostede comparecer neste Parlamento, dar todos os datos que deu aquí, contestar todas as preguntas. Hoxe coñecemos outro sistema distinto de comparecencias. Foi casualmente o líder do Partido Socialista Galego, o señor Besteiro, na Deputación de Lugo, onde compareceu, e non deixou falar á oposición. Por iso moitas grazas por ese exercicio de transparencia. (*Aplausos.*)

E, dito isto, téñolle que dicir, xa ve, nós temos sempre a culpa, o Partido Popular ten sempre a culpa: se chove, porque chove; se quenta o sol, porque quenta o sol. No 2006 porque os alcaldes do PP non sei que dunha carta... –como comprenderá, non lle vou entrar aí, (*Murmurios.*) voulle entrar noutro tema que lle vai doer máis–, e no 2014 porque choveu. ¿Sabe cal é a diferenza entre eses alcaldes e o Bloque Nacionalista Galego? É que a maioría moi ampla deses alcaldes renovaron a confianza que lles deran os seus veciños. E o Partido Popular non só renovou a confianza neses concellos, senón que no conxunto de Galicia ampliou esa confianza. Vostedes na pasada lexislatura tiñan xustamente o dobre de deputados que teñen agora, por dicir semellantes [...] (*Por orde do señor presidente –Santalices Vieira– e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.*) na tribuna do Parlamento. (*Aplausos.*) ¡Esa é a realidade! (*Aplausos.*)

Pero é que nós non viñemos á tribuna do Parlamento nin a falar do ano 2006 nin a falar do ano 2014 porque xa os coñecemos. Nós queremos falar desde o ano 2009 ao ano 2014, os últimos cinco anos do Goberno do Partido Popular. ¿E sabe cales son os datos? Xa lle dixen que queríamos ter unha visión moito máis ampla, e é moi significativo, hai un 71 % menos de incendios dos que tiñan vostedes; que cando estaban vostedes había 4.308 lumes ao ano e agora hai 1.238; que descendeu un 67 % a media diaria de lumes; e que se eleva a un 75 % menos na última década. Xa sei que

vostedes querían falar deste ano, pero nós queremos falar dos últimos cinco anos. Ademais hai datos que son básicos, que son os mellores resultados dos últimos vinte e cinco anos: 1.238 lumes deixaron 2.003 hectáreas –como dixo a señora conselleira– afectadas; só 180 lumes acadaron a categoría de incendio e o 70 % foron conatos.

Pero é que ademais, se comparamos con cando estaban vostedes –porque a vostedes hai que repetirlles os datos, agora xa non falamos dos últimos cinco anos, agora falamos dos últimos nove anos–, a media de lumes por ano baixou un 30 %, a superficie afectada por ano baixou un 50 %, a superficie afectada por lume baixou un 62 %, e no caso do arborado baixou case un 30 %.

E á señora do Grupo Mixto: nós queremos mellorar, o que non queremos é empeorar. Vostede, efectivamente, neste Parlamento cambiou de escano e mellorou, (*Murmurios.*) e a nós parécenos ben. Cambiou de escano e mellorou. Mire se mellorou vostede que agora fala seguido no Parlamento e antes falaba cando, realmente, o seu anterior grupo lle deixaba. Vostede si mellorou. E nós tamén queremos mellorar, o que pasa é que nós non queremos mellorar nosoutros persoalmente. Vostede, neste caso, mellorou persoalmente, pero nós non queremos mellorar persoalmente, nós queremos que melloren todas as galegas e todos os galegos. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza entre vostedes e o Partido Popular. (*Aplausos.*)

E, señorías, non nos digan... Señora conselleira, vostede tivo que escoitar aquí que o operativo custaba igual que houbera lumes ou non houbera lumes. Home, ¡só faltaría!, iso é igual que se dicimos: como non hai enfermos, hai que cerrar os hospitais; sería o mesmo. (*Interrupcións.*) Ou como non hai xente nos centros de saúde, hai que cerrar os centros de saúde. Iso sería exactamente o mesmo. (*Murmurios.*) Pero, ¿sabe vostede?, os que nos critican, ¿saben o que fixo o Partido Socialista? ¿Saben que acaba de meter unha emenda para os presupostos pola que quere detraer 16 millóns de euros de investimentos en materia de prevención? E despois din que non facemos prevención. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, en prevención 16 millóns de euros, señoría. (*Murmurios.*)

Pero, señores, o que está claro é que os obxectivos, sen triunfalismo, porque en incendios non hai triunfalismo

–dixémolo e díxoo a señora conselleira–, os obxectivos cumpríronse. E negar esa evidencia é un erro pola parte de vostedes. Iso vailles levar, señora Paz, dicindo esas [...] (*Por orde do señor presidente –Santalices Vieira– e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.*) que dixo sobre esa carta, (*Murmurios.*), a que agora teñen 7 e probablemente na próxima lexislatura teñan 3. Dígoo por esa regra de tres, que tiveron que pasar a lexislatura a base de dicir esas cousas que dixo da carta dos alcaldes do Partido Popular. (*Murmurios.*)

Pero é que ademais, señores da oposición, non se pode falar de fracaso cando se cumpren todos os obxectivos do Pladiga, ¡todos os obxectivos do Pladiga! Superficie queimada por lume, o 46 % máis baixo do parámetro previsto, que era...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...de 1,62 hectáreas –termino, señor presidente–. Serían un 59 % menos no caso da superficie arborada, que estaba establecido nunha hectárea. E os lumes de máis de 1 hectárea só foron o 1,05 % do total, e o 70 % quedou en simples conatos.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate. Remate, señor Balseiro, remate.

O señor BALSEIRO OROL: Señora conselleira –termino–, vou terminar como empecei. Non se deixe vostede levar por alguén que nos levou onde nos levou. Faga vostede todo o contrario do que fixo esta xente cos lumes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Perdoe, señor Balseiro, perdoe.

Pídolle, señor Balseiro, que retire as expresións [...]. (*Murmurios.*) Píddollo.

O señor BALSEIRO OROL: Señor presidente, xa sabe que, se vostede mo pide, retiro iso e moito máis. (*Risos.*)

Nada máis. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señor Balseiro. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Moitas grazas.

Eu creo que é bo que entre os deputados non nos digamos os uns aos outros que dicimos [...] ou que dicimos [...]. Eu creo que isto é bo. Polo tanto, todo o que sexa retirado da linguaxe parlamentaria paréceme que é positivo.

Grazas, señor Balseiro, por retiralo. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Señora conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente. Señorías.

Señora Martínez, eu encaixo moi ben as críticas, sobre todo cando son construtivas. O que me parece que non é de xustiza é cando esas críticas van dirixidas ao Servizo Público de Prevención e Extinción de Incendios. E volvo dicilo, público, porque o persoal que traballa no Servizo Público de Prevención e Extinción de Incendios ou depende da Xunta de Galicia, ou dos concellos –que tamén son, creo eu, Administración pública–, ou da empresa pública Seaga, que se creou no bipartito e é empresa pública. Polo tanto, independentemente de se prestan servizo na Xunta de Galicia, nos concellos ou en Seaga, é un servizo público de prevención e extinción de incendios. Servizo público con coordinación única, con mando único. Así que eu creo que unha cifra soamente pode dar, (*Murmurios.*) unha cifra: o 78,9 % dos lumes deste ano quedaron en conato; é dicir, menos dunha hectárea. Creo que iso é acreditar a eficacia e a eficiencia.

A min, a verdade, gustárame que por unha vez puidéramos ter un pouquiño de tranquilidade. Eu non quero dicir que a choiva non apague os incendios, ¡por suposto que a choiva apaga os incendios! Pero é que eu creo que mil veces temos falado, tanto dentro deste hemisferio como fóra, nos pasillos, de que a climatoloxía non é a causante dos incendios; de que os incendios non se provocan porque sobre o nordés ou porque haxa trinta graos de temperatura ou porque haxa trinta de humidade; non, non, os incendios provócanse porque alguén prende lume. E a condición climatolóxica, señora Paz, vostede sae aquí e dá os datos da meteoroloxía do mes de xuño (*Murmurios.*) cando estabamos falando da época de alta actividade incendiaria, que é

xullo, agosto e setembro. Entón eu dígolle, para que non queden dúbidas: xullo foi un mes normal. ¿Anomalías no conxunto de Galicia? Cero graos. ¿Anomalías positivas no litoral das provincias da Coruña e de Lugo? Ata 1,9 graos centígrados. ¿Agosto?, mes frío. ¿Anomalías no conxunto de Galicia?, -0,7. ¿Anomalías positivas no Baixo Miño e na comarca de Verín? Ata 1 grao centígrado. ¿Setembro?, mes cálido. ¿Anomalías no conxunto de Galicia? Dous graos centígrados. ¿Anomalías máis altas? Nas comarcas dos Ancares, Vigo e Ortegaleira de ata 3,2 graos centígrados. Polo tanto, non digamos só que é a climatoloxía. Asumamos dunha vez que ao mellor algo está cambiando en Galicia. Deámoslles as grazas aos cidadáns de Galicia, que este ano apostaron por non prender lume nos nosos montes. (*Aplausos.*) Sexamos humildes e recoñezamos que algo se fixo ben.

Señora Martínez, consenso no Plan forestal. Xa lle avancei que no Pleno do Consello Forestal se están creando grupos de traballo para intentar facer un documento de consenso, entre todos os actores que teñen intereses no monte, sobre que é o que se quere en Galicia para o seu sector forestal. E eu comprométome, unha vez que se elabore ese documento de consenso dentro do Consello Forestal, a traer ese plan ao Parlamento de Galicia para intentar chegar a un acordo de consenso de todas as forzas políticas para que Galicia teña un Plan forestal para os seguintes cincuenta anos. A iso quedo comprometida.

Eu non me ofendo cando me critican, de verdade que non. O único que me molesta é cando ás veces se din as cousas cando non son certas. Eu, de verdade, o persoal do Servizo de Prevención de Incendios en temporada de alto risco, terá unha fin de semana ao mes e sempre corenta e oito horas de descanso á semana. Fóra da temporada de alto risco, terá unha fin de semana cada dúas de descanso e o que se cambia é a obriga de dar doce horas antes das corenta e oito horas de descanso. Son esas doce horas porque ao final eran tres días sen poder ter as brigadas operativas.

Señor García, estea completamente tranquilo cos cartos que da Unión Europea se destinan á loita contra a prevención, estea completamente tranquilo. Os funcionarios certifican dentro dos convenios cos concellos os labores de prevención, nunca os de extinción, e eu non teño por que dudar do traballo dos funcionarios da Xunta de Galicia,

(*Aplausos.*) aos que lles agradezo o excelente traballo que están a facer cada día.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Tal como foi comunicado xa, substanciamos a continuación a seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Isabel García Pacín e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o impacto que vai ter na comercialización actual e no futuro da produción primaria a aplicación do Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular esta pregunta ten a palabra a señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

O pasado 30 de setembro publicouse no DOG o Decreto 125/2014, polo que se regulan en Galicia as condicións da venda directa de produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final, e a súa recente aplicación, en vigor dende o día 20 de outono, trouxo novidades nas feiras, nos mercados e, en xeral, na tradición, no costume, non só galego, pero si moi arraigado na nosa comunidade, da venda directa, do agro á mesa, en sintonía coas directrices europeas, novidades que motivan a nosa iniciativa.

Preguntámonos a quen vai afectar esta regulación; que condicións ou requisitos se precisan para continuar coa venda directa, como se viña facendo ata o de agora, do produtor ao consumidor, sen intermediarios; que produtos e en que cantidades se verían afectados e que trámites ou procedementos se terán que realizar por parte dos produtores ou das produtoras. Son cuestións, señora conselleira, que se fixeron na rúa, non só por parte dos produtores directamente afectados, senón tamén por parte dos consumidores, dos seus representantes e nas administracións con competencias;

cuestións que están sendo resoltas pero que esperamos se clarexen aínda máis coa súa resposta.

As normativas novidosas, como da que estamos a falar, que na súa aplicación modifica e introduce cambios, loxicamente, soen ser acollidas con receo na súa implementación. Porén, gustaríanos, primeiro, coñecer os beneficios que se pretenden e, a maiores, a súa incidencia positiva, sobre todo en casos particulares e concretos, como os da comercialización da grande diversidade de excedentes que se producen ou poden producir nas explotacións galegas, retirando das canles habituais de comercialización produtos que non están ligados á nosa terra e que poderían venderse como galegos. Nin teñen a calidade nin as características das variedades e razas utilizadas nas nosas explotacións que se pretenden dignificar, pór en valor, en definitiva, aproveitar mellor.

Moitas grazas, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señora García Pacín.

Resposta da conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señora García Pacín, en primeiro lugar creo que cómpre deixar claro, como vostede dicía, que con este decreto o que se regulan son as condicións polas que en Galicia se vai regular a venda dos produtos primarios directamente polos produtores ao consumidor final ou ben a establecementos de comercio polo miúdo. Para iso creouse, dentro do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, unha sección na que se inscriben as explotacións que decidan acollerse a esta modalidade de venda directa e establecéronse tamén neste decreto as condicións que deberán cumprir as explotacións para estar incluídas na devandita sección.

Definíronse tamén neste decreto os requisitos que deberán cumprir os produtos, as formas de venda e as cantidades máximas a comercializar por estas vías, podéndose vender directamente o mel, o pole, a própole, a xelea real, os ovos, as froitas, os froitos silvestres, as legumes, as hortalizas, os cogomelos e os cereais. Estes produtos teñen que ser sempre producidos nas explotacións –evidentemente se exceptúan

os cogomelos silvestres–, pódense realizar as vendas *in situ*, é dicir, na propia explotación, nas feiras e nos mercados tradicionais, ou tamén nos establecementos de venda polo miúdo –neste caso quedan exceptuados os ovos, por unha normativa sanitaria–.

As explotacións que desexen realizar a venda directa deben, por tanto, figurar inscritas neste rexistro, para que sexan incluídos os produtores. Unicamente terán que comunicar a súa intención de realizar a actividade de venda directa, indicando os produtos que van vender. Estas explotacións levarán un libro de rexistro básico no que figuren os datos das vendas que vaian facendo.

Ao referirme a como vai influír a aplicación deste decreto na comercialización actual e no futuro da produción primaria, entendemos que esta regulación, en canto que afecta unha actividade conexas a esta, pódese converter nun instrumento eficaz de fomento da produción agraria, particularmente das pequenas explotacións multifuncionais. Ademais, entendemos que se poderá fomentar o desenvolvemento das pequenas explotacións, supoñendo esta actividade un complemento ás rendas das súas persoas titulares, e sinala tamén unha canle legal axeitada para a unha situación xa existente de feito na nosa comunidade.

Por último, este decreto quere facer valer tamén a situación daquelas persoas que producen cumprindo todos os preceptos legais e pretende minorar a competencia desleal de quen fai esta venda nunha escala ampla, carecendo dos requisitos ou facendo un aproveitamento comercial desta desvantaxe que sofren os que cumpren.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Réplica. Señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas pola información. Contrasta coa ofrecida por quen parece non querer avanzar no eido da trazabilidade e seguridade alimentaria, porque non quere promocionar e traballar nas potencialidades das producións locais e os circuitos curtos da súa comercialización, cando se pretende, señora conselleira, con iniciativas como

esta, dende a Administración autonómica defender e amparar unha actividade tradicional e cotiá con normas feitas en Galicia e axeitadas á nosa realidade, revalorizando, favorecendo as producións baseadas en razas, variedades e métodos de produción e cultivo que nos son propios.

Enténdese que se puideran xerar dúbidas lexítimas ao inicio da aplicación desta norma, sobre produtos afectados, posible aumento de custos ou gastos na súa comercialización, obrigas para os produtores, sobre como afecta a cotizacións, declaracións fiscais, se hai que cotizar ou hai excepcións.

Por iso, só lle solicitaría, para rematar, que nos aclare se este decreto entra a regular eses interrogantes. Porque non se entende que se sementen dúbidas, que se falte á verdade e se careza de responsabilidade dende os cargos políticos que poderían contribuír en positivo, favorecendo o beneficio económico no rural, desenvolvendo competencias locais dun xeito coordinado coa Xunta.

Todos temos a responsabilidade de garantir que aos consumidores finais cheguen os mellores produtos e dende todos os ámbitos trasladar a información necesaria que se demande, pero veraz. Mesmo na pasada Comisión 7ª, señora conselleira, os grupos da oposición intentaron enredar mesturando nunha mesma iniciativa dende diferentes métodos de comercialización, como a venda *on line*, como unha normativa específica, ou produtos certificados con marcas diferenciadas, que tamén terán unha lexislatura distinta, coa escusa do decreto en cuestión.

As súas aclaracións contribuirán a acalar as voces...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, grazas, señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: ...críticas que non aportan nada pero intentan atrancar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Turno de peche. Señora conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora García Pacín, mire vostede, eu o que quero é transmitir tranquilidade e dicir que este decreto se consensou con moitísima xente, e que este decreto o único que busca é garantir a trazabilidade dos nosos produtos, garantir a seguridade alimentaria, darlle ao consumidor final ese produto que moitas veces estaba buscando e que non o atopaba, e que, dende logo, este decreto non vén regular nada novo, nin en materia fiscal nin en materia de etiquetaxe, como pode ser o caso das carnes ou dos queixos, que teñen a súa propia regulación.

O único que lles está dando é visibilidade a eses pequenos produtores que tradicionalmente ían ás feiras ou aos mercados ou querían vender nos produtos de venda ao por menor nos comercios locais e que non podían facelo porque non existía unha regulación que así o acreditara.

Con este decreto, o que pretendemos é darlles amparo a eses pequenos produtores, poñer en valor o que é noso e darlle tamén unha garantía ao consumidor, que é o que valora, realmente, eses produtos e está disposto a pagar incluso un pouco máis por eses produtos. E iso é o único que buscamos: garantir a trazabilidade, garantir a seguridade alimentaria, garantir que o produto que se está vendendo como galego e artesán é realmente galego e artesán.

Nesa liña imos seguir traballando, e outros, que enreden.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Pasamos ao punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Yolanda Díaz Pérez, sobre a denuncia presentada contra un bombeiro da Coruña por alteración da orde pública

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non se presentaron emendas. Polo tanto, para formular a mesma, ten a palabra a señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Boas tardes a todos e a todas.

Volvemos traer, unha vez máis, unha temática que ten que ver co sufrimento das persoas, que ten que ver coa dignidade, que ten que ver co acceso a un dereito fundamental como é o dereito á vivenda. Traemos unha vez máis tamén, no que atinxe á parte negativa, a parte pasiva –por dicilo así–, unha reprobación á anterior Subdelegación do Goberno, pero mantémola na actualidade porque foi consentida, sen lugar a dúbidas, polo Partido Popular, consentida no noso país e consentida, ademais, como *modus operandi* no conxunto do Estado.

Efectivamente, o que queremos é que se reprobe a Subdelegación do Goberno polos feitos que teñen acontecido despois de que un bombeiro, unha persoa que traballa para todos e todas nós, cun exemplo de dignidade, amosara que son as persoas da cidadanía, son os traballadores e traballadoras públicos, son os bombeiros e bombeiras deste país, os que realmente están a defender os dereitos fundamentais, e, pola contra, é o Partido Popular o que está cargando contra os dereitos fundamentais, é o Partido Popular o que insiste e denuncia os bombeiros que son exemplares e é, ademais, o Partido Popular, o que está a reprimir eses traballadores públicos, que non soamente fan o seu labor correctamente, senón que son un exemplo de dignidade para todos e todas nós.

Como saben vostedes, por desgraza no noso país asistimos a múltiples desafuzamentos. Temos recentemente tamén publicados os datos do Banco de España do último semestre, que seguen a ser estremecedores para todos e todas nós, a pesar de que ao Partido Popular lle dea exactamente igual. E temos a desgraza de que vivimos, efectivamente, unha situación dramática no ano 2013, no pasado ano, no que unha muller, unha muller maior, unha anciá, Aurelia Rey, foi despoxada da súa vivenda de maneira brutal, a pesar de que tivemos, efectivamente, exemplos da cidadanía activa, en particular dos momentos sociais, de Stop Desafuzamentos, que impediron durante tres días que esa barbaridade se cometera.

Teño que dicir, porque ademais estivemos alí presentes neses días, que foi un exemplo de dignidade e de pacifismo. A única brutalidade foi directamente emanada por parte das forzas da orde pública, e por parte desa Subdelegación de

Goberno, que deu instrución de cargar contra esas persoas, mesmo contra compañeiros que están aquí, o señor Jorquera, mesmo con fotos que revelan quen eran os violentos nese desafuzamento. Pero temos que dicir que o máis inaudito, e seguramente o caso singular, é que a propia Delegación de Goberno dera instrucións de interpoñer accións contra un bombeiro, que –insisto– se negou a cortar unha cadea porque dicía, e segue a dicir, que o seu traballo non consiste en despojar as persoas das súas casas, senón que o seu traballo consiste en desenvolver as tarefas para as que os retribúen, que son xustamente os labores de emerxencias.

Efectivamente, é groseiro ler unha sentenza ditada o día 6 de novembro do 2014 na que se condena esta persoa, que –insisto– debe ser exemplar para todos e todas nós, nada máis e nada menos –di esta maxistrada– que por provocación de reaccións no público e alterar ou poder alterar a seguridade cidadá; e mesmo tamén decide esta xuíza impoñerlle as custas a esta persoa, que –insisto– non soamente foi exemplar, senón que debe ser un exemplo a seguir no conxunto da función pública.

Dende Alternativa Galega de Esquerda queremos traer este debate aquí porque no conxunto de todo o Estado e no conxunto do país moitos e moitas funcionarios/funcionarias públicas e persoal público están a desenvolver unha campaña na que avogan á obxección de conciencia no desenvolvemento das tarefas públicas. É curioso como o Partido Popular, que invoca a obxección de conciencia por exemplo para evitar a práctica de interrupcións voluntarias de embarazos na rede pública sanitaria, se nega, se negan vostedes tamén neste caso, e por razóns ideolóxicas profundas, como foi o caso do señor Roberto Rivas, pois razóns ideolóxicas profundas amparadas no artigo 16 da Constitución, é curioso como aquí vostedes non permiten que o persoal público poida aducir razóns de obxección de conciencia para negarse –insisto– a vulnerar os dereitos fundamentais.

Dende logo nós non imos combater a sentenza –non nos queda máis remedio que respectala–, pero non compartimos en absoluto o que aquí se fixo. Pero menos compartimos a actitude do Partido Popular, silente, e esperamos que, dende logo, muden agora votando a favor desta iniciativa, porque sen máis é evidente que vostedes están gobernando en contra ou son inimigos realmente do pobo. Porque insistimos: a propiedade privada, como defende o Partido Popular, non é

ilimitada; a propiedade privada, como se está a resolver e a ditar xa por moitos tribunais, ten límites, ten límites, entre eles a dignidade persoal e humana; e non é digno nin se respectan os dereitos fundamentais cando botamos unha anciá, unha persoa maior, da súa casa e a deixamos completamente desamparada.

Mesmo tamén queremos lembrar que o Partido Popular segue a incumprir toda a normativa internacional vixente na materia. Xa trouxemos en distintas ocasións iniciativas a este pleno e mesmo tamén teñen vostedes dúas sentenzas ditadas polo Tribunal de Xustiza europeo nas que lles din que están vulnerando a Directiva 93/2013, esa directiva que primeiro lles dixo que era inadecuado porque non permitía causas de oposición no trámite de execución civil, pero que agora, cando vostedes, despois de non permitir ou non atender as demandas da Plataforma Stop Desafuzamentos ou mesmo do que daquela reivindicou no Congreso a señora Ada Colau, asistida por un millón e medio de firmas, pois realmente impiden de xeito efectivo que se cumpran os dereitos fundamentais no noso país.

A verdade é que ao noso país se lle están sacando as cores, a verdade é que aínda non teñen adaptada a normativa nesta segunda sentenza ditada en xullo, na que, como ben saben vostedes, non é propia a normativa que temos dun país democrático, non é propia porque, como sabemos, na redacción que acuñou o Partido Popular non lle permite recorrer en apelación ás partes cando son desestimadas as súas pretensións, e, efectivamente, o Tribunal de Xustiza europeo volveu dicir que España estaba incumprindo a normativa internacional.

Pero non soamente é o Tribunal de Xustiza europeo, é que a propia relatora especial da ONU en materia de vivenda nos está a dicir no caso de España que pasamos a ser directamente provedores de vivendas asequibles a facilitadores dos mercados financeiros, e é a propia relatora da ONU a que está sinalando este Estado español como que, efectivamente, concibe a vivenda como un activo e non, efectivamente, como un produto básico ou que satisfai necesidades básicas.

En definitiva, vostedes están a vulnerar os dereitos fundamentais. En definitiva, xa votaron en contra nesta Cámara da petición que nós trouxemos dende Alternativa Galega de

Esquerda de recoñecer ese bombeiro que tivo a valentía e o orgullo de non formar parte dese proceso violento contra unha anciá á que vostedes pretendían –e así fixeron– botar da súa casa.

Pedimos daquela unha medalla para este bombeiro, porque cremos sinceramente que o seu comportamento é exemplar. Vostedes, os homes e mulleres do Partido Popular, votaron en contra. Agora pedímoslles, á vista do que está a acontecer e á vista ademais dese comportamento brutal, violento, do señor subdelegado do Goberno, que defendan os dereitos fundamentais, que se poñan do lado das persoas máis débiles, vítimas desta crise, que, por tanto, defendan a dignidade neste Parlamento e voten a favor desta reprobación.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora DÍAZ PÉREZ: Remato xa, señora presidenta.

Vostedes ás veces non son conscientes da crise de representación que estamos a vivir. Vostedes non son conscientes de que cos seus comportamentos é obvio que a xente aí fóra entenda ou crea que os parlamentos serven para ben pouco. Vostedes gobernan contra a xente, e por esa razón, como gobernan contra a xente, sen lugar a dúbidas serán cuestionados nas rúas e serán botados –con *b*–, sen dúbida, do lugar no que hoxe se atopan.

Cremos que é unha causa de dignidade. Demostren que están a favor da defensa dos dereitos fundamentais, demostren que ese bombeiro foi exemplar para o noso país –como, por certo, tivo boa acollida no conxunto do Estado– e voten a favor desta iniciativa. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Grupo Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

A Asociación Catalá de Estudos Bioéticos, no seu artigo sobre a obxección de conciencia, di: “A posibilidade de obxectar é un signo de saúde democrática, é unha auténtica chamada de atención ante eventuais excesos legais. O respec-

to e a protección á vida constitúe un dereito básico, posiblemente o primeiro dos dereitos humanos, pois del dependen todos os demais. Da mesma maneira é un deber fundamental manter a vida nas mellores condicións para poder participar na construción conxunta da sociedade. Por tanto, unha obxección que exixira o dereito á vida pero rexeitara o deber de colaborar na riqueza común non sería honesta. Non sería críble unha obxección que reclamara un dereito pero o fixera con violencia ou desatendendo deberes incuestionables de solidariedade social”.

Está claro que neste caso, evidentemente, se incumpriron todos os deberes de atención á solidariedade social por parte do Goberno e das forzas da orde.

A sentenza 53/1985 do Tribunal Constitucional, no relativo á obxección de conciencia, aclara que esta existe e que pode ser exercida con independencia de ter ou non ditado a súa regulación. Di a sentenza: “A obxección de conciencia forma parte do contido do dereito fundamental á liberdade ideolóxica e relixiosa recoñecida no artigo 16.1 da Constitución”. No caso que atendemos agora, o dereito á vivenda, é un dereito fundamental.

Pero o bombeiro non foi sancionado por negarse a levar adiante o desafuzamento cortando a cadea. Unha política retorcida do Partido Popular, que quería sancionar esa acción precisamente por solidaria, para que ningún bombeiro máis nin ningún funcionario máis se atreva a ser solidario coas persoas desafuzadas, estivo buscando a fórmula de como sancionar este bombeiro. E sanciónano por brandir cando regresaba ao seu camión un cartel de “Stop desahucios”. Tremendo, ensinar un cartel, algo que realmente enerva as masas.

A Subdelegación coruñesa interpretou que iso foi unha alteración da orde pública. Terá que pagar 600 euros de multa por provocación de reaccións no público que alteran ou poden alterar a seguridade cidadá.

E eu preguntome: ¿poderán multar por provocación de reaccións que alteran a orde pública os afeccionados do Barça que poñan a camiseta do Barça cando van a Madrid? É unha provocación, ¿non?, xa levados ao extremo. ¿Ou podería ser que multen a Igrexa ou a señora Botella cando van a unha manifestación provida, acusando as persoas defensoras do dereito ao aborto de que non defenden a vida? Están provocando, están insultando aos defensores do aborto.

Pero, claro, aquí hai varias varas de medir: a Igrexa e o PP poden facer e dicir o que queiran, porque non ofenden, son como *las señoritas de manos blancas* hai un século, que as súas bofetadas non ofendían; o Partido Popular e a Igrexa parecen o mesmo, e os demais sempre ofendemos o Partido Popular, que é moi, moi sensible. Señores da oposición, teñan coidado, a ver se van acabar chorando.

A sentenza sinala que no exercicio do dereito de expresión se produciu unha alteración da orde pública con risco para as persoas, o que exclúe pretender amparar estes dereitos no dereito de manifestación.

A prensa, sen embargo, recollía ao día seguinte que o bombeiro podía ser sancionado por desobedecer unha orde. Ningún medio de comunicación...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...–vou rematando– falaba en ningún momento de alteración da orde pública. Así, recibiron o apoio solidario dos bombeiros de Madrid e de Cataluña.

Pero, en todo caso –e xa para rematar–, o risco de alteración da orde pública nunca o crean as persoas que van desarmadas e que só loitan coa súa voz e coa súa solidariedade. O risco créano os que van armados con pistolas, porras, cascos, escudos, dispostos a facerse obedecer á forza. Dá igual se é unha anciá de 83 anos, un neno, unha muller vítima de violencia de xénero, unha familia con menores, dá igual. Estes entes armados van cazar, eles só van de caza, o que cacen dálles igual.

Nada máis, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Señor Jorquera. Bloque Nacionalista Galego.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, “o traballo dos bombeiros non é deixar a xente sen casa”. Esta frase resume o exemplo de dignidade e de compromiso cívico dado por Roberto Rivas, o bombeiro da Coruña sancionado cunha multa de 600 euros pola comisión de dous gravísimos delitos: negarse a colaborar para deixar unha anciá na rúa e mostrar un

cartaz contra os desafuzamentos. Seica estes feitos constituíron unha alteración da orde pública; incluso desde algúns ámbitos chegou a dicirse que contribuíu a soliviantar os ánimos e, polo tanto, a incitar á violencia, cando, como ben dixo Roberto, o que incita á violencia son os desafuzamentos en si mesmos.

Como eu tamén participei nos feitos que motivaron esta sanción, debo comezar admitindo que os camiños da xustiza, como os do Señor, son inescrutables. Porque mentres no meu caso un xuíz apreciou graves contradicións nos atestados policiais, até o punto de que a Policía mudou a súa versión inicial para inculparme e presentarme –usando unha linguaxe máis propia doutros tempos– como “o cabecilla e investigador”, e froito diso o xuíz non só suspendeu a sanción, senón que obrigou a Interior a facerse cargo das custas e sentenciou que se vulneraron os meus dereitos fundamentais, no caso de Roberto outra xuíz ratificou a sanción pese a que as circunstancias eran enormemente semellantes.

En calquera caso, sei que non corresponde a este Parlamento pronunciarse sobre unha sentenza xudicial. Pero si que lle corresponde pronunciarse sobre a conduta das autoridades gubernativas, que foron as que impuxeron a sanción logo recorrida. Unhas autoridades gubernativas que chegaron a cualificar de bárbaros os centos de persoas que de xeito pacífico evitaron o acto de barbarie de deixar a Aurelia Rey na rúa. Bárbaros: ese foi o cualificativo utilizado por exemplo polo señor Samuel Juárez, agora en China, para desgraza dos chineses.

A raíz daqueles feitos, a Subdelegación do Goberno iniciou unha auténtica campaña de acoso e derruba contra os activistas que loitan contra a vergoña dos desafuzamentos, o mesmo que están a facer no conxunto de Galiza as autoridades gubernativas contra todos os colectivos que protestan, nun intento de amedrentalos e criminalizalos. Son centos as persoas acusadas e acosadas con multas e denuncias; multas e denuncias que tamén moitas veces nos devolven aos tempos do franquismo; mañá mesmo, por exemplo, sen ir máis lonxe, un concelleiro do BNG e un militante de Galiza Nova de Cambre teñen que acudir a xuízo por ter feito un mural defendendo o dereito ao aborto.

O Goberno español está a levar a cabo unha auténtica campaña represiva ao servizo dunha estratexia, e esa estra-

textia non é outra que converter os conflitos sociais motivados polas súas políticas inxustas nunha cuestión de orde pública, como pretexto para recortar liberdades e responder con medidas coercitivas a calquera manifestación desa conflictividade social –insisto–, provocada polas súas políticas.

Como parte desa estratexia...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...o Goberno español está incrementando, de xeito totalmente abusivo, as denuncias e as sancións e intenta impoñer novas restricións ao exercicio de dereitos fundamentais; a Lei mordaza, a mal chamada Lei de seguridade cidadá, é o último exemplo.

Por iso, desde esta tribuna queremos expresar o noso total apoio e solidariedade con Roberto Rivas e por suposto o noso total apoio aos contidos desta proposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Socialista. Ten a palabra a señora Sestayo Doce.

A señora SESTAYO DOCE: Grazas, presidenta.

Antes de nada, adiantar que este grupo parlamentario vai apoiar na súa integridade, obviamente, a proposición non de lei presentada polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, toda vez que, como ben explicaba a súa portavoz, se ben mudaron os cargos, parece que permanece a actitude, e mesmo o podíamos ver con reaccións dalgúns cargos do Partido Popular respecto ás manifestacións desta semana.

Efectivamente, este domingo había mobilizacións en diferentes puntos de Galicia e de España sobre a Lei mordaza, sobre esa lei, esa modificación da Lei de seguridade cidadá, que pretende amordazar os cidadáns para que non poidamos rebelarnos fronte a decisións, resolucións, leis, proxectos de leis que consideramos inxustos. Un proxecto de lei que o que pretende é silenciar e desamparar a cidadanía fronte a dereitos fundamentais, recoñecidos por certo na Constitución –como sempre digo, esa coa que tanto se lles enche a boca pero que nunca respectan–, e que entre os

dereitos que recolle a norma magna están a liberdade e a seguridade da cidadanía, nada máis e nada menos, recollidas no artigo 17 da Constitución española.

Efectivamente, entre as funcións dos bombeiros está a de garantir a seguridade das persoas, e, polo tanto, son, como se recoñece en diversas sentenzas, avais, son garantes e deben ser garantes da seguridade da cidadanía, das persoas e dos seus bens.

Ben, o certo é que nos acontecementos que se relatan e dos que ten causa esta proposición non de lei, nós, por suposto, acatamos a sentenza, é o que corresponde nun Estado de dereito, e, polo tanto, obviamente nada que dicir respecto ao acatamento. Iso si –témolo dito moitas veces–, discutimos, criticamos ou non estamos de acordo co seu contido, sería outro foro para facer a súa análise xurídica, aquí só nos corresponde a política.

Pero é que neste caso nin sequera se trata de valorar a sentenza xudicial, senón que se trata de ver a orixe desa sentenza xudicial. A orixe desa sentenza xudicial vén de causa dunha denuncia proveniente da actuación da Subdelegación do Goberno ante uns feitos sobre os que, simplemente polo que representa a Cámara de representación do pobo galego, a Cámara do pobo galego, deberíamos, señorías, reflexionar.

Unha muller anciá, de 85 anos, é desafuzada da súa casa. O dereito á vivenda, o dereito á vida en condicións dignas, todos eses dereitos que se recoñecen na Constitución española eran vulnerados por unha actitude hostil das autoridades, que, fronte a amparar, conforme o artigo 9.2 da Constitución española e outra normativa vixente, os dereitos dos cidadáns, o que montaba era un espectáculo público dantesco para deter, botar da súa casa unha anciá de 85 anos.

O sorprendente é que as autoridades non se preocupen pola situación da señora octoxenaria que era desafuzada da súa casa. O curioso e o sorprendente é que o que as preocupe era que un bombeiro, entre cuxas funcións non está a de desafuzar as persoas das súas casas –os bombeiros creo que é, como dicía, lembro, un señor, un cidadán ante as cámaras de televisión, moi graficamente: eu cando chamo o bombeiro é para que me abra as portas da miña casa, non para que

me bote dela–, pois efectivamente, entre as funcións dos bombeiros está sempre a de axudar as persoas, non a de expulsar.

Pero é que, curiosamente, esa expulsión, ademais, non é, non se fala de alteración da orde pública. Non se fala, como recalaron numerosos representantes do Partido Popular, do artigo 410 do Código penal; non estamos ante unha cuestión penal. De feito, isto dilucidouse na xurisdición contencioso-administrativa, nin sequera na orde penal. Simplemente considerou a Subdelegación do Goberno, efectivamente, que incorría no artigo 23.8 da Lei orgánica de seguridade cidadá –esta que queren modificar– como provocación de reaccións no público que alteren ou poidan alterar a cidadanía. Que un cidadán, que un profesional se negue a facer funcións que non lle corresponden...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Sestayoy.

A señora SESTAYO DOCE: ...resulta que é unha provocación de alteración á cidadanía.

Certamente, señorías, este é ámbito político, ámbito lexislativo. Dende logo, é un ámbito de recomendación de actuacións tamén para as autoridades públicas e concretamente respecto á Delegación do Goberno. Pensemos se temos que protexer máis...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Sestayoy.

A señora SESTAYO DOCE: ...os dereitos –xa remato, señora presidenta– das persoas como Aurelia ou se resulta que o totalitarismo do Estado ten que perseguir persoas como Aurelia ou como Roberto...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Sestayoy.

A señora SESTAYO DOCE: ...fronte ás tropelías.

En todo caso, ademais –e xa remato–...,

A señora PRESIDENTA: Señora Sestayoy, por favor.

A señora SESTAYO DOCE: ...non acontecerían estas cousas se estivera desenvolvida perfectamente a profesión de

bombeiro dentro do estatuto do bombeiro, que vostedes aínda non aprobaron.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra, señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Grazas, presidenta.

O debate de hoxe xorde a raíz do desafiuzamento de Aurelia Rey, en aplicación dunha lei aprobada polo Partido Socialista e bautizada como desafiuzamento exprés. Como solución, a Xunta de Galicia ofreceulle a Aurelia Rey a posibilidade de adxudicarlle directamente unha vivenda de promoción pública en réxime de alugueiro. Despois de varias reunións, Aurelia visitou en marzo a vivenda que se lle ofrecía e a mediados de abril presentou a documentación necesaria para que o Instituto Galego de Vivenda e Solo puidera iniciar o procedemento de adxudicación, que rematou en só dez días, adxudicándolle unha vivenda. O contrato asinouse a comezos de maio de 2013 e hoxe esta muller, grazas á Xunta de Galicia e ao Concello da Coruña, ten un fogar.

A súa proposición non de lei, señora Díaz, fai referencia a unha sanción administrativa a un empregado público por provocar reaccións no público que alterou a seguridade cidadá. A dita sanción administrativa prodúcese despois de que houbera unha denuncia formulada por traballadores do Corpo Nacional de Policía, inicio e instrución dun procedemento administrativo sancionador con todas as garantías, unha resolución administrativa sancionadora, unha revisión administrativa desta resolvendo o recurso de alzada presentado e unha revisión xudicial que finalizou con sentenza ditada pola maxistrada do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña. En todas, en todas as resolucións, resulta plenamente acreditada a comisión dos feitos e en consecuencia a imposición da correspondente sanción.

Sabe vostede, señora Díaz –porque leu ben o auto–, que sería bo non confundir o resto da Cámara, porque aquí non se sanciona esta persoa por participar nunha concentración ilegal nin tampouco por levar nun camión determinadas pegatinas reivindicativas. A presenza desta persoa no lugar

onde se comete a infracción débese á súa condición de funcionario público, como o resto dos traballadores públicos alí presentes, funcionarios da comisión xudicial e funcionarios de policía, no cumprimento dunha resolución xudicial.

Segundo os feitos probados na sentenza, a raíz da declaración de todos os traballadores públicos alí presentes, que din que este funcionario, coa súa actitude irresponsable, provocou reaccións no público que alteraron gravemente a orde pública, con manifesto perigo respecto aos outros traballadores públicos; é o que din o resto de traballadores.

E pódese recordar aquí, señorías, os deberes de calquera funcionario público, e non son os da obediencia a ningunha organización e a ningún partido político, senón o de servizo aos cidadáns e aos intereses xerais, o cumprimento da lei, a súa obxectividade, profesionalidade e imparcialidade, a cooperación coas outras administracións públicas, a satisfacción dos intereses xerais baixo os principios de lealdade e boa fe, cumprir con dilixencia as tarefas que lle correspondan ou que lle encomenden, obedecer as instrucións e as ordes –salvo que constituíran unha infracción manifesta do ordenamento xurídico–, e, en definitiva, a actuación do traballador público ten que basearse na imparcialidade e interese común, á marxe de calquera interese ideolóxico ou de partido político. En ningún caso, señora Martínez, está dentro dos deberes da función pública o de andar ou de saír de caza.

O único que non cumpriu co seu deber en todo este asunto, de todos os traballadores públicos que actuaron tanto os días do feito como os que o fixeron con posterioridade –denunciantes, instrutores, membros da comisión xudicial ou o maxistrado–, é precisamente esta persoa, cuxa actuación estivo baseada en consideracións alleas á función que lle encomendou a Administración de xustiza.

Señora Sestayo, eu pensei que o PSOE, que o Partido Socialista, podería coincidir con nós na defensa da separación de poderes, o respecto á independencia da xustiza e o acatamento das decisións xudiciais...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...o convencemento de que a solución dos problemas que se poidan dar na nosa sociedade ten que ser por vías pacíficas, entender que as actuacións

dos traballadores públicos ten que basearse na imparcialidade e o interese común, á marxe de calquera outro factor que exprese opinións persoais, familiares ou corporativas, e por suposto alleas aos intereses de calquera partido político.

É así como a defensa do Estado de dereito, as liberdades recoñecidas no mesmo e os valores democráticos...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...todo isto fainos votar en contra da súa proposición.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra a señora Díaz dende o escano, por favor. Señora Díaz, dende o escano, por favor, dende o escano.

(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, pero son tres minutos. Dende o escano.

Déanlle voz, por favor, ao escano da señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bueno, señor Trenor, ¡vaia pape-lón! A verdade é que dá pena que unha persoa como vostede teña que dicir as cousas que hoxe acaba de dicir aquí. En todo caso, vemos a catadura moral do Partido Popular.

A prioridade para vostedes é botar a xente das casas e defender a banca e a propiedade privada. Esa é a prioridade do Partido Popular. Si, si, non xesticulen, van votar en contra.

E acaban de dicir que a actitude do bombeiro, do señor Roberto Rivas, foi irresponsable. O irresponsable é o que están a facer vostedes hoxe aquí. O único que quenta a cidadanía e que causa convulsión é o Partido Popular, e, como causa convulsión, ten que reprimir a xente. Claro que teñen que reprimir a xente, acabarán meténdonos a todos na cadea, porque non van ser capaces de parar o movemento cidadán que na rúa é o que está a defender os dereitos fundamentais. Vólvolles dicir que estamos a falar de dereitos humanos e a

prioridade é defender o dereito á vivenda dunha persoa anciá; mesmo se houbera nenos, é que lles dá igual.

E mire, señor Trenor, non é certo o que di vostede. Non ten a señora Aurelia Rey hoxe casa grazas a vostede, nin moito menos. Por vostedes estaba debaixo dunha ponte. Ten casa grazas a Stop Desafiuzamentos e á xente que se estivo manifestando na Coruña durante tres días longos e despois traballando e negociando co Concello, señor Trenor, para que acadara unha vivenda digna; non foi grazas ao Partido Popular. Estivemos detrás de vostedes, a cidadanía, activamente, e vostede colle e di aquí que a actitude é irresponsable.

Mire, señor Trenor, os funcionarios públicos, igual que os médicos e as médicas do Opus Dei que vostedes defenden, poden acollerse a ese artigo 16 da Constitución española. Por razóns de conciencia –como fixo este compañeiro, este bombeiro–, poden dicir que se negan a vulnerar os dereitos fundamentais, artigo 16 da Constitución española, señor Trenor. E é vergoñento que vostedes veñan aquí dicir que, lonxe de ser unha actitude honorable para esta persoa, que mesmo puxo en risco o seu posto de traballo, foi unha actitude irresponsable.

E vou dicirlle tamén, señor Trenor: a violencia foi exercida polos corpos de seguridade do Estado, que seguían as instrucións do señor subdelegado do Goberno.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: A denuncia foi interposta polo señor subdelegado do Goberno.

E, señor Jorquera –agradecendo ao Grupo Mixto, ao Partido Socialista e ao Bloque que apoien esta iniciativa–, se me permite, resulta que nesas dúas sentenzas podemos ver, ¿non?, como hai unha dobre vara de medir por parte da xustiza. Acribillamos efectivamente un bombeiro para que non sexa exemplo para ninguén.

Pois nós seguiremos defendendo a Roberto Rivas e a Stop Desafiuzamentos e a PAH, grazas aos que imos acadando dereitos...,

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...e vostedes a ver se son capaces de cumprir as directivas e as normas internacionais...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...e garantir os dereitos fundamentais no noso país, que a xente vive nas pontes por culpa de vostedes. Son o inimigo...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...do pobo, señor Trenor, o inimigo do pobo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Sánchez Bugallo e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa taxación dos inmobles que está a realizar para os efectos tributarios

A señora PRESIDENTA: A esta proposición presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada e vicevoceira Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Que, pola Axencia Tributaria de Galiza, se proceda a realizar as taxacións con arranxo os valores de mercado, xustificando as mesmas consonte o valor do mesmo e non a módulos preestablecidos.

2. Que, pola Axencia Tributaria de Galiza se proceda a revisión de oficio das liquidacións realizadas nos últimos catro anos que se teñan reclamado polos contribuíntes, axustándoas o valor de mercado.”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Tereixa Paz Franco, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 28477.

Emenda de adición:

Engadir un novo punto:

“Que se proceda á revisión de oficio de todos os expedientes actualmente en trámite na Axencia Tributaria de Galicia e daqueles nos que os e as contribuíntes teñan presentado oposición á taxación feita pola administración, de tal forma que se atendan os requirimentos realizados nas diferentes sentenzas xudiciais para evitar sobrevaloracións.”)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a súa proposición non de lei o señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boas tardes, señorías.

Traemos hoxe aquí un tema que foi tratado en reiteradas ocasións na Comisión de Facenda, e que tamén foi tratado no Pleno deste Parlamento na lexislatura pasada, pero que a día de hoxe segue sen solución e segue incluso agravándose. Este tema toma causa do inicio da propia crise económica, que das súas señorías é ben coñecido que afectou especialmente no sector da construción e moi especificamente no sector da vivenda.

Segundo os datos que manexamos, en Galicia, de 42.000 vivendas/ano que se iniciaban por exemplo no ano 2007, baixamos a menos de 5.000. Pero, á parte de baixar o número de vivendas que se constrúen na nosa comunidade, tamén baixou o prezo destas unidades. Especificamente, os datos que coñecemos indícanos que a vivenda nova baixou aproximadamente un 25 % o seu valor e a vivenda xa construída algo máis dun 21 %, baixando os valores medios por metro cadrado de 1.547 euros a 1.200 euros.

Sorprendentemente, e en contradición con todo o que acabo de dicir, a Xunta de Galicia, a través da Orde do 28 de

xullo de 2011 da Consellería de Facenda, fixa uns criterios de valoración para os inmobles para efectos de impostos de transmisións patrimoniais ou de actos xurídicos documentados – polo tanto, de gran transcendencia na nosa comunidade– que supón aproximadamente que un 80 % destes inmobles aumentan o seu valor; é dicir, cando levan tres anos baixando, a Consellería decide incrementar –e incrementar significativamente– o seu valor; aproximadamente ese 80 % crece entre un 8 e un 60 % de promedio.

Por poñerlles un exemplo, señorías, teño aquí algunhas valoracións escollidas ao azar. Por exemplo, un piso na Gran Vía de Vigo, no número 182, ten máis de cincuenta anos de antigüidade, pasa de 184.000 a 277.000 euros; incremento, máis do 50 %. Ou un piso tamén en Vigo, neste caso na parroquia de Oia, unha vivenda unifamiliar de 82 metros cadrados, valía o día 6 de xuño de 2011 74.772 euros e o día 21 pasa a valer 119.000; é dicir, un 60 % máis. Ou, por poñer outro exemplo, en Baiona, unha vivenda de 76 metros cadrados valía 103.000 euros o día 9 de marzo e pasa a valer o día 22 de xuño 165.000; é dicir, un 59,99 máis. Ou aquí mesmo en Santiago, a carón deste Parlamento, na República do Salvador, unha vivenda comprada nova no ano 2009 por 268.000 euros no ano 2011 –dous anos despois– en lugar de baixar subía a 291.000; falamos dunha vivenda de 68 metros cadrados; é dicir, unha taxación de 4.500 euros/metro cadrado, ¡que non está nada mal!

O certo é que esta orde foi actualizada a partir de posteriores ordes –27 de decembro de 2012, 26 de agosto de 2013, 27 de decembro de 2013–, facéndose algúns axustes, pero absolutamente insuficientes, porque partían dunha valoración inicial absolutamente excesiva.

Multitude de queixas de particulares, multitude de queixas dos colexios oficiais de axentes da propiedade inmobiliaria, que cifran a sobrevaloración da Xunta entre 30.000 e 50.000 euros de promedio por vivenda, de tal xeito que a taxación que fai a Comunidade Autónoma está moi por encima do prezo de mercado. Incluso teño aquí, dun medio de comunicación a partir de anuncios, cousas tan curiosas como o piso á venda na Gran Vía de Vigo, para reformar, por 160.000 euros; valoración da Xunta, 270.000. Piso en García Barbón, prezo de venda, 290.000; valoración da Xunta, 560.000. Ou chalé con finca en Praia América, prezo de venda, 600.000 euros; valoración da Xunta, 1.100.000 euros. É dicir, valoracións moi por enriba do valor real de mercado.

A solución para estes cidadáns foi acudir aos tribunais en busca de amparo, e obtivérono. Efectivamente, hai decenas de sentenzas –todas as que este deputado coñece– negativas para a Xunta de Galicia. Ante este feito, a propia Xunta decidiu acudir ao Tribunal Supremo en recurso de casación. O resultado é que foi negativo para a Xunta. Non só perdeu o recurso de casación e se viu obrigada a pagar as custas, senón que no propio recurso de casación o Tribunal Supremo entra a fondo –que non tiña por que facelo– nesta cuestión plantexando cuestións tales como que a xurisprudencia mantén como doutrina reiterada –ata a saciedade, di o Tribunal Supremo– a obrigación de motivar suficientemente as valoracións. Ou como que a aplicación de prezos medios non pode facerse presumindo a certeza destes, senón que require a xustificación das razóns da súa formulación e da súa aplicación en cada caso concreto. Ou dicindo que a comprobación de valores debe ser individualizada e o seu resultado concretarse de maneira que o contribuínte ao cal se lle notifica o que a Administración considera valor real poida coñecer as súas fundamentacións técnicas e prácticas e así aceptalas ou rexeitalas.

O certo é que hai un par de meses compareceu na Comisión de Facenda –e iso é o que motiva a presentación desta proposición polo Grupo Parlamentario Socialista– o director da Axencia Tributaria, na que nos manifestou unha cousa que a nós nos soou a sorprendente, e que en esencia viña dicir que o valor real non é o que fixa o mercado, senón que é o que fixa a Xunta de Galicia. Bueno, afirmación realmente sorprendente e que implica unha inversión de todos os datos.

Por todo isto, señorías, presentamos unha proposición non de lei, que esperamos que teña o apoio de todos os grupos parlamentarios, que insta o Goberno galego para que proceda á revisión das valoracións dos inmobles para efectos de que en ningún caso a taxación para efectos tributarios da Xunta de Galicia poida superar o valor real de mercado destes mesmos bens inmobles.

Señorías, segundo os nosos datos, hai máis de 30.000 valoracións feitas pola Xunta de Galicia nestes catro anos, cun importe total de 800 millóns de euros. Estamos a falar, polo tanto, dun tema fundamental na sociedade galega, que afecta moitas familias que simplemente acaban de pagar a súa hipoteca e cando van modificar a inscrición rexistral

teñen que pagar por unha valoración que non se corresponde co valor real da súa vivenda, ou que cando queren facer unha transmisión patrimonial, xa sexa por venda ou xa sexa *inter vivos*, pois para efecto de anticipación de herdanza, mentres non se modifique a lexislación aplicable, vense obrigados a pagar cantidades absolutamente excesivas, absolutamente inxustas, absolutamente inxustificadas.

E, polo tanto, entendemos que é de xustiza que este Parlamento se faga eco dun sentir que afecta tantas decenas de miles de galegos e moitos máis que pode afectar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Grupo Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, primeiro anunciar o meu apoio a esta iniciativa, inda que presentamos unha emenda; explicarei despois por que presento esta emenda.

A orde de prezos da Consellería de Facenda disparou a cotización das vivendas e de garaxes para efectos contables para o pago das taxas, a pesar do estalido da burbulla e o abaratamento de todos os inmobles.

A Xunta intentou frear a sentenza do Tribunal Superior, e de todas as sentenzas que está habendo de reclamación dos afectados, e que lles dá a razón, cun recurso de casación, pero a sentenza do Supremo acaba de desestimar as pretensións da Xunta cun fallo moi crítico pola falta de motivación das valoracións e a indefensión que crea no cidadán.

A orde utilizouse, segundo ten admitido a propia Facenda, para 34.000 expedientes, que aumentaron o valor dos inmobles en 783 millóns de euros, case 800 millóns de euros a máis; 800 millóns de euros que lles foron detraídos a esas familias das que falamos pola mañá, a esas familias con salarios baixos como teñen en Galicia, a esas familias con membros en desemprego, a esas familias que non chegan a final de mes.

A Xunta de Galicia extorsiónaas a través de modificacións do prezo da súa vivenda que non se corresponden coa

realidade e que só buscan aumentar os ingresos da propia Xunta, cando, por outro lado, se negan a poñerlles impostos ás grandes fortunas e ás grandes corporacións. Vostedes sempre machacando os mesmos, machacando os máis débiles, como fan os covardes, que nunca se meten cos fortes e sempre se dedican a ameazar e acosar os débiles.

Pero o Goberno do señor Núñez Feijóo non se inmuta por esta sentenza, segue o seu camiño e vai para a adiante, a pesar do grave problema que lles trouxo ás familias e do gran desaxuste que creou en todo o sector inmobiliario, xa que os prezos dos pisos seguen baixando pero o seu valor fiscal segue subindo no noso país. As inmobiliarias calculan que esta revalorización dá lugar a diferenzas que nalgúns casos superan incluso o 50 % do valor da vivenda.

É necesario entrar na profundidade da análise das taxacións atendendo a falta de rigor na fixación dos prezos –por exemplo, non se visitan os inmobles para coñecelos–; a discrecionalidade nas normas técnicas de valoración, que permiten criterios dispares e non uniformes; a fixación de prezos unitarios, sen ningún criterio nin de mercado nin de taxación racional; a tardanza na comprobación das liquidacións en prexuízo dos administrados; as modificacións legais da Lei do solo en materia de valoracións. En definitiva, un auténtico despropósito, produto da ineficacia Feijóo con maiúsculas.

A Xunta afirma, despois das sentenzas –tanto das sentenzas do Tribunal Superior de Galiza como das sentenzas do Supremo ao recurso da propia Xunta–, que só revisará aquelas liquidacións nas que medien sentenzas favorables; o resto non as vai ver. Evidentemente, van aproveitarse de que moitas persoas non van facer esta reclamación ante o Tribunal Superior, o cal é un atraco aos cidadáns deste país.

Agora vou explicar o sentido desta emenda. As razóns que me levan a presentar esta emenda de substitución, e na que estamos de acordo coa súa iniciativa, é que a consideramos insuficiente, debido á ineficacia do Goberno do señor Feijóo na xestión tributaria. É debido precisamente a esa aposta por non devolverlles aos contribuíntes o que pagaron de máis.

Polo tanto, presentamos esta emenda non como un confronto coa iniciativa do Partido Socialista senón para intentar ter unha mínima garantía...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...de que o Goberno do Partido Popular do señor Feijóo cumprirá e pagará e devolverá aos contribuíntes afectados o que pagaron de máis canto antes, e revisará ademais as taxacións de todas as vivendas en Galiza.

Polo tanto, o noso apoio, independentemente da aceptación ou non da nosa emenda.

Nada máis.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes novamente, señoras e señores deputados.

Anunciar que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tamén vai votar favorablemente esta iniciativa porque, efectivamente, responde a iniciativas que xa foron substanciadas por este grupo na Comisión 3ª con pouco éxito, porque, efectivamente, o máximo que acadamos foi que por parte do señor Ulpiano Villanueva, director xeral da Axencia Tributaria galega, se nos dixera que o que estaba facendo a Xunta de Galiza era actualizar cada seis meses os prezos de taxación establecidos na orde pola que se regulan estas taxacións da Xunta de Galiza para adaptalo ao prezo do mercado, o cal evidentemente era un recoñecemento non implícito, explícito directamente, de que estaban pois estafando, efectivamente, aos contribuíntes galegos.

Porque, mire, estamos ante unha medida absolutamente de usura, practicamente, porque, segundo os datos aportados –e vou dar datos do Ministerio de Hacienda, dígoos porque bóténlle a culpa ao señor Montoro se non lles gusta o que van escoitar–, segundo o Ministerio de Hacienda durante o ano 2013 a Xunta practicou retaxacións das declaracións, das liquidacións feitas polos contribuíntes en 124.000 e pico declaracións, e iso supuxo un incremento do valor declarado de 4.700 millóns de euros. Ou sexa, que ¿pódese crer que temos unha confabulación todos os galegos para declarar de

menos 4.700 millóns de euros nas nosas transmisións patrimoniais? ¿Ou o que hai por parte da Xunta de Galiza é unha estratexia premeditada para recadar a conta dos cidadáns que fan transmisións de bens? Que, ademais, na maioría dos casos estamos falando de vivendas habituais, de bens de natureza rústica; non estamos falando das transmisións de bens como esta que terán que facer agora os herdeiros da duquesa de Alba; estamos falando de cousas moito moito máis modestas.

E tamén nos di o dato do Ministerio de Hacienda que os cidadáns que recorren no 80 % dos casos obteñen unha resolución favorable ou ben por parte do Tribunal Económico-Administrativo Rexional ou incluso por parte dos tribunais superiores de xustiza e do Supremo. Que tamén hai sentenzas do Tribunal Supremo que din que hai un abuso por parte da Xunta. E non só un abuso nas taxacións, senón que se está incumprindo o disposto na Lei tributaria, onde se establece que é preciso que haxa un informe motivado por parte da Administración tributaria á hora de facer valoracións diferentes das que fan os cidadáns.

No caso de Galiza xa falou o señor Bugallo da problemática dos bens de natureza urbana. Polo tanto, eu vou poñer un exemplo dos bens de natureza rústica. Porque de todas esas retaxacións o 45 % afectan bens de natureza urbana, o 2,5 % a outro tipo de bens e dereitos e o 52,5 % afectan bens de natureza rústica.

Eu teño aquí un requirimento que lle fai a Axencia Tributaria a un cidadán galego, a un cidadán galego que herdou 9.000 e pico –non chega a unha hectárea– de monte baixo nun concello rural do noso país. Este cidadán, xa lles digo que excesivamente honesto, porque declarou como valor para efectos de liquidación do imposto de transmisións patrimoniais como valor desa hectárea –imos chamarlle hectárea, que son 9.000 e pico metros– 9.000 euros e liquidou ese valor. E agora a Axencia Tributaria galega requírelle que pague máis porque llo valoran en máis.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Voulles dicir: nun concello rural onde non vale un patacón esa hectárea a Axencia Tributaria valórallo en 11.721 euros a hectárea, cando, segundo os datos do IGE –tamén, IGE– no ano 2011, que é cando se fixo esta

liquidación, o valor medio do monte baixo en Galiza son 5.300 euros por hectárea; ou sexa, que lle fai unha sobrevaloración de máis de 6.000 euros por hectárea. Este señor, se quere defender os seus dereitos, ten que ir ao contencioso-administrativo e, para empezar, pagar os 350 euros de taxas, pagar o avogado e pagar o procurador ou procuradora.

Por iso nós presentamos unha emenda dicindo que, á parte de que se modifique a lei, que hai que revisar de oficio todos os expedientes actualmente en marcha, porque está claro...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...–porque o din ademais as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza e do Tribunal Supremo– que está habendo unha mala praxe por parte da Administración tributaria galega, que ten que mandar alí a valorar a circunstancia concreta de cada ben.

Xa lle digo ademais que esta hectárea de monte baixo non ten acceso rodado.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Máis nada e moitas grazas.
(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Ten a palabra a señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Bugallo, imos votar favorablemente a súa iniciativa porque, sen lugar a dúbidas, nestes días –que levamos xa bastantes discutindo seguramente da política tributaria en xeral do noso país– pois seguramente que este exemplo é un máis do que non se debe de facer ou mesmo de cales son as pretensións do propio Goberno da Xunta de Galicia. E é que é certo que, pola porta de atrás, o que fan realmente é sangrar a cidadanía. E este é un exemplo de que é así, é un exemplo de que están estafando a xente do común e é un exemplo, ademais, de que teñen unha finalidade recadatoria a todas luces, como podemos ver no debate que hoxe estamos a ter e que xa foi substanciado na propia Comisión 3ª.

Efectivamente, dende logo, a propia orde ditada o día 27 de decembro de 2013, despois dos pronunciamentos xudi-

ciais que houbo, ¿non?, exixiría *per se* de oficio que a Xunta de Galicia mudara esta normativa, e, dende logo, claro que si, que repasase todos os expedientes que se teñen ditado en contra das persoas que fixeron algún tipo de transmisión patrimonial e mesmo se axustaran á legalidade.

Eu supoño que non acontecerá nesta ocasión como acontece, por exemplo, coas sentenzas que son ditadas coas pagas extras dos funcionarios e funcionarias públicas e con moitas outras sentenzas. Porque insistimos: o que están a dicir os tribunais, alto e claro, é que a praxe que vostedes están a practicar é profundamente incorrecta.

É absolutamente incorrecto e impropio que nesa lectura que se fai do artigo 57 da Lei xeral tributaria, trasladado a esa orde ditada o 30 de decembro, de hai escasamente un ano, pois, efectivamente, procedan a unha revisión á baixa de tan só –porque o din vostedes– o 2 % nesas valoracións, cando, como xa se dixo e se di na propia iniciativa, a caída do valor dos bens en xeral pois sitúase entre o 25 % ou incluso por enriba do mesmo. Por tanto, semella que esas valoracións, esas taxacións que debería de practicar a Xunta de Galicia deberían cando menos de ser, no caso como este, unha taxación única, pois, dende logo, acorde á actualidade do mercado.

É certo que esta iniciativa non soamente ten que ver coas transmisións patrimoniais, é que afecta moitos actos: os actos xurídicos documentados, as doazóns, as sucesións, bueno, pois moitas actividades, sen lugar a dúbidas, que permiten que a Xunta de Galicia obteña ingresos digamos que pola porta de atrás.

E é certo tamén o que sinalaba agora a señora Paz, porque, efectivamente, na propia norma, calquera que a poida ler pois pode ver como no caso dos solos rústicos aptos para urbanizar o que se vai facer é valorar en torno á expectativa de urbanización deses terreos –insistimos–, aínda que esteamos diante de terreos rústicos e tamén en atención a posibles usos, ben industriais ou doutro tipo. Por tanto, evidentemente, estase a cometer unha tropelía á cidadanía. E, dende logo, sen lugar a dúbidas, exixiría que a Xunta de Galicia mudara o seu comportamento e deixara mesmo de atracar, ¿non?, os cidadáns do noso país.

E como –remato xa–, dende logo, parece que non hai dúbidas respecto do que están a dicir os tribunais, sería con-

veniente que de oficio vostedes mesmos, e con carácter retroactivo, mudaran as condicións nas que están a liquidar estas taxacións á cidadanía. E, certamente, xa o levamos á comisión e foi discutido, pero é que están obrigando a xente en todas estas materias a, para defender os seus dereitos, claro, ir á xustiza. O problema é que ir á xustiza é moi caro neste país. O problema é que a xente moitas veces non pode acudir aos tribunais na defensa dos seus dereitos porque...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...nin sequera ten os recursos necesarios para poder facelo, sobre todo despois do hachazo que lle acaban de meter tamén a toda a reforma que ten que ver coa xustiza gratuíta.

Por tanto, señor Bugallo, claro que imos aprobar esta iniciativa. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Díaz.

Grupo Popular. Ten a palabra, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Cinco minutos.

Señora Martínez, é pouco para poder argumentarlle e poder explicarlle que acaba de facer vostede a mellor defensa das axencias inmobiliarias que se poida facer nesta Cámara; tanta viaxe, tanto problema, para acabar sendo vostede a mellor representante das axencias inmobiliarias.

É verdade que son cinco minutos, máis do que tería se estivera na Deputación de Lugo, pero, bueno, penso que é suficiente, ¿non?

Nesta proposición que vostedes presentan, señor Bugallo, xa non piden, como pedían antes, a revisión do sistema de valoración, hai seis meses, tampouco os criterios de valoración, senón que o que están a pedir é que a valoración que faga a Xunta de Galicia non supere o valor real de mercado. Vostede sabe que para calcular o valor de mercado hai bastantes dificultades, empezando porque, primeiro, moitas das taxacións non se fan a través do mercado, como pode pasar coas herdanzas ou coas doazóns. Incluso aqueles bens que pasan polo mercado sabe que a veces o que se fai é fixarse no prezo declarado, que obviamente moitas veces hai unha

tentación de declarar un prezo menor para que haxa unha menor obriga fiscal do que realmente é a transacción.

A Administración tributaria, plenamente coñecedora destas dificultades –e o lexislador tamén o é–, por iso utiliza medios de valoración con criterios obxectivos. Así está reflectido na Lei xeral tributaria no seu artigo 57, onde se especifican cales son estes medios de valoración. Podíase utilizar a estimación de prezos por referencias, valores que figuran nos rexistros oficiais de carácter fiscal, concretamente a aplicación de coeficientes multiplicadores sobre o valor catastral, pero, debido á súa excesiva xeneralidade e á súa dificultade para recoller as posibilidades singulares dos diferentes inmobles, isto motivou que fora rexeitado este sistema.

Tamén se podía utilizar, señor Bugallo, a peritaxe, pero supoño que vostede e o resto das señorías son conscientes do custo de facer unha peritaxe individualizada para todos os bens inmobles, peritaxe, que en todo caso, terían que pagar os cidadáns, as familias e as pequenas empresas. Nalgúns casos, señorías, podía haber unha valoración que fora favorable, pero en todos os casos habería un custo engadido.

A orde de prezos medios de mercado contempla mellor as singularidades e é unha ferramenta máis eficiente, que ofrece, ademais, outras vantaxes: incrementa a seguridade xurídica, é unha norma máis transparente, é máis obxectiva, e proporciona maior homoxeneidade. Todo isto, polo tanto, proporciona maior equidade na aplicación dos impostos.

Felicítooo por recoñecer que a crise se iniciou en 2007. Resultaba bastante estéril debater naqueles anos sobre se había ou non había crise, pero recoñecemos ese mérito de aceptar que había crise e, sobre todo, que son as súas consecuencias.

Entendo que vostede o que quere é adaptar os prezos medios ás variacións do mercado, precisamente para que estes sexan os máis fieis, e non que está a cuestionar o propio sistema. Pero mire, desde a implantación deste sistema, a Consellería de Facenda veu actualizando cada ano os valores medios conforme a evolución do mercado inmobiliario. Acumulou unha baixada media nos últimos anos do 22 % para todos os inmobles, do 22 %, señor Bugallo; sabe que non está tan lonxe das cifras que vostede estaba a mencionar, que era unha horquilla entre o 21 e o 25 %.

Mire, a nosa política fiscal plásmase claramente coa última reforma, cando o que se está a buscar é maior equidade, maior equidade porque hai unha maior baixada dos impostos para as rendas máis baixas. Por primeira vez, aqueles que gañan menos de 12.000 euros deixan de tributar, os que gañan ata 15.000 baixan os seus impostos nun 20 %, os que gañan ata 20.000 baixan os seus impostos ata un 10 % e só aqueles que gañan máis de 100.000, señorías, van pagar máis impostos, van pagar máis impostos que cando vostedes gobernaban, señorías.

En consecuencia, o que lle estou a dicir é que o noso modelo fiscal é incrementar a progresividade tanto para as rendas do traballo como tamén para as rendas do aforro.

Por outra banda, si que quería dicir que...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...as políticas fiscais tamén permiten visualizarse despois nos mesmos concellos. E así, por exemplo, no concello da Coruña, comparando co que pasa no concello de Vigo, podemos dicir que o IBI en Vigo é un 47 % maior que na cidade da Coruña; as basuras, en Vigo, son un 30 % máis que na cidade da Coruña; o imposto de actividades económicas é un 25 % maior; os vehículos, un 4,29 %; e a plusvalía, un 73 % maior.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: En todo caso, a Administración continuará realizando os estudos de mercado pertinentes para adaptar os prezos medios ás variacións do mercado, de maneira que se axusten o máis posible á realidade de cada momento.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra, señor Sánchez Bugallo. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor. Ten a palabra o señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moitas grazas tamén aos voceiros de todos os grupos parlamentarios, porque entendo que todos van votar favorablemente. Polo tanto, para unha das poucas cousas que conseguimos sacar por unanimidade, non vou ser eu o que se dedique a meter o dedo no ollo precisamente neste debate.

Teño que dicirle ao Grupo Mixto e teño que dicirle tamén ao Bloque Nacionalista Galego que non é que nós esteamos en desacordo coas súas emendas, pero valoramos como moi importante tratar de sacar a adiante esta proposición, e para isto o voto do Partido Popular é absolutamente imprescindible. Polo tanto, desde ese punto de vista non é posible aceptar ningunha das emendas que se nos presentan.

A partir de aí, ao señor Trenor algunha cousa téñolle que dicir, sen acritude, sen maldade de ningún tipo. Mire, hai ben pouco publicábase a lista dos trinta e un concellos de Galicia onde máis sobe o IBI, encabezada polo concello de Barro, cun 311 %, e rematada co do Porriño, cun módico 113 %. Bueno, dos trinta e un, trinta están gobernados polo Partido Popular. Eu non teño aquí os datos concretos... (*Risos.*) da Coruña e de Vigo, pero, dos trinta e un, trinta están gobernados polo Partido Popular.

Segundo tema que me parece de certo interese, e voulo reproducir porque o di tamén a sentenza do Tribunal Supremo. Di así –vou ler tal e como está, en castelán–: “*La utilización de precios medios puede servir para que la Administración decida aceptar la declaración del contribuyente si su contenido se ajusta o aproxima a aquellos términos o, en caso contrario, resolver practicar la comprobación de valores, pero nunca pueden ser tales datos genéricos motivación suficiente para la denegación.*” É dicir, que si, que efectivamente hai que facer un informe concreto de cada caso. E para eses efectos de determinar prezos reais, tamén os valores obtidos nas subastas públicas son dunha enorme utilidade. E o que é certo é que estamos vendo continuamente, seguro que hai moitos militantes do Partido Popular, que normalmente teñen máis inmobles que os do Partido Socialista, que se ven afectados por este mesmo problema, que se lles cobran impostos por uns beneficios que non existen.

E xa para rematar, señora presidenta, dúas cousas.

Política fiscal. Máis equidade, di o señor Trenor. Bueno, eu voulle dicir a verdade. Non, non o parece, non, non, non

o noto. Non sei se é que o tema da subida do IVE do 16 ao 21 % a uns lles pesa máis ca a outros, pero iso paréceme que lles pesa a todos en xeral, empezando por aqueles aos que o seu consumo inmediato supón máis do seu soldo.

Segundo, sobre o tema da vivenda. Hai unha reflexión que temos que facer. Din vostedes que queren baixar a carga fiscal da vivenda, pero a verdade é que fan todo o contrario. Incluso eu teño aquí...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Sánchez Bugallo, por favor.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: ...unha contestación que nos mandan na que nos din: “o sistema de prezos medios de mercado para os inmobles que implantou a Consellería de Facenda non supón, en ningún caso, unha suba de impostos”. Está ben, pero que llo conten a cada un dos que lle están pasando a liquidación correspondente.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: E agora veñen vostedes coa nova Lei de plusvalías a partir do ano que vén. Iso claramente é unha expropiación do valor da vivenda.

Máis nada e moitas grazas a todos. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco e D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coas condicións en que se está a prestar o servizo de cátering en diversos comedores escolares públicos pola empresa concesionaria

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, e ten a palabra, para formular a súa proposición, dona Tereixa Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde novamente –ou noite xa–, señoras e señores deputados.

Imos falar hoxe do que comen os nosos nenos e nenas nos comedores escolares. Permítanme que simplemente, para que saibamos de que estamos a falar, fagamos unha brevísimas historia.

Habitualmente, ou historicamente, no noso país había uns colexios, que eran os CEIP ou os grupos escolares, cando eu era pequena, que todos, todos, todos, tiñan comedores escolares e en todos había cociña e comedor, e, polo tanto, había persoal de cociña, que se encargaba cada día de facer a comida. Ese comedor era gratuíto e universal para todos os nenos e nenas transportados, que neses centros eran a maioría. Despois había os IES, os institutos da ESO, nos que cando se empezou coa ESO, efectivamente, que era o período obrigatorio, e onde, polo tanto, tiñan dereito a comedor gratuíto, como non había comedor, porque viñan dos antigos institutos, a Xunta empezou a darlles a comida a través de servizo de catering, que era un día á semana que tiñan comedor de catering. E despois tiñamos as cidades e as grandes vilas, onde os colexios, como os nenos non eran transportados, non tiñan nin comedor nin cociña, pero ante a demanda, a necesidade social de que o comedor cumprise unha función, máis alá de darlles de comer aos nenos, tamén de conciliación da vida laboral e familiar, empezáronse a implantar, a través das asociacións de nais e pais, servizos de comedor que se facían a través de empresas de catering.

Nos últimos anos vese que ao Partido Popular isto do catering lle empezou a parecer unha boa idea e empezouse unha progresiva substitución dos comedores tradicionais, e das cociñas tradicionais, polo catering. Hai que dicir que naqueles comedores escolares nos que se cociñaba no propio centro educativo se servían menús de gran calidade, menús moi variados, desde o punto de vista nutritivo, menús que contiñan todo tipo de alimentos frescos, equilibrados, variados, quentes, recién feitos no mesmo día e case no mesmo momento. En definitiva, ademais, aquí damos permanentemente un debate a respecto de que hai moitos nenos que a única comida que fan como é debido é a que fan no colexio; polo tanto, podíamos dicir que é unha comida como é debido.

Pero, efectivamente, progresivamente, foise poñendo de moda o asunto do catering, máis que unha moda, poderíamos dicir o negocio do catering. Efectivamente, hai queixas, reiteradas por todo o territorio, dos pais, das nais, do propio

alumnado, en relación coa falta de calidade, coa merma de calidade que supón a comida servida a través de catering, empezando porque nin é feita no día, ou polo menos no momento, nin está quente nin reúne os mesmos requirimentos de calidade e de equilibrio na alimentación dos nenos.

Hai que dicir que desde o ano 2010, en que a Consellería de Educación empezou a desmantelar moitos comedores escolares nos que había cociña, seguindo o criterio de que naqueles centros nos que houbera menos de 35 comensais, segundo a consellería, menos de 30, perdón, comensais, non era rendible manter o servizo da cociña, e que, polo tanto, había que substituír ese servizo polo de catering, nese mesmo ano, no 2010 pecháronse 9 cociñas de 9 colexios do noso país e despedíronse 39 persoas auxiliares de cociña e cociñeiras e cociñeiros deses centros educativos.

Teño que dicirlles, señoras e señores deputados, que estes colexios estaban fundamentalmente no rural, e teño que dicirlles que varios deses colexios aos que lles pecharon o comedor no ano 2010 agora pecharon os colexios, porque ao non ter servizos cada vez tiñan menos comensais e, ao non ter comensais, tampouco teñen alumnos. Entón, efectivamente, estamos ante o desmantelamento que afecta, fundamentalmente, o rural.

Pero estamos tamén ante un problema na alimentación dos nenos e ante un problema que, señoras e señores deputados, desde o ano 2013, no que os pais e as nais pagan —e en moitos casos pagan moito— para que os seus fillos teñan dereito ao comedor escolar, estamos tamén ante o que case poderíamos considerar un abuso por parte das empresas de catering, coa innegable colaboración da Xunta de Galiza.

Miren, a Xunta de Galiza recada, aproximadamente, das familias para o sostemento dos comedores escolares, entre 7 e 8 millóns de euros. A Xunta cada ano baixa paulatinamente as achegas que fai para o sostemento dos comedores escolares, ao mesmo tempo que, curiosamente, o señor conselleiro nos di que cada vez hai máis prazas nos comedores escolares. E vemos tamén como cada ano se incrementan na plataforma de contratación da Xunta de Galicia o número de contratos que saca a Xunta de Galiza para privatizar o servizo de comedores dos centros escolares e para substituír eses comedores coa comida feita nas cociñas dos propios centros polo catering.

Este ano isto ocorreu en Baltar, Beariz, no Bolo, en Calvos, en Xunqueira, en Manzaneda, en Montederramo, e poderíamos seguir así con Oourol, Cervantes, Vilasantar, en anos anteriores, e poderíamos seguir facendo un ronsel de centros que antes tiñan cociña e agora seguen tendo cociña pero pechada, porque a Xunta prefere servir o cátering.

E miren, como as cousas sempre se entenden mellor cando se ven, hai unha empresa que ten moitas concesións de servizos de cátering no noso país –o de Celanova é un deles, que fixeron unha denuncia–; unha empresa que está sendo investigada pola Comunidade de Castela-Léon, porque nos seus menús apareceron uns bichiños que se chaman “larvas de gurgullo”; unha empresa que os pais e as nais de Celanova denuncian que lles dan uns menús absolutamente miserables para os seus fillos adolescentes; unha empresa que, como dixen, conta con numerosísimas adxudicacións de comedores escolares no noso país; unha empresa que, sen ir máis lonxe, o ano pasado, conseguiu un concurso de xestión do servizo de cociña-comedor de centros residenciais docentes da Coruña, Vigo e Ourense por valor de 982.350 euros –1 millón de euros–, isto sen contar os diferentes colexios públicos, só neste concurso. Pois esa empresa, señores e señoras do Partido Popular, ponlles o seguinte menú aos nenos nos seus colexios, un menú que consiste nunha mandarina destas características, un menú que consiste en 20 gramos de proteína aproximadamente e uns 50 gramos dalgún *mejunje* que lle fan chamar sopa e un mendrugo de pan. Esta é unha simulación que fixen, pero este é o menú real.

E ante a denuncia, catro croquetas, a mandarina nas mesmas condicións que esta que lles acabo de amosar e o pan tamén en idénticas condicións, un menú que ademais se serve nesta furgoneta; non se ve moi ben, pero todos vostedes ven que de isotérmica debe ter algo parecido ao tractor co que levamos a leña na miña aldea.

Iso si, ante as denuncias dos pais, o señor conselleiro afañouse enseguida en saír a defender a empresa. E tanto que defendeu a empresa que un día foron facer unha inspección a Celanova e, ¡que raro, que curioso!, ese día resulta que levaron a furgoneta isotérmica, pero ao día seguinte xa non volvían ter furgoneta isotérmica.

E é curioso tamén que, por exemplo, un neno dese colexio, que ten diabetes, tivo que deixar de utilizar...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...o comedor escolar, porque a empresa de cátering se nega a facerlle o menú adaptado ás súas necesidades alimenticias.

E é curioso, señoras e señores deputados, porque a moitas das familias cuxos fillos comen alí por isto que non vou cualificar –porque hoxe xa me chamaron moitas veces á orde–, pero que vostedes poden cualificar como *m* e acaba-do en *a*, por isto, cóbranlles 4,50 euros diarios.

E agora díganme, señoras e señores do Partido Popular, se isto non é un roubo e se polo tanto non hai que votar favorablemente a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego para que se revise, se audite esta empresa e para que se suspendan inmediatamente todas as concesións que a Xunta de Galiza ten con esta empresa, que, como dixen anteriormente, é por unha cantidade multimillonaria, máis de 1 millón de euros que lle damos a esta empresa para que sirva estas cousas...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Paz, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...que empezan por *m* e acaban por *a*.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Mixto, señora Martínez.

Señora Paz, prégoille que retire as cousas porque non quere que despois sexan os servizos da Cámara os que teñan que recoller as súas cousas. Entón, por favor, recolla iso e léveo con vostede.

Ten a palabra, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Os alumnos e alumnas do CEIP de Manzaneda volveron á clase despois de seis días de folga. Protestaban pola deci-

sión da Consellería de suprimir o servizo de cociña do comedor e substituílo por un servizo de catering.

O Concello de Manzaneda quixo optar á xestión da cociña do comedor escolar contratando un cociñeiro/unha cociñeira. A Xunta de Galiza comprometeuse a aportar ao concello 2,85 euros por neno que comera no colexio e día, cun total de 11.500 euros anuais, un 14 % menos que o que se lle ofreceu ao catering de Serunión. Sen embargo, aínda así, o Concello de Manzaneda estaba disposto a levar a adiante o comedor escolar, apoiado pola ANPA, que poría a diferenza no prezo.

O que non se entende é por que a Xunta de Galiza ofrece un prezo maior a unha empresa privada do que lle ofrece á propia Administración; está claro que o interese da Xunta estaba en obter a concesión e non en que o prestara o Concello.

A municipalización deste servizo conseguiría ofrecer un servizo de calidade, xerar un posto de traballo e ademais garantía a utilización dos produtos da zona. A ANPA rexeitou dende o principio que o menú dos seus fillos e fillas fose subministrado por unha empresa que neste caso trasladaba a comida para os rapaces e rapazas dende O Porriño a Manzaneda.

Non é preciso ser moi suspicaz para advertir que este modelo de concesión administrativa busca unha dobre vía de precarización do emprego no ámbito da Administración pública: por un lado, a Administración recorre ás poucas rigorosas modalidades de contratación temporal e, por outro lado, utiliza de forma excesiva a xestión indirecta.

A externalización dos servizos contribúe a reducir a seguridade, a estabilidade e as garantías dos traballadores e traballadoras. O traballo prestado en réxime de dependencia perde no seu transvase dende o ámbito público ao privado garantías básicas que contribúen a asegurar a calidade, tornando o traballo precario e inseguro.

A vixencia das relacións de traballo do persoal ao servizo da empresa concesionaria deixa de estar suxeita exclusivamente ás vicisitudes do desenvolvemento do servizo para vincularse tamén ás que poidan afectar a relación entre o empregador e a Administración. A finalización da concesión

pasa a converterse así nun motivo para a extinción dos contratos, inda que o servizo sexa por definición necesario socialmente e deba ser prestado sen solución de continuidade pola propia Administración ou outro suxeito pasivo.

A presunta imposibilidade de garantir o emprego máis alá do prazo de vixencia da concesión devén na celebración de contratos de traballo de duración determinada, pese a que esas tarefas deberían de estar cubertas de forma permanente con prazas ben de funcionarios ou, en todo caso, mediante contratos de traballo por tempo indefinido.

Mediante a privatización dun servizo público é posible transformar postos orixinalmente permanentes en temporais, que é o que fai a Xunta de Galiza. E, ademais, tamén é posible xustificar a desaparición por causas alleas ao desenvolvemento das actividades que realiza a concesionaria. Unha concesionaria creada para satisfacer as necesidades da Administración debe ofrecer a esta o servizo nunhas condicións que sexan máis proveitosas que recorrer a outra empresa concesionaria ou que realizar o servizo pola propia Administración. Consecuencia disto é a devaluación das condicións de traballo do persoal e...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...polo tanto, tamén as condicións do servizo.

En resumo, a concesión administrativa garante sobre todo catro cousas: traballadores máis precarios, cadros de persoal máis reducidos, unha peor prestación de servizo e unha deterioración da calidade do mesmo, como vemos, efectivamente, no catering de Serunión.

Polo tanto, o meu apoio á iniciativa do BNG.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Don Ramón Vázquez, ten a palabra.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Boa tarde, xa noite, a todos e a todas.

O que en realidade hai detrás da iniciativa que hoxe debatemos non é outra cousa que a grande estafa que se está a cometer coas familias galegas, a grande mentira do novo decreto de comedores promulgado polo Goberno galego; unha grande mentira que se basea neste enxendro de prestación de servizos, xustificando e teorizando no propio decreto de comedores e que pretende dúas cousas, fundamentalmente: a primeira delas, manter o orzamento do servizo de comedores reducindo o orzamento público. ¿E como se fai iso? Moi sinxelo: incrementando a aportación das familias.

O decreto anterior, o decreto anterior a este, o de 2007, permitía que aproximadamente o 92 % das familias comeran de xeito gratuíto; tan só o 8 % pagaba en función da súa renda unha tarifa que ía dende 1 aos 3 euros. Co novo sistema, pagan o 20 % das familias, que pagan unha tarifa que vai dende 1 euro a 4,5 euros.

Polo tanto, con este burdo exercicio de enxeñería contable a Xunta de Galicia pasa de recadar co anterior modelo 1 millón e medio de euros a recadar 6,8 millóns de euros co actual modelo; é dicir, pasa de recadar o 5 % dos 28 millóns de orzamento que tiña a recadar practicamente o 23 % dun orzamento practicamente igual. Son pois as familias as que sosteñen maioritariamente, nun 23 %, o orzamento dos comedores. E esa é a primeira conclusión. A Xunta pasa de recadar 1 millón e medio a 6,8 millóns.

O segundo obxectivo que ten este modelo é privatizar o servizo de comedores. ¿E como? Pois equiparando as dúas modalidades de xestión: a xestión directa e a xestión indirecta. O anterior decreto establecía que a xestión directa era a xestión prioritaria dos comedores escolares e reservaba a indirecta para casos excepcionais. Co novo decreto equipáranse.

¿E cal é a conclusión? A conclusión é que no ano 2008 había en Galicia 74 comedores que prestaban o seu servizo a través de empresas de catering e na actualidade hai, exactamente cinco anos despois, 130 comedores escolares que prestan o seu servizo a través de catering. Pasouse polo tanto dun 19 % de comedores de xestión a través de catering a un 30 %.

Polo tanto, o Partido Popular conseguiu o seu segundo obxectivo, que é privatizar o servizo de comedores. Seguramente o voceiro do Partido Popular dirá hoxe que se incre-

mentaron o número de prazas ofertadas ás familias, e é certo, e é certo, pero non as paga o Goberno galego, quen as paga son as familias, as familias, que pasan a ingresar practicamente 7 millóns de euros do orzamento.

Todas e cada unha das prazas creadas ademais na lexislatura, na segunda lexislatura iniciada polo Partido Popular, foron a través de sistemas de catering. Deste xeito, o Partido Popular converteu os usuarios do servizo de comedores en estritos clientes; clientes que, ademais, pagan ata 4,5 euros por recibir un produto de tan escasa calidade como o que aquí dicimos.

Polo tanto, privatízase o servizo, empeórase o servizo e ademais cométese unha terceira estafa, que consiste en facerlles pagar 4,5 euros ás familias galegas cando a tarifa máxima que lles ingresa a Xunta de Galicia aos centros por cada menú que serve é de 3,50 euros. Polo tanto, estase a cobrar máis ás familias que o que se lles paga aos centros.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Non soamente se converten en clientes, senón que pagan por encima do valor do menú. E o resultado témolo aquí, o resultado témolo aquí nun modelo que se basea en ofrecer este nicho de negocio ás empresas de restauración.

Un recente informe de Veterinarios sen Fronteiras resulta tremendamente clarificador a este respecto. Unha de cada catro comidas servidas en comedores en España é servida por dúas empresas de catering. A terceira parte do volume de negocio dos comedores colectivos está xa nas instalacións educativas. E as empresas de catering compran o 70 % dos seus alimentos a maioristas. Empresas como Serunió, auténticos monstros que teñen unha carteira de clientes superior aos 300.000 servizos, son o resultado desa aposta, deste modelo do Partido Popular.

Un modelo que é máis caro para as familias, un modelo que lles ofrece peor comida, precociñada...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...prequentada, envasada e transportada centos de quilómetros. E, a cambio, as familias

teñen un produto como o que aquí se amosou. É algo absolutamente indigno e, dende logo, é vergoñento que se ofrezca como un modelo máis...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...xusto cando en realidade non o é.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Socialista. Ten a palabra o señor Docasar.

O señor Docasar ten a palabra. Señor Docasar, por favor, préggolle que ocupe a tribuna.

O señor DOCASAR DOCASAR: Señora presidenta, señorías, boas noites.

O Grupo Socialista ten sido nos últimos tempos moi crítico coa política levada a cabo polo Partido Popular co tema dos comedores escolares, é obvio, ¿non?

O Goberno do PP puxo en marcha en 2013 un novo decreto de comedores que nós rexeitamos con contundencia no seu momento e dende o inicio, e aí están para demostralo as nosas múltiples iniciativas parlamentarias. Creo que non enganamos a ninguén se hoxe o reiteramos.

Dixemos daquela que ese decreto suporía un novo ataque á igualdade de oportunidades e, fundamentalmente, ao alumnado do rural. Un sistema que recada –tamén se acaba de dicir aquí– arredor dos 7 millóns de euros, o cal vén ser un novo repago, copago, neste caso dun servizo complementario fundamental para as nosas escolas e institutos.

Expresamos igualmente a nosa preocupación polo futuro do outro servizo complementario básico e preguntámonos tempo atrás canto tempo tardarían vostedes en tamén entrar a saco nestoutro servizo fundamental: o transporte escolar.

Señorías, creo que este tema xera tamén moita preocupación na comunidade educativa galega, e por ende na sociedade, especialmente a procedente do mundo do rural, e por

iso, canto antes despexen as dúbidas, será moito mellor para todos, señor Rodríguez.

Hai unhas semanas, neste momento Parlamento, asistimos, asistín tamén a un debate sobre as queixas de familias dun colexio de Manzaneda, que pedían unicamente conservar o seu comedor escolar, que pedían poder mercar os alimentos do comedor na súa localidade e que pedían poder cocinálos na propia cociña que o centro tiña, que tiñan unha cociña. Nós pensabamos daquela que non era tanto pedir, que o que pedían era absolutamente razoable e xusto, pero o PP non o entendeu así e, por tanto, non se apoiou aquela iniciativa que creo que levaba o BNG.

A verdade é que un ten a sensación de que o PP ten alerxia a todo o público e un se pregunta que lles fixeron a vostedes os empregados públicos deste país para tratalos con tanta desconfianza.

Non queremos tampouco deixar pasar esta oportunidade para falar, aínda que sexa brevemente, sobre os diferentes modelos de xestión existentes na actualidade nos comedores escolares galegos e facer algunha pequena e humilde reflexión.

Un primeiro modelo é o de xestión directa, que é o que máis nos gusta aos socialistas, pois entendemos que presta un bo servizo, dá boa calidade, ten moi implicada na súa xestión diaria o conxunto da comunidade educativa galega e axuda o tecido económico das nosas vilas e dos nosos pobos, porque digamos que compran e fan alí o seu gasto no día a día. O esencial dese modelo é que dá de comer o mellor posible aos nenos cos cartos que reciben, que tamén son cartos escasos, pero aí non hai afán de recadar, aí hai afán de prestar un bo servizo e dar o mellor posible de comer cos cartos que se lles dan.

Por certo, señor Rodríguez, díxenllo esta mañá, vólvollo dicir hoxe: fágalle chegar ao señor conselleiro a queixa dos centros por non ter recibido a día de hoxe nin un só euro para os gastos dos comedores de xestión directa; de momento non cobrou ninguén, e teño datos agora mesmo no móbil desta mesma tarde, ¡eh!

Un segundo modelo é cando unha empresa presta ese servizo e elabora a comida na propia cociña do colexio ou

instituto. Hai tamén que dicir que moitos institutos –tamén se dixo aquí– non tiñan outra opción. Efectivamente, cando chegou o da secundaria, houbo que adaptar espazos para poder utilizar o comedor onde había unha cafetería. Empresas algunhas delas pequenas pero moi incardinadas nas nosas vilas e pobos, e eu tiven a oportunidade –e tamén é xusto que o diga hoxe aquí– de convivir na miña etapa como director con ese modelo de xestión dunha pequena empresa, e teño que recoñecer que a miña experiencia, señora Paz, foi positiva nese caso concreto. Pequenas empresas pero que fan as cousas moi ben.

E un terceiro modelo, que non nos gusta nada, ten que ver co servizo de cátering puro e duro, sistema no que unha empresa trae a comida ao centro nunha furgoneta, e ás veces en condicións lamentables, e que entendemos que é o que hoxe denuncia o BNG.

Ademais, hai outra consideración que hoxe hai tamén que facerse de forma necesaria e tamén creo que sería bo que todos atenderamos tamén a ese tema. E eu pregúntome se debe ser o prezo o criterio máis importante para adxudicar o servizo de comedor a unha determinada empresa ou ten que haber outros criterios tamén importantes.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: Eu creo sinceramente que aquí está un dos problemas para que acontezan cousas como as que hoxe tratamos, señorías.

Ten que haber necesariamente outros criterios que ter en conta á hora de adxudicar un servizo de comedor. Algunhas empresas compiten temerariamente en prezos para facerse coa adxudicación do servizo e eliminar de paso os seus competidores. Eu xa sei, señores do Partido Popular: trátase de facer máis con menos; é dicir, trátase de que os nenos coman mellor nos comedores das escolas e institutos destinando menos diñeiro para comer. E ¿saben o que é iso? Unha simple falacia.

Eu xa dixen –e quero repetilo de novo, para que quede moi claro– que o que máis nos gusta aos socialistas é a xestión directa do servizo por parte da Consellería de Educación, pois confiamos plenamente nos empregados públicos, pero tampouco me importa recoñecer que hai empresas,

moitas das pequenas, que fan ben o seu traballo. Fáganse controis, vixíese a calidade dos comedores onde comen os nosos nenos e nenas e, se alguén fai as cousas mal, que pague por iso, que se lle quite o servizo.

Polo tanto, señora Paz, claro que imos apoiar a iniciativa que hoxe presenta o BNG.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Popular. Don Román Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Bueno, boas tardes noites, señora presidenta.

Señorías.

Ben, parece que o servizo de cátering o inventou o Partido Popular, e non é certo, porque xa na época bipartita había servizo de cátering nos comedores escolares, e tampouco o copago de comedores o inventou o Partido Popular. Na época do bipartito púxose en marcha un modelo de copago que nós entendemos que é autenticamente inxusto, porque non tiña en conta a realidade económica das familias; simplemente era transportado, co cal un rapaz que vivía na periferia urbana dunha cidade era transportado, non pagaba, e ao mellor unha persoa que vivía preto do centro escolar e non tiña recursos tiña que pagalo. Parecíanos inxusto e por iso o modificamos.

Centrándose xa en concreto nesta cuestión, esta empresa da que se falou aquí preséntase a un concurso público onde se oferta un servizo de comedor para 102 centros educativos en Galicia que aparece repartido en 24 lotes. Está dado nunha serie de lotes e este prego fixa unha serie de condicións técnicas bastante duras no que ten que ver coas características do menú, coas frecuencias, etc., e tamén fixa este prego un réxime sancionador, de tal xeito que se a empresa concesionaria non os cumpre pois ten que someterse a un expediente.

Obviamente, nós compartimos a necesidade de que o servizo de comedor debe desenvolverse coas máximas garantías sanitarias nutricionais –non teña a menor dúbida, señora

Paz-, e por isto xa hoxe a Consellería de Educación ten aberto dende hai tempo un expediente para investigar no ámbito administrativo os problemas desta empresa. Obviamente, cando se remate este expediente, este expediente que xa está aberto hai tempo, e se clarifiquen os feitos, a Consellería vai actuar con total contundencia sobre a mesma, porque –non o dubide– o máis importante neste caso é a saúde alimentaria dos nenos, e estamos de acordo en que o servizo do comedor debe prestarse coa máxima calidade en todos os casos, e tamén neste.

Agora ben, non podemos concordar con vostedes co uso que tentan facer deste caso. Están intentando politizar un asunto no cal xa se está traballando. Están tentando culpar a Consellería e tentando sacar un rédito curtopracista desde o punto de vista político que é simplemente absurdo..., (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...que é simplemente absurdo, porque xa se está actuando, xa se está facendo... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Bueno, eu entendo que a estas horas os ánimos estean sobresaltados, señor Jorquera, pero déixeme acabar a miña intervención, por favor, e despois a súa portavoz que me diga o que queira.

Pero imos ver, aquí se está actuando, señora Paz, no ámbito puramente administrativo, que é onde debe estar, porque se está cun expediente aberto, que obviamente non se pode sancionar a concesionaria sen ter avaliado dun xeito veraz e dun xeito rigoroso como se está cumprindo esta concesión. E non teñan dúbida, non teñan a menor dúbida de que a Xunta vai ser inflexible e vai actuar, se se confirma que se están incumprindo as condicións do prego; non teña a menor dúbida neste sentido.

Obviamente, aquí se falou tamén de como se presta este servizo de comedor. Obviamente, aí temos discrepancias vostedes e nós. Vostedes entenden –entédeo o Partido Socialista e enténdíao o Bloque Nacionalista Galego– que debe haber copago en función de que se os nenos son transportados ou non. Non nos parece que si pode haber un copago en función da renda das familias, porque aquelas familias

que poidan aportar uns recursos, aínda que sexan pequenos, ao servizo público, ese servizo pode reinvertirse en incrementar o número de usuarios, e estase incrementando o número de usuarios, e estamos preto de 60.000 usuarios, 10.000 máis que no ano 2009, na época do bipartito.

E miren, aquí, señora Paz, vostede dicía que se paga 4,5. Iso non é certo, non é certo, non é certo. Hai xente que paga, esa xente que paga 4,5 é precisamente xente que poida ter recursos económicos para facelo. A inmensa maioría, á parte estou seguro de que nese colexio, que é un colexio ubicado nun contorno rural, ao mellor digo o 95 % –e quedo curto– non pagan absolutamente nada, e vostede sábeo, e vostede seguro que o sabe, porque coñece a realidade social por ese territorio.

En todo caso, hai un compromiso indiscutible deste Goberno co servizo de comedor, incrementáronse prazas e o novo modelo permite...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...un acceso aos servizos moito máis xusto –sí, señora presidenta, remato– que o que había previamente e posibilita que se introduza máis usuarios no sistema público e máis prazas gratuítas para os nenos e as nenas.

En todo caso –xa remato, agora si, señora presidenta–, hai que dicir que nós compartimos a preocupación, pero non podemos entender que se faga un uso perverso politicamente, como se está a facer, nunha cuestión na cal xa se está actuando e nunha cuestión na cal xa hai un expediente administrativo e que vostedes traen aquí coa simple motivación de intentar atacar politicamente a Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Vou ver se son capaz de non politizar aquí este asunto. (*Risos.*)

A ver, esta cuestión pon de manifesto tres cousas, señor Román. Primeiro, que a vostedes non lles importa facer negocio coa comida dos nenos. Segundo, que queda claro, á vista das fotografías que teñen na iniciativa e do menú, que é bastante mellor que o que levan a aquel cole-xio de Celanova, que a privatización dos servizos sempre, sempre, sempre acaba deteriorando o que reciben os usuarios e os cidadáns; e aquí está claro que o que lles están dando é nin máis nin menos que unha comida de pésima calidade; eu creo que a maioría dos que estamos aquí iso non llelo daríamos nin aos nosos animais de compañía, nin aos nosos animais de compañía, para canto máis a uns nenos.

É máis caro para as familias, é máis caro porque pagan máis, agora, desde que vostedes impuxeron case en todos os centros que poden –xa dixoo vostede que eran 102– o tema do cátering, do que era antes, porque antes para os transportados era universal e gratuíto, e non por ningún capricho, senón porque son transportados e teñen que comer alí en función de que os horarios dos centros tamén están feitos en función dos intereses das empresas de transporte. E, sobre todo, pon de manifesto que vostedes nunca, nunca, nunca exercen ningún tipo de control sobre as empresas adxudicatarias dos servizos públicos, que as deixan campar absolutamente ás súas anchas.

Mire, señor Rodríguez, estou tentada de retirar, de auto-emendar a miña iniciativa *in voce* e, en vez de pedir o que poño aquí, pedir logo a dimisión do conselleiro, porque se vostede me di que hai unhas condicións técnicas “bastante duras” –díxoo vostede; o termo “bastante” é un pouco indefinido–, moi exixente en canto aos procesos sociosanitarios, debería dimitir, porque el puxo a man no lume nos medios de comunicación...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora PAZ FRANCO: ...pola comida que recibían os nenos do IES Celso Emilio Ferreiro de Celanova.

E hai algo que, como non queremos politizalo absolutamente todo, non puxen na iniciativa: os pais e as nais teñen serias dúbidas de que o persoal que manipula os alimentos incluso teña o carné de manipulador de alimentos. Miren vostedes como controlan as empresas adxudicatarias.

E se de verdade teñen ánimo de que o procedemento administrativo dea algún resultado veraz, para empezar non lle digan a empresa que día van ir inspeccionar o vehículo, porque foi o único día de todo o curso que levaron un vehículo isotérmico, o resto dos días esta furgoneta que igual vale para transportar comida que cans para ir á caza.

E miren, señoras e señores do Partido Popular, se de verdade teñen intención de investigar este asunto, ¿cal é o problema en que se suspenda cautelarmente a prestación do servizo por parte de Serunió?

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Nós non dicimos que se sancione antes de que haxa procedemento, senón que se suspenda cautelarmente e que se garanta que os nenos comen comida e non o que lles dan... (*A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz, moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez horas.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás nove e seis minutos da noite.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
17.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
18.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
19.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
20.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
21.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
22.- García Pacín, Isabel	(PP)
23.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
24.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
25.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
28.- Iglesias Sueiro, Carme	(M)
26.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
27.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
28.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
30.- Martínez García, María Consuelo	(M)
31.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
32.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
33.- Mourino Villar, Antonio	(PP)
34.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
35.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
36.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
37.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
38.- Pardo López, Carmen	(PP)
39.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
40.- Pazos Couñago, José Alberto	(PP)
41.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
42.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
43.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
44.- Pontón Mondélo, Ana Belén	(BNG)
45.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
46.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
47.- Prado del Río, Paula	(PP)
48.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
49.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
50.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
51.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
52.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
53.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
54.- Rodríguez González, Román	(PP)
55.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
56.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
57.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
58.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
59.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
60.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
61.- Sánchez García, Antón	(AGE)
62.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
63.- Santos Pérez, Ramón	(PP)
64.- Santos Regueiro, Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25